

RUMBO  
Á GALICIA  
DA NOVA  
DÉCADA

PROGRAMA  
DE GOBERNO  
2024-2028

# A GALICIA QUE FUNCIONA

ALFONSO RUEDA



GALICIA

# ÍNDICE

## A GALICIA QUE FUNCIONA

5

## A GALICIA DAS PERSOAS

11

Familia e dinamización demográfica .....	14
Xuventude e voluntariado.....	15
Vivenda.....	17
Educación.....	19
Formación profesional .....	21
Ensinanzas de réxime especial.....	22
Ensino e investigación universitaria.....	23
Excelencia e innovación educativa .....	25
Novas prestacións sanitarias.....	27
Atención primaria .....	32
Atención hospitalaria .....	34
Saúde mental.....	36
Investigación sanitaria.....	38
Maiores e dependencia.....	39
Atención á discapacidade.....	41
Igualdade .....	43
Violencia de xénero .....	45
LGTBI .....	47
Inclusión social e loita contra a pobreza .....	49
Promoción do retorno, apoio á galicia residente no exterior.....	50
Baixada de impostos.....	52

Galicia: polo de atracción de industria dentro da península ibérica .....	59
Apoiando a economía galega e exportando calidade ao mundo .....	62
Solo empresarial.....	65
Orientación, formación e creación de emprego .....	66
Emprego autónomo e economía social .....	69
Apoio ao emprendemento.....	71
O comercio de proximidade, artesanía e as novas estratexias de venda .....	73
Responsabilidade social, seguridade e saúde laboral .....	76
Os dereitos das persoas consumidoras e usuarias.....	79
Agricultura .....	80
Gandería .....	83
Industrias agroalimentarias.....	85
Forestal.....	87
Loita contra o lume.....	91
Control saúde animal e de pragas .....	93
Apoio ao sector marítimo-pesqueiro en Europa e no mundo .....	95
Pesca .....	96
Marisqueo .....	98
Acuicultura.....	99
Transformación e comercialización .....	101
Seguridade alimentaria – control e trazabilidade .....	103
Portos e lonxas .....	104
Mar: o reto da remuda xeracional.....	105
Emprego público .....	106
Emprego público sanitario .....	108

## **A GALICIA DO FUTURO** 111

Galicia como referente de innovación .....	114
Economía circular e xestión dos residuos .....	116
Loita contra o cambio climático .....	117
Protección do patrimonio natural.....	119
Ordenación do territorio e do litoral .....	120
Seguridade no mar – loita contra a contaminación .....	122
Os recursos naturais, patrimonio dos galegos .....	123
Xestión da auga .....	125
Infraestruturas .....	127
Mobilidade .....	130
Cultura.....	133
Lingua.....	136
Patrimonio cultural.....	138
Turismo – sostibilidade e convivencia .....	139
Turismo – calidade, formación e apoios á comercialización .....	142
Xacobeo e Camiño de Santiago .....	144
Fomento do deporte e da actividade física .....	146
A Galicia da seguridade .....	148
Xustiza.....	151
Relacións coa Administración Local .....	153
Financiamento e gobernanza financeira .....	155
Modernización e eficiencia da Administración Autonómica .....	156
Acción exterior (Unión Europea e cooperación).....	160
Ciberseguridade e Intelixencia Artificial .....	162
Fondos Europeos .....	164

## **A DIGNIDADE DE GALICIA** 166

Reforzo do autogoberno.....	169
-----------------------------	-----

A GALICIA QUE  
**FUNCCIONA**

# A GALICIA QUE FUNCIONA

Catro anos despois, Galicia afronta outro proceso electoral. Catro anos despois, os galegos e galegas volven xogarse seu futuro. O Partido Popular de Galicia preséntase como unha opción comprometida co benestar e o progreso desta terra. Enraizados profundamente na idiosincrasia da nosa comunidade, o noso programa céntrase en impulsar medidas que fortalezan a calidade de vida de todos os galegos e galegas. Con nós, a nosa comunidade é, e seguirá sendo, esa illa de estabilidade que levamos construíndo tantos anos.

Galicia merece un liderado que defenda os seus intereses con firmeza e visión de futuro. O Partido Popular de Galicia asumimos este compromiso, propoñendo iniciativas que aborden os desafíos actuais e potencien as oportunidades da nosa terra.

Avanzamos na dirección correcta. O PIB *per cápita* da nosa comunidade é o terceiro que máis creceu en toda España desde o ano 2009. Isto, para nós, non é só un número, senón tamén unha testemuña de progreso e compromiso con todos os galegos e galegas.

Ese compromiso plásmase na nosa preocupación polas familias. Ao longo destes anos, Galicia logrou que...

- › Cada galego pague preto de 500 euros menos na súa declaración da renda anual;
- › As escolas infantís sexan 100% de balde para todos;
- › As familias de dous fillos conten xa como numerosas a efectos do IRPF, algo que se plasmará na declaración que farán nos próximos meses;
- › O calendario de vacinación infantil se sitúe como o máis completo do mundo;
- › O transporte público sexa de balde para os menores de 21 anos e os maiores de 65, algo que só ocorre na nosa comunidade;
- › O abandono escolar se reducise a mínimos históricos.
- › Se multiplicase por cinco o número de persoas dependentes que teñen un servizo ou prestación;
- › Hoxe teñamos máis emprego que en 2009 (concretamente 24.639 afiliacións máis en comparativa anual) con mínimos históricos de cifras de paro.
- › E, ademais, logramos que as universidades galegas sexan as máis accesibles de España.

Este percorrido é unha mestura de paixón, esforzo colectivo e sentidiño. Esta Galicia non para e demostra que o progreso económico se traduce en melloras no día a día da xente. Falamos dunha Galicia preparada, disposta a afrontar novos retos. Unha Galicia sen medo a actuar e que non pon escusas.

Ao festexar estes logros é imperativo mirar cara ao futuro con determinación, pero sen esquecer facer un repaso do contexto que temos ao noso arredor.

Vivimos nunha época na que os gobernos deben coordinarse e unir forzas para ofrecer respostas integrais. O Partido Popular de Galicia traballa con ese obxectivo e defenderá a dignidade da nosa terra fronte a un Goberno nacional que negocia cos piares da España constitucional e coa igualdade entre os españois.

Creemos no valor da palabra e na coherencia entre promesas e feitos. Nada vale o primeiro sen o segundo. A política debe basearse en confianza, honestidade e solucións.

As ideoloxías baseadas na confrontación e a ruptura desafían a fortaleza da nosa comunidade. O Partido Popular de Galicia cre que a unidade é máis crucial que nunca. Aspiramos a unha Galicia estable e forte nunha España sólida e xusta.



Este programa electoral nace do balance de xestión acumulado durante todos estes anos e demostra que temos un proxecto para seguir avanzando. Galicia cambiou moito nestes anos, pero o inconformismo debe seguir sendo o motor da mellora constante. A nosa comunidade debe seguir percorrendo polo seu camiño:

- › Un programa **centrado**. Contamos coa experiencia de todos estes anos de gobernar Galicia, e iso fíxonos ver cales son as necesidades reais dos cidadáns e como afrontalas. Queremos seguir por esta senda de traballo e crecemento pola que camiñamos durante todo este tempo, centrados en dar solucións e en seguir sendo unha comunidade á vangarda en España.
- › Un programa **coherente e realista**. Non prometeremos o que non poidamos cumprir. A nosa acción de Goberno estará aliñada cos principios e desafíos expostos aquí.
- › Un programa **ilusionante**. Porque as mellores páxinas da Historia de Galicia aínda están por escribir e ningunha motivación é tan grande como a de deixar para as vindeiras xeracións de galegas e galegos unha terra mellor á que nós herdamos.
- › Un programa **ambicioso** que, na liña do moito que se fixo ata o momento, inspire solidariedade, enerxía e espírito renovado. Conseguiremos que todos perciban a Galicia como garantía de estabilidade, en lugar de seguir o camiño da división, parálise e liorta constante no que se viron metidos tantos outros lugares de España.

# LENDA DE ETIQUETAS

## A GALICIA DAS PERSOAS



FISCAL



VIVENDA



SANIDADE



EDUCACIÓN



IGUALDADE



MAIORES



FAMILIA



DEPORTE

## A GALICIA QUE PROSPERA



RURAL



MAR



INDUSTRIA



EMPREGO

## A GALICIA DO FUTURO



MEDIO  
AMBIENTE



INVESTIGACIÓN



XESTIÓN



INFRAESTRUTURAS



TURISMO



CULTURA



SEGURIDADE



GALICIA

# A GALICIA DAS **PERSOAS**



# A GALICIA DAS PERSOAS

# A GALICIA DAS PERSOAS

Queremos unha GALICIA que priorice as persoas, que se achegue a todas as realidades, que dea resposta ás verdadeiras necesidades da xente. Lonxe de demagoxias e de discursos baleiros e cerca da vida cotiá de todos os galegos e galegas.

Queremos unha GALICIA segura, empática, solidaria, tolerante, libre e con igualdade de oportunidades, unha Galicia na que se favoreza a convivencia tranquila e a onde se acolla aos de fóra cos brazos abertos, igual que nos acolleron a nós na GALICIA da diáspora.

Queremos unha GALICIA que protexa aos cidadáns que vivimos nela, que coide dos máis novos, desde o berce ata a emancipación, pero que tamén ofrezca oportunidades no tempo da mocidade, o emprego, a vivenda, o lecer, na mobilidade. Unha Galicia que ampare as familias, a todas, sen distinción, que ofrezca facilidades para ter fillas e fillos, aos que nacemos nesta terra, pero tamén aos cidadáns que optan por asentarse nela e contribuír a enriquecer a diversidade e a botar raíces galegas.

Queremos unha GALICIA que favoreza e fomente os hábitos saudables e que atenda de modo integral e cada vez mellor aos máis vulnerables física, psicolóxica, económica e socialmente.

Queremos unha GALICIA que respecte, coide e mime os nosos maiores para que poidan vivir do xeito que eles queiran e con quen queiran. Os nosos maiores son o mellor legado dunha sociedade, é por iso que faremos todos os esforzos por darlles o lugar que merecen.

Queremos, en definitiva, unha GALICIA que se converta no mellor lugar para vivir, en calquera etapa vital e tamén, en calquera lugar do noso rico territorio.

A GALICIA DE RUEDA está chamada a ser unha GALICIA que atenda á calidade de vida en xeral e na particularidade de cada quen, para que todos e cada un dos galegos e galegas atopen nesta terra o mellor lugar para vivir.

A GALICIA DE RUEDA, unha GALICIA coas PERSOAS, para as PERSOAS e das PERSOAS.



## FAMILIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA

O **apoio ás familias** e a achega de servizos ás zonas rurais ou menos poboadas son piares sobre os que se sustenta a acción de Galicia fronte ao reto demográfico. O PPdeG foi pioneiro hai moitos anos predicindo a crise demográfica, unha crise que non só afecta a Galicia, senón a toda Europa. Desde entón, loitamos por **reverter as tendencias demográficas** dando todas as **facilidades ás familias** que queren ter fillos e, por suposto, tratamos de **paliar os efectos do envellecemento** con prestacións e servizos que garantan os mellores coidados aos maiores, tamén e, por suposto, no rural.

Nos últimos catro anos Galicia seguiu a ser pioneira nesta materia:

- › Demos un paso de xigante coa aprobación da **Lei de Impulso Demográfico**, a primeira lei en toda España que permite abarcar o reto demográfico en toda a súa complexidade e de xeito transversal;
- › Creamos e estendemos as **casas niño** por toda Galicia, ata superar as 100, para que todos os galegos que queiran ter fillos teñan recursos de conciliación ao seu alcance, vivan onde vivan;
- › E aprobamos a **gratuidade da educación infantil 0-3 anos**, unha medida pioneira tamén en toda España, da que se benefician máis de 30.000 familias e que moitas outras comunidades xa queren imitar. Galicia xa é a Comunidade Autónoma con maior ratio de escolarización de 0-3 anos grazas a esta medida.

### CUN GOBERNO DO PPDEG, NA VINDEIRA LEXISLATURA:

1	<b>APROBAREMOS A PRIMEIRA LEI DE INFANCIA DE GALICIA</b> que sirva para fortalecer á parte máis vulnerable da nosa sociedade e fomentar o acollemento familiar na protección da infancia.
2	<b>GALICIA TERÁ UNHA COBERTURA TOTAL DE RECURSOS DE CONCILIACIÓN GRATUÍTOS DE ATENCIÓN Á INFANCIA 0-3 ANOS</b> , para que todos os concellos da nosa Comunidade contén cun servizo de atención aos máis pequenos.
3	<b>SEGUIREMOS GARANTINDO A GRATUIDADE DAS ESCOLAS INFANTÍS</b> , unha medida que en Galicia fomos pioneiros.
4	<b>EQUIPARAREMOS AS FAMILIAS ACOLLEDORAS ÁS FAMILIAS NUMEROSAS, POLO QUE PODERÁN OBTEN OS MESMOS BENEFICIOS</b> co fin de potenciar o labor que estas realizan na protección e coidado da infancia máis vulnerable.

5

**FAVORECEREMOS A CONCILIACIÓN DAS FAMILIAS CON NENOS DE ATA 12 ANOS DE IDADE NOS PERÍODOS NON LECTIVOS.**

6

**AMPLIAREMOS A REDE DE PUNTOS DE ENCONTRO FAMILIAR QUE DEAN RESPOSTA ÁS NECESIDADES DE TODOS OS CIDADÁNS**, facéndoos máis accesibles especialmente para as familias que viven en núcleos rurais.



## XUVENTUDE E VOLUNTARIADO

Os mozos e mozas galegos son o **reflexo dunha Galicia preparada, moderna e innovadora**. A perspectiva xuvenil está presente en todas as políticas do Goberno galego, posto que **apostar pola xuventude é o camiño cara unha Galicia mellor**. Por iso, desde o PP-deG reforzamos o noso compromiso coa educación de calidade e co emprego xuvenil, favorecemos o acceso á vivenda e ao transporte e traballamos, de xeito transversal, en todas as áreas que promoven o desenvolvemento persoal e o impulso profesional da xente moza.

En política xuvenil, **Galicia conta con programas e medidas que destacan no panorama nacional, como:**

- › Unha liña de **apoio para a obtención do carné de conducir de coche, camión e autobús**, a máis ambiciosa de todas as CCAA, que favorece a empregabilidade e a autonomía da xuventude, e que xa beneficiou a preto de 4.000 mozos.
- › **Programas que traballan na transición da vida académica á laboral**, tendendo pontes que axudan a coñecer o mercado de traballo e favorecen á inserción. Máis de 700 mozos beneficiáronse xa dos novos programas Xuventude *Mentoring* e Xuventude *Mentoring* na Empresa.
- › **A Campaña de Verán con máis prazas da historia**, cun investimento que supera os 4M€ ao ano e coa maior oferta de prazas do Estado: máis de 11.000. O do ocio educativo é un sector que favorece a adquisición de valores e a conciliación das familias, ademais de actuar como dinamizador de emprego, por iso hoxe tamén apostamos por unha oferta desestacionalizada destas actividades, ofrecendo alternativas de ocio á mocidade ao longo do ano.

## NA VINDEIRA LEXISLATURA COAS POLÍTICAS APLICADAS POLO PPDEG:

1

**ABRIREMOS OFICINAS ESPECIALIZADAS NA ORIENTACIÓN XUVENIL**, que se sumarán á xa existente oficina virtual, na que a xente moza pode consultar dúbidas sobre diferentes ámbitos como educación, emprego, vivenda ou igualdade. Estes novos espazos facilitarán o acceso aos recursos, funcionando como unha especie de “ventá única”.

2	<b>AMPLIAREMOS AS AXUDAS PARA A OBTENCIÓN DO CARNÉ DE CONDUCIR PARA CHEGAR A MÁIS MOZOS E MOZAS</b> , porque sabemos que é un requisito imprescindible para moitos empregos e de gran necesidade nunha comunidade cunha importante dispersión poboacional como Galicia.
3	<b>CREAREMOS ESPAZOS XOVES-MOZOS NAS CIDADES</b> , sumando así Ferrol, A Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Pontevedra e Vigo aos 12 xa existentes. A poboación moza necesita de espazos de aprendizaxe e encontro, nos que se leve a cabo unha programación de actividades.
4	<b>REFORZAREMOS OS PROGRAMAS DE MENTORIZAXE E ACOMPAÑAMENTO PARA FAVORECER A INSERCIÓN LABORAL</b> , como son o Xuventude <i>Mentoring</i> ou o <i>Mentoring</i> na Empresa, que inclúe estadias formativas remuneradas en empresas de sectores estratéxicos para Galicia.
5	<b>AMPLIAREMOS A CAMPAÑA DE VERÁN E OS PROGRAMAS DE OCIO EDUCATIVO AO LONGO DO ANO</b> para que a xuventude dispoña de alternativas de lecer, formativas e saudables, e as familias tamén poidan ter máis opcións para a conciliación, sobre todo durante as épocas de vacacións escolares.
6	<b>REFORZAREMOS OS DESCONTOS E VANTAXES ASOCIADAS AO CARNÉ XOVE</b> nos diferentes ámbitos: cultural, turístico, transportes, comercio local, etc.
7	<b>PROMOVEREMOS BOLSAS E UN VOLUNTARIADO ESPECÍFICO PARA FOMENTAR A APRENDIZAXE DE OFICIOS TRADICIONAIS.</b>
8	<b>AMPLIAREMOS OS PROGRAMAS DE VOLUNTARIADO SOCIAL CONTRA A SOIDADE NON DESEXADA</b> , posto que sabemos que a sociedade galega quere contribuír a apoiar a quen máis o precisa. En especial, ás persoas maiores que necesitan atención e compañía.
9	<b>REFORZAREMOS O VOLUNTARIADO NO CAMIÑO DE SANTIAGO</b> , nos planos ambiental, patrimonial e europeo, porque sabemos que a contribución da veciñanza é clave para consolidar un dos máis importantes piares culturais, turísticos e de emprego que temos en Galicia.
10	<b>IMPULSAREMOS AS ACTIVIDADES DE VOLUNTARIADO PARA O COIDADADO DO NOSO PATRIMONIO NATURAL.</b> Unha programación que xa está consolidada na nosa Comunidade, e que seguiremos ampliando para concienciar a toda a mocidade sobre o respecto ao medio ambiente.
11	<b>REFORZAREMOS OS PROGRAMAS DE EMPREGO XUVENIL</b> , entre eles o programa Talento 30 ou o Investigo, os cales permiten reter á mocidade na nosa comunidade.



12	FOMENTAREMOS UN PROGRAMA DE PRIMEIRA EXPERIENCIA NA EMPRESA co obxectivo de favorecer o primeiro contacto laboral da mocidade sen experiencia.
13	IMPULSAREMOS UN <b>BONO MOZO INICIO DE ACTIVIDADE</b> a aqueles mozos/as que se vaian incorporar a actividade agrogandeira.
14	Crearemos o <b>BANCO DE NEGOCIOS VIABLES NO MEDIO RURAL</b> para asegurar o relevo xeracional daqueles negocios do rural que non teñen relevo no ámbito familiar.
15	AMPLIAREMOS AS <b>PRAZAS DE RESIDENCIAS XUVENÍS</b> DESTINADAS A MOZAS E MOZOS QUE ESTUDEN NAS UNIVERSIDADES GALEGAS E NOS CICLOS SUPERIORES DE FORMACIÓN PROFESIONAL.
16	No ámbito marítimo-pesqueiro <b>DESEÑAREMOS UN PROXECTO DE FORMACIÓN PILOTO PARA A INCORPORACIÓN DE XOVES AO SECTOR.</b>



O **acceso á vivenda** e a recuperación do parque existente é unha das preocupacións principais da cidadanía. A notable diminución da construción de novas vivendas durante os últimos 15 anos debido á crise inmobiliaria unida á inseguridade xurídica xerada polas diferentes regulacións a nivel estatal produce unha clara falta de oferta de vivenda que motiva unha alza de prezos, de xeito especial en alugamento. Neste sentido, resulta de especial importancia **facen unha aposta polo desenvolvemento de solo residencial con destino á construción de vivenda protexida** que debe ser un dos piares fundamentais na política de acceso á vivenda.

Neste ámbito, **Galicia está a ser un referente** na aplicación de medidas que melloren o acceso e a rehabilitación de vivendas:

- › **Deseñamos e aprobamos plans propios** en materia de vivenda con participación dos sectores implicados: Pacto Social pola Vivenda 2021-2025.
- › Impulsamos a participación dos sectores implicados na vivenda a través do **Observatorio de vivenda de Galicia**.
- › **Dispoñemos dun catálogo global de axudas** que cubre todas as modalidades de apoio para o acceso a vivenda.
- › Grazas a isto, desde 2009 destinamos **714 M€ a apoiar a máis de 140.000 familias galegas** no acceso (mediante compra ou alugueiro) ou na rehabilitación da súa vivenda.

- › Ademais, **mobilizamos 4.640 vivendas de promoción pública** e promovemos solo público residencial que permitiu edificar 4.283 vivendas protexidas.
- › E, en total, os galegos **aforraron 360M€ grazas ás desgravacións e medidas fiscais** aplicadas neste eido.

## NA VINDEIRA LEXISLATURA:

1	<b>CONVOCAREMOS AXUDAS A PARTICULARES PARA A AUTOCONSTRUCCIÓN DE VIVENDAS UNIFAMILIARES NOVAS</b> , especialmente en concellos das contornas urbanas, co fin de facilitar o acceso das familias a vivenda.
2	<b>IMPULSAREMOS AXUDAS AO ALUGUEIRO PARA MOZOS MENORES DE 36 ANOS</b> , co obxectivo de axudarlles a acceder á súa primeira vivenda, con especial atención ás <b>FAMILIAS MONOPARENTAIS</b> .
3	<b>DESENVOLVEREMOS SOLO RESIDENCIAL PARA 20.000 VIVENDAS PROTEXIDAS EN 2028</b> , a través da realización dunha análise conxunta cos concellos da demanda e dispoñibilidade de solo residencial destinado a vivenda protexida para realizar a planificación. Delas, <b>2.000 novas vivendas serán de alugueiro accesible</b> , tanto en grandes municipios como nos de menos tamaño, o que será importante para <b>combater o despoboamento do rural galego</b> .
4	<b>DUPLICAREMOS O PARQUE DE VIVENDA ata dispoñer de 8.000 vivendas de promoción pública en 2028</b> , impulsando a utilización de materiais máis sostibles nos procesos construtivos.
5	<b>RENOVAREMOS O PACTO SOCIAL POLA VIVENDA</b> coa participación e achegas de todos os axentes do sector para trazar as liñas estratéxicas no período 2026-2030.
6	<b>CREAREMOS UNHA PLATAFORMA DE SOLO RESIDENCIAL PARA VIVENDA PROTEXIDA</b> , en colaboración cos concellos e que permitirá dispoñer dun coñecemento claro dos solos públicos dispoñibles e un único sistema de acceso ao mesmo.
7	<b>APOSTAREMOS POLO EMPREGO DE MADEIRA CERTIFICADA NA REHABILITACIÓN DE VIVENDAS</b> , que contarán con materiais máis sostibles e de proximidade na súa construción.
8	<b>AXUDAREMOS AOS CONCELLOS NA CREACIÓN DOS SEUS PARQUES PÚBLICOS DE VIVENDA</b> . En cada promoción de vivenda pública que execute a Xunta, daráselle aos concellos onde estean localizadas, a posibilidade de adquirir ata un 20% da promoción para destinalas ás súas políticas de vivenda.

9	<b>SEGUIREMOS DANDO VIDA AOS CENTROS HISTÓRICOS REHABILITANDO 300 INMOBLES ABANDONADOS</b> , chegando en 2028 a contar con 14 Áreas Rexurbe.
10	<b>IMPLANTAREMOS UN NOVO PROGRAMA ‘REVIVE NO RURAL’ PARA ATRAER POBOACIÓN AOS CONCELLOS RURAIS</b> , que contén cun crecemento demográfico negativo e colaborando coas entidades locais.
11	<b>FACILITAREMOS A REHABILITACIÓN E MELLORA DE 25.000 VIVENDAS ENERXETICAMENTE EFICIENTES E ACCESIBLES</b> , a través de axudas a propietarios e comunidades de propietarios.
12	<b>APOSTAREMOS POLO ALUGUEIRO SEGURO</b> , apoiando para que se poñan as vivendas en alugamento a un prezo axeitado. Teremos axudas de ata 16.000€ para <b>FINANCIAR OBRAS DE ADECUACIÓN DAS VIVENDAS</b> .
13	<b>CREAREMOS UNHA OFICINA DE ASESORAMENTO ANTIOCCUPACIÓN</b> . Unha das principais preocupacións dos galegos que teñen unha propiedade é a ocupación ilegal de vivendas. É por iso que a Xunta debe actuar neste sentido poñendo ao dispor do propietario todos os recursos e asesoramento precisos.
14	<b>REFORZAREMOS AS MEDIDAS PARA FOMENTAR AS VIVENDAS COLABORATIVAS</b> , priorizando a súa posta en marcha en cidades e entornos periurbanos. Serán vivendas nas que os mozos se poderán independizar con todos os servizos seguindo este modelo contrastado en Europa ( <i>coliving</i> ), onde cada residente ten o seu espazo persoal e dentro do inmoble comparten espazos comúns como lavandería, cociña, etc.



## EDUCACIÓN

O PPdeG leva anos desenvolvendo unha **política educativa responsable, sólida e sen improvisacións** baseada nos principios de **calidade, equidade, liberdade para favorecer a igualdade de oportunidades**.

Hoxe Galicia acada os **mellores resultados académicos da súa historia**. A nosa comunidade aparece nos primeiros postos nas clasificacións internacionais que miden os **resultados educativos** e somos un **exemplo de inclusión**.

Reducimos o **abandono escolar** e temos unha das **mellores ratios alumno/ profesor** de España. Seguimos traballando para avanzar na **excelencia educativa** con novas propostas **estratéxicas e innovadoras** que favorezan a modernización do ensino. Para garantir a igualdade de oportunidades, tamén reforzamos as medidas de **apoio ás familias**.

**Galicia converteuse nun referente no ámbito educativo** actuando para:

- › Reducir o **fracaso escolar a mínimos históricos**. Pasamos de **25,8% en 2009 a 8,8%**. Actualmente somos unha das cinco comunidades con menor abandono escolar de España, cumprindo co obxectivo da Unión Europea.
- › **Mellorar os resultados académicos ata situarnos nos primeiros** postos dentro do conxunto das comunidades autónomas do noso país.
- › Incrementar a **equidade do sistema educativo**. **Estamos á cabeza de España en equidade**, coa porcentaxe máis alta de alumnado resiliente, aquel que obtén resultados académicos excelentes pese a proceder de contornas non favorables.
- › Consolidar o **modelo educativo máis inclusivo de España**, co **94%** do alumnado con necesidades educativas especiais escolarizado en centros ordinarios.
- › **Avanzar no respecto e na tolerancia na aula**; e mellorar a **atención á diversidade con 4.000 profesionais**, unha das redes máis ampla de España.

## NA VINDEIRA LEXISLATURA:

1	<b>REDUCIREMOS A RATIO ALUMNOS/ PROFESOR</b> para seguir mellorando a atención educativa e a calidade do sistema, aplicando <b>O ACORDO ACADADO COAS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS</b> orientado á mellora integral da calidade educativa (carga horaria, menor burocracia, potenciación da carreira profesional docente, ...etc).
2	Daremos cobertura á ampliación da <b>IDADE DE ESCOLARIZACIÓN do alumnado galego ata os 18 anos</b> , mediante o desenvolvemento de itinerarios formativos específicos dentro do PLAN FPGAL 360.
3	PROMOVEREMOS UNHA REDE ITINERANTE CON PROFESIONAIS DE <b>ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</b> en zonas rurais para unha mellor atención do alumnado con necesidades especiais.
4	Crearemos unha lista específica de <b>COIDADORES DE ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECIAIS</b> que permita unha cobertura inmediata cando sexa necesaria.
5	<b>CONVOCAREMOS NOVAS E AMPLAS OFERTAS PÚBLICAS DE EMPREGO</b> adaptadas ás necesidades do sistema educativo galego que permitan aumentar a estabilidade do profesorado e reducir a taxa de interinidade, que xa é a máis baixa de España.
6	<b>CONTINUAREMOS AXUDANDO ÁS FAMILIAS NA COMPRA DE LIBROS E MATERIAL ESCOLAR</b> , reforzando os mecanismos de apoio e garantindo a igualdade de oportunidades.

7	<b>RENOVAREMOS O COMPROMISO DE MODERNIZACIÓN DOS CENTROS EDUCATIVOS PARA ADECUALOS AOS NOVOS MODELOS E METODOLOGÍAS DE APRENDIZAXE</b> e incorporar medidas de eficiencia enerxética.
8	<b>DESENVOLVEREMOS O PLAN INTEGRAL CONTRA O ACOSO E O CIBERACOSO NAS AULAS</b> para eliminar calquera forma de violencia e discriminación na escola.
9	<b>SEGUIREMOS COMBATENDO O ABANDONO ESCOLAR TEMPERÁN.</b>
10	<b>APROBAREMOS UN PLAN PARA A ATENCIÓN DO ALUMNADO ESTRANXEIRO</b> nos centros educativos, con especial atención aos menores que chegan sen arraigo familiar, con medidas e accións que faciliten a súa adaptación.
11	<b>CREAREMOS UNHA LIÑA DE AXUDAS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR</b> para aqueles alumnos non incluídos na rede de xestión autonómica, en función da renda.
12	<b>SEGUIREMOS PROTEXENDO O ENSINO RURAL</b> e potenciando os Centros Rurais Agrupados (CRA) e as escolas unitarias.



Nos últimos anos, a **Formación Profesional galega experimentou unha auténtica transformación** que se sustentou no bo traballo de todos os membros do sistema e nas decisións políticas do PPdeG, que apostou pola formación do futuro.

Hoxe a Formación Profesional vive un momento dourado. Desde o **2009, a nosa comunidade duplicou o número de alumnas e alumnos matriculados en ciclos formativos**; a FP consolidándose como unha **opción preferente** entre o alumnado e as empresas; e é sinónimo de **prestixio, confianza e utilidade**.

Nestes anos, os galegos modernizamos a Formación Profesional para convertela nun itinerario **útil para a sociedade e en liña co mercado laboral**.

No ámbito da Formación Profesional, **Galicia converteuse nun referente** con políticas que conseguiron:

- › Mellorar a relación co mercado laboral desde o ano 2009. **Taxas de inserción laboral do 85% que chegan ao 97% no caso da FP Dual (en 2009 situábase no 30%).**
- › Aumentar a cifra de titulados, que medrou nun **76,3% desde o curso 2009/10**.
- › **Crear o Centro Galego de Innovación á Formación Profesional**, Centro Eduardo Barreiros, para favorecer a innovación aplicada á formación profesional.

## NA VINDEIRA LEXISLATURA:

1	<b>DESENVOLVEREMOS A FIGURA DO PROFESOR “ASOCIADO”</b> para contar como formadores a profesionais destacados e mellorar a conexión formativa co mundo empresarial.
2	<b>RENOVAREMOS E IMPULSAREMOS O MODELO DE APRENDIZAXE AO LONGO DA VIDA ADAPTADO ÁS NOVAS REALIDADES</b> coa aprobación dunha nova lei que regulará este ámbito.
3	<b>REFORZAREMOS O PLAN CONECTA FP</b> impulsando os vínculos entre a oferta formativa e o tecido produtivo galego, potenciando a dualidade.
4	<b>MELLORAREMOS AS INFRAESTRUTURAS DEDICADAS Á FORMACIÓN PROFESIONAL</b> , con propostas como a creación da rede de centros de innovación aplicada á FP.
5	<b>DESENVOLVEREMOS O PLAN INNOVA FP GALICIA</b> , para avanzar na innovación, a investigación aplicada e a incorporación de metodoloxías disruptivas na formación profesional galega, aproveitando as oportunidades que ofrece o Centro Eduardo Barreiros de Ourense.
6	<b>IMPULSAREMOS O PACTO POLA FORMACIÓN PROFESIONAL DUAL</b> priorizando os vínculos directos entre os sectores produtivos e a oferta de FP, co obxectivo de acadar o 100% de dualidade no 2030.



## ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL

Nestes anos, potenciamos as ensinanzas de réxime especial e a educación de persoas adultas.

- › Favorecemos a formación dos futuros profesionais da cultura e dunha sociedade que comprende, coñece e valora o seu patrimonio cultural e artístico a través das distintas modalidades de ensinanzas artísticas: música, danza, arte dramática, conservación de bens culturais ou artes plásticas e deseño.
- › Impulsamos as ensinanzas deportivas, promovendo os hábitos de vida saudables e o talento deportivo en toda Galicia.
- › Incidimos na educación de persoas adultas fundamental para ofrecer oportunidades de formación a todas as persoas. Nestes anos, reforzamos estas ensinanzas, favorecendo o acceso á formación e a capacitación de todos os galegos e as galegas.

- › E continuamos reforzando o coñecemento de idiomas a través da ensinanza de idiomas e da rede de Escolas Oficiais de Idiomas, que son a opción escollida por milleiros de galegos e galegas cada ano para formarse.

No ámbito das ensinanzas de réxime especial e a educación de persoas adultas en Galicia conseguimos:

- › Incrementar a cifra de matrícula en ensinanzas de réxime especial (non adultos) chegando a preto de 30.000 matriculados no presente curso.
- › Avanzar na diversificación das ensinanzas de réxime especial, impulsando a implantación do primeiro mestrado en ensinanzas artísticas superiores.
- › Reforzar e fomentar a modalidade semipresencial nas ensinanzas de idiomas, favorecendo o acceso de todas as persoas.
- › Crear a rede de capacitación dixital que permitiu formar a máis de 2.000 persoas na súa primeira edición.

## NA VINDEIRA LEGISLATURA:

1	<b>SEGUIREMOS REFORZANDO A OFERTA EDUCATIVA DE ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL</b> , valorando os méritos excepcionais do alumnado e favorecendo a excelencia desas ensinanzas; incrementando a vinculación co ámbito laboral; e potenciando a empregabilidade.
2	<b>POTENCIAREMOS AS ENSINANZAS ARTÍSTICAS MEDIANTE O PLAN EDUC-ARTE</b> , realizando proxectos innovadores e colaborando coas entidades do ámbito artístico co obxectivo de conectar aos estudantes co mundo laboral.
3	<b>IMPULSAREMOS A FORMACIÓN DO PROFESORADO DE ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL</b> con propostas específicas que permitan que o profesorado galego estea actualizado en ámbitos especialmente cambiantes.



## ENSINO E INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIA

A universidade galega deu un salto cualitativo na última década, na que apostamos pola **calidade docente, a excelencia investigadora e a especialización destas institucións**.

Os cidadáns de Galicia poden estar orgullosos das súas universidades e, desde o PPdeG, somos conscientes da súa relevancia para **progreso social e o benestar**.

Nestes anos, melloramos a **oferta académica**, poñendo o foco na innovación e en liña coas necesidades da sociedade; apostamos pola **calidade e a excelencia do noso sistema investigador**; e seguimos garantindo a **igualdade de oportunidades** entre os mozos e mozas, con medidas como a conxelación das taxas universitarias.

Nas dúas últimas lexislaturas, incorporamos ata 19 novos graos, vinculados maioritariamente aos ámbitos tecnolóxicos e informáticos. Tamén realizamos o **estudio Galicia 2030**, pioneiro en España, que permitiu deseñar os mestrados que necesita a nosa comunidade para os vindeiros anos, cara a desenvolver un mercado laboral de futuro.

Desenvolvemos todas estas propostas cun **sistema de financiamento estable**, que garante e garante a estabilidade e o bo desenvolvemento das súas funcións.

**Galicia converteuse nun referente no ámbito educativo** con iniciativas como:

- › Manter as **taxas universitarias conxeladas durante 13 anos consecutivos**, que permitiu **aforrar ás familias galegas, respecto ao prezo medio das matrículas nas demais comunidades autónomas, 300M€** asegurando o acceso universal aos estudos.
- › Aprobar sistemas de financiamento estables. Neste momento estase desenvolvendo o **Plan de Financiamento Universitario 2022/26 co que se mobilizan máis de 3.177M€** nas tres universidades públicas galegas. Galicia está entre as **tres comunidades que dedican maior proporción da súa riqueza** a financiar as universidades públicas en termos relativos.
- › Poñer en marcha a **Rede dos Centros de Excelencia investigadora** acreditados pola Xunta de Galicia.

## NA VINDEIRA LEXISLATURA:

1	<b>POÑEREMOS EN MARCHA A GRATUIDADE DA PRIMEIRA MATRÍCULA UNIVERSITARIA POR MATERIA PARA O ALUMNADO GALEGO QUE CURSE ESTUDOS DE GRAO.</b> Unha medida histórica pioneira en España que se desenvolverá de xeito progresivo e universalizará o dereito e posibilidade de cursar estudos superiores para calquera cidadán.
2	<b>ACADAREMOS O 1% DO PIB GALEGO A RECURSOS PÚBLICOS PARA AS UNIVERSIDADES DO SUG.</b>
3	<b>ELABORAREMOS UNHA NOVA LEI DE UNIVERSIDADES DE GALICIA</b> , adaptada á nova Lei estatal e que permita un axuste á realidade universitaria galega.
4	<b>DESENVOLVEREMOS O PROGRAMA TALENTO RETORNA</b> , para incorporar aos centros de investigación do Sistema Universitario Galego, investigadores de primeiro nivel que están a traballar fóra de Galicia.
5	<b>AVANZAREMOS NO MAPA DE TITULACIÓNS DE GRAO UNIVERSITARIO GARANTINDO CO OBXECTIVO DE QUE NINGÚN GALEGO TEÑA QUE MARCHAR DE GALICIA</b> para estudar unha carreira. Crearanse máis dunha ducia de graos e unha decena de mestrados innovadores e adaptados aos novos retos profesionais.



6	<b>CONSOLIDAREMOS A REDE CIGUS DE GRANDES CENTROS UNIVERSITARIOS</b> de excelencia investigadora.
7	<b>IMPULSAREMOS A ESTABILIDADE LABORAL DOS INVESTIGADORES POSDOCTORAIS NO SISTEMA UNIVERSITARIO</b> para que cubran necesidades estratéxicas docentes e/ou investigadoras das universidades públicas.
8	<b>APOIAREMOS A MODERNIZACIÓN DAS INFRAESTRUTURAS NOS CENTROS UNIVERSITARIOS</b> mediante o desenvolvemento do convenio entre a Xunta de Galicia e as universidades públicas do SUG.
9	<b>ELABORAREMOS UN PLAN DE INTERNACIONALIZACIÓN DA UNIVERSIDADE GALEGA</b> para avanzar na consolidación da excelencia e captación de recursos no sistema universitario galego.
10	<b>AMPLIAREMOS AS PRAZAS DE RESIDENCIAS XUVENÍS</b> DESTINADAS A MOZAS E MOZOS QUE ESTUDEN NAS UNIVERSIDADES GALEGAS E NOS CICLOS SUPERIORES DE FORMACIÓN PROFESIONAL.



## EXCELENCIA E INNOVACIÓN EDUCATIVA

Temos un modelo **educativo de excelencia**, froito do traballo de todos os membros que forman o sistema educativo galego (alumnado, docentes e familias) e de máis dunha década de políticas do PPdeG.

Nos vindeiros anos, queremos seguir **garantindo un modelo educativo de calidade e equidade**. Estamos nunha situación estratéxica para seguir actuando sobre os ámbitos como a **innovación, a inclusión e a convivencia**.

**Nestes anos, Galicia reforzou a excelencia educativa** con iniciativas que permitiron:

- › Mellorar a dixitalización das aulas. Os **centros galegos están entre os mellor equipados**, estamos á cabeza na cifra de **alumnos/as por ordenador** e somos a comunidade con máis aulas virtuais: **+90%**.
- › **Acadar o 100% de centros con Plan Dixital de centro** e actualmente máis de **630 centros** están incluídos no programa **E-Dixgal**.
- › Superar os **500 centros con programa de plurilingüismo**.

## NA VINDEIRA LEXISLATURA:

1	<b>AVANZAREMOS NA INNOVACIÓN DAS TÉCNICAS DOCENTES</b> mediante a aplicación da Intelixencia Artificial.
2	<b>AFONDAREMOS NO DESENVOLVEMENTO DA ESTRATEXIA DE EDUCACIÓN DIXITAL 2030</b> para avanzar na transformación dixital do ensino con novos investimentos.
3	<b>APROBAREMOS UNHA LEI DE EDUCACIÓN DIXITAL QUE GARANTA A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES NO CONTEXTO DAS NOVAS TECNOLOXÍAS E A DIXITALIZACIÓN</b> , potenciando a educación dixital e minimizando os seus riscos.
4	<b>DOTAREMOS DE SERVIZOS DE CONEXIÓN A INTERNET ALTERNATIVOS NOS NÚCLEOS DE POBOACIÓN RURAIS</b> para garantir o acceso universal de todo o alumnado e contribuír á <b>REDUCCIÓN DA FENDA DIXITAL</b> .
5	<b>REFORZAREMOS O USO DAS COMPETENCIAS ANALÓXICAS DE APRENDIZAXE</b> a través de actividades que poñan en valor a lectura e a escritura para favorecer o desenvolvemento competencial e integral do alumnado.
6	<b>POÑEREMOS EN MARCHA PROGRAMAS AVANZADOS de COMPRENSIÓN LECTORA E ORATORIA</b> que melloren estas competencias en todas as etapas educativas.
7	<b>REFORZAREMOS OS POLOS CREATIVOS</b> como espazos para impulsar as competencias dixitais e tecnolóxicas de toda a comunidade educativa.
8	<b>POÑEREMOS EN MARCHA O EXPEDIENTE DIXITAL ÚNICO DO ALUMNADO QUE PODERÁ XESTIONAR A TRAVÉS DUNHA APLICACIÓN ESPECÍFICA</b> , que o acompañe ao longo de toda a súa vida, facilitando a súa relación coas diferentes administracións.
9	<b>RENOVAREMOS O MODELO EDIXGAL BASEADO NA AULA VIRTUAL INTELIXENTE</b> , atendendo as novas realidades tecnolóxicas.
10	<b>DESENVOLVEREMOS MEDIDAS QUE FAVOREZAN A IMPLANTACIÓN DE RECURSOS DE INTELIXENCIA ARTIFICIAL NA AULA</b> co fin de poñer en práctica as oportunidades que ofrece, analizando, á vez, os potenciais riscos que dela derivan.
11	<b>SIMPLIFICAREMOS OS PROCESOS ADMINISTRATIVOS</b> asociados á práctica docente e á xestión ordinaria dos centros educativos.

12

**CULMINAREMOS A EXECUCIÓN DA ESTRATEXIA GALEGA DE CONVIVENCIA 2025** para acadar a mellora do clima escolar.

13

**DESENVOLVEREMOS A ESTRATEXIA GALEGA DE INCLUSIÓN EDUCATIVA** para reforzar a atención á diversidade.

14

**POÑEREMOS EN MARCHA PROGRAMAS DE PROMOCIÓN DA SAÚDE MENTAL E DESENVOLVEREMOS PROTOCOLOS DE IDENTIFICACIÓN** de situacións de alarma que poñan en risco a saúde.



## NOVAS PRESTACIÓNS SANITARIAS

O Partido Popular de Galicia ten sido durante as últimas décadas o garante da extensión dos recursos e prestacións da sanidade pública na nosa comunidade. Desde a transferencia da sanidade á Xunta e a creación do Sergas, gobernos do PPdeG pilotaron a posta en marcha de hospitais como os de Verín, Barbanza, Cee ou Salnés, así como a introdución de novos servizos no conxunto do sistema hospitalario e da atención primaria. Contar cunha carteira de servizos sanitarios máis completa é o obxectivo primordial da nosa política en materia de Sanidade.

Galicia avanzou de xeito significativo **NESTES ÚLTIMOS ANOS** na ampliación dos servizos sanitarios que ofrece á súa poboación, con actuacións como:

- › A configuración do **calendario de vacinación máis completo do mundo**, logrado grazas á incorporación nesta lexislatura da inmunización a toda a poboación infantil contra o virus do papiloma humano, a meninxite b, a gripe, o virus respiratorio sincitial ou o rotavirus, así como a vacina do herpes zóster e o reforzo da do pneumococo en poboación adulta, o que levou a Galicia a duplicar nestes catro anos o seu orzamento anual en vacinas, chegando aos 40 millóns de euros.
- › A **ampliación dos programas de cribado** para a detección precoz de enfermidades: tanto nos de patoloxías oncolóxicas coa extensión a toda Galicia do cribado de **cancro de cérvix** e coa ampliación ata os 74 anos do de **cancro de mama**; como no **cribado neonatal**, no que Galicia superou xa as 30 patoloxías fronte ás 7 contempladas na carteira básica estatal.
- › A implantación de **novos servizos na rede hospitalaria**, que permite desde esta lexislatura realizar **probos PET ou trombectomías do ictus** nas áreas de **Lugo e Ourense** ou que conseguiu que o Novo Montecelo inicie a prestación de **radioterapia ou medicina nuclear** na **área pontevedresa**.
- › A **chegada de tratamentos innovadores** como o **sistema Hi-Fu de ultrasóns** para o parkinson e tremor esencial, nos que Galicia foi a primeira comunidade en incorporar ao sistema público, ou a **protonterapia**, na que Galicia foi a primeira comunidade en licitar a obra dun centro para a súa aplicación.

## NA VINDEIRA LEXISLATURA:

1	INCORPORAREMOS NOVAS VACINAS para <b>MANTER O LIDERADO DE GALICIA NO CALENDARIO VACINAL.</b>
2	Implantaremos <b>PROGRAMAS DE CRIBADO XENÉTICO</b> para a prevención e tratamento de enfermidades cunha compoñente hereditaria grazas ao banco de datos xerado ao abeiro do Programa Xenoma Galicia que recompilará, nun inicio, o ADN de máis de 400.000 galegos. <ul style="list-style-type: none"><li>› En particular, efectuaremos un cribado <b>para detectar predisposición xenética</b> ao <b>CANCRO DE MAMA</b> en mulleres de entre 45 e 50 anos e que poidan incorporarse ao programa de detección precoz xa existente.</li></ul>
3	IMPLANTAREMOS EN TODA GALICIA OS <b>CRIBADOS DE CANCRO DE PULMÓN E PRÓSTATA</b> utilizando a intelixencia artificial para detectar, en función da información na historia clínica do paciente, aqueles con maior risco.
4	<b>AMPLIAREMOS OS PROGRAMAS DE DETECCIÓN PRECOZ DE ENFERMIDADES TRANSMISIBLES</b> como o VIH ou a hepatite C, tanto dentro do sistema sanitario como en espazos públicos a través da colaboración con entidades sociais.
5	<b>INCORPORAREMOS NOVAS PATOLOXÍAS AO PROGRAMA DE CRIBADO NEONATAL</b> , para poder aplicar tratamentos preventivos de xeito precoz.
6	<b>AMPLIAREMOS ATA OS 45 ANOS A IDADE LÍMITE PARA O ACCESO Á REPRODUCCIÓN ASISTIDA NA SANIDADE PÚBLICA</b> , aproveitando a ampliación de capacidade dos novos equipos para as unidades de fecundación <i>in vitro</i> do Sergas, cunha lista de agarda mínima.
7	<b>FABRICAREMOS FÁRMACOS PERSONALIZADOS</b> (CAR-T) e deseñaremos terapias celulares contra o cancro e outras doenzas.
8	<b>DOTAREMOS DE HOSPITAIS DE DÍA ONCOLÓXICOS NOS CENTROS HOSPITALARIOS DE CEE E BARBANZA</b> , para completar a rede hospitalaria con este tipo de servizos.
9	<b>CREAREMOS AS UNIDADES DE RECUPERACIÓN FUNCIONAL A DOMICILIO</b> para pacientes que sofren unha diminución da autonomía tras un ingreso hospitalario mediante equipos especializados en avaliación, formación de cuidadores e accións para unha rápida recuperación.
10	<b>FINANCIAREMOS AS CREMAS SOLARES PARA PACIENTES DE LUPUS</b> , respondendo a unha necesidade sanitaria desta poboación.

11	<p><b>CREAREMOS A OITAVA ÁREA SANITARIA DE GALICIA</b>, un servizo centralizado con sede no hospital Gil Casares de Santiago con profesionais e desenvolvementos tecnolóxicos que darán soporte ao persoal dos hospitais e centros de saúde galegos. Dentro das súas funcións estarán:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>› <b>A CANLE ‘SANIDADE RESPONDE’</b>, con resposta as 24h e 365 días do ano para trámites de citas; solicitudes de prestacións, documentación clínica, ou resgardos de asistencia; xestión das altas e baixas ou resolución de dúbidas sanitarias.</li> <li>› Dentro da anterior, <b>CANLE DE CONSULTAS</b> haberá unha específica para pais e nais atendida por especialistas en <b>PEDIATRÍA E ENFERMERÍA</b> e outra para pacientes <b>ONCOLÓXICOS</b>.</li> <li>› <b>ACCESO AOS DATOS DE ACTIVIDADE ASISTENCIAL</b> a través da creación dun instituto de información e análise de resultados.</li> </ul>
12	<p><b>SIMPLIFICAREMOS OS TRÁMITES SANITARIOS</b> agrupando citas a maiores de 65 anos, simplificando a renovación das receitas e xeneralizando as consultas de alta resolución coordinadas entre primaria e hospitalaria.</p>
13	<p>Aprobaremos un <b>PROGRAMA DE MELLORA DA XESTIÓN DA BAIXA MÉDICA</b> para optimizar todo o proceso de alta, baixa e seguimento das incapacidades temporais.</p>
14	<p><b>FACILITAREMOS O CERTIFICADO DIXITAL NOS HOSPITAIS</b>, para que a cidadanía dispoña de acceso fácil e seguro á historia clínica e ás prestacións de e-saúde.</p>
15	<p><b>AUMENTAREMOS O CATÁLOGO ACTUAL DE CANLES DIXITAIS DE COMUNICACIÓN COA CIDADANÍA</b> a través de asistentes virtuais de apoio que melloren o acceso e autonomía dos pacientes, e potencien os sistemas de videoconferencia e mensaxería para a promoción da saúde e de educación sanitaria.</p>
16	<p><b>APROVEITAREMOS AS CAPACIDADES DA INTELIXENCIA ARTIFICIAL NO EIDO SANITARIO</b> mediante un uso intensivo, seguro, responsable e ético destas tecnoloxías e <b>AUTOMATIZAREMOS AS TAREFAS BUROCRÁTICAS</b> a través da robótica de procesos.</p>
17	<p>Despregaremos <b>SISTEMAS INTELIXENTES DE XESTIÓN E DIAGNÓSTICO EN REDE</b>, especialmente nas áreas de UCI, quirófanos ou imaxe radiolóxica e anatomopatolóxica.</p>
18	<p>Aprobaremos un <b>PROCESO DE ATENCIÓN AO PACIENTE CRÓNICO COMPLEXO E/OU AVANZADO</b> que evite o máximo posible os seus traslados e mobilizacións mediante o reforzo da atención domiciliaria. Crearemos <b>unidades específicas en Atención Primaria</b> en cada distrito sanitario para atención destes</p>

18	doentes e contaremos, nos hospitais de día de todas as áreas sanitarias, con <b>unidades de crónicos complexos reforzadas con enfermería</b> xestora de casos. Os pacientes serán atendidos nestas unidades, evitando na medida do posible o paso polos servizos de urxencias e, no caso de ser imprescindible esta atención, establecendo circuitos de derivación específicos entre ambos servizos.
19	Desenvolveremos programas de <b>APOIO AO PACIENTE MAIOR</b> con detección DA SOIDADE NON DESEXADA; con programas de voluntariado para o coidado e acompañamento de maiores <b>nos centros sanitarios ou nas unidades de hospitalización.</b>
20	Promoveremos a introdución de <b>PERSOAL ESPECIALISTA EN XERIATRÍA EN TODAS AS ÁREAS SANITARIAS</b> para exercer como consultor dos restantes especialistas no caso de pacientes anciáns.
21	Melloraremos a <b>ASISTENCIA INTEGRAL A PATOLOXÍAS COMPLEXAS</b> para estandarizar os protocolos de actuación que requiren intervención de distintos especialistas a través de: <ul style="list-style-type: none"> <li>› Procesos asistenciais integrados.</li> <li>› Novas unidades multidisciplinares en caso de patoloxías con poucos casos que requiran o traballo en rede dos especialistas.</li> <li>› Nova <b>UNIDADE DE CANCRO DE PÁNCREAS.</b></li> <li>› Especial atención a unha nova Estratexia en ENFERMIDADES RARAS para ampliar as prestacións a estes pacientes.</li> </ul>
22	Elaboraremos un <b>PLAN GALEGO DE ATENCIÓN ÁS DEMENCIAS</b> que defina o seguimento destes pacientes desde o seu diagnóstico ata o seu tratamento.
23	DESENVOLVEREMOS O <b>PLAN GALICIA CARDIOPROTEXIDA</b> que aumente a presenza de desfibriladores fóra do eido sanitario; actualice a formación de todo o persoal sanitario e de 'primeiros intervincentes' (forzas de seguridade, bombeiros, persoal municipal...) e promova a formación nos centros de traballo.
24	<b>REFORZAREMOS O ACOMPAÑAMENTO PSICOLÓXICO A VÍTIMAS DE ACCIDENTES,</b> mellorando a asistencia, a formación e a coordinación entre os profesionais de emerxencias e sanitarios; co obxectivo de evitar que os momentos máis duros se volvan inda peores.
25	IMPLANTAREMOS a nova <b>LEI DE PROTECCIÓN DA SAÚDE DOS MENORES,</b> que permitirá paliar os efectos sobre a infancia de produtos como as bebidas enerxéticas, vapeadores, etc...
26	<b>DESENVOLVEREMOS UN MODELO INTEGRAL DE SAÚDE COMUNITARIA,</b> para promover hábitos saudables nos concellos.

27	Desenvolveremos unha nova <b>ESTRATEGIA GALEGA DE COIDADOS PALIATIVOS</b> para mellorar a atención deste servizo e incrementar a súa accesibilidade.
28	Priorizaremos en todo o sistema de saúde a <b>LOITA CONTRA AS RESISTENCIAS AOS ANTIBIÓTICOS</b> ; co control da prescrición destes fármacos.
29	Contaremos coas <b>OFICINAS DE FARMACIA COMO COLABORADORAS DO SISTEMA PÚBLICO</b> , deseñando novos programas de cooperación; establecendo unha canle áxil de comunicación co persoal de atención primaria para mellorar o seguimento dos tratamentos farmacolóxicos e resolver dúbidas do paciente.
30	<b>Desenvolveremos un PLAN DE APOIO ÁS FARMACIAS RURAIS</b> con medidas que garantan a súa sostibilidade a través de colaboración co sistema sanitario público como a xestión da prestación farmacéutica das residencias sociosanitarias ou a difusión de sistemas personalizados de dosificación para pacientes maiores e polimedicados.
31	Implantaremos un <b>NOVO MODELO DE DISTRIBUCIÓN DA MEDICACIÓN HOSPITALARIA</b> , evitando traslados do paciente.
32	<b>APROBAREMOS UNHA LEI DE SAÚDE PÚBLICA DE GALICIA</b> para regular e desenvolver, entre outros aspectos, todos os mecanismos de vixilancia epidemiolóxica e prevención da enfermidade; incluíndo os sistemas de prevención e as pautas de actuación ante emerxencias de saúde pública.
33	Poñeremos en marcha o <b>NOVO CENTRO GALEGO DE PREVENCIÓN E CONTROL DE ENFERMIDADES</b> que reforzará as estruturas de saúde pública e a súa coordinación cos centros asistenciais para mellorar a detección e a resposta rápida ante abrochos epidemiolóxicos.
34	Potenciaremos a colaboración coa farmacia comunitaria na vixilancia epidemiolóxica a través de <b>FARMACIAS CENTINELA</b> que permitan localizar o aumento de determinadas enfermidades.
35	<b>REFORZAREMOS OS MECANISMOS DE PREVENCIÓN DE RISCOS AMBIENTAIS</b> relacionados coa saúde humana e de factores como a calidade do aire ou a transmisión de enfermidades mediante insectos.
36	<b>IMPULSAREMOS A ESTRATEGIA AUTONÓMICA TRANSVERSAL DE ACCIÓN CONTRA O RADÓN</b> , para reducir a exposición ambiental da poboación a este gas e evitar os seus riscos para a saúde.



## ATENCIÓN PRIMARIA

Concibimos a **atención primaria** do noso sistema sanitario como o seu **eixo vertebrador**, que debe ter un **papel activo no coidado da saúde** da poboación ao longo da súa vida, evitando ou atrasando a aparición de problemas de saúde e minorando os seus efectos cando estes aparecen dun xeito crónico na persoa.

Este modelo require dun **novo sistema de organización e traballo en equipo** que potencie novas categorías profesionais, especialmente ante a problemática común de **carencia de médicos de familia en toda España**.

A Xunta de Galicia aplicou **NESTA LEXISLATURA** reformas importantes para avanzar nesta transformación:

- › A **creación de máis de 400 prazas de persoal sanitario de atención primaria desde 2020**, reforzando os equipos de enfermaría, fisioterapia, farmacia ou traballo social.
- › O **enorme aumento de prazas MIR para formar novo persoal médico de familia**, a pesares das trabas impostas polo Ministerio para formar aínda máis, que consegue que hoxe **en Galicia se estean formando o dobre de residentes desta especialidade que no ano 2009**, co obxectivo de abordar a falta de profesionais.
- › A posta en marcha de **novos servizos** como os dos **novos nutricionistas ou os equipos de enfermaría a domicilio**, que melloran a asistencia, especialmente a pacientes crónicos e no ámbito rural.
- › A **aprobación de novas carteiras de servizos** para o **persoal non médico** de atención primaria que potencian as súas capacidades de resolución, no marco dun órgano participativo como o Consello Técnico de Atención Primaria.
- › A **creación da figura dos Plans Locais de Saúde en máis de 70 servizos de atención primaria galegos**, que fixan obxectivos acordes coas necesidades sanitarias dos pacientes da zona e deseñan propostas de traballo en equipo para abordalos.
- › A **implantación de sistemas de apoio tecnolóxico** que facilitan a comunicación da cidadanía co seu centro de saúde, como CRM100 para a xestión das chamadas ou TELEA para o seguimento de crónicos.
- › O **reforzo da capacidade resolutiva tecnolóxica** a través da adquisición de equipamento como ecógrafos, retinógrafos, equipos de probas rápidas ou dispositivos diagnósticos.



## NA VINDEIRA LEXISLATURA:

1	Aprobaremos unha <b>NOVA NORMATIVA REGULADORA DA ATENCIÓN PRIMARIA QUE POTENCIE O TRABALLO EN EQUIPO</b> . Este novo decreto de ordenación da atención primaria dotará dunha maior autonomía a estes servizos. Con esta medida potenciaremos o liderado dos postos de xefatura e coordinación de cada servizo e reforzaremos o papel das diversas profesións sanitarias e das súas competencias profesionais a través de instrumentos como os plans locais de saúde, que chegarán á totalidade dos servizos galegos.
2	<b>REDUCIREMOS A CARGA DE TRABALLO DO PERSOAL SANITARIO DE ATENCIÓN PRIMARIA</b> mediante un reforzo de dotación e capacidades do <b>persoal administrativo adscrito a este servizo</b> , para reorganizar as funcións e tarefas nos centros de saúde e que estes axilicen os procesos de apoio ao persoal sanitario nas tarefas máis burocráticas e de xestión administrativa que acompañan á actividade asistencial.
3	Para paliar en Galicia a problemática estatal de déficit de especialistas médicos na atención primaria, <b>AUMENTAREMOS A CAPACIDADE FORMATIVA DE GALICIA EN MEDICINA DE FAMILIA</b> na medida na que nolo permitan os criterios estatais para a creación de novas prazas.
4	<b>AUMENTAREMOS O CADRO DE PERSOAL DE ENFERMARÍA</b> de atención primaria ata igualar as ratios e acadar que <b>POR CADA PROFESIONAL MÉDICO HAXA OUTRO DE ENFERMARÍA</b> .
5	POÑEREMOS EN MARCHA UN <b>PLAN DE CIRURXÍA MENOR EN ATENCIÓN PRIMARIA</b> con formación e equipamento ao persoal sanitario con vistas a potenciar a resolución neste nivel asistencial de intervencións cirúrxicas sinxelas que eviten saturacións de servizos, ingresos e desprazamentos.
6	<b>ELABORAREMOS UN PLAN GALEGO DE ATENCIÓN DOMICILIARIA NA PRIMARIA</b> que complemente ao Plan de Hospitalización a Domicilio desenvolvido nesta lexislatura, potenciando así a atención domiciliaria en todos os niveis asistenciais.
7	BOTAREMOS A ANDAR <b>SERVIZOS SANITARIOS MÓBILES</b> que se despracen periodicamente polos centros de saúde para prestar servizos complementarios na realización de probas radiolóxicas, retinografías e espirometrías, así como podoloxía para detectar e tratar casos de pé diabético.
8	<b>DOTAREMOS DE HELIPORTOS OS PUNTOS DE ATENCIÓN CONTINUADA</b> , o que nos situará como líderes e na vangarda dos servizos de emerxencias sanitarias.
9	CREAREMOS <b>CENTROS INTEGRAIS DE ATENCIÓN Á CRONICIDADE</b> que apoien aos servizos de atención primaria, especialmente nas zonas rurais.

10	<b>REFORZAREMOS O PAPEL DAS MATRONAS DE ATENCIÓN PRIMARIA NA PREPARACIÓN AO PARTO, LACTANCIA E POSTPARTO</b> , con actuacións específicas para mellorar a información sanitaria que reciben as mulleres durante estas etapas.
11	<b>CONSTRUIREMOS NOVOS CENTROS DE SAÚDE e COMPLETAREMOS A DOTACIÓN DE NOVO EQUIPAMENTO TECNOLÓXICO e INFRAESTRUTURAS.</b>
12	Iniciaremos un <b>PROGRAMA DE ATENCIÓN Á SAÚDE MENSTRUAL</b> liderado polas matronas de atención primaria e polos centros de orientación familiar do Sergas, que axude á diagnose precoz de enfermidades como a <b>endometriose</b> ou a <b>osteoporose</b> , achegue información sanitaria ás mulleres en etapas de <b>puberdade ou menopausia</b> e organice actividades formativas nos eidos comunitario e educativo que normalicen estes procesos.



Os **centros hospitalarios** do sistema público galego **lideran a innovación** na **atención cirúrxica** e nos **procesos** complexos e **altamente especializados**.

A nosa política é a de dotalos das **mellores infraestruturas, tecnoloxía e profesionais** para que poidan xestionar esta tarefa con axilidade e capacidade de innovación terapéutica.

**NA LEXISLATURA QUE REMATA** a rede hospitalaria pública galega beneficiouse destas políticas con feitos como:

- › Manter, trala pandemia, **a segunda menor espera media de España para unha intervención cirúrxica** e a cuarta menor para unha primeira consulta de especialista.
- › En 2022, o Sergas realizou un **15% máis de intervencións cirúrxicas** das que realizaba en 2008.
- › A ampliación do **sistema de garantías de tempos máximos para 115 patoloxías de especial gravidade**, que beneficiou xa a máis de 300.000 pacientes dentro do sistema público.
- › O **incremento da cobertura da Hospitalización a Domicilio** con máis de 7.000 pacientes ingresados neste servizo en 2022, case un 10% máis que en 2019.
- › A **creación de máis de 3.000 prazas de persoal de atención hospitalaria**, favorecendo así a estabilización do cadro de persoal.
- › A **incorporación de dez equipos de cirurxía robótica** á sanidade pública galega que realizaron xa máis de 3.000 intervencións.
- › A **utilización dos fondos europeos para proxectos de renovación integral do equipamento tecnolóxico** do conxunto dos hospitais galegos: desde os TACs e resonancias ata os equipos de ecografía e os bloques cirúrxicos.

- › **Actuacións na infraestrutura da totalidade de hospitais públicos galegos**, que van desde a construción de novos edificios na Coruña, Ferrol, Ourense, Santiago, Pontevedra, Verín ou A Mariña ata reformas de determinados servizos en Lugo, Cee, Barbanza, Monforte, Salnés, Valdeorras ou Vigo.
- › A política de **reforma integral das unidades de críticos nos hospitais galegos**, consolidando nas reformas de Santiago, Ourense, A Coruña, Ferrol ou Pontevedra o modelo de boxes individualizados presente xa en Lugo ou Vigo.

## NA VINDEIRA LEXISLATURA:

1	<b>REBAIXAREMOS AS LISTAS DE ESPERA</b> para mellorar a nosa posición <b>entre as Comunidades Autónomas coas demoras</b> máis baixas de España.
2	<b>OPTIMIZAREMOS OS TEMPOS DAS CONSULTAS DE ESPECIALIDADES E AS PROBAS E RESULTADOS DO DIAGNÓSTICO POR IMAXE</b> a través da oitava área sanitaria, con profesionais que darán soporte ao persoal dos hospitais e centros de saúde galegos.
3	<b>INICIAREMOS AS SEGUNDAS FASES DA AMPLIACIÓN DE COMPLEXOS HOSPITALARIOS</b> como Ferrol, Pontevedra, A Coruña, Ourense ou A Mariña, así como o Plan Director do Hospital de Monforte e as reformas precisas nos restantes hospitais, como a das urgencias do Álvaro Cunqueiro de Vigo.
4	Incrementaremos a <b>ESTABILIDADE DO PERSOAL DE ENFERMARÍA</b> hospitalaria grazas ás novas prazas creadas.
5	<b>POTENCIAREMOS OS POSTOS DE ENFERMARÍA</b> experta en pacientes críticos e enfermaría de práctica avanzada.
6	<b>ESTENDEREMOS A ROBOTIZACIÓN DA ÁREA CIRÚRXICA</b> , con novos equipos robóticos de cirurxía xeral e de cirurxía ortopédica, levando estes últimos a todas as áreas sanitarias.
7	Avanzaremos na <b>ROBOTIZACIÓN DOS SERVIZOS DE APOIO HOSPITALARIO</b> coa incorporación de novos equipos nas farmacias hospitalarias, os laboratorios de análises clínicas ou os servizos de hematoloxía.
8	<b>INCORPORAREMOS PERSOAL ÓPTICO E OPTOMETRISTA</b> aos servizos de oftalmoloxía da sanidade pública galega.

9	DOTAREMOS DE <b>NOVAS INSTALACIÓNS Á AXENCIA DE DOAZÓN E SANGUE E ÓRGANOS</b> , que permitan que ADOS continúe a ser un centro de referencia a nivel nacional no eido da Hemoterapia e da Terapia Celular.
10	Continuaremos coa <b>RENOVACIÓN DOS EQUIPOS DE ECOGRAFÍA</b> dos servizos sanitarios dos hospitais galegos, despois de completar nesta lexislatura a das áreas de radiodiagnóstico, urxencias e xinecoloxía.
11	Completaremos o <b>PROCESO DE HUMANIZACIÓN DAS ÁREAS ONCOLÓXICAS, HEMATOLÓXICAS e NEONATOLÓXICAS</b> para que os espazos de hospital de día e de espera sexan o máis amables e personalizados posibles con intervencións na estrutura destes espazos, no seu mobiliario e na súa iluminación ou música ambiental.
12	<b>AVANZAREMOS NA POSTA EN MARCHA DUNHA UNIDADE MULTIDISCIPLINAR DE FIBROMIALXIA</b> coa finalidade de que acelere o diagnóstico desta enfermidade e ofrezca unha mellor atención sanitaria a estes enfermos.



A atención á saúde mental é un tema que durante demasiados anos mantívose fóra do debate público, por mor de tabús e estigmas que a sociedade actual ten xa superados. Esa maior demanda social e tamén o impacto que a pandemia tivo na saúde mental dos galegos impulsaron ao Partido Popular de Galicia a promover nestes últimos anos a política máis ambiciosa de saúde mental desenvolvida ata o momento en Galicia.

No ano 2020 o goberno galego aprobou un Plan de Saúde Mental de Galicia poscovid que levou a acadar **NESTA LEXISLATURA** fitos como:

- › A creación de **máis de 240 novas prazas estables de persoal para as unidades de saúde mental** do Servizo Galego de Saúde e a estabilización de 175 correspondentes a psicoloxía clínica, psiquiatría e enfermaría especialistas en saúde mental mediante un concurso de méritos para adxudicalas en propiedade. Isto supuxo aumentar en 10,3 millóns de euros o investimento anual do Sergas en persoal de saúde mental.
- › O **incremento dun 73% ao longo da lexislatura nas prazas formativas** convocadas para as especialidades relacionadas coa saúde mental como psicoloxía clínica, enfermaría especialista ou psiquiatría, garantindo a dotación de especialistas formados para o futuro crecemento dos servizos.
- › A **ampliación a todas ás áreas sanitarias do modelo de unidade de prevención do suicidio** que existía en Ourense. Hoxe existen sete unidades que establecen un tempo de atención non superior a sete días dende a derivación ou de 72 horas no caso de apreciarse un alto risco.

- › A posta en marcha de **hospitais de día de saúde mental para a poboación infantil e xuvenil**. Funcionan xa en seis das sete áreas sanitarias para desenvolver terapias intensivas que eviten os ingresos. Por outra banda, duplicouse a capacidade do Sergas para atender as necesidades de ingresos coa posta en marcha dunha unidade de hospitalización no sur de Galicia.
- › A aprobación dun **novo Protocolo de prevención e actuación nos ámbitos sanitario e educativo ante o risco suicida infanto-xuvenil** e a creación do programa especial Código Agarimo para a atención do risco suicida dentro do sistema Alerta Escolar de 061.

## NA VINDEIRA LEXISLATURA:

ELABORAREMOS UN **NOVO PLAN DE SAÚDE MENTAL DE GALICIA**, consolidando tres niveis: atención primaria, atención ambulatoria e unidades de ingreso, coas seguintes medidas:

1

- a. **Incorporación de PERSOAL DE SAÚDE MENTAL NOS CENTROS DE SAÚDE** para facer máis accesible o tratamento psicolóxico e reducir, deste xeito, o consumo de psicofármacos, así como desenvolver tratamentos de carácter grupal e comunitario.
- b. **LEVAREMOS A CABO PROGRAMAS EN ATENCIÓN PRIMARIA** para prevenir, en estadios temperás, calquera problema relacionado coa saúde mental entre aqueles grupos de poboación máis vulnerables, especialmente adolescentes e maiores que viven sos.
- c. **REFORZAREMOS AS PRAZAS NAS UNIDADES DE SAÚDE MENTAL** para reducir tempos de espera e incrementar o número de prazas deste ingreso na infancia e na adolescencia.
- d. **GARANTIREMOS** que, nos casos denominados alerta 1, os tempos de espera para recibir atención nas **UNIDADES DE SAÚDE MENTAL** sexan mínimos desde a derivación de Atención Primaria.
- e. **CREAREMOS UN MAPA DE RECURSOS DE ATENCIÓN Á SAÚDE MENTAL** para poñer a disposición dos pacientes toda a información sobre os servizos aos que teñen acceso no eido público e nos programas e recursos da rede de entidades sociais que verán aumentado o apoio da administración autonómica.
- f. **INCORPORAREMOS PERSOAL ESPECIALIZADO EN SAÚDE MENTAL NO 061** para poder prestar atención urxente desde a central coordinadora ás 24 horas do día os 365 días do ano.
- g. **REFORZAREMOS** as prazas nas Unidades de Atención a pacientes con **TRASTORNOS DA CONDUTA ALIMENTARIA (TCA)** nas áreas sanitarias onde existan ditas unidades.
- h. **POÑEREMOS EN MARCHA o HOSPITAL DE DÍA INFANTO-XUENIL** pendente (área de Pontevedra) e os **PROGRAMAS** para primeiros episodios de PSICOSE.

1	<p>i. ESTENDEREMOS A <b>COBERTURA ATA OS 18 ANOS</b> dos recursos específicos de saúde mental para a poboación INFANTO-XUVENIL, evitando o paso a unidades de adultos e ampliando o número de prazas de ingreso para infancia e adolescencia.</p> <p>j. ESTENDEREMOS O SERVIZO DE <b>VIVENDAS TUTELADAS PARA PACIENTES CRÓNICOS</b>, especialmente aqueles estabilizados, para favorecer a súa autonomía e inclusión social, potenciando, así mesmo, os programas de INSERCIÓN LABORAL.</p>
2	<p>DESENVOLVEREMOS programas específicos de promoción da saúde mental e de <b>PREVENCIÓN DO SUICIDIO</b> na poboación moza, en colaboración coas redes de centros educativos e xuvenís, consolidando os grupos de apoio tutorizados por persoal sanitario e docente previamente formado na materia.</p>
3	<p><b>REFORZAREMOS OS RECURSOS</b> PARA A ABORDAXE CIENTÍFICA DA PROBLEMÁTICA DO SUICIDIO protocolizando toda a información existente e sistematizando os datos epidemiolóxicos sobre suicidios e tentativas para facilitar a prevención dentro do Observatorio Galego de Saúde Pública.</p>
4	<p>POÑEREMOS en marcha unha <b>REDE AUTONÓMICA DE ATENCIÓN ÁS ADICCIÓNS</b>, dependente do SERGAS, cun enfoque global sobre todos os tipos de adicción, con e sen substancia, na que se integrarán as unidades de atención á drogodependencia actualmente en mans dos concellos.</p>



A investigación sanitaria é un factor moi relevante na política de sanidade dun goberno, pois é a chave dos cambios asistenciais que están por vir.

O **GOBERNO DO PRESIDENTE RUEDA** levou adiante varias iniciativas para ampliar e consolidar os recursos cos que a investigación sanitaria conta en Galicia, deste xeito:

- › **Os fondos para a investigación sanitaria nos orzamentos da Xunta triplicáronse nesta lexislatura**, pasando de estar por debaixo dos 2 millóns de euros ao ano a superar os 6.
- › Ademais, neste ano 2023 a Xunta integrou dentro do sector público autonómico **as tres fundacións públicas de investigación sanitaria galegas**, logo de que os institutos dependentes de todas elas acadasen a acreditación nacional.
- › Galicia foi a **única comunidade autónoma que apostou por consolidar prazas coa categoría profesional de persoal investigador dentro dos procesos extraordinarios de estabilización**.
- › A Xunta iniciou o **Programa Xenoma Galicia** liderado pola Fundación Galega de Medicina Xenómica, co obxectivo de reunir un biobanco de ADN de cidadáns galegos que facilite a realización de estudos de investigación.

## NA VINDEIRA LEXISLATURA:

1	<b>POREMOS EN MARCHA UN SISTEMA DE INFORMACIÓN SOBRE ENSAIOS CLÍNICOS</b> que permita a todos os profesionais e pacientes coñecer a totalidade dos que se están a desenvolver en Galicia co obxecto de poder solicitar, de ser o caso, o seu acceso aos mesmos.
2	<b>PRIORIZAREMOS A INVESTIGACIÓN</b> básica sanitaria, a investigación traslacional en materia de saúde pública e a investigación de patoloxías con perspectiva de xénero.
3	<b>CREAREMOS A CATEGORÍA DE PERSOAL ASISTENCIAL-INVESTIGADOR NO SERGAS</b> para regular a situación dos profesionais que compaxinan ambas dedicacións con vocación de continuidade no tempo e de consolidar liñas ou grupos de investigación.
4	Crearemos un <b>MAPA GALEGO DE INVESTIGADORES EN ATENCIÓN PRIMARIA</b> para dispoñer dun rexistro actualizado e veraz do persoal con vínculo activo neste nivel asistencial que realiza labor investigadora e poder facilitarlles medios e apoio para realizar esta actividade.
5	Promocionaremos a creación de <b>REDES DE COLABORACIÓN MULTIDISCIPLINARES</b> entre os distintos servizos e grupos de investigación de Galicia para achegar coñecemento para desenvolver proxectos comúns.
6	Reforzaremos a <b>COLABORACIÓN DOS TRES INSTITUTOS DE INVESTIGACIÓN SANITARIA PÚBLICOS CO SECTOR BIOTECNOLÓXICO DE GALICIA</b> , a través dos correspondentes convenios, poñendo a disposición deste tecido todo o seu potencial investigador e toda a capacidade clínica dos nosos centros sanitarios.



## MAIORES E DEPENDENCIA

O noso obxectivo é que todas as persoas poidan gozar dunha vida feliz e plena, desde o berce ata a senectude. Facerse maior non debe implicar en ningún caso deixar de desfrutar, trátase dunha nova etapa que aqueles que nolo deron todo merecen vivir plenamente. Por suposto, somos conscientes de que co **envellecemento** poden chegar novas **necesidades ou mesmo situacións de dependencia**. Por este motivo, traballamos nunha dobre vertente: o **envellecemento activo**—para prever situacións de dependencia—e a posta á disposición dos **mellores servizos e prestacións** para que as persoas que o necesitan reciban os mellores coidados.

Nos últimos anos:

- › Puxemos en marcha programas de lecer e benestar que tiveron unha gran acollida: programas como o de **Benestar en balnearios**, o de **Coidados Porta a Porta**, o recente **Carné +65** ou o novo **Programa de Viaxes** nacionais e internacionais da Xunta.
- › Ademais, e logo do reto que supuxo a pandemia da covid-19, Galicia foi pioneira co deseño dun modelo de coidados e de residencias renovado e máis humano, e tamén coa creación de dous centros de coidados intermedios que pronto verán a luz.
- › Por suposto, desde 2009 incrementamos e estendemos os recursos por toda a Comunidade: multiplicamos as prazas públicas —e 5.500 a máis de 15.000—, puxemos en marcha casas do maior por todo o rural galego e recentemente impulsamos a creación de **dez residencias públicas**: a de Cerdedo-Cotobade, as **sete financiadas pola Fundación Amancio Ortega** nas grandes cidades —das cales dúas xa están rematadas— e as de Ribeira e Antas de Ulla.
- › E ao igual que xa fixemos coa educación infantil, estamos a avanzar cara á **universalización dos coidados**, e xa demos os primeiros pasos coa ampliación e extensión do bono de coidado no fogar e o reforzo do bono para residencia.

## NA VINDEIRA LEGISLATURA:

1	<b>REFORZAREMOS OS EQUIPOS DE VALORACIÓN DE DEPENDENCIA PARA REDUCIR TEMPOS DE ESPERA.</b> Nos últimos anos reforzamos os equipos de valoración para que as persoas con dependencia non teñan que agardar tanto polo recoñecemento da súa situación e a conseguinte asignación dun servizo ou prestación. Seguiremos mellorando neste eido, ampliando persoal e dotando a estes recursos dunha maior asignación orzamentaria.
2	<b>SEGUIREMOS INCREMENTANDO AS PRAZAS PÚBLICAS DE ATENCIÓN RESIDENCIAL A PERSOAS MAIORES e as prestacións públicas</b> para acudir á residencia que prefira o usuario e a súa familia.
3	<b>ESTENDEREMOS O NOVO MODELO DE COIDADOS POR TODA GALICIA,</b> no que a nosa comunidade está a ser pioneira e que xa comeza a ser unha realidade nos centros residenciais da rede pública autonómica.
4	<b>PROMOVEREMOS AS VIVENDAS COLABORATIVAS</b> (cohousing), apoiando a súa posta en marcha por todo o territorio, con servizos compartidos que promovan a autonomía persoal das persoas maiores.
5	<b>INCREMENTAREMOS O BONO COIDADADO NO FOGAR PARA DEPENDENTES MENORES DE 25 ANOS.</b> O Goberno galego fixo un especial esforzo con este novo bono que agora quere aumentar para aquelas persoas que atendan nos seus domicilios a menores de 25 anos con grandes necesidades.



6	<b>IMPULSAREMOS A CREACIÓN DE NOVOS CENTROS DE COIDADOS INTERMEDIOS.</b> Trátase de recursos que permiten unha completa recuperación aos maiores, logo de pasar un tempo no hospital e antes de regresar ao seu fogar.
7	<b>ESTENDEREMOS O CARNÉ +65,</b> de xeito que se incrementen o número e a variedade de descontos, vantaxes e establecementos adheridos.
8	<b>POÑEREMOS EN MARCHA A ESTRATEXIA CONTRA A SOIDADE NON DESEXADA</b> para garantir o benestar dos maiores.
9	<b>CREAREMOS UNHA REDE DE PEQUENOS COMERCIOS E LOCAIS DE HOSTALARÍA QUE ALERTEN DE SITUACIÓNS DE SOIDADE NON DESEXADA</b> entre os nosos maiores.
10	<b>POÑEREMOS EN MARCHA MEDIDAS DE LOITA CONTRA A DISCRIMINACIÓN POR IDADE (idadismo)</b> e potenciar a interxeracionalidade en todos os eidos da sociedade.
11	<b>ELABORAREMOS O ESTATUTO DO MAIOR.</b> Crearemos un comité asesor de maiores e elaboraremos o primeiro estatuto de dereitos e garantías do maior. Deste xeito, blindaremos a súa participación e correcta atención en todos os eidos da sociedade.
12	<b>AMPLIAREMOS O PROGRAMA DE ACTIVIDADES</b> das que dispoñen as persoas maiores usuarias dos <b>CENTROS SOCIOCOMUNITARIOS PÚBLICOS AUTONÓMICOS.</b>

## **ATENCIÓN Á DISCAPACIDADE**

Nos últimos 14 anos, **a atención á discapacidade en Galicia experimentou un impulso histórico**, que se traduce en feitos palpables. As persoas con discapacidade en Galicia contan cun **sistema de atención e coidados que abrangue cada etapa das súas vidas**, desde que nacen ata que son maiores.

Desde o 2009 demos grandes pasos pola autonomía das persoas con discapacidade:

- › **Estendendo o servizo de atención temperá** para nenos con problemas no seu desenvolvemento (aumentando o seu alcance de 14 a 200 concellos);
- › **Garantindo unha ensinanza en igualdade** -máis do 90% do alumnado galego con necesidades especiais está escolarizado en centros ordinarios- e **favorecendo a inserción laboral**;
- › **E mellorando a accesibilidade** tanto na mobilidade coma no acceso a servizos.

Para as persoas con discapacidade que precisan de atención diúrna ou residencial, nos últimos anos **incrementamos nun 25% as prazas** de atención, ata superar as 5.300, e **impulsamos o concerto social**, unha demanda histórica das entidades sociais que blinda a súa estabilidade e incrementa considerablemente o financiamento destinado ás prazas.

## NA VINDEIRA LEXISLATURA, DEBEMOS SEGUIR REFORZANDO E AFIANZANDO TODOS ESTES LOGROS FROITO DAS POLÍTICAS APLICADAS POLO PPDEG:

1	<b>REFORZAREMOS OS EQUIPOS DE VALORACIÓN DE DISCAPACIDADE</b> para reducir os tempos de agarda para o seu recoñecemento.
2	<b>SEGUIREMOS APOIANDO ÁS FAMILIAS CON NENOS CON DISCAPACIDADE</b> desde os primeiros momentos.
3	<b>PRESTAREMOS UNHA COBERTURA TOTAL EN GALICIA DE ATENCIÓN TEMPERÁ</b> para todos os concellos. Deste xeito os nenos con 0 a 6 anos con problemas no desenvolvemento ou risco de padecerlos poderán contar cun servizo preto de onde viven.
4	<b>POÑEREMOS EN MARCHA E ESTENDEREMOS A TODA GALICIA A ATENCIÓN POSTEMPERÁ.</b> A partir dos 6 anos, os nenos aínda están en pleno desenvolvemento e calquera terapia que reciban seguirá sendo moi beneficiosa para o seu crecemento.
5	<b>CREAREMOS UN PROGRAMA DE EMANCIPACIÓN PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE, CON AXUDAS ECONÓMICAS E ACOMPAÑAMENTO.</b> Ofreceremos un recurso de orientación, asesoramento e axuda á hora de alugar unha vivenda, formalizar unha hipoteca ou pedir un préstamo, realizar trámites xurídicos ou xestións cotiás, como contratar un servizo telefónico ou interpretar unha factura da luz.
6	<b>COMPATIBILIZAREMOS A ATENCIÓN OCUPACIONAL E A INSERCIÓN LABORAL DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE,</b> apostando por un sistema mixto que permita que as persoas con discapacidade poidan compaxinar a terapia ocupacional que reciben nos centros co acceso ao mercado laboral.
7	<b>POÑEREMOS EN MARCHA UN CERTAME DE TALENTO PARA AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE,</b> que inclúa varias disciplinas artísticas.



## IGUALDADE

O Partido Popular de Galicia **leva no seu ADN o compromiso coa igualdade de mulleres e homes, impulsando notables avances** a través dun marco lexislativo axeitado e promovendo políticas, iniciativas e investimentos dirixidos a alcanzar unha sociedade igualitaria.

Hoxe en Galicia hai **máis de 520.000 mulleres traballando e afiliadas á Seguridade Social, son case 60.000 máis que cando chegamos ao Goberno en 2009, e a fenda salarial reduciuse en máis de seis puntos**. Así mesmo, a taxa de paro feminina é dun 10,2% na nosa comunidade, mentres que no conxunto de España sitúase nun 13,6%.

Neste sentido, cabe destacar que **o orzamento, en materia de igualdade, pasou dos 12,2M€ en 2009 aos 27M€ para 2024**, o que representa duplicar os recursos para romper con estereotipos e fomentar a presenza das mulleres a todos os niveis.

A dedicación e o traballo constante do Goberno galego en favor da igualdade logrou **fitos importantes nos ÚLTIMOS ANOS** como:

- › **Reforzamos o COMPROMISO COA IGUALDADE** coa aprobación do **VIII Plan Estratéxico de Galicia de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027**, que consolida os logros producidos ata hoxe e dá resposta ás novas realidades e necesidades actuais das mulleres.
- › **Aprobamos a LEI DE IGUALDADE EFECTIVA DE HOMES E MULLERES**, pola que **Galicia volve a ser pioneira cunha norma que blinda os dereitos das mulleres** en ámbitos como o laboral, a ciencia, o deporte ou o cultural, así como o compromiso co benestar integral da muller e o seu apoderamento na sociedade.
- › **Mantemos, consolidamos e ampliamos os CENTROS DE INFORMACIÓN Á MULLER (CIM)** no territorio galego como un recurso integral de atención ás mulleres e axentes dinamizadores da igualdade entre homes e mulleres no ámbito local. Na actualidade hai 84 centros, cun apoio económico de máis de 47M€ dende o 2009.
- › **Aprobamos a Lei para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación e puxemos en marcha políticas para impulsar a PRESENZA DAS MULLERES EN PROFESIÓNS E SECTORES SEN ESTEREOTIPOS** como o programa educativo **Ti Elixes**, o **III Programa Galego de Muller e Ciencia** ou as subvencións dirixidas á contratación de mulleres en sectores masculinizados.
- › **Creamos e apoiamos economicamente aos GABINETES DE IGUALDADE das confederacións de empresarios e os sindicatos** para desenvolver accións directas na procura da igualdade de oportunidades no ámbito laboral e a eliminación da fenda de xénero.
- › **Desenvolvemos unha PLATAFORMA DE TELEFORMACIÓN propia para que empresas e axentes sociais poidan dispoñer dos coñecementos necesarios para fomentar un cambio de actitudes** e aplicar eficientemente o principio de igualdade no exercicio empresarial e profesional. Trátase da primeira dunha comunidade autónoma e xa ten emitido máis de 5.600 certificados formativos desde a súa creación no ano 2021.

- › **Fomentamos o EMPRENDEMENTO FEMININO**, apoiando a máis de 1.500 mulleres a través do **programa Emega** con máis de 23M€.
- › **Afianzamos as políticas específicas de FOMENTO da VIDA LABORAL E FAMILIAR**, implantando a gratuidade das escolas infantís e desenvolvendo o **II Plan Galego de Benestar Laboral, Conciliación e Corresponsabilidade 2022-2025** que se dota dun orzamento de máis de 1.100M€, en torno a cinco áreas estratéxicas: sensibilización, coeducación, benestar laboral, xestión dos tempos e apoio ás familias.

## NA VINDEIRA LEXISLATURA:

1	<b>AMPLIAREMOS A CARTEIRA DE SERVIZOS DOS CENTROS DE INFORMACIÓN Á MULLER</b> , incorporaremos novos perfís profesionais e <b>intensificaremos o apoio</b> que se lles presta para mellorar a atención e dar resposta as novas necesidades.
2	<b>APROBAREMOS A ESTRATEXIA para o impulso do EMPREGO FEMININO DE ALTO VALOR ENGADIDO</b> co fin de aglutinar e reforzar todas as medidas que se levan a cabo en Galicia en favor dunha igualdade efectiva entre mulleres e homes, fundamentalmente nos ámbitos masculinizados como o científico, tecnolóxico e industrial, con medidas que incentiven a sensibilización, formación e contratación.
3	<b>COLABORAREMOS CO TECIDO EMPRESARIAL NO FOMENTO DO ASCENSO DE MULLERES en postos de directivos e de decisión</b> , a través dunha nova axuda económica ás empresas.
4	<b>REFORZAREMOS E AMPLIAREMOS A FORMACIÓN ESPECÍFICA EN IGUALDADE LABORAL</b> , de acordo co previsto na nova Lei de Igualdade, mediante a plataforma de teleformación da Xunta de Galicia.
5	<b>APROBAREMOS O ESTATUTO DA MULLER RURAL e O ESTATUTO DA MULLER DO MAR</b> poñendo en valor o seu papel nestes dous ámbitos e garantindo os seus dereitos específicos, en desenvolvemento da nova Lei de Igualdade.
6	<b>INCREMENTAREMOS AS AXUDAS PARA O ACCESO DAS MULLERES Á ACTIVIDADE AGRARIA E Á TITULARIDADE DAS EXPLOTACIÓNS AGROPECUARIAS</b> , co que aumentaremos as posibilidades do relevo xeracional á súa fronte, con axudas á sucesión do Banco de explotacións.
7	<b>FOMENTAREMOS A FLEXIBILIDADE LABORAL</b> con apoio a medidas que fomenten o teletraballo, horarios flexibles ou a posta en marcha de servizos que afonden na conciliación familiar.

8	<b>POÑEREMOS EN MARCHA AXUDAS PARA A OBTENCIÓN DE PERMISOS DE CONDUCCIÓN</b> a mulleres desempregadas maiores de 45 anos que vivan no rural, co fin de fomentar a súa empregabilidade.
9	INTENSIFICAREMOS o desenvolvemento de accións de información, prevención e sensibilización en materia de <b>VIOLENCIA SEXUAL E TRATA CON FINS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL</b> , acompañado de axudas para persoas en situación de explotación sexual, vinculadas á inmigración e/ou vítimas de trata, ofrecendo un servizo de <b>ACOLLEMENTO INMEDIATO</b> en vivendas de seguridade e dispositivos de acollida, onde recuperen a súa liberdade e dignidade.
10	Iniciaremos un <b>PROGRAMA DE ATENCIÓN Á SAÚDE MENSTRUAL</b> liderado polas matronas de atención primaria e polos centros de orientación familiar do Sergas, que achegue información sanitaria ás mulleres en etapas de puberdade ou menopausia e organice actividades formativas nos eidos comunitario e educativo que normalicen estes procesos.
11	<b>CREAREMOS O PREMIO MULLER EMPRENDEDORA</b> , para visualizar e consolidar o talento feminino, e ofreceremos <b>apoio e titoría a través da rede de polos de emprendemento</b> .



## VIOLENCIA DE XÉNERO

A violencia de xénero é o ataque máis flagrante contra a dignidade, a igualdade e os dereitos fundamentais da muller, como son a vida e a liberdade. Por iso, o **Partido Popular de Galicia rexeita sempre con rotundidade a violencia machista.**

**As vítimas da violencia de xénero contan en Galicia cun amplo abano de apoios e medidas de protección.** Os recursos a súa disposición van desde asistencia xurídica, asesoramento psicolóxico e acollemento, ata axudas para garantir a súa independencia económica, o apoio aos seus fillos orfos e medidas de inserción laboral, coa finalidade de ofrecer un acompañamento integral.

**Galicia tamén é un referente no impulso de iniciativas normativas en apoio ás mulleres vítimas** como a lexislación en materia de violencia dixital e violencia vicaria, aspectos non regulados polo Goberno central. Por outra banda, estase a reforzar a prevención e a sensibilización, sobre todo da poboación moza.

A pesares dos avances, **temos que seguir traballando para alcanzar o obxectivo de erradicación da violencia de xénero.** Por iso, os recursos destinados en 2024 á loita contra esta lacra increméntanse nun 70% con respecto ao 2009, ata acadar os 23,5M€.

**Durante ESTES ANOS**, as políticas levadas a cabo pola Xunta de Galicia supuxeron:

- › **SER PIONEIROS NA LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO**, anticipándonos na aprobación de normas de protección das vítimas e coa **atención de preto de 78.000 mulleres en situación de vulnerabilidade** desde o ano 2009.
- › **DAR APOIO ÁS VÍTIMAS A TRAVÉS DUNHA REDE DE ACOLLEMENTO** integrada por casas de acollida e vivendas tuteladas, poñendo á súa disposición apoio psicolóxico, xurídico e residencial.
- › **POSICIONARNOS COMO A ÚNICA COMUNIDADE AUTÓNOMA QUE PON A DISPOSICIÓN DAS VÍTIMAS UNHA AXUDA ECONÓMICA mensual e ininterrompida todo o ano, que chega ata os 800 euros mensuais.**
- › **Aprobar o I PLAN GALEGO CONTRA A TRATA DE SERES HUMANOS CON FINS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL 2022-2024**, con políticas para mellorar a sensibilización e os procesos de detección e protección das vítimas e consolidando os recursos para dar unha atención integral ás mulleres e aos nenos e nenas que sofren esta lacra.
- › En materia de **ASISTENCIA XURÍDICA GRATUÍTA**, Galicia, ademais de incorporar ás **VÍTIMAS DE VIOLENCIA SOBRE A MULLER** é pioneira na inclusión das **VÍTIMAS DE DELITOS CONTRA A LIBERDADE SEXUAL** e das **VÍTIMAS MENORES DE IDADE**.

## NA VINDEIRA LEXISLATURA:

1	<b>ACTUALIZAREMOS O PACTO GALEGO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO</b> participado polos grupos que forman parte do Parlamento de Galicia.
2	<b>APROBAREMOS UNHA LEI ESPECÍFICA E INTEGRAL CONTRA A VIOLENCIA DIXITAL.</b>
3	<b>INCREMENTAREMOS A REDE DE VIVENDAS DE ACOLLEMENTO ÁS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO</b> na xeografía galega e impulsaremos a súa reforma e modernización.
4	<b>AXILIZAREMOS A AXUDA MENSUAL PERIÓDICA PARA VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO</b> para garantir a súa independencia económica.
5	<b>IMPLANTAREMOS UN PROXECTO PARA A ATENCIÓN ESPECIALIZADA ÁS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO</b> especialmente vulnerables (maiores de 65 anos, mulleres con discapacidade, familias monoparentais, etc.).
6	<b>POÑEREMOS EN FUNCIONAMENTO CENTROS DE INFORMACIÓN Á MULLER MÓBILES</b> para prestar atención especial no medio rural que identifiquen os posibles casos de violencia de xénero ocultos, así como outras casuísticas que afecten a mulleres que residen lonxe dos centros urbanos.

7	<b>APROBAREMOS UN PROTOCOLO</b> para combater a violencia de xénero entre os <b>menores de idade</b> , incidindo especialmente nos dispositivos dixitais.
8	Desenvolveremos <b>CAMPAÑAS DE SENSIBILIZACIÓN CONTRA O ACOSO DIXITAL</b> e <b>ELABORAREMOS GUÍAS</b> para o tratamento e abordaxe destas condutas.
9	Realizaremos protocolos de actuación e <b>COORDINACIÓN SANITARIA, FORENSE E XUDICIAL NOS DELITOS CONTRA A LIBERDADE SEXUAL</b> , que permitan unha actuación precoz de calidade e estandarizada na recollida e posterior análise dos vestixios biolóxicos.
10	<b>IMPULSAREMOS a FORMACIÓN ESPECÍFICA E TRANSVERSAL do persoal ao servizo da Administración de Xustiza en Galicia</b> , para garantir unha atención profesional e individualizada de todas as vítimas, con atención especial aos colectivos especialmente vulnerables.
11	EN COORDINACIÓN COS OPERADORES XURÍDICOS E CORPOS AUXILIARES DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA, APROBAREMOS NOVOS PROTOCOLOS E INSTRUMENTOS de actuación conxunta con diferentes organizacións e colectivos co obxectivo de <b>EVITAR A REVITIMIZACIÓN DAS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO</b> .
12	Continuaremos coa <b>FORMACIÓN E ESPECIALIZACIÓN DOS AVOGADOS E PROCURADORES</b> integrantes na quenda de oficio en materia de violencia sobre a muller, delitos de odio e contra o colectivo LGTBI, en coordinación cos colexios profesionais de Galicia.



## LGTBI

Defendemos unha sociedade diversa na que todas as persoas teñan garantidos os seus dereitos, independentemente do seu sexo, a súa identidade ou a súa orientación sexual.

Deste xeito, **traballar para que cada persoa poida desenvolver o seu proxecto vital sen sufrir discriminación de ningún tipo é unha prioridade para o Partido Popular de Galicia**, que destinou cada vez máis recursos.

Neste ámbito, a acción do Goberno do PPdeG **NESTES ANOS** posibilitou que a Comunidade Autónoma de Galicia fose pioneira en:

- › Dispoñer dunha **LEI** propia que **CONSOLIDA o PRINCIPIO de IGUALDADE en persoas LGTBI**, mantendo un forte compromiso e colaboración co colectivo para ofrecer un apoio adecuado ás persoas que sofren discriminación por razón de orientación sexual.

- › Crear un **OBSERVATORIO CONTRA A DISCRIMINACIÓN POR ORIENTACIÓN SEXUAL E IDENTIDADE DE XÉNERO** como foro de diálogo permanente co movemento asociativo e contribuír á promoción da igualdade real e efectiva das persoas LGTBI e ao coñecemento da realidade na diversidade de orientación sexual e de identidade de xénero.
- › Poñer en funcionamento o **SERVIZO TELEFÓNICO GRATUÍTO E CONFIDENCIAL 028 “ARCO DA VELLA”** de información, asesoramento e atención inmediata fronte á violencia por LGTBIFOBIA.
- › Ofrecer **FORMACIÓN PARA O PERSOAL DOS CIM de Galicia para unha mellor atención ás persoas LGTBI** e para a prevención da LGTBIFOBIA. As consultas atendidas ao colectivo LGTBI alcanzaron dende o 2016 máis de 140 persoas a través dos CIM.
- › En materia de atención ás vítimas do colectivo LGTBI, ter avanzado co ofrecemento de **FORMACIÓN ESPECIALIZADA PARA TODO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA EN GALICIA** e coa aprobación de instrumentos de coordinación de actuacións.

## NA VINDEIRA LEGISLATURA:

1	<b>APROBAREMOS UN PLAN GALEGO para a igualdade de trato e non discriminación das persoas LGTBI</b> , e así seguir avanzando na integración e o pleno desfrute dos dereitos e liberdades deste colectivo, adaptándonos <b>á realidade actual para reforzar as medidas cara unha igualdade real e efectiva.</b>
2	<b>PROMOVEREMOS A PERSONACIÓN DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA</b> como acusación en procedementos de delitos de odio.
3	<b>IMPULSAREMOS PROXECTOS DESTINADOS Á INTEGRACIÓN SOCIAL, A XESTIÓN DA DIVERSIDADE</b> e o fomento da cohesión social, en colaboración coas entidades sen ánimo de lucro.
4	<b>POTENCIAREMOS A FORMACIÓN AO PERSOAL</b> , tanto do ámbito das Administracións Públicas como das entidades privadas, para a prevención da LGTBIFOBIA.
5	<b>ELABORAREMOS NOVAS CAMPAÑAS DE SENSIBILIZACIÓN PARA FAVORECER A INTEGRACIÓN DAS PERSOAS LGTBI NO EIDO LABORAL.</b>
6	<b>ABORDAREMOS ESTUDOS SOBRE A LGTBIFOBIA</b> que teñan como obxectivo analizar e avaliar recursos e procedementos coa finalidade de avanzar na igualdade deste colectivo.





# INCLUSIÓN SOCIAL E LOITA CONTRA A POBREZA

Queremos apoiar a todos os galegos en cada unha das súas etapas vitais, especialmente naqueles momentos de **dificultade económica**, nos que precisan un apoio para levantarse e seguir adiante. O noso obxectivo é que todas as persoas poidan desenvolver o seu **proxecto vital libremente**, e por iso tratamos de **facilitar recursos útiles** nos momentos difíciles: servizos que permitan retomar as rendas e levar unha vida plena.

Ante a suba xeral dos prezos, a Xunta elevou nos últimos anos as **axudas directas** ás persoas que se atopan en **situación ou risco de exclusión social**:

- › A contía da Renda de inclusión social de Galicia (RISGA);
- › As Axudas de Inclusión Social (AIS) para a compra de comida, de roupa, o pago da vivenda ou produtos de farmacia;
- › E o complemento autonómico ás Pensións Non Contributivas (PNC), para aqueles galegos cas pensións máis baixas.


Tamén incrementamos notablemente as achegas aos concellos para o financiamento dos servizos sociais municipais e ás entidades sociais, en contacto permanente con quen máis o necesita.

Ademais destas medidas, o Goberno galego aprobou a nova Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2023-2030, para actualizar os retos de futuro inmediato nesta área.

## NA VINDEIRA LEXISLATURA:

1	<b>CREAREMOS UNHA “VENTÁ ÚNICA” PARA A XESTIÓN DAS AXUDAS DE INCLUSIÓN</b> , para que todas as persoas que precisen de apoio nunha situación de vulnerabilidade teñan un interlocutor único.
2	<b>ELABOREMOS A LEI DO TERCEIRO SECTOR DE ACCIÓN SOCIAL DE GALICIA</b> , recoñecendo o labor que realizan as organizacións dentro do Sistema de Servizos Sociais de Galicia.
3	<b>ADAPTAREMOS A LEI DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA, UNHA VEZ SEXA EFECTIVA A TRANSFERENCIA DO INGRESO MÍNIMO VITAL (IMV)</b> , para poder realizar unha xestión integrada do conxunto das prestacións.
4	<b>REFORZAREMOS AS AXUDAS DE INCLUSIÓN SOCIAL E OS PROGRAMAS DE LOITA CONTRA A POBREZA, EN ESPECIAL AQUELES QUE ACTÚAN PARA ERRADICAR A POBREZA INFANTIL.</b>
5	<b>RENOVAREMOS O PLAN DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS SEN FOGAR CO DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS INNOVADORES DE INCLUSIÓN HABITACIONAL</b> que proporcionen un acompañamento máis personalizado.

6	<b>DESEÑAREMOS O PLAN ESTRATÉXICO DE SERVIZOS SOCIAIS DE GALICIA</b> , en función das necesidades sociais presentes e emerxentes e para un período de seis anos.
7	<b>POÑEREMOS EN MARCHA UNHA ESTRATEXIA DE INCLUSIÓN CENTRADA NA POBOACIÓN XITANA.</b>
8	Unha vez impulsadas as modificacións legais precisas, a cada vez máis ampla comunidade islámica residente en Galicia poderá dotarse do primeiro <b>CEMITERIO MUSULMÁN</b> , coa finalidade de que poidan realizar os enterramentos de acordo cos ritos da súa relixión e costumes.
9	Poñeremos en marcha un <b>SERVIZO DE ASESORAMENTO E TUTELA</b> das distintas <b>COMUNIDADES INMIGRANTES</b> constituídas formalmente en Galicia.



## **PROMOCIÓN DO RETORNO, APOIO Á GALICIA RESIDENTE NO EXTERIOR**

“Sen o relato da diáspora, a historia de Galicia estaría mancada”. Estas palabras de Xosé Neira Vilas, unha das principais voces literarias da emigración galega, resumen unha parte fundamental do relato da nosa terra, aquel que comprende as historias persoais, familiares e humanas de todos aqueles galegos e galegas que un día tiveron que partir, facendo da emigración un proceso esencial para comprender a historia de Galicia.

As tornas cambiaron e na actualidade podemos afirmar que, se os séculos XIX e XX foron de emigración, o século XXI está sendo o do retorno. A Galicia que emigraba é hoxe unha Galicia que retorna.

Neste marco, o PPdeG estableceu como un dos seus grandes obxectivos, elevándoo a política de país, o coidado e protección dos seus emigrantes e das entidades que os agrupan, así como favorecer de forma decidida o retorno.

Facemos todo isto porque Galicia ten unha débeda histórica cos galegos que tiveron que saír e co seu esforzo axudaron a construír o país que hoxe desfrutamos, pero tamén porque recoñecemos que o seguen a facer, tanto se deciden seguir no lugar que os acolleu, como se deciden retornar a esta Galicia que os espera cos brazos abertos.

O PPdeG ten feito que Galicia sexa a Comunidade Autónoma que máis recursos e programas destina á emigración e ao retorno, máis incluso que o propio Estado, se a axudas de carácter non periódico nos referimos.

## **NESTA LEXISLATURA QUE REMATA,**

- › Superamos os **100.000 beneficiarios de actuacións de carácter social destinadas aos galegos do exterior**, tanto de forma directa, como a través das entidades galegas que os agrupan. Todas estas accións foron reforzadas de maneira especial no período de pandemia.
- › En paralelo, a nosa Comunidade Autónoma seguiu sendo pioneira en España na aplicación de políticas de retorno. No período de vixencia da primeira Estratexia Retorna, non só de Galicia, senón de toda España, **chegaron a Galicia máis de 28.000 persoas integrando unha familia retornada, creáronse as Bolsas Excelencia Mocidade Exterior e a Oficina Integral de Asesoramento e Seguimento ao Retorno** (que está sendo modelo para toda Europa). Estas non son máis que 3 das máis de 60 medidas que se aplicaron.
- › No ano 2023, a Xunta de Galicia presentou a Estratexia Galicia Retorna 23·26, que segue a ser pioneira na súa formulación en toda España, como instrumento capaz de marcar as liñas de traballo de toda unha administración, converténdose nunha das políticas estruturais da nosa Comunidade Autónoma. Cun orzamento de **450 millóns de euros** para 100 medidas, constitúe a mostra máis contundente do compromiso do presidente Rueda coa Galicia do exterior.

## **NA VINDEIRA LEXISLATURA:**

<b>1</b>	<b>CREAREMOS OS INTERCAMBIOS AO ESTRANXEIRO DA MOCIDADE GALEGA.</b> Familias galegas residentes en Galicia e no estranxeiro con fillos mozos, participarán nun intercambio durante unhas semanas para que os máis novos poidan ter contacto coa lingua e cultura galegas.
<b>2</b>	<b>LANZAREMOS AS BOLSAS BEME GRAO.</b> Do mesmo xeito que os galegos que residen no exterior poden obter unha axuda para cursar un mestrado ou formación profesional en Galicia, <b>crearemos unhas bolsas especiais para os mozos que decidan vir estudar un grao nunha universidade galega, no ano da súa chegada a Galicia.</b> Trátase dunha achega especial, para axudar a cubrir os gastos derivados dun desprazamento internacional e facilitar a súa rápida integración na sociedade galega.
<b>3</b>	<b>REFORZAREMOS O PROGRAMA RETORNA CUALIFICA EMPREGO, co obxectivo de incrementar de forma considerable os novos contratos durante a lexislatura.</b> Iniciativa pioneira en España que ten por finalidade a promoción do retorno das persoas galegas residentes no exterior, incrementando a poboación activa con perfís profesionais vacantes.
<b>4</b>	<b>IMPULSAREMOS O PROGRAMA RETORNA EMPRENDEMENTO</b> co obxectivo de apoiar iniciativas emprendedoras de galegas e galegos que residan fóra da nosa comunidade autónoma, con incentivos especiais para as mulleres.

5	<p><b>CREAREMOS A TARXETA GALICIA SAÚDE EXTERIOR, CON CARÁCTER PERMANENTE</b>, para que os galegos residentes no exterior poidan acceder aos servizos sanitarios necesarios durante a súas estancias temporais en Galicia, sen ter que preocuparse da súa renovación en cada unha das viaxes.</p>
6	<p><b>INCREMENTAREMOS AS ACTIVIDADES CULTURAIS DAS DISTINTAS ENTIDADES GALEGAS NO MUNDO:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>› Impartiremos clases de lingua galega para todos os galegos do exterior, incluíndo a posibilidade de examinarse e obter o recoñecemento oficial dos distintos niveis formativos.</li> <li>› Organizaremos importantes eventos culturais nos principais lugares de asentamento de galegos, para crear puntos de encontro entre os galegos dese territorio e tamén con Galicia.</li> </ul>
7	<p><b>POÑEREMOS EN MARCHA CAMPIONATOS DEPORTIVOS INTERNACIONAIS PARA OS GALEGOS RESIDENTES NO EXTERIOR</b>, que servirán, tanto como nexos de unión entre os galegos de cada área xeográfica, como para lograr a súa relación cos que residen noutros países e mesmo continentes.</p>



## BAIXADA DE IMPOSTOS

Galicia conta cun **modelo fiscal propio, responsable e sostible**. Somos unha Comunidade **fiscalmente competitiva**, levamos anos demostrando que é posible **baixar impostos, mellorar os servizos públicos e cadrar as contas** ao mesmo tempo.

Nos últimos anos aplicamos **rebaixas tributarias** que priorizan cada ano ás **rendas medias e baixas**, aos **mozos** menores de 36 anos, as **familias numerosas**, **persoas con discapacidade**, ás **vítimas de violencia de xénero** e a sectores estratéxicos da nosa economía, como o **sector agrario** ( Programa de Impostos Cero no rural).

Nestes **ÚLTIMOS ANOS** exercemos con responsabilidade a nosa autonomía fiscal:

- › No **IRPF** levamos aprobadas **catro rebaixas do tramo autonómico** desde o ano 2014.
  - Galicia é a **3ª Comunidade** Autónoma con **mellor tratamento fiscal para rendas de ata 21.000€**.

- Con efectos retroactivos desde o 1 de xaneiro de 2022, **deflactamos** os tres primeiros tramos do **IRPF** e **minoramos o máis baixo** (do 9,4% ao 9%). Tamén **augmentamos os mínimos persoal e familiar**. Con isto, de media un **contribuínte** galego **pagou** no IRPF do 2022 **-476€ menos que en 2009**.
  - Tamén **equiparamos fiscalmente ás familias de dous fillos coas numerosas**, ás que **se lle duplica a mesma dedución**. Así, na declaración do IRPF do ano 2023 que se fai no 2024 as familias con dous fillos xa poderán deducir 250€, dedución que ata agora tiñan as numerosas de categoría xeral e que agora se lles duplica, ata os 500€ xa que, por cada fillo a maiores, a partir de tres, esta dedución, incrementase noutros 250€.
- › Galicia é a Comunidade Autónoma con mellor tratamento fiscal no **Imposto de Sucesións**.
- O **99,9%** das **herdanzas** dun **familiar directo non tributan**.
  - Desde 2016 houbo máis de **821.000 beneficiarios**. A estes hai que engadirles os máis de 14.100 beneficiarios do mellor tratamento fiscal en herdanzas entre irmáns.
- › No **Imposto de Transmisiós Patrimoniais**,
- Rebaixouse o tipo xeral do 10% ao **9%** no ano **2022**.
  - Agora, neste **2024** o **tipo xeral** sitúase nun **8%**. Co cal unha persoa que merque unha vivenda usada aforrará en 2024 en torno a 1.000€ por cada 100.000€ que invista na súa compra. Tamén se seguirán aplicando **tipos reducidos para os colectivos prioritarios** (desde o 7%, 5%, 3% e ata a supresión en zonas pouco poboadas).
  - Desde o ano 2019 houbo máis de **176.000 beneficiarios**.
  - Por outra banda, neste **2024** rebaixamos nun **60%** (do 8 ao 3%) o Imposto de Transmisiós Patrimoniais para a **compra de vehículos usados**; ao tempo que **eliminamos** este imposto para as compras de **vehículos** cualificados de **baixas emisións** e de **mobilidade persoal**.
  - **reducimos do 8% ao 6% o tipo de gravame na compra de inmobles que vaian ser obxecto de inmediata rehabilitación** e que pasen a ter o uso vivenda habitual ao remate das obras, especialmente **nas zonas pouco poboadas ou áreas rurais, onde o tipo reducido pasou do 6% ao 4%**.
- › Galicia foi pioneira en España en implantar o programa **Impostos Cero no Rural**, que ten como obxectivo **favorecer a mobilidade de terras**, propiciando a súa transmisión ao sector agrario, e facilitar que as explotacións accedan ao solo agrario con menos custe. En definitiva, favorecemos que os galegos poidan vivir no rural e, ademais, vivir do rural.
- As **transmisiós e agrupacións de solo rústico** e as **transmisiós de explotacións agrarias** de carácter prioritario teñen unha **dedución do 100% da súa cota** tributaria.
  - Desde 2016 houbo **máis de 170.000 beneficiarios**.

- › Así mesmo, nas súas relacións coa cidadanía, a Axencia Tributaria de Galicia (**ATRIGA**) implantou unha **canle única telefónica**; atende aos **maiores de 65 anos** con carácter **preferente** respecto do resto de cidadáns, tanto de xeito presencial como telefonicamente; **ampliou os medios de pagamento** de determinados impostos; habilitou a posibilidade de que **calquera imposto poida presentarse de xeito telemático**; e estendeu os **medios de acceso de xeito electrónico** aos servizos da Atriga, a través da Chave365 e da nova modalidade de acceso á OVtributaria, entre outras.

Implantouse en 2021 o pago de taxas e tributos a través da OVT con calquera tarxeta bancaria, en 2022 por xiro postal e en 2023 por Bizum.

## NA VINDEIRA LEXISLATURA CONTINUAREMOS COA POLÍTICA DE REBAIXAS FISCAIS SELECTIVAS QUE PERMITAN AXUDAR A QUEN MAIS O NECESITA E CO FIN DE DINAMIZAR A NOSA ECONOMÍA:

1	<b>CONSOLIDAREMOS AS REBAIXAS IMPULSADAS NO IRPF e no IMPOSTO DE SUCESIÓN</b> S, para que máis do <b>99,9%</b> dos galegos sigan sen pagar nin un euro por unha herdanza dun <b>familiar directo</b> .
2	<b>GARANTIREMOS</b> que os <b>galegos</b> sigan sendo dos que <b>MENOS IMPOSTOS</b> pagan por comprar unha <b>VIVENDA HABITUAL NO RURAL</b> e <b>MANTEREMOS A ELIMINACIÓN DO IMPOSTO DE TRANSMISIÓN PATRIMONIAIS PARA MOZOS, VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO, FAMILIAS NUMEROSAS E PERSOAS CON DISCAPACIDADE</b> que adquiren a súa <b>vivenda habitual</b> nas zonas consideradas <b>POUCO POBOADAS</b> .
3	<b>MODERNIZAREMOS</b> as ferramentas para o funcionamento da <b>AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA (ATRIGA)</b> , a través dun Plan Estratéxico, que facilitarán a <b>simplificación nas súas relacións coa cidadanía e reducirán a litixiosidade</b> .

**FACILITAREMOS AS XESTIÓNS DA CIDADANÍA COA ATRIGA, axilizando os procedementos tributarios e simplificando a linguaxe dos documentos nos que nos diriximos a ela.** Entre outras medidas:

4

- a. Ampliaremos a todas aquelas persoas que o desexen a posibilidade de **elaboración das autoliquidacións** do Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados (ITP) e do Imposto de Sucesións e Doazóns (ISD).
- b. Aumentaremos os medios e formas de atención á cidadanía implantando sistemas como a **videoconferencia e a firma biométrica** dos documentos coa Atriga, fomentando así que se amplíen as canles de comunicación xa existentes presenciais e telefónicas.
- c. Ampliaremos os servizos dispoñibles para realizar a través da **APP da ATRIGA**.
- d. Simplificaremos a **Oficina Virtual Tributaria** (OVT) para facilitar o cumprimento dos modelos de autoliquidación de ISD e ITP coa achega dos menos datos posibles por parte da cidadanía.
- e. Crearemos unha **Delegación dixital de ATRIGA** para información e asistencia á cidadanía, dando as maiores facilidades para aqueles que non desexen desprazarse e realicen as declaracións e trámites en liña.
- f. Seguiremos a **ampliar os medios de pago** mediante a implantación do pago por transferencia e a posibilidade de domiciliar os pagos en entidades non colaboradoras dentro da Zona SEPA.

5

**SEGUIREMOS AVANZANDO NA LOITA CONTRA A FRAUDE FISCAL**, a través da analítica avanzada e Intelixencia Artificial para o control e detección da fraude tributaria.

**A GALICIA QUE  
PROSPERA**





A GALICIA QUE  
**PROSPERA**

# A GALICIA QUE PROSPERA

Queremos unha GALICIA innovadora, que desenvolva todo o seu potencial como Comunidade Autónoma punteira na industria e na empresa e que redefina as súas posibilidades de sostibilidade e produtividade, como pulo económico para unha sociedade que medre e avance.

Queremos unha GALICIA punteira na transferencia de coñecemento, con convocatorias competitivas no eido da investigación que sigan facendo de Galicia un referente en ciencia a nivel internacional e con canles que faciliten unha áxil transformación dos resultados en accións destinadas a mellorar a calidade de vida das persoas e a súa saúde física e mental.

Queremos unha GALICIA á cabeza da tecnoloxía, pero que respecte a nosa contorna, a nosa riqueza natural e a nosa paisaxe. Queremos unha GALICIA contemplada en perspectiva macro, como un gran laboratorio de ideas, pero que non perda a visión micro, idiosincrásica e territorial.

Queremos unha GALICIA do mar, pero tamén do agro, da gandaría, das lonxas e dos portos, dos montes e da madeira. Unha GALICIA que xere emprego, para todos, sen distinción, unha GALICIA que manteña os oficios tradicionais e os conxugue en perfecta simbiose cos nichos de nova creación. Queremos unha GALICIA con actividade económica nas aldeas, nas vilas e nas cidades, no interior e na costa, unha GALICIA que favoreza o emprendemento e facilite o asentamento de negocio.

A GALICIA DE RUEDA está chamada a ser unha GALICIA chea de oportunidades, unha GALICIA que avance sen medo, sen límites.

A GALICIA DE RUEDA, unha GALICIA que medre e que prospere.



# GALICIA: POLO DE ATRACCIÓN DE INDUSTRIA DENTRO DA PENÍNSULA IBÉRICA

Galicia debe constituírse nun referente dentro da península Ibérica en canto á atracción de empresas para o que cómpre potenciar aspectos positivos nos que xa destaca (como a estabilidade socio-política ou o apoio ao sector empresarial), pero tamén incidir na mellora doutros aspectos que condicionan as decisións empresariais e industriais en canto á localización dunha nova iniciativa ou do crecemento das xa existentes.

O obxectivo non é outro que posicionar Galicia desde o punto de vista empresarial pensando no valor engadido do noso territorio: nunha distribución coherente do solo industrial especializado por sectores, impulsando sinerxías entre as diferentes iniciativas empresariais e a optimización dos procesos loxísticos.

Ademais do apoio á implantación de proxectos concretos, para acadar o obxectivo de aumentar a contribución da industria ao PIB, deben deseñarse medidas dirixidas a incrementar a actividade e o emprego nos distintos sectores industriais, tanto os sectores emerxentes, con maior potencial de crecemento, como os sectores máis consolidados, que están a requirir unha adaptación no escenario actual de transición cara a unha economía máis verde, innovadora e dixital.

Neste ámbito, **Galicia xa fixo un importante esforzo por atraer novos proxectos á Comunidade a través dunha tramitación máis áxil e máis eficiente.** Neste empeño por seguir reducindo prazos e captar máis e mellores investimentos, pero mantendo as mesmas garantías xurídicas, técnicas e medioambientais, puxéronse en marcha unha serie de mecanismos como:

- › **Os proxectos industriais estratéxicos (PIE)**, figura excepcional que permite a áxil tramitación de iniciativas industriais con especial repercusión no tecido industrial de Galicia.
- › **As iniciativas empresariais prioritarias (IEP)**, figura á que se podían acoller proxectos de tamaño menor que os proxectos industriais estratéxicos, e que permitían a redución de prazos nas súas tramitacións administrativas.
- › **O impulso da cadea de valor industrial asociada a novas tecnoloxías nas que a industria galega pode ter un papel clave no futuro**, como a fabricación de compoñentes para a enerxía eólica mariña ou a produción de hidróxeno verde.

## NA VINDEIRA LEXISLATURA DENDE O PPDEG:

1	<b>DESENVOLVEREMOS UNHA ESTRATEXIA DE POLÍTICA INDUSTRIAL INTEGRADA, RESPONSABLE, COMPROMETIDA E DIRIXIDA A APROVEITAR A OPORTUNIDADE HISTÓRICA NA QUE SE ATOPA GALICIA E NA QUE FAGAMOS UN APROVEITAMENTO SOSTIBLE DOS NOSOS RECURSOS NATURAIS.</b> O modelo que queremos para Galicia é compartido e inclusivo, no que participen todos os axentes do ecosistema industrial: as empresas, as Administracións públicas, as persoas traballadoras, as universidades, os centros de investigación ou os centros tecnolóxicos.
2	<b>IMPULSAREMOS UNHA INDUSTRIA DE ALTO NIVEL TECNOLÓXICO E INNOVADOR, CAPAZ DE ATRAER TALENTO, DE CREAR RIQUEZA E DE GARANTIR O BENESTAR SOCIAL.</b> Fomentaremos a execución de proxectos de investimento industrial por parte das empresas, incrementando o seu nivel de competitividade en colaboración cos axentes científicos e tecnolóxicos.
3	<b>APROBAREMOS PLANS DIRECTORES DE IMPULSO DOS SECTORES INDUSTRIAIS ESTRATÉXICOS EN GALICIA.</b> Estes plans directores terán como finalidade afianzar e incrementar o peso de cada un dos sectores na industria galega e, polo tanto, na economía da nosa comunidade. Na súa elaboración utilizaranse instrumentos como o <b>Mapa Industrial de Galicia</b> , que incluírá información sobre a implantación actual dos distintos sectores.
4	<b>PARA O SECTOR DA AUTOMOCIÓN, APROBAREMOS E DESENVOLVEREMOS UN PLAN DIRECTOR ESPECÍFICO,</b> dirixido a garantir a competitividade das nosas empresas nos vindeiros anos, facilitando as adaptacións ao novo escenario de transición cara á mobilidade eléctrica e garantindo a formación do persoal que require o sector.
5	<b>DESENVOLVEREMOS UN PLAN DIRECTOR DO SECTOR NAVAL,</b> dirixido a fortalecer a súa cadea de valor, impulsando a diversificación sectorial, a achega de maior valor engadido aos seus produtos, e as medidas que favorezan a súa transformación dixital.
6	<b>DESENVOLVEREMOS O PLAN AUTONÓMICO DE IMPULSO E ACELERACIÓN DE PROXECTOS INDUSTRIAIS,</b> co obxectivo de reducir a burocracia e adiantar os prazos de implantación ou ampliación das industrias e a creación de emprego, acompañando e colaborando coas persoas investidoras desde o inicio do proxecto ata a súa posta en marcha.

7	<p><b>FACILITAREMOS A IMPLANTACIÓN DE PROXECTOS INDUSTRIAIS ESTRATÉXICOS</b>, co obxectivo de impulsar os proxectos que, polo seu investimento e xeración de emprego, constitúan verdadeiros motores da economía da zona na que se implantan, entre outros:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>› O proxecto de fibras téxtiles sostibles en Palas de Rei.</li> <li>› A planta de produción de metanol verde en Mugar dos.</li> <li>› A planta de produción de hidróxeno verde en As Pontes.</li> <li>› A planta de biofibra reciclada branqueada en As Pontes.</li> </ul>
8	<p><b>INCLUIREMOS PLANS DE ACCIÓN DIRIXIDOS Á CUALIFICACIÓN DE PROFESIONAIS</b> co fin de revertir a situación actual de falta de profesionais que afecta a algúns dos perfís de persoas traballadoras que require a industria.</p>
9	<p><b>CONCEDEREMOS AXUDAS PARA AS INFRAESTRUTURAS DE CONEXIÓN Á REDE ELÉCTRICA EXISTENTE</b> para incentivar a realización de proxectos industriais estratéxicos en Galicia, e reclamaremos ao Goberno de España a modificación da planificación eléctrica (2021-2026) e aprobación dun marco de subministración eléctrica, estable e predicible para a industria (especialmente a electrointensiva e a gasintensiva) poidan desenvolver as súas actuacións.</p>
10	<p><b>IMPULSAREMOS OS NOVOS EMPRENDEMENTOS INDUSTRIAIS A TRAVÉS DUNHA ESTRATEXIA DE DINAMIZACIÓN E CONSOLIDACIÓN DA REDE DE VIVEIROS INDUSTRIAIS.</b></p>
11	<p><b>MELLORAREMOS A SEGURIDADE INDUSTRIAL EN GALICIA</b> co fin de previr os accidentes e limitar os riscos de danos persoais e materiais no caso de que se produzan, mellorando así a seguridade das empresas, das persoas traballadoras e da poboación en xeral.</p>
12	<p><b>IMPULSAREMOS A COLABORACIÓN PÚBLICO-PRIVADA EN MATERIA DE SEGURIDADE INDUSTRIAL A TRAVÉS DO CONSELLO GALEGO DE SEGURIDADE INDUSTRIAL</b>, como órgano colexiado que busca dialogar, impulsar e coordinar os criterios e as actuacións en materia de seguridade industrial, mellorando así a interlocución entre os distintos axentes que participan nas actividades deste eido.</p>
13	<p><b>IMPULSAREMOS AS OPORTUNIDADES QUE OFRECEN OS NOVOS SECTORES EMERXENTES</b> para a formación de novas cadeas de valor, aproveitando a cualificación e experiencia dos axentes que forman parte do tecido produtivo de Galicia.</p>
14	<p><b>APOIAREMOS A CAPTACIÓN E XESTIÓN DOS FONDOS EUROPEOS PARA A INDUSTRIA GALEGA</b>, co fin de aproveitar a oportunidade para o noso tecido produtivo.</p>

15	<b>MELLORAREMOS AS CONDICIÓNS DE ACCESO AO SOLO PÚBLICO INDUSTRIAL</b> , mediante o establecemento de dereitos de superficie en condicións vantaxosas.
16	<b>PROMOVEREMOS A MELLORA E MANTEMENTO DOS PARQUES EMPRESARIAIS</b> da comunidade, con liñas de axuda que permitan modernizar as súas infraestruturas e dar resposta ás súas necesidades en materia de interconexión eléctrica.
17	<b>DESENVOLVEREMOS UN PLAN INTERNACIONAL DE CAPTACIÓN de empresas e grandes proxectos para Galicia</b> que recollerá os principais valores e virtudes da nosa comunidade por zonas xeográficas, segundo o mapa industrial que se vai desenvolver.
18	<b>PRESTAREMOS ESPECIAL ATENCIÓN Á DOTACIÓN DE SERVIZOS ALTERNATIVOS DE CONEXIÓN A INTERNET</b> a iniciativas socioeconómicas implantadas no rural para contribuír á redución da fenda dixital.



## **APOIANDO A ECONOMÍA GALEGA E EXPORTANDO CALIDADE AO MUNDO**

Nos últimos anos, a Xunta e o IGAPE despregaron un amplo abano de iniciativas cun enfoque claro: impulsar o emprendemento, promover a creación de novos negocios, fortalecer, consolidar e estimular o crecemento de autónomos, pemes, así como de grandes corporacións na nosa terra.

Isto traducíuse nun tecido industrial máis robusto e competitivo na nosa rexión, e o que é aínda máis importante, xerou oportunidades de emprego para os galegos.

Así, en apoio empresarial, só nos exercicios 2022 e 2023 concedéronse máis de 61M€ en axudas, mobilizando un investimento total de máis de 274M€. En total apoiáronse máis de 3.100 proxectos. No mesmo período, tamén concedéronse máis de 740 operacións de préstamo por importe de 112M€, que mobilizaron máis de 121 M€.

Apoios máis salientables 2022 – 2023:

poiáronse 227 proxectos de investimento produtivo por un importe total de máis de 20,6M€ en axudas, que mobilizaron 81M€ en investimentos.

- › En competitividade, apoiáronse proxectos por un importe total de máis de 12M€ en axudas, fomentando máis 300 proxectos colaborativos de carácter empresarial e máis de 700 servizos ás pemes, que mobilizaron en conxunto máis de 24M€.
- › Desde 2013, realizáronse máis de 3.000 diagnósticos de potencial de internacionalización.

- › En canto aos apoios á internacionalización de autónomos e pemes, tamén neste período 2022-2023 concedéronse axudas por importe de 13,7M€, fomentando 650 actuacións que mobilizaron máis de 15M€.
- › En termos de exportacións, en 2022 superouse a cifra de 29.000M€, ata chegar a preto de 30.000M€, sobrepasando o obxectivo establecido para 2025. Tamén se superou o obxectivo de 8.000 empresas exportadoras, alcanzando a cifra de 8.500 empresas.
  - Galicia rexistrou nos once primeiros meses de 2023 exportacións por valor de 27.667 M€, cifra similar ao do mesmo período do ano 2022, o que supón un crecemento do 0,7% respecto do mesmo período de 2022. O crecemento das exportacións en novembro de 2023 foi dun espectacular 11,8%, acadando os 2.865 M€.
  - Sexan como sexan os datos definitivos de decembro, estamos a 2.300 M€ de conseguir chegar aos 30.000 M€ e iso indica que se vai a conseguir manter unha tendencia récord no volume de exportacións galegas.

## DE CARA Á VINDEIRA LEXISLATURA:

1	<p><b>OFRECEREMOS AÍNDA MÁIS APOIOS AOS AUTÓNOMOS E ÁS EMPRESAS</b> para acadar un maior desenvolvemento económico, así como máis e mellores empregos. Reforzaremos os apoios aos investimentos produtivos para que estean na vangarda das novas tendencias en dixitalización e sostibilidade, así como aqueles que contribúan a mellorar a súa competitividade.</p>
2	<p><b>CONTAREMOS CUN IGAPE MÁIS PRETO DO TECIDO PRODUTIVO</b> e das súas necesidades, polo que impulsaremos novas medidas en liña coa Oficina Económica de Galicia, unha canle única de entrada para as empresas que permitirá informar, acompañar, asesorar e dar resposta ás empresas. Con esta oficina impulsaremos as distintas iniciativas, con celeridade e redución da burocracia como elementos determinantes do impulso á política económica de Galicia.</p>
3	<p><b>DESEÑAREMOS INSTRUMENTOS A MEDIDA PARA OS SECTORES QUE PRECISEN UNHA MAIOR ATENCIÓN</b>, como os que se desenvolveron no sector agroalimentario (anticipando a compra da uva); concedendo unha maior flexibilidade para a reestruturación das débedas nas empresas de transformación e comercialización de produtos da pesca e acuicultura; ou co apoio ás empresas auxiliares do naval.</p>
4	<p><b>ATENDEREMOS AS NECESIDADES DAS EMPRESAS QUE DESEXEN AMPLIAR O SEU TAMAÑO</b>, con medidas destinadas a impulsar as fusións e adquisicións entre empresas mediante programas de financiamento e subvencións, para responder ás necesidades de crecemento ou maior dimensión empresarial, e para paliar a situación de empresas en dificultades.</p>

5	<b>MODIFICAREMOS A LIÑA DE PRÉSTAMOS DIRECTOS</b> para financiar os investimentos estratéxicos e a operativa das empresas no contexto actual: eliminando o importe máximo de apoio, que estará limitado pola dispoñibilidade orzamentaria; aumentando o prazo de vixencia dos préstamos a 15 anos; e axustando os prazos de carencia á realidade empresarial.
6	<b>AUMENTAREMOS A BONIFICACIÓN DE TIPOS DE INTERESE EN CINCO PUNTOS, ATA UN TOPE MÍNIMO DUN 2%</b> , nos préstamos directos concedidos polo Igape para investimentos estratéxicos.
7	<b>REFORZAREMOS OS APOIOS PARA A IMPLANTACIÓN E ATRACCIÓN DE EMPRESAS</b> para: <ul style="list-style-type: none"> <li>› Implantación de novo establecemento.</li> <li>› Ampliación da capacidade da empresa existente.</li> <li>› Diversificación ou cambio no proceso global de produción.</li> <li>› Traslado de empresas doutros territorios a Galicia.</li> <li>› As medidas de atracción de empresas e traslado, a través de programas de financiamento e subvención, deberán contar cun mínimo de investimento empresarial de 800.000€ ou ben proxectos empresariais cun investimento igual o superior a 100.000 €, que supoñan a creación de 25 novos empregos.</li> </ul>
8	<b>CREAREMOS UN NOVO FONDO PÚBLICO-PRIVADO QUE ATRAIA CAPITAL PARA INVESTIR EN GALICIA</b> e nas empresas galegas. Este fondo centrarase en apoiar proxectos empresariais que contribúan á transformación de Galicia, e afiancen a aposta da Comunidade pola dixitalización e a sostibilidade.
9	<b>INCREMENTAREMOS O FINANCIAMENTO DE PROXECTOS DIXITAIS</b> , concretamente de transformación dixital.
10	<b>FACILITAREMOS O ACCESO A FINANCIAMENTO con créditos preferenciais</b> para empresas que invistan en formación e desenvolvemento da súa forza laboral.
11	<b>PROMOVEREMOS FORMAS DE FINANCIAMENTO ALTERNATIVO</b> como o micromecenazgo ( <i>crowdfunding</i> ) e outros mecanismos de innovadores.
12	En definitiva, <b>POREMOS a disposición das empresas 1.500M€ en apoios, instrumentos financeiros e capital risco.</b>



O **desenvolvemento de solo empresarial** para o asentamento das actividades industriais debe orientarse dende unha dobre perspectiva: por unha banda, buscando o imprescindible impulso da actividade económica; e, por outra, cunha ordenación adecuada do territorio que sexa respectuosa coa conservación do medio. Esta dobre finalidade é a que debe de perseguir a planificación de áreas empresariais no territorio. Ademais, é **preciso establecer incentivos para facilitar o acceso ao solo industrial** por parte dos empresarios facilitando a viabilidade das implantacións.

Neste ámbito, **Galicia dispón de instrumentos e recursos que facilitan o desenvolvemento** de areas empresariais e incentivos que melloran as posibilidades de acceso ao solo:

- › Dispoñemos do **Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia**, onde se localizan e delimitan as actuacións a desenvolver.
- › Contamos cunha **lei específica para facilitar, axilizar e flexibilizar o desenvolvemento de solo**: a Lei 3/2022, de 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia.
- › Somos o maior promotor de solo de Galicia e o único que bonifica todo o solo que comercializa, **con rebaixas no prezo de ata o 50%**.
- › O balance non pode ser máis positivo: **adxudicamos** entre 2015 e 2023 máis de **3 millóns de m<sup>2</sup>** de solo con máis de 86M€ de bonificacións.

## DE CARA Á VINDEIRA LEGISLATURA:

1	Desenvolveremos actuacións de solo empresarial de tal xeito que nos permita ter planificado e con posibilidades de estar rapidamente dispoñible <b>SOLO EMPRESARIAL POR 8 MILLÓNS DE M<sup>2</sup> NO ANO 2028</b> .
2	<b>IMPULSAREMOS O DESENVOLVEMENTO DE ECOPARQUES</b> , de xeito que as novas áreas empresariais respondan a criterios medioambientais, eficientes e de accesibilidade.
3	<b>FACILITAREMOS A IMPLANTACIÓN DE FONTES DE ENERXÍA RENOVABLE</b> nas áreas xa existentes permitindo utilizar diferentes zonas libres para a instalación das infraestruturas necesarias.
4	<b>POTENCIAREMOS A INTERMODALIDADE DAS ÁREAS EMPRESARIAIS</b> que teñan a consideración de estratéxicas para facilitar fluxos de materias primas e mercadorías dun xeito máis eficaz.

5	<b>REFORZAREMOS A NOSA POLÍTICA PIONEIRA DE BONIFICACIÓNS</b> ás iniciativas empresariais. Estableceremos importantes descontos nos parques industriais autonómicos en función do emprazamento e da cantidade de solo industrial dispoñible.
6	<b>FOMENTAREMOS CANLES DE COLABORACIÓN COS EMPRESARIOS PARA A POSTA EN MARCHA DAS ENTIDADES DE XESTIÓN E MODERNIZACIÓN</b> , que facilitarán a participación do tecido produtivo na xestión da área empresarial onde están implantados.
7	<b>AXUDAREMOS A DESENVOLVER PEQUENAS ZONAS DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS NOS CONCELLOS DE MENOR TAMAÑO.</b>



## ORIENTACIÓN, FORMACIÓN E CREACIÓN DE EMPREGO

As políticas de fomento do emprego son unha prioridade para o PPdeG, xa que consideramos que a xeración de oportunidades laborais é a mellor contribución á política social, permitindo ás persoas desenvolver a súa autonomía persoal.

Froito dunha escoita activa e traballo conxunto cos principais axentes sociais, o Goberno galego vén impulsando medidas de calado focalizadas no fomento e mellora de oportunidades, especialmente entre colectivos prioritarios como poden ser a mocidade, os maiores de 55 anos, as persoas con discapacidade, así como os parados de longa duración.

Este labor de estímulo desenvólvese tendo presente que a maioría das profesións vanse ver impactadas polas novas tecnoloxías e a transición verde e, tamén, non menos importante, polo envellecemento da poboación.

Polo tanto, ademais de incentivar a contratación, cómpre seguir traballando nunha necesaria readaptación do sistema de orientación formación para o emprego en base aos novos requirimentos laborais de xeito que se poidan prover as novas demandas de perfís do mercado de traballo.

No ámbito da promoción do emprego, **NOS ÚLTIMOS ANOS Galicia destaca** por:

- › **CONVERTERSE NUN REFERENTE A NIVEL ESTATAL** pola pluralidade de instrumentos. De feito, seguimos sendo a segunda comunidade autónoma por número de axudas ao emprego con 65 liñas de apoio.
- › **SER A COMUNIDADE AUTÓNOMA QUE MÁIS INVESTIMENTO POR POBOACIÓN PARADA dedica ao emprego.** Cun orzamento global de 345,9M€ en 2023, o investimento por poboación parada foi de 2.552,73€, é dicir, case 1.000€ máis que a media nacional.
- › **Promover a AXENDA GALEGA DE CAPACIDADES PARA O EMPREGO** en novembro de 2021. Unha iniciativa pioneira a nivel europeo, no marco de cooperación pú-

blico-privada, dirixida a mellorar a empregabilidade da cidadanía, a competitividade e resiliencia do tecido produtivo, a retención do talento galego e atracción de talento externo e a eficiencia do emparellamento entre demanda e oferta de emprego.

- › **Ser a ÚNICA COMUNIDADE AUTÓNOMA en OFRECER AOS SECTORES PRODUCTIVOS UNHA FORMACIÓN QUE RESPONDE ÁS SÚAS NECESIDADES**, mediante convenios con clústeres e entidades representativas do tecido empresarial. Trátase de accións formativas de carácter non formal e de curta duración definidas por estas nas que teñen participado xa preto de 29.000 persoas.
- › Poñer en marcha un **CAMPUS VIRTUAL DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO**, que xa conta con máis de 13.471 persoas usuarias.
- › Lanzar os **BONOS TALENTO EMPRESA** coa finalidade de que as **pequenas empresas e persoas autónomas con traballadores por conta allea poidan realizar accións formativas** de curta duración que melloren as competencias profesionais dos seus cadros de persoal.
- › **REFORZAR O SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO DE GALICIA** coa incorporación de 136 orientadores laborais e prospectores empresariais.
- › Implantar unha **NOVA FERRAMENTA TECNOLÓXICA PIONEIRA A NIVEL ESTATAL (EMi)**, que permite sincronizar a oferta e a demanda de emprego utilizando a Intelixencia Artificial e o Big Data.
- › **APOIAR AOS CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO E EMPRESAS DE INSERCIÓN**, grazas aos programas de formación dual, cubrindo o 100% da formación, e axudas para promover a integración laboral das persoas con discapacidade ou en situación de risco de exclusión social.
- › **SER A PRIMEIRA COMUNIDADE AUTÓNOMA EN NÚMERO DE CONTRATOS RESERVADOS con empresas de inclusión e centros especiais de emprego** aos que se lles dedica máis de 3M€ anuais, cunhas porcentaxes por enriba ás esixidas por lei.
- › **REFORZAR O PROGRAMA GALICIA EMPREGA, destinado a grupos de persoas con maior dificultade de acceso ao emprego**: mulleres, emigrantes retornados ou estranxeiros, xuventude, persoas con discapacidade, maiores de 55 anos, persoas paradas de longa duración ou en risco ou situación de exclusión social, **con 12.000 novos contratos**.

## E NA VINDEIRA LEGISLATURA:

1

**CONTINUAREMOS MELLORANDO O SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO DE GALICIA** co obxectivo de seguir a reforzar a empregabilidade das persoas traballadoras e dar cobertura ás demandas e ofertas de traballo vacantes do tecido produtivo galego.

2	<b>FORMAREMOS AOS ORIENTADORES DOS CENTROS EDUCATIVOS</b> para actualizar os seus coñecementos no ámbito da empregabilidade, novos nichos de mercado e perfís profesionais.
3	<b>REFORZAREMOS A OFERTA FORMATIVA DO CENTRO DE NOVAS TECNOLOXÍAS DE GALICIA</b> mediante a actualización dunha oferta valorada polo sector TIC.
4	<b>ELABORAREMOS UN MARCO NORMATIVO AUTONÓMICO DE MICRO-CREDENCIAIS</b> e impulsaremos o seu uso para abordar o desequilibrio entre as competencias e habilidades da poboación activa e as requiridas polo mercado laboral.
5	<b>IMPULSAREMOS ACCIÓNS FORMATIVAS CERTIFICABLES DE CURTA DURACIÓN</b> co fin de dotar ás persoas traballadoras de itinerarios formativos máis flexibles e escalables, adaptados ás necesidades do mercado laboral.
6	<b>AMPLIAREMOS AS UNIDADES FORMATIVAS EN EMPRESAS</b> co fin de apoiar a incorporación de talento cualificado formado polas propias empresas galegas.
7	<b>CREAREMOS UNHA REDE DE CENTROS ASOCIADOS PARA A FORMACIÓN DE PERSOAS DESEMPREGADAS</b> , incidindo naquelas especialidades que teñen unha gran demanda de profesionais e unha alta empregabilidade.
8	<b>APOSTAREMOS POLA FORMACIÓN COMO MEDIDA DE INTEGRACIÓN E RECUALIFICACIÓN PROFESIONAL</b> , con especial atención aos colectivos de maiores de 55 anos, mocidade e parados de longa duración.
9	<b>DESPREGAREMOS AS MEDIDAS DE ARRAIGO PARA A FORMACIÓN</b> , co obxectivo de facilitar a inserción laboral das persoas inmigrantes.
10	<b>IMPLEMENTAREMOS UNHA CANLE DE COMUNICACIÓN ÚNICA</b> que, a través dun sistema de avisos, permita coñecer de primeira man as convocatorias de axuda, as ofertas de traballo, os cursos de formación, os eventos e as demais iniciativas en favor do emprego en Galicia.
11	<b>REFORZAREMOS OS PROGRAMAS DE EMPREGO XUVENIL</b> , entre eles o programa Talento 30 ou o Investigo, os cales permiten reter á mocidade na nosa comunidade.
12	<b>FOMENTAREMOS A CONTRATACIÓN NOS SECTORES DAS ENERXÍAS RENOVABLES, A INNOVACIÓN TECNOLÓXICA E A ECONOMÍA CIRCULAR</b> , en consonancia co impulso á transición cara unha ECONOMÍA VERDE E AZUL.

13	<b>APROBAREMOS UN CATÁLOGO DE PROFESIÓN</b> S que se poidan desenvolver no <b>MEDIO RURAL</b> , con especial atención aos <b>nómades dixitais</b> e outros perfís profesionais para fixar poboación no territorio galego.
14	<b>FOMENTAREMOS UN PROGRAMA DE PRIMEIRA EXPERIENCIA NA EMPRESA</b> co obxectivo de favorecer o primeiro contacto laboral da mocidade sen experiencia.
15	<b>POTENCIAREMOS O EMPREGO NO ÁMBITO TECNOLÓXICO</b> , a través do reforzo das axudas aos proxectos empresariais cualificados como <b>Iniciativas de Emprego de Base Tecnolóxica</b> (IEBTs) e o fomento das profesións STEM, especialmente nas mulleres.
16	<b>IMPLEMENTAREMOS UN PROGRAMA DE EMPREGABILIDADE</b> de persoas que sufriran un proceso oncolóxico como paciente ou coidadora/coidador e necesite reincorporarse no mercado laboral.
17	<b>REFORZAREMOS O PROGRAMA RETORNA CUALIFICA EMPREGO</b> co obxectivo de incrementar de forma considerable os novos contratos durante a <b>legislatura</b> . Iniciativa pioneira en España que ten por finalidade a promoción do retorno das persoas galegas residentes no exterior, incrementando a poboación activa con perfís profesionais vacantes.



## EMPREGO AUTÓNOMO E ECONOMÍA SOCIAL

En Galicia as persoas traballadoras autónomas representan o 20% das afiliacións á Seguridade Social, case catro puntos por riba da media nacional. Ademais, 3 de cada 4 autónomos galegos levan 3 anos ou mais co seu proxecto en marcha.

Isto corrobora que **somos terra de emprendedores, por isto, as medidas de fomento do emprego por conta propia son unha prioridade para o PPdeG.**

**O apoio á economía social é outro pilar fundamental do fomento do emprego en Galicia polos seus valores en equidade, a cohesión social e a solidariedade.** Así pois, a economía social xa representa o 7% do PIB autonómico e implica a máis de 100.000 persoas na comunidade.

Especial mención merecen o cooperativismo, moi arraigado e cunhas taxas de crecemento “in crescendo” nos últimos anos. Trátase dunha tipoloxía de sociedade moi arraigada na comunidade galega, que fixa poboación e cunha resiliencia moi superior a outras sociedades.

Neste ámbito, Galicia destaca NOS ÚLTIMOS ANOS por iniciativas como:

- › **Apoiamos aos sectores máis afectados pola crise sanitaria da Covid-19, a través dos CATRO PLANS DE RESCATE**, facilitando axudas por valor de máis de 376M€ que beneficiaron a cerca de 115.000 persoas.
- › **APROBAMOS A “COTA 0” para todos os autónomos que inicien a súa actividade en 2024**, unha axuda pioneira e novidosa que permitirá recibir, como mínimo, en torno aos 1.000 €, equivalente ao 100% das cotizacións á Seguridade Social do próximo ano.
- › **REFORZAMOS AS AXUDAS AO INICIO DE ACTIVIDADE**. Aumentando o presuposto para as axudas a novos autónomos, con contías de ata 8.500 € por inicio de actividade.
- › **DESENVOLVEMOS PROGRAMAS DE CONSOLIDACIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO**, con máis de 56,4M€ e 13.800 persoas beneficiarias na última lexislatura.
- › **FOMENTAMOS PROGRAMAS DE INICIO DA ACTIVIDADE DAS PERSOAS AUTÓNOMAS**, cun investimento de 62,2M€ e 14.500 beneficiarios na última lexislatura.
- › **REDUCIMOS O TEMPO DE CONSTITUCIÓN DAS ENTIDADES DE ECONOMÍA SOCIAL Á METADE**, posibilitando a creación de 450 entidades con 3.700 novos empregos na última lexislatura.
- › **ACADAMOS O FITO** de que máis do 50% das novas cooperativas sexan lideradas por Mulleres.

## E NA VINDEIRA LEXISLATURA:

1	<b>DESENVOLVEREMOS A AXENDA IMPULSO AUTÓNOMO 2027</b> que contará con 360M€, o dobre de orzamento que a súa predecesora, para estimular a competitividade e a calidade dos proxectos empresariais dos traballadores por conta propia.
2	<b>MANTEREMOS A COTA CERO e as AXUDAS AO INICIO DE ACTIVIDADE para as novas altas de persoas traballadoras autónomas.</b>
3	<b>ACTIVAREMOS MEDIDAS COMO O PACK DE INICIO DE AUTOEMPREGO</b> combinando formación, asesoramento e subvencións ao investimento, para a posta en marcha de iniciativas empresariais e profesionais cuns maiores niveis de calidade.
4	<b>LANZAREMOS O KIT BENESTAR AUTÓNOMO</b> , consistente nun conxunto de actuacións integrais dirixidas a mellorar a calidade de vida das persoas traballadoras autónomas, con atención á conciliación.

5	<b>IMPLEMENTAREMOS AXUDAS Á CONTRATACIÓN DE PERSOAL POR PARTE DOS AUTÓNOMOS PREVIO AO DESFRUTE DO PERMISO DE MATERNIDADE OU PATERNIDADE</b> , co fin de que poidan contratar a unha persoa que adquiera a capacitación necesaria para desenvolver ese traballo durante o tempo de permiso posterior.
6	<b>UNIFICAREMOS E SIMPLIFICAREMOS AO MÁXIMO TODAS AS AXUDAS</b> dirixidas a autónomos, facilitando a súa convocatoria, tramitación e resolución co fin de facelas máis accesibles.
7	<b>IMPULSAREMOS O PROGRAMA REMUDA XERACIONAL</b> , a través dunha bolsa de substitución de negocios dirixida a facilitar a continuidade empresarial en Galicia. Un programa no que as persoas interesadas na transmisión dos seus negocios, por falta de relevo, se rexistren nunha bolsa de substitución para a súa divulgación e posta en contacto con persoas interesadas en comprar negocios en funcionamento. Esta plataforma complementarase cun novo servizo de asesoramento para orientar e acompañar este proceso.
8	<b>DESENVOLVEREMOS A NOVA ESTRATEXIA DA ECONOMÍA SOCIAL</b> establecendo iniciativas como un novo programa de economía social na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal; impulsar o emprendemento dende o ámbito educativo e creación dun Campus Formativo online.
9	<b>APROBAREMOS UNHA NOVA LEI DE COOPERATIVAS</b> , consensuada e pactada co sector, co obxectivo de modernizar e adaptar aos novos tempos ás diversas tipoloxías de cooperativas.



## APOIO AO EMPRENDEMENTO

**Impulsar a creación de novas empresas é un obxectivo prioritario para o PPdeG** polo que imos seguir apoiando as persoas emprendedoras que impulsan a actividade económica e a xeración de emprego de calidade.

O último informe dispoñible GEM 2022-2023 constata que **Galicia é unha terra de emprendedores**:

- › Cunha taxa de actividade emprendedora do 5,4% en 2022. Este valor é o segundo máis alto desde 2010 e moi próximo ao máximo alcanzado en 2018 (5,6%).
- › E onde as mulleres emprendedoras consolidan o seu liderado na fase central do proceso emprendedor, cunha taxa do 6,7% fronte ao 4% dos homes.

**Para reforzar e ampliar os recursos autonómicos** destinados ao impulso do emprendemento contamos **cun orzamento que no 2024 medra un 56% respecto a este ano, ata os 30,6M€.**

Emprender é moito máis que comezar cun negocio é consolidar iniciativas empresariais, polo que Galicia converteuse nun referente con iniciativas nos **ÚLTIMOS ANOS** como:

- › Ser a **única comunidade autónoma en ter unha REDE AUTONÓMICA DE EMPRENDEMENTO, unificada e coordinada** coa posta en marcha dos **POLOS DE EMPRENDEMENTO**. Unha iniciativa pioneira que iniciamos hai máis dun ano, da prioridade ás contornas rurais porque cremos nas súas potencialidades.
- › Ofrecer **ASESORAMENTO INDIVIDUALIZADO E EXPERTO desde estas oficinas ás persoas emprendedoras** de Galicia. Unhas 700 téñense beneficiado xa dos servizos da rede e se ten facilitado o lanzamento de máis de 600 proxectos.
- › **Apoiar a máis de 2.000 proxectos empresariais cunha antigüidade máxima de 24 meses nos últimos dous anos**, a través da convocatoria de **PROGRAMAS DE EMPRENDEMENTO** cun importe de axudas de 18,5M€.
- › Activar un novo **PROGRAMA DE EMPRENDEMENTO PLUS** este **2023** en apoio ás iniciativas de persoas traballadoras autónomas e pequenas e medianas empresas que non teñan máis de 42 meses, destinando máis de 5,5M€ ao apoio de máis de 200 proxectos e á xeración de máis de 100 novos postos de traballo en Galicia.

## E NA VINDEIRA LEGISLATURA:

1	<b>REFORZAREMOS A REDE DE POLOS DE EMPRENDEMENTO E APOIO AO EMPREGO</b> , unha rede autonómica de emprendemento unificada e coordinada, de 15 polos distribuídos por toda a xeografía galega, dando prioridade ás contornas rurais nas que ofreceremos asesoramento individualizado ás persoas emprendedoras.
2	<b>APROBAREMOS UNHA LEI DE APOIO AO EMPRENDEMENTO E ÁS PEQUENAS EMPRESAS DE GALICIA</b> , en substitución da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
3	<b>DESENVOLVEREMOS UNHA NOVA ESTRATEXIA GALEGA DE EMPRENDEMENTO</b> , cun impulso coordinado con todos os axentes do ecosistema galego.
4	<b>IMPLANTAREMOS O BONO RURAL EMPRENDE</b> , para impulsar iniciativas de emprendemento en concellos de menos de 5.000 habitantes, con axudas económicas de 10.000 € para a creación de empresas innovadoras no rural, xerando emprego de calidade, a través de fórmulas de economía social e microemprendemento autónomo.
5	<b>IMPLANTAREMOS UN SISTEMA DE INTELIXENCIA ARTIFICIAL</b> para o emprendemento, que permitirá identificar datos, recursos e información territorial para as persoas emprendedoras que inicien a súa actividade empresarial.



6

**POTENCIAREMOS OS PROGRAMAS DE EMPRENDEMENTO**, destinando máis recursos para o investimento e a creación de emprego das novas iniciativas emprendedoras e das que se estean a consolidar no noso territorio.

7

**IMPULSAREMOS O PROGRAMA RETORNA EMPRENDEMENTO** co obxecto de apoiar iniciativas emprendedoras de galegas e galegos que residan fóra da nosa comunidade autónoma, con incentivos especiais para as mulleres.



## O COMERCIO DE PROXIMIDADE, ARTESANÍA E AS NOVAS ESTRATEXIAS DE VENDA

O comercio de proximidade de Galicia enfróntase a importantes retos de transformación en todos os sentidos. Os formatos de venda físicos teñen que ter a capacidade de ofrecer compras inmersivas, onde a especialización e a diferenciación son elementos clave para o seu futuro.

Sumado a este reto, a omnicanalidade é necesaria para un posicionamento sólido na contorna dixital e dotada das ferramentas dixitais para facer os seus negocios expansivos. Ambos escenarios convertéronse en desafíos cruciais no desenvolvemento do comercio de proximidade de cara ao futuro.

Por outra banda, dende a Xunta de Galicia traballouse nestes últimos anos nos seguintes prioridades.

- › Minimizar o impacto da inflación nos fogares galegos.
- › Fomentar compras no comercio local.
- › Recuperar as cifras de crecemento de venda co respecto ao ano 2019.
- › Aumentar a rotación clientes en meses val de venda no comercio de proximidade.
- › Atender as demandas das asociacións de comerciantes.
- › Dar resposta á falta de iniciativa do Goberno central en materia impositiva de cara ao sector comercial galego.
- › Mellorar as competencias dos nosos comerciantes coa formación específica do sector comercial.

No contexto máis desfavorable para o sector comercial en plena pandemia, **Galicia converteuse nun referente** para a súa reactivación, con iniciativas como:

- › A posta en marcha da **campaña do Bono Activa Comercio**, ao longo do ano 2023, centrando os esforzos no fortalecemento da economía dos comerciantes galegos. Unha medida que beneficiou a máis de 134.000 galegos e galegas e a máis de 7.000 comerciantes cunha mobilización de 65,7M€.

- › A activación dun Gabinete de Asistencia Técnica ao sector comercial que conta cunha liña 900 gratuíta de asesoramento e información, especialmente orientada ao mantemento da actividade comercial no contexto da crise derivada da pandemia.
- › O desenvolvemento durante a covid da campaña “COMERCIO SEGURO” co obxectivo de garantir a seguridade e aportar confianza a clientes e empregados.
- › Puxemos a disposición do comercio galego a plataforma de comercialización dixital e Ticket Dixital, en colaboración coa Federación Galega de Comercio.

## NA VINDEIRA LEXISLATURA:

1	<b>ELABORAREMOS O PLAN ESTRATÉGICO INNOVA COMERCIO 2024-2028</b> para ofrecer un apoio integral ao sector do comercio de proximidade en Galicia mediante a posta en marcha de instrumentos que fagan competitiva a venda física e online desde un establecemento tradicional.
2	<b>AXUDAREMOS AOS NOVOS COMERCIOS MINORISTAS NO ALUGUEIRO DO LOCAL OU NOS CASOS DE COMPRA CON APOIOS A COTAS HIPOTECARIAS.</b> En comercios existentes os apoios serán para a contratación de persoal, primeiros servizos de xestión ou outros gastos fixos mensuais.
3	<b>CREAREMOS O PROGRAMA FORMATIVO DIXITAL ESCOLA GALEGA DO RETAIL.</b>
4	<b>CONVOCAREMOS UNHA NOVA ORDE DE AXUDAS PARA A TRANSFORMACIÓN SUSTENTABLE</b> do comercio de proximidade.
5	<b>REEDITAREMOS OS BONOS ACTIVA COMERCIO</b> nos meses de baixa facturación dos comerciantes.
6	<b>IMPULSAREMOS UN NOVO PROXECTO DE I+D+i</b> no sector comercial e artesanal, que servirá para apostar pola economía local e sustentable.
7	<b>DESENVOLVEREMOS</b> unha orde de axudas ao <b>COMERCIO CIRCULAR</b> con tres novos programas: <ul style="list-style-type: none"> <li>› <b>ECO-PACK</b>, para reducir a cantidade de embalaxe.</li> <li>› <b>AVANZA TÉXTIL</b>, para o impulso da circularidade e sostibilidade dos produtos téxtiles para pemes e autónomos.</li> <li>› <b>RE-CIRCULAR</b>, para impulsar procesos de compra de materia prima con indicadores sostibles.</li> </ul>
8	<b>INICIAREMOS UNHA NOVA ACCIÓN FORMATIVA PARA O SECTOR COMERCIAL</b> co obxectivo de incrementar a competitividade do sector actualizándoo e dotándoo de novas ferramentas e coñecementos.

9	<b>DINAMIZAREMOS O SECTOR COMERCIAL</b> con axudas destinadas ao tecido asociativo e comercial galego co obxectivo de incentivar a demanda, impulsar as vendas e fortalecer a figura dos centros comerciais abertos en Galicia e as federacións de comercio.
10	<b>DAREMOS PULO Á REDE DE PRAZAS DE ABASTOS E MERCADOS DE GALICIA</b> , con novas medidas de apoio para a súa modernización e especialización como lugares referentes das compras de produto de proximidade, experiencias gastronómicas e encontro social.
11	En Artesanía de Galicia, <b>DESENVOLVEREMOS a recentemente aprobada lei 8/2023</b> , así como unha estratexia integral destinada á promoción do sector artesanal galego.
12	<b>IMPULSAREMOS UN PROGRAMA FORMATIVO PARA O RELEVO XERACIONAL DOS OFICIOS TRADICIONAIS</b> e os Programas “Artesanía na Escola”.
13	<b>CREAREMOS O PROGRAMA “ARTESANÍA E INDUSTRIA”</b> , motivado pola demanda crecente de obxectos únicos e exclusivos por parte do sector industrial e incluílos nos seus produtos como sinais de calidade, diferenciación de produto e vangarda.
14	<b>FOMENTAREMOS A RELACIÓN ENTRE PROFESIONAIS DA ARTESANÍA DE GALICIA CON OUTRAS DISCIPLINAS</b> , como gastronomía, moda ou o mundo contract.
15	<b>REALIZAREMOS ACCIÓNS DE PROMOCIÓN E FORTALECEMENTO</b> da marca Artesanía de Galicia fóra da nosa Comunidade.
16	No que se refire á marca Galicia Calidade, <b>TRABALLAREMOS NO PROCESO DE INTERNACIONALIZACIÓN E FOMENTO DO SELO</b> , así como na <b>APERтура A NOVOS SECTORES</b> .



# RESPONSABILIDADE SOCIAL, SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

É un obxectivo prioritario para o PPdeG **situar os valores e principios da responsabilidade social e empresarial na axenda das empresas galegas** como mecanismos para impulsar un crecemento máis sostible, inclusivo e duradeiro, así como a **protección da seguridade e saúde no traballo** e a **loita contra a sinistralidade laboral**.

**Galicia amosa un comportamento favorable** na redución da sinistralidade laboral. Desde 2009 a incidencia de accidentes con baixa laboral reflicte un descenso superior ao 40%.

Neste ámbito, Galicia é unha comunidade autónoma referente en España por iniciativas adoptadas nos **ÚLTIMOS ANOS** como as seguintes:

- › Aprobar a **ESTRATEGIA GALEGA DE RESPONSABILIDADE SOCIAL E EMPRESARIAL 2023-2025**, cun orzamento de máis 174M€ e con 25 accións para transformar os modelos de negocio e sensibilizar en materia de transparencia e a creación de valor compartido na comunidade.
- › Convocar **AXUDAS PARA IMPLANTAR SISTEMAS DE XESTIÓN DE RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL**, ás que xa se acolleron 152 empresas nesta lexislatura.
- › Poñer en marcha o **PROGRAMA RESPONSABILÍZATE**, dirixido a asesorar ás pequenas e medianas empresas galegas a través dun servizo de titoría para a diagnose, formación e posta de marcha de plans no eido da RSE e da Igualdade.
- › Aprobamos a **ESTRATEGIA DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO DE GALICIA: HORIZONTE 2027** como o instrumento eficaz a medio prazo para incrementar a calidade do emprego e o benestar laboral físico e mental.
- › Apoiamos aos **sectores estratéxicos e de elevada sinistralidade** (construción, forestal, pesca, naval, entre outros) na **CREACIÓN DE SERVIZOS DE PREVENCIÓN MANCOMUNADOS**, a través das asociacións sectoriais que lles permita dar unha resposta mais eficaz e acadar unha efectiva redución dos accidentes laborais.
- › IMPULSAMOS UNHA **COMISIÓN PARA A INTEGRACIÓN DA IGUALDADE nas políticas de prevención de riscos laborais no ISSGA**, participada polos axentes socias, que facilitou a abordaxe das actividades feminizadas e da protección da maternidade.
- › Puxemos a disposición das empresas o **LABORATORIO DE REFERENCIA DE HIXIENE ANALÍTICA** para medicións de mostras ambientais e biolóxicas procedentes da exposición a axentes químicos no ámbito laboral.
- › Ofrecemos unha capacidade de **RESPOSTA ÁXIL E EFICAZ ANTE A COMUNICACIÓN DUN ACCIDENTE DE TRABALLO GRAVE** ou mortal para a súa inmediata investigación e o posterior asesoramento preventivo.

## E NA VINDEIRA LEXISLATURA:

1	<b>DESENVOLVEREMOS A ESTRATEXIA GALEGA DE RESPONSABILIDADE SOCIAL</b> , con novas medidas como a sensibilización en criterios ambientais, sociais e de bo goberno corporativo.
2	<b>FOMENTAREMOS QUE OS PRINCIPIOS DA RSE (RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL) SE INCORPOREN EN ÁMBITOS EMERXENTES</b> como a transparencia e a información non financeira, ás relacións nas cadeas de subministración ou a adaptación ao marco normativo climático.
3	<b>CREAREMOS A REDE GALEGA POLA RSE</b> como espazo de diálogo entre o sector público-privado e a sociedade civil para a xeración de alianzas e a difusión de coñecemento e boas prácticas.
4	<b>DESENVOLVEREMOS O PROGRAMA RESPONSABILÍZATE</b> de asesoramento gratuíto en materia de RSE ata acadar 800 pequenas e medianas empresas titorizadas.
5	<b>IMPLANTAREMOS UNHA AXUDA DIRECTA A PROXECTOS DE DESENVOLVEMENTO DE SOLUCIÓNS SUSTENTABLES CON IMPACTO SOCIAL E AMBIENTAL</b> no territorio, con especial atención ao desenvolvemento rural.
6	<b>DESENVOLVEREMOS a ESTRATEXIA DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO DE GALICIA: HORIZONTE 2027</b> , xunto cos actores implicados nesta materia, a través de medidas de promoción, asesoramento técnico e seguimento, co propósito de impulsar unha eficaz xestión dos riscos para a redución da sinistralidade laboral e dar resposta aos novos desafíos para incrementar o estado de benestar das persoas traballadoras.
7	<b>INCORPORAREMOS A IDADE E A DIVERSIDADE XERACIONAL</b> como criterios nos programas dirixidos á mellora na xestión preventiva das empresas, co fin de adaptala á situación provocada polo envellecemento da poboación traballadora. Difundiremos unha campaña de xestión dos riscos laborais desde a perspectiva da idade e deseñaremos material técnico e medidas que incidan nas vantaxes e problemáticas asociadas tanto co persoal de máis idade como coa convivencia interxeracional.
8	<b>IMPULSAREMOS PROXECTOS PARA QUE AS PEMES E MICROPEMES poidan certificarse como empresas seguras e saudables</b> e elaboraremos as guías para a promoción da saúde no traballo, camiñando dende a prevención de riscos ao benestar laboral.

9	<p><b>INCREMENTAREMOS AS ACTUACIÓNS PREVENTIVAS EN SECTORES, entre eles, o coidado das persoas, pesca e forestal e os sectores altamente feminizados.</b> Para cada un dos sectores elaborárase un plan específico que responda a súas concretas problemáticas e, xunto cos seus representantes, abordaranse as medidas para a mellora progresiva dos riscos e a redución da sinistralidade.</p>
10	<p><b>POÑEREMOS EN MARCHA NOVOS ESTUDOS E ESCOLAS DE SAÚDE LABORAL</b> para formar e informar sobre boas prácticas e programas para promover a saúde integral e o benestar no traballo.</p>
11	<p><b>DESEÑAREMOS CAMPAÑAS DE SENSIBILIZACIÓN E INFORMACIÓN TÉCNICA SOBRE O CONTROL DOS RISCOS</b> derivados da dixitalización (desconexión dixital, teletraballo e uso de dispositivos móbiles...) e dos cambios ambientais (traballo con calor ou frío extremo...), así como sobre os riscos psicosociais e o coidado da saúde mental no traballo.</p>
12	<p><b>DESEÑAREMOS UNHA OFERTA FORMATIVA DE CALIDADE E GRATUÍTA para dar resposta ás novidades técnicas e normativas en prevención de riscos laborais,</b> fomentando a utilización das novas tecnoloxías e metodoloxías didácticas e a creación de espazos virtuais adaptados á realidade do tecido empresarial galego.</p>



# OS DEREITOS DAS PERSOAS CONSUMIDORAS E USUARIAS

O Instituto Galego de Consumo e da Competencia ten que seguir xongando un papel esencial na defensa dos dereitos das persoas consumidoras e usuarios fronte aos abusos. Ademais liderar o cambio cara a unha economía verde e sostible con patróns de consumo e de produción responsables que garantan o coidado do entorno é a nosa prioridade. Neste eido, Consumo vai ter un papel relevante en guiar á cidadanía cara unha economía verde e sostible (control de plásticos, de residuos...).

Polo tanto, dixitalizar o Instituto Galego do Consumo e da Competencia (IGCC) co fin de reducir nun 20% os tempos de tramitación das reclamacións da cidadanía e incrementar a axilidade na eficacia e eficiencia da resolución de conflitos, vai beneficiar ao conxunto das persoas consumidoras.

Neste ámbito, **Galicia converteuse nun referente** con iniciativas como:

- › Galicia ten establecidas **DEZ CANLES DE COLABORACIÓN** para dar resposta ás necesidades de cobertura de información e asesoramento en materia de consumo en todo o territorio galego, instrumentos que veñen a complementar o labor das sete oficinas de información de consumo autonómicas.
- › Galicia **CREOU O CONSELLO DE COOPERACIÓN DE CONSUMO DE GALICIA**, un órgano de coordinación, colaboración e participación entre a Administración autonómica e as entidades locais de Galicia naquelas materias que afecten á defensa e á protección dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias.

## E NA VINDEIRA LEGISLATURA:

1	<b>IMPULSAREMOS A FORMACIÓN EN MATERIA DE CONSUMO</b> nunha nova contorna económica máis sostible, centrándonos nunha atención especial cara os colectivos máis vulnerables.
2	<b>PROMOVEREMOS A CONCIENCIACIÓN SOCIAL E A EDUCACIÓN DAS PERSOAS CONSUMIDORAS</b> para que estean informadas sobre os seus dereitos e as implicacións ambientais das súas compras.
3	<b>FORTALECEREMOS OS MECANISMOS EFECTIVOS E ACCESIBLES</b> para a resolución de disputas entre as persoas consumidoras e as empresas.
4	<b>IMPLEMENTAREMOS PROGRAMAS de INFOCONSUMO EN RUTA.</b> A través de oficinas móbiles ou puntos físicos achegaremos o asesoramento en materia de Consumo a aqueles lugares de Galicia que non dispoñan de acceso directo.

A incorporación de xente nova, así como a formación é unha ferramenta fundamental para calquera sector, pero é especialmente relevante no agrario, na procura da profesionalización e do relevo xeracional. Así, queremos que a vindeira lexislatura sexa a da formación e colaboración agraria. Combinar a formación coa transferencia das investigacións dos centros de formación agrarios, fai posible mellorar a eficiencia do sector produtivo.

Ademais, a dispersión xeográfica e a gran cantidade de asentamentos de poboación constitúen unha característica das zonas rurais de Galicia que dificulta ás veces o acceso aos servizos públicos, á información e ao coñecemento da poboación destas zonas. Ante isto, a **Oficina Rural Móbil** configúrase como unha oportunidade para achegar e complementar os servizos da Consellería do Medio Rural a todos os recunchos da xeografía galega: **Atención á Cidadanía, Aula de Formación e Promoción de Iniciativas de interese para a consellería** (o Banco de Explotacións, a Artesanía Alimentaria, a Agricultura ecolóxica,...).

Neste ámbito, **Galicia converteuse nun referente** con iniciativas como:

- › A **incorporación de máis de 4.700 mozos á actividade agraria** desde 2009 a 2023 grazas a axudas da Xunta por importe de **150 millóns** de euros.
- › O desenvolvemento do **caderno dixital oficial** para as explotacións agrarias, xa a disposición dos agricultores.
- › **A loita contra diversas pragas e enfermidades**, como a **couza guatemalteca da pataca**, que está a piques de ser erradicada; a **Psila africana dos cítricos**, cunha produción de parasitoides de loita biolóxica que cedemos parcialmente de balde a Portugal e outras comunidade autónomas; o **nematodo do piñeiro**, con investimentos millonarios destinados ao seu control.
- › O incremento continuado nas **axudas ao aseguramento agrario**, que pasaron de 4,62 millóns en 2017 a 8,5 millóns na convocatoria de 2023.
- › A posta en marcha de axudas perante **continxencias extraordinarias**, como as axudas para loitar contra a ratatoupa ou para compensar ás explotacións agrarias por afección de lumes forestais.
- › O liderado das comunidades autónomas da Cornixa Cantábrica na defensa dos intereses da España húmida na nova regulación da **fertilización agrícola**.
- › O fomento da incorporación da **muller** nas explotacións agrarias coa priorización da súa participación na titularidade das explotacións beneficiarias de axudas agrarias.
- › A convocatoria específica para investimentos en explotacións orientadas á **producción vexetal**, para mellorar a diversificación do sector primario.
- › A posta en marcha da **Estratexia do viño e da horta**.
- › **Os investimentos nas axudas principais dirixidas ás explotacións agrarias, como os plans de mellora, a incorporación de mozos ou as instalacións, equipamentos e maquinaria de uso en común.**



## CON ESTA BASE, NA PRÓXIMA LEXISLATURA:

1	<b>REMATAREMOS OS PROCESOS DE MOBILIZACIÓN DE TERRA AGRARIA ABERTOS, ATA 65.000 HECTÁREAS.</b> O obxectivo é que as concentracións parcelarias se rematen nun máximo de sete anos e os instrumentos da Lei de recuperación se rematen nun máximo de tres anos.
2	<b>AFONDAREMOS NA NECESARIA ORDENACIÓN DE USOS AGROFORESTAIS</b> no territorio rural de Galicia mediante a <b>ELABORACIÓN DE CATÁLOGOS</b> das 65.000 hectáreas cuxos procesos de mobilización se van a rematar.
3	INICIAREMOS NOVOS PROCESOS DE MOBILIZACIÓN DE ATA 50.000 HECTÁREAS DE TERRAS ABANDONADAS, CO OBOXECTIVO DE POÑELAS A DISPOSICIÓN DE AGRICULTORES, GANDEIROS E SILVICULTORES NO MENOR PRAZO POSIBLE.
4	Poñeremos en marcha <b>PROXECTOS INTEGRAIS E COLABORATIVOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL</b> e encargarámonos do asesoramento e titorización destas iniciativas.
5	IMPULSAREMOS UN <b>BONO MOZO INICIO DE ACTIVIDADE</b> a aqueles mozos/as que se vaian incorporar a actividade agrogandeira.
6	Crearemos o <b>BANCO DE NEGOCIOS VIABLES NO MEDIO RURAL</b> para asegurar o relevo xeracional daqueles negocios do rural que non teñen relevo no ámbito familiar.
7	<b>IMPULSAREMOS A CONECTIVIDADE NAS ZONAS RURAIS</b> para contribuír á <b>REDUCIÓN DA FENDA DIXITAL.</b>
8	<b>CREAREMOS UN REXISTRO DE DEMANDANTES de conexión</b> en contornas rurais que marcará prioridade e preferencia nas iniciativas que promovamos para blindar a conectividade.
9	<b>POÑEREMOS EN MARCHA UNHA REDE DE ESPAZOS AGRARIOS DE EXPERIMENTACIÓN EN ALDEAS MODELO E POLÍGONOS AGRARIOS.</b> Estes espazos dirixiranse a alumnos/as que finalizasen a formación agraria (FP), universitaria en graos relacionados co sector primario ou persoas retornadas a través da Estratexia Retorna, con BOLSAS para proporcionarlles asesoramento no modelo de negocio.
10	<b>HABILITARAREMOS AXUDAS PARA PROMOCIONAR OS PRODUTOS GALEGOS EN MERCADOS LOCAIS</b> e así fomentar a súa comercialización como produto de proximidade e confianza.

11	<b>IMPULSAREMOS AS COMUNIDADES ENERXÉTICAS EN NÚCLEOS RURAIS</b> , co obxectivo de acadar poboacións autosuficientes enerxeticamente e que isto constitúa un factor de atracción de poboación ao medio rural.
12	<b>IMPULSAREMOS UNHA PLANIFICACIÓN INTEGRAL DAS OBRAS DE MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS RURAIS DE TODOS OS CONCELLOS GALEGOS</b> , co obxectivo de garantir a vertebración de todo o territorio rural, mellorando tanto as comunicacións entre poboacións rurais como o acceso das explotacións agrarias ás súas terras.
13	<b>PROMOVEREMOS A BIOECONOMÍA CIRCULAR ENTRE AS ACTIVIDADES AGRARIAS</b> para acadar a valorización integral de subprodutos ou residuos procedentes destas actividades mediante o intercambio de subprodutos agrarios entre as diferentes producións e axentes.
14	<b>CREAREMOS UNHA PLATAFORMA PARA GARANTIR A TRAZABILIDADE DAS PRODUCIÓNS AGROALIMENTARIAS GALEGAS</b> para que o consumidor dispoña de información sobre a orixe, a transformación e a sustentabilidade ambiental dos produtos agroalimentarios <b>A TRAVÉS DUNHA ETIQUETA DIXITAL</b> .
15	<b>HABILITAREMOS AXUDAS PARA A CREACIÓN DE ORGANIZACIÓNS DE PRODUTORES DE FROITAS E HORTALIZAS</b> , entre outros sectores con potencial de desenvolvemento dentro do agro galego.
16	<b>DESENVOLVEREMOS A ESTRATEXIA DA HORTA E CREAREMOS AS ESTRATEXIAS DA PLANTA ORNAMENTAL E DA FLOR CORTADA</b> , un sector en plena expansión que achegará moitas oportunidades sobre todo a novos emprendedores e que supón un sustento moi importante e novas vías de negocio e cultivo no medio rural.
17	<b>ARTICULAREMOS MECANISMOS DE AXUDA ÁS PERSOAS GANDEIRAS E AGRICULTORAS POLAS FUNCIÓNS ECOSISTÉMICAS DO SEU TRABALLO COMO CUSTODIOS DO TERRITORIO</b> , implicación na prevención de lumes, abandono, etc.
18	<b>HABILITAREMOS AXUDAS PARA VALADOS VIRTUAIS</b> , un sistema de peche virtual cun dispositivo que mediante estímulos sonoros, vibratorios etc, evita a necesidade da instalación de valados físicos, especialmente relevantes para o pastoreo derivado do minifundio.
19	<b>IMPULSAREMOS UNHA NOVA NORMATIVA QUE FACILITE A REHABILITACIÓN E RECUPERACIÓN DOS NÚCLEOS RURAIS</b> .

O Rural de Galicia é un medio inherente á nosa condición de galegos, produce alimentos e materias primas de calidade excepcional que aseguran o subministro alimentario e manteñen vivo o rural. Ademais, a actividade conxunta e equilibrada neste medio achega multitude de beneficios ecosistémicos e sociais, como a prevención de lumes forestais, o incremento da biodiversidade, a vixilancia do medio, a pervivencia da paisaxe tradicional, o mantemento de poboación activa no campo e reforza moi notablemente o conseguente equilibrio demográfico no territorio. Chama a atención ademais o incremento experimentado porcentualmente en actividade económica, pois o **sector primario é o 4,6 % do PIB de Galicia** (2.900 millóns de euros) e a **agricultura e gandería achegan 4,52 % do emprego** (49.000 ocupados). As explotacións con terra de Galicia superan as 75.000, moitas delas de pequeno tamaño (pequenas e medianas explotacións con terras propias, etc).

Na actualidade, a Xunta de Galicia está a mobilizar arredor de **35.000 hectáreas** en toda a Comunidade Autónoma a través dos diferentes instrumentos recollidos na Lei de recuperación da terra agraria e das concentracións parcelarias.

- › Galicia ten en marcha o proxecto pioneiro das **aldeas modelo** para a recuperación da terra arredor das aldeas, prevención de incendios e creación de actividade económica. Máis de 30 concellos xa queren unirse.
- › Preto de **4.700 mozas e mozos incorporáronse** ás actividades agrarias en Galicia desde 2009 a 2023.
- › A posta en marcha da **estratexia do leite e da carne**.
- › A **Estratexia de dinamización do sector lácteo** está permitindo terminar de consolidar Galicia como principal rexión leiteira, concentrando máis do **42%** do leite producido en España.
- › No último ano, as vendas dos produtos da agricultura ecolóxica medraron un 40% e Galicia conta xa con 45.600 hectáreas certificadas.
- › Galicia é a primeira comunidade de España en explotacións produtoras de leite ecolóxica.
- › A Xunta ten habilitadas ferramentas web fiables para o cálculo dos custos de produción das explotacións de vacún galegas, tanto de leite como de carne, para impulsar a profesionalización do sector –Contaláctea e Contacarne–.
- › Galicia exporta os seus viños a máis de 80 países de todo o mundo e os nosos caldos con denominación de orixe ocupan o terceiro posto nacional polo seu valor no mercado.
- › A Estratexia de dinamización económica, territorial e turística das comarcas vitivinícolas está a posicionar a nosa comunidade como referente na produción de viño de calidade e como principal destino enoturístico.
- › A nosa é a terceira comunidade autónoma española con máis produtos de calidade certificados, con ata 38 experiencias de calidade, e continuará coa súa incorporación á marca Galicia Calidade.

## NA VINDEIRA LEXISLATURA:

1	<b>AUMENTAREMOS ATA O LÍMITE MÁXIMO LEGAL A PORCENTAXE de axudas que concede a administración autonómica PARA OS SEGUROS AGRARIOS.</b>
2	<b>SUBVENCIONAREMOS O PARQUE DE MAQUINARIA DE USO COMÚN EN CONCELLOS, COMARCAS E NAS AGRUPACIÓNS DE PRODUTORES AGRARIOS,</b> fomentando as dotacións colaborativas que suporán un gran aforro para o conxunto dos profesionais. Incorporaremos axudas á obtención dos carnés de conducir e manipulación de maquinaria, con especial atención cara as mulleres.
3	<b>APROBAREMOS O ESTATUTO DA MULLER RURAL,</b> para establecer medidas a prol da muller e a súa situación no agro galego, na súa representatividade nas organizacións colectivas, etc.
4	<b>INCREMENTAREMOS AS AXUDAS PARA O ACCESO DAS MULLERES Á ACTIVIDADE AGRARIA E Á TITULARIDADE DAS EXPLOTACIÓNS AGROPECUARIAS,</b> co que aumentaremos as posibilidades do relevo xeracional á súa fronte, con axudas á sucesión do Banco de explotacións.
5	<b>SIMPLIFICAREMOS OS PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS RELATIVOS ÁS EXPLOTACIÓNS AGROGANDEIRAS,</b> como as axudas a plans de mellora ou á incorporación de persoas mozas á actividade agraria con iniciativas como: <ul style="list-style-type: none"><li>› <b>PERMITIR OS USOS TRADICIONAIS AGRARIOS DO TERRITORIO DENTRO DAS ZONAS PROTEXIDAS POLA REDE NATURA SEN TRÁMITES ADICIONAIS</b> obrigatorios, tales como sega de herba seca ou peches de protección dos cultivos.</li><li>› <b>REGULAR OS INFORMES SECTORIAIS ADIANTANDO A POSTA EN MARCHA DE PROXECTOS NO RURAL,</b> con redución a tres meses do prazo para emitilos e con sentido positivo automático no caso de non cumprirse este prazo. Automatizaremos o cruzamento de datos entre administracións públicas.</li></ul>
6	<b>IMPULSAREMOS A INCORPORACIÓN DE PERSOAS MOZAS POR PRIMEIRA VEZ ÁS GANDARÍAS A TRAVÉS DE AXUDAS E DUN SERVIZO DE TUTORIZACIÓN.</b>
7	Publicaremos <b>LIÑAS ESPECÍFICAS DE APOIO AO AFORRO ENERXÉTICO NAS EXPLOTACIÓNS,</b> mediante medidas de eficiencia, xunto coa instalación de paneis solares, aeroxeneradores individuais ou <b>COMUNIDADES ENERXÉTICAS.</b>

8	<b>APOIAREMOS A IMPLANTACIÓN DE MÁIS CENTROS DE RECRÍA DE XOVENCAS EN GALICIA</b> , para atender a demanda galega deste servizo e abrir mercado fóra das nosas fronteiras ás xovencas recriadas aquí.
9	Daremos <b>AXUDAS Á AVICULTURA DE POSTA</b> , para facilitar a súa adaptación ás novas normativas sectoriais de benestar animal.
10	Levaremos a cabo a <b>XESTIÓN DE XURROS E ESTERCOS EXCEDENTARIOS MEDIANTE UN SISTEMA CENTRALIZADO DE XESTIÓN</b> , coa construción de plantas de tratamento nas zonas con maiores producións, co fin de obter bio-gás, fertilizantes, etc.
11	<b>ESTABLECEREMOS AXUDAS PARA IMPULSAR A RECRÍA EN PUREZA DAS RAZAS AUTÓCTONAS EN PERIGO DE EXTINCIÓN</b> , así como para dotar ás ganderías de sementais que aseguren a variabilidade xenética.



## INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS

A industria agroalimentaria galega está formada por máis de 1.700 empresas, cunha **facturación superior a 4.500 millóns de euros** (7% do PIB galego). **Ocupa a preto de 18.500 persoas**. Dentro destas hai uns 1.000 establecementos que corresponden a industrias de transformación de materias primas agrarias galegas, así como as industrias de elaboración de produtos de alimentación animal. Son de importancia estratéxica para o sector agrario galego, pois dan valor engadido ás producións do campo e favorecen a pervivencia e desenvolvemento das explotacións agrarias e de todo o tecido económico que as rodea nas zonas rurais.

Neste ámbito, **Galicia converteuse nun referente** con iniciativas como:

- › O investimento desde 2020 de **máis de 66 millóns de euros para apoiar 251 proxectos** ao abeiro das **axudas para os investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios**.
- › O investimento desde 2020 de preto de 16 millóns de euros para apoiar 136 proxectos no marco das axudas para os investimentos para a elaboración e comercialización de produtos vitivinícolas.
- › O investimento desde 2020 de máis de 5 millóns de euros para apoiar 78 iniciativas dentro das axudas para a execución de medidas de promoción do sector vitivinícola en mercados de terceiros.
- › A posta en marcha de liñas de garantías para préstamos convocadas no período 2020-2023, con 59 beneficiarios e 9,45 millóns de euros de préstamos acadados. Esta medidas concretáronse nunha liña de préstamos dirixida ás adegas, así como a investimentos para a transformación e comercialización en industrias.

- › A creación do Servizo da Cadea Alimentaria e Control de Prácticas Comerciais Desleais.
- › A posta en marcha do **matadoiro móbil** que permitirá mellorar a xestión e a rendibilidade de moitas explotacións de pequeno tamaño, localizadas en zonas afastadas de grandes núcleos de poboación e situadas a distancia dos matadoiros convencionais.

## NA VINDEIRA LEXISLATURA:

1	Acadaremos a <b>CAPTACIÓN PARA GALICIA DE NOVAS INDUSTRIAS DO SECTOR LÁCTEO</b> mediante novos proxectos de investimentos estratéxicos, co fin de aumentar a porcentaxe de transformación de leite galego en Galicia.
2	Planificaremos unha <b>ESTRATEGIA DE PROMOCIÓN DA VENDA DIRECTA DE PRODUTOS NAS PEQUENAS E MEDIANAS AGROINDUSTRIAS ACOLLIDAS A SELOS DE CALIDADE DIFERENCIADA</b> .
3	Crearemos unha <b>CENTRAL DE COMPRAS AUTONÓMICA</b> que facilite a comercialización de produtos alimentarios aos produtores. Funcionará como unha especie de economato para compra pública responsable de “Km0”, por exemplo para garderías, residencias, hospitais, colexios, centros de día.
4	<b>FOMENTAREMOS NOVOS CENTROS COMARCAIS DE TRANSFORMACIÓN DE PRODUTOS AGRARIOS DE USO COLECTIVO</b> , para dar servizo aos pequenos produtores que queiran incrementar o valor engadido das producións con conservas, derivados cárnicos, aceite, envasado do mel ou froitos vermellos, sidra, marmeladas, etc.
5	<b>SEREMOS A PRIMEIRA COMUNIDADE AUTÓNOMA EN IMPLANTAR UNHA CERTIFICACIÓN DE SUSTENTABILIDADE DAS NOSAS PRODUCCIÓNS AGROGANDEIRAS DE CALIDADE</b> que aumente o prestixio dos nosos produtos.
6	<b>REMATAREMOS O ESPELLO DO RURAL DE SERGUDE</b> , que amosará as producións agrarias galegas nun mesmo lugar.
7	Crearemos o <b>CONSELLO ALIMENTARIO DE GALICIA</b> . Será o órgano colexiado de asesoramento, apoio e proposta para os asuntos referidos á ordenación, promoción, fomento e desenvolvemento da calidade alimentaria de Galicia.
8	Crearemos un modelo formativo baseado en <b>ESCOLAS DE SECTORES</b> onde teñamos consellos reguladores (queixeiros, apicultores, pastoreo, agricultura ecolóxica, etc), co obxectivo de potenciar a renovación xeracional.
9	<b>IMPULSAREMOS A CONEXIÓN ENTRE AS PRODUCCIÓNS AGROALIMENTARIAS DE CALIDADE E O SECTOR DE RESTAURACIÓN GALEGA</b> , co obxectivo de incrementar a presenza destes produtos nas cartas dos nosos restaurantes.

10	REGULAREMOS, en consenso co sector, <b>NORMAS DA EMPANADA E DA CONSERVA DE PRODUTOS DO MAR DENTRO DO SELO ARTESANÍA ALIMENTARIA.</b>
11	<b>POTENCIAREMOS A DIETA ATLÁNTICA</b> como vantaxe competitiva para o turismo e a gastronomía, baseada na biodiversidade galega (variedades e razas tradicionais).
12	Facilitaremos medidas para habilitar o <b>SACRIFICIO DE CARNE KOSHER E HALAL</b> , previa autorización e cumprindo os requisitos legais esixidos.
13	<b>ACTUALIZAREMOS O REXISTRO VITÍCOLA</b> como ferramenta de planificación territorial e control de producións.
14	<b>CELEBRAREMOS 12 FEIRAS NACIONAIS E INTERNACIONAIS DE PROMOCIÓN DE GALICIA CALIDADE</b> , nas que promoveremos os produtos da excelencia do agro galego.
15	Desenvolveremos unha <b>BOLSA CO SOLO INDUSTRIAL DISPOÑIBLE NOS POLÍGONOS DOS CONCELLOS RURAIS PARA FACILITAR A IMPLANTACIÓN DE NOVAS INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS.</b>
16	<b>ESTABLECEREMOS UN PLAN PARA INCREMENTAR A PRODUCCIÓN INDUSTRIAL DE PRODUTOS DE ALIMENTACIÓN ANIMAL</b> , como medio para unha maior sostibilidade e resiliencia das producións gandeiras e alimentarias.
17	<b>DESENVOLVEREMOS O MERCADO DO CARBONO NO SECTOR PRIMARIO GALEGO</b> , para que os seus beneficios ambientais e económicos queden en Galicia e na súa industria agroalimentaria.



Galicia posúe unha superficie forestal de **2 millóns de hectáreas**, das cales 1.457.331 hectáreas están cubertas de bosques, segundo os datos do Inventario Forestal Continuo de Galicia. Esta superficie forestal contribúe significativamente á economía e ao entorno natural.

A **facturación da cadea de valor forestal-madeira ascendeu a 2.700 millóns de euros no ano 2022**, o máximo histórico da serie desde o ano 2006. Produciuse máis, vendeuse máis e a mellores prezos. A cadea forestal-madeira achega o **1,6 % do PIB galego**,

representando o **12% do emprego industrial con preto de 20.000 empregos directos**, maioritariamente empregos no rural.

Neste ámbito, **Galicia converteuse nun referente** con iniciativas como:

- › Sentar os alicerces para a posta en marcha do proxecto de xestión sustentable dos bosques galegos a través do impulso da biodiversidade no monte e pechar o círculo de aproveitamento forestal en Galicia cun centro de fabricación de fibras téxtiles a partir da madeira proxecto de Altri, Ence ou outros que desexen pechar o ciclo produtivo en Galicia.
- › A diferenza do resto de CCAA, **Galicia dispón dunha Axencia creada especificamente para fomentar e impulsar á industria forestal-madeira** (Axencia galega da industria forestal).
- › **Aumentou a dixitalización e competitividade** do tecido empresarial galego ligado á industria forestal-madeira **mediante o apoio ás novas tecnoloxías, maquinaria e a modernización das súas instalacións**, con máis de **40 millóns de euros en axudas públicas** nos últimos 4 anos.
- › **A Xunta de Galicia é a única Comunidade que anunciou publicamente un compromiso** que, cando menos, unha porcentaxe das súas novas edificacións **presenten madeira na súa estrutura, servindo como exemplo e cabeza tractora en políticas de descarbonización e fomento da madeira local**.
- › Galicia é a única Comunidade que, dende o ano 2020, vén publicando liñas de axuda para **impulsar a madeira estrutural (local e sustentable) nas novas construcións de promoción privada** (para un total superior aos 6 millóns de euros nestes 4 anos).
- › Estableceu as bases para o pleno desenvolvemento dun **Sistema voluntario de créditos de carbono propio**, poñendo por primeira vez neste tipo de mercados en España o acento na xestión sustentable e activa, na mobilización racional da terra mediante os diferentes usos agrarios e favorecendo a substitución de materiais intensivos en carbono por outros, como a madeira local.

Neste ámbito, **Galicia converteuse nun referente** grazas a:

- › A aprobación da **1ª revisión do Plan Forestal de Galicia 2021-2040 “Cara á neutralidade carbónica”**, un documento base na planificación estratéxica deste sector.
- › A posta en marcha do Inventario Forestal Continuo de Galicia, unha ferramenta que contará cunha actualización permanentemente.
- › A posta en marcha do programa estratéxico do castiñeiro e da produción de castaña.
- › A ordenación forestal, pasando de **200.000 ha a unhas 500.000 hectáreas con instrumentos de ordenación** ou xestión forestal.
- › A certificación forestal: chegouse ás **400.000 hectáreas baixo algún sistema de certificación**, das que 160.000 son de xestión pública.
- › **O apoio ao asociacionismo forestal para facilitar os procesos de comercialización conxunta** de produtos ou xestionar servizos de forestación e silvicultura conxuntos, ao abeiro dunha orde publicada da tal efecto.
- › **A promoción da xestión activa de masas de frondosas autóctonas**, apoiando as incluídas no rexistro administrativo de masas consolidadas.



- › **A consolidación do Observatorio Forestal da Oficina Agraria Virtual.** Mellorouse a xestión administrativa dos aproveitamentos forestais en Galicia coa publicación do novo decreto de aproveitamentos. Esta regulación permitiu consolidar os aproveitamentos forestais en 10 millóns de metros cúbicos e avanzar cara o obxectivo de acadar os 12 millóns de metros cúbicos.
- › A metade da madeira que se corta anualmente en España procede dos montes galegos e Galicia é a novena potencia europea no sector forestal.
- › A aprobación da 1ª revisión do Plan Forestal de Galicia 2021-2040 “Cara á neutralidade carbónica” contempla un investimento público-privado de 4.900M€ orientada a garantir a sustentabilidade do monte galego, a manter unha actividade produtiva e a diversificación de usos.
- › Galicia é a comunidade autónoma de España que máis fondos destina á prevención e defensa contra os incendios forestais, case 200 M€ entre todas as iniciativas transversais enmarcadas na planificación preventiva.

## DE CARA Á VINDEIRA LEXISLATURA:

1	<b>DESENVOLVEREMOS OS PLANS DE ORDENACIÓN DOS RECURSOS FORESTAIS</b> , coa finalidade de realizar unha ordenación axeitada da superficie forestal galega e buscando potenciar o aproveitamento sostible do noso monte.
2	Promoveremos a <b>XESTIÓN FORESTAL</b> para mitigar o abandono das nosas terras, mediante: <ul style="list-style-type: none"> <li>› <b>UN PROGRAMA DE APOIO ÁS AGRUPACIÓNS FORESTAIS DE XESTIÓN CONXUNTA.</b></li> <li>› <b>O IMPULSO DAS CONCENTRACIÓNS PARCELARIAS DE MONTES.</b></li> <li>› <b>O PROGRAMA DE ESTABLECEMENTO DE NOVOS CONTRATOS TEMPORAIS DE XESTIÓN PÚBLICA.</b></li> <li>› <b>O APOIO Á XESTIÓN PROFESIONALIZADA DE SOUTOS E BOSQUES DE FRONDOSAS.</b></li> </ul>
3	Aprobaremos unha <b>NOVA LEI DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DE GALICIA</b> que actualice e regule de forma efectiva unha xestión moderna de tan importantes entidades.
4	Crearemos o <b>CENTRO DE CONSERVACIÓN E MANEXO DE MATERIAL FORESTAL DE REPRODUCCIÓN E UNHA REDE DE PARCELAS FORESTAIS DE ALTO VALOR XENÉTICO.</b>
5	<b>VALORIZAREMOS AS MASAS DE CONÍFERAS, AUMENTAREMOS A PRODUTIVIDADE DOS EUCALIPTAIS E DAS MASAS DE FRONDOSAS</b> para promover a produción de madeira de alto valor.

6	<p><b>IMPULSAREMOS O SECTOR DA CASTAÑA DE GALICIA MEDIANTE O DES-ENVOLVEMENTO DO SEU PLAN ESTRATÉXICO</b> con axudas ás novas plantacións de castaños e recuperación de soutos tradicionais e axudas para a modernización da industria de transformación.</p>
7	<p><b>AFIANZAREMOS AS POLÍTICAS DE DESCARBONIZACIÓN QUE OUTORGUEN MAIOR VALOR ENGADIDO Á MADEIRA DE GALICIA</b>, incidindo especialmente no fomento da fibra téxtil e no uso da madeira en construción.</p>
8	<p><b>CREAREMOS UN CENTRO GALEGO DE BIOECONOMÍA FORESTAL</b> que sexa referencia e mostra do coñecemento e capacidades científico-técnicas existentes en Galicia e que sirva de punto de encontro entre investigadores, empresas, asociacións ligadas ao sector forestal xuntamente con toda a sociedade galega.</p>
9	<p><b>CONVOCAREMOS AXUDAS PARA POTENCIAR A CONSTRUCIÓN EN MADEIRA DE EDIFICACIÓNS PLURIFAMILIARES.</b></p>
10	<p><b>IMPULSAREMOS UNHA LIÑA GALEGA DE MOBILIARIO PROPIA E DIFERENCIADA PARA AS INFRAESTRUTURAS DA XUNTA DE GALICIA</b> (albergues públicos, centros de saúde, centros de formación e educación, centros de maiores...), deseñada polas empresas galegas e na que se incorpore a madeira de Galicia de bosques xestionados de forma sostible.</p>
11	<p><b>DESENVOLVEREMOS NOVOS PROCESOS DE TRANSFORMACIÓN INDUSTRIAL PARA AS MADEIRAS DE FRONDOSAS CADUCIFOLIAS</b> de Galicia, tentando acadar o maior valor engadido. Traballaremos con luthiers, artesáns, empresas de tonelería, de construción, empresas agroalimentarias ou de biomasa para acadar este obxectivo.</p>
12	<p><b>ESTABLECEREMOS SISTEMAS DE INSPECCIÓN E AVALIACIÓN DA SOSTIBILIDADE DA XESTIÓN FORESTAL E DO SEU MARCO LEGAL VIXENTE</b>, mediante a creación de áreas específicas dentro da administración forestal para entre outros:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>› Establecer protocolos e mecanismos de seguimento e control do estado fitosanitario dos nosos bosques.</li> <li>› Monitorizar a súa resiliencia e adaptación ao cambio climático.</li> <li>› Controlar os montes incluídos no sistema rexistral forestal de Galicia.</li> </ul>

O operativo galego de extinción de incendios forestais afronta episodios de incendios dunha complexidade crecente onde suceden ciclicamente situacións que superan a capacidade de extinción, dun xeito cada vez máis habitual e menos puntual. Isto vén da man da tendencia á prolongación das épocas de alto risco de incendio ao longo do ano e á intensificación e maior virulencia do lume en canto ao seu comportamento, limitando notablemente a eficacia dos medios de extinción na busca do seu control.

Dita situación require dunha evolución constante por parte do dispositivo de extinción que, por unha parte, permita incorporar os medios necesarios e adecuados para afrontar estas situacións con maior solvencia e, por outra, acade unha maior formación, mellor equipamento e doutrina de emprego dos medios e da adaptación da tradicional dirección de extinción dos lumes cara a unha realidade máis complexa.

Ademais, a prevención de incendios xoga un papel moi importante, de aí que na actualidade o Servizo de prevención e defensa contra os incendios centre a maioría dos seus esforzos neste cometido.

Galicia converteuse en referente por:

- › Execución do seu **Plan preventivo** ano a ano.
- › Poñer en marcha un **fondo público privado, que xa sumou a unha importante multinacional galega do sector téxtil, para contribuír á** implementación de medidas que promovan a resiliencia do territorio galego ante posibles incendios, así como a protección e restauración do ecosistema galego.
- › Inicio das obras do **Centro integral de loita contra o lume de Toén**.
- › Creación dun **taller e centro loxístico dirixido ao dispositivo de incendios** (en Lalín).
- › Construción da **primeira base aérea transfronteiriza para avións de carga en terra e helicópteros** (Verín e Oímbra).
- › Desenvolvemento do **convenio entre coa empresa Seaga e a Fegamp para a protección das aldeas**. O 90% dos concellos de Galicia están adheridos.
- › Creación da primeira **Unidade de Investigación de Incendios Forestais** a nivel estatal e da **Unidade de Directores de Extinción**, o primeiro paso cara a especialización da dirección de extinción clásica no caso dos Grandes Incendios Forestais.
- › Ampliación do tempo de servizo do colectivo de bombeiros forestais e do resto do persoal laboral do dispositivo de nove ata doce meses. **Dous terzos do cadro de persoal dos empregados públicos do servizo traballa todo o ano**.
- › Posta en marcha do **Plan de Infraestruturas do dispositivo** que contempla a mellora dos antigos puntos de encontro cara a Bases de Unidades Operativas (BUOs) e a construción de 6 novos BUOs.
- › **Reforma e modernización das bases aéreas de Castromaior, Doade, Beariz, A Merca, Mazaricos e Becerreá**.
- › **Renovación do 80% do parque de motobombas e dos vehículos todoterreo**.

## DE CARA Á VINDEIRA LEXISLATURA:

1	<b>APROBAREMOS A LEI DE LOITA INTEGRAL CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DE GALICIA.</b> Este texto será o que rexa toda a normativa en defensa dos incendios forestais.
2	<b>IMPULSAREMOS A PLANIFICACIÓN DO TERRITORIO RURAL DE GALICIA CON CRITERIOS DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS</b> co deseño dos plans de ordenación dos recursos forestais das diferentes comarcas galegas con especial atención ás medidas e infraestruturas preventivas. <ul style="list-style-type: none"><li>REFORZAREMOS A LOITA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS E VELUTINA <b>AMPLIANDO OS CONTRATOS LABORAIS DOS BOMBEIROS FORESTAIS DE 6 A 9 MESES</b>, unha medida de aplicación gradual que repercutirá moi positivamente na estabilización destes postos de traballo e no medio ambiente.</li></ul>
3	<b>IMPULSAREMOS MONTES PERIURBANOS EN TODAS AS CIDADES GALEGAS.</b> Con esta iniciativa, os cidadáns poderán desfrutar de actividades deportivas e de ocio nunha contorna chea de biodiversidade e, ao tempo, ter protexida a súa cidade dos incendios forestais.
4	<b>COLABORAREMOS COS CONCELLOS PARA A ELABORACIÓN DOS PLANS PREVENTIVOS DE INCENDIOS,</b> a través do convenio de protección das aldeas.
5	HABILITAREMOS MECANISMOS PARA A ROZA DE PARCELAS DE PARTICULARES, RETIRADA DA BIOMASA E POSTERIOR XESTIÓN DA MESMA.
6	<b>APROBAREMOS AXUDAS PARA O ESTABLECEMENTO DE RABAÑOS CONTRA O LUME,</b> para executar labores de roza e xestión da biomasa en zonas de elevada incidencia de lumes.
7	<b>CREAREMOS 50 ÁREAS CORTALUME DE ATA UN TOTAL DE 5.000 HECTÁREAS DE SUPERFICIE</b> naquelas áreas nas que houbera incendios na última década e colocaranse en lugares estratéxicos procurando a protección das aldeas.
8	<b>FOMENTAREMOS AS QUEIMAS PRESCRITAS</b> coordinadas coas comunidades de montes veciñais, as sociedades de caza e os titulares de explotacións agropecuarias da zona.
9	CREAREMOS UN FONDO PARA RECUPERAR OS TERRITORIOS AFECTADOS POR INCENDIOS FORESTAIS COA CAPTACIÓN DE RECURSOS PRIVADOS, INVOLUCRANDO AO MAIOR NÚMERO POSIBLE DE EMPRESAS.

10	<b>INSTALAREMOS CÁMARAS DE VIDEOVIXILANCIA</b> estratéxicamente en áreas do territorio que agora non contan con elas.
11	Profesionalizaremos o dispositivo co <b>DESENVOLVEMENTO DA UNIDADE DOS DIRECTORES DE EXTINCIÓN E A AMPLIACIÓN DO CADRO DE PERSOAL DA UNIDADE DE INVESTIGACIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS.</b>
12	Aumentaremos o tempo de servizo das <b>BRIGADAS MUNICIPAIS</b> de prevención e extinción ata <b>OS SEIS MESES</b> e potenciaremos a implicación dos seus membros na xestión do territorio mediante apoios ao desenvolvemento da actividade agrogandeira.
13	<b>CONSTRUIREMOS NOVAS BASES DE UNIDADES OPERATIVAS</b> para mellorar o dispositivo.
14	<b>CONSTRUIREMOS A BASE AÉREA CENTRAL DE GALICIA</b> , en Lalín, que dende o centro do noso territorio multiplique a operatividade dos efectivos aéreos e particularmente os helicópteros do servizo contra incendios.
15	<b>CONSTRUIREMOS UNHA NOVA PISTA AÉREA NO CONCELLO DE VALGA</b> para ampliar a cobertura no territorio dos avións de carga en terra.
16	<b>ADQUIRIREMOS PRETO DE MEDIO CENTO DE MOTOBOMBAS, CASE 300 VEHÍCULOS</b> (entre todoterreos e pickup) <b>E PRETO DE 25 MÁQUINAS MULTIFUNCIÓN</b> (que serven para facer prevención e tamén para traballar en extinción) para renovar o parque móbil e realizar traballos de anticipación aos lumes.



## CONTROL SAÚDE ANIMAL E DE PRAGAS

### DE CARA Á VINDEIRA LEXISLATURA:

1	<b>REFORZAREMOS AS AXUDAS Á SANIDADE ANIMAL</b> , mediante o apoio a medidas de bioseguridade que protexan fronte a peste porcina africana, a gripe aviar e outras enfermidades, así como á bioseguridade das explotacións bovinas.
2	<b>MODERNIZAREMOS AS FEIRAS DE GANDO</b> , mediante axudas para mellorar as súas instalacións e para o establecemento de sistemas electrónicos de control do gando participante.

3	<b>ELABORAREMOS UNHA NOVA NORMATIVA EN RELACIÓN ÁS AGRUPACIONES DE DEFENSA SANITARIA GANDEIRAS</b> , para asegurar a súa extensión a todo o territorio, e incrementaremos as axudas a estas entidades.
4	<b>CREAREMOS UN LABORATORIO DE SEGURIDADE BIOLÓXICO VÍRICO E BACTERIANO</b> con fins de prevención, diagnóstico e tratamento de enfermidades do gando galego. Será unha unidade mixta entre o Centro de Investigacións de Mabegondo e o Lasapaga.
5	<b>AVANZAREMOS NA PROCURA DUNHA SOLUCIÓN BIOLÓXICA CONTRA AS PRAGAS COMO A DA VESPA VELUTINA</b> , en colaboración co tecido investigador e o sector da apicultura, estudando medidas innovadoras como os atraentes das raíñas con feromonas e outras iniciativas que non perxudiquen á biodiversidade propia de Galicia.
6	<b>POÑEREMOS EN MARCHA UN SISTEMA DE ALERTAS SANITARIAS ANIMALES E VEXETAIS BASEADO EN INTELIXENCIA ARTIFICIAL.</b>
7	Desenvolveremos o <b>REXISTRO DE MONTES PROTECTORES E O PROGRAMA DE SAÚDE E VITALIDADE FORESTAL DE GALICIA</b> , co obxecto de garantir a sanidade dos nosos bosques.
8	<b>INTENSIFICAREMOS AS MEDIDAS DE LOITA CONTRA AS PRAGAS E ENFERMIDADES DO CASTIÑEIRO.</b>
9	POÑEREMOS EN MARCHA UN <b>SISTEMA DE ALERTAS TEMPERÁS PARA PREVER POSIBLES ENFERMIDADES NAS EXPLOTACIONES DERIVADAS DE MOVEMENTOS DE INSECTOS VECTORES DEBIDO AO CAMBIO CLIMÁTICO OU DE MOVEMENTOS DE AVES MIGRATORIAS</b> , co obxecto de formar e informar aos produtores sobre os riscos das mesmas e poder anticiparse ás perdas que poidan producir.
10	<b>ERRADICAREMOS AS ENFERMIDADES VEXETAIS DE CORENTENA</b> e abriremos novas liñas de axudas para combatelas. Este reforzo posicionará a Galicia como referente na sanidade vexetal nos mercados galegos, nacionais e internacionais.



# APOIO AO SECTOR MARÍTIMO-PESQUEIRO EN EUROPA E NO MUNDO

Galicia conta cunha ampla experiencia na defensa dos intereses marítimo-pesqueiros en Europa, tanto de forma directa como en representación das comunidades autónomas e rexións. Existe un amplo coñecemento do funcionamento e estrutura orgánica da UE; e tamén das persoas implicadas en todas as institucións.

Galicia é a primeira rexión pesqueira, acuícola e transformadora da UE e por iso coñece tan ben as implicacións político-administrativas da xestión e ordenación pesqueira; un recoñecemento implícito do liderado neste eido.

Galicia xerou múltiple documentación (entre ditames e informes do Consello Galego de Pesca, das universidades ou dos centros de investigación) para defender os intereses do sector pesqueiro no proceso de toma de decisións das autoridades europeas. Prestou especial atención á elaboración de traballos de carácter neutral, que son os mellor valorados polas autoridades comunitarias, referendados por entidades alleas á administración ou con relevante prestixio, como a Fundación MarInnLeg ou o Instituto Universitario de Estudos Europeos Salvador de Madariaga.

## NOS PRÓXIMOS CATRO ANOS:

1	FORTALECEREMOS A ACCIÓN DE TRABALLO ANTE A UNIÓN EUROPEA CO <b>REFORZO DA DELEGACIÓN EN BRUXELAS</b> con maior coordinación das entidades do sector marítimo pesqueiro e da cadea mar-industria.
2	<b>DEMANDAREMOS A REVISIÓN DA POLÍTICA COMÚN DE PESCA</b> COA DEFENSA DOS INTERESES GALEGOS NESTE PROCESO.
3	PROMOVEREMOS UNHA DEFINICIÓN XUSTA E EQUILIBRADA DE ESPAZOS MARIÑOS PROTEXIDOS, defendendo o uso de datos científicos completos e actuais na súa delimitación e mantendo unha defensa xurídica firme diante dos casos de peche discrecional de zonas de pesca.
4	LIDERAREMOS O PROCESO DE DESCARBONIZACIÓN E TRANSICIÓN ENERXÉTICA DA FROTA PESQUEIRA DESDE UNHA PERSPECTIVA REALISTA E ASUMIBLE.
5	ADECUAREMOS AS DEMANDAS DO NOVO REGULAMENTO DE CONTROL Á REALIDADE GALEGA, traballando para definir sistemas áxiles e sinxelos co fin de levar un diario electrónico e un sistema de xeolocalización nas embarcacións de pesca costeira artesanal.

6

**IMPULSAREMOS A ACTUALIZACIÓN DO PLAN DE ACCION DA PESCA DE FONDO**, promovendo unha visión equilibrada e rigorosa da utilización de artes como o **arrastre**, que teña en conta a actividade desenvolvida e a análise dos impactos reais sobre os fondos mariños.

7

**DEFENDEREMOS OS INTERESES DO SECTOR:**

- a. **NA REVISIÓN DOS ACORDOS PESQUEIROS RESULTANTES DO BREXIT**, que terán lugar en 2026.
- b. **NAS ORGANIZACIÓNS REXIONAIS DE PESCA E NOS CONSELLOS CONSULTIVOS PESQUEIROS INTERNACIONAIS E EUROPEOS.**
- c. **NOS ACORDOS COMERCIAIS E PESQUEIROS DA UE CON TERCEIROS PAÍSES.**



## PESCA

O sector marítimo-pesqueiro ten un valor fundamental para Galicia. Se tivéssemos que definir un trazo diferencial da economía galega sobre a europea, este sería a importancia na nosa economía da pesca, do marisqueo e da acuicultura, ao que habería que engadir toda unha importante cadea mar-industria. Unha actividade estratéxica e vital que constitúe o epicentro de todas e cada unha das políticas públicas postas en marcha desde a Xunta de Galicia.

Non existe ningún país europeo no que as actividades primarias do sector pesqueiro e a súa capacidade de indución de actividade industrial teñan un peso tan relevante no PIB, acadando o complexo mar-industria o 4,8% (o sector extractivo chega ao 2,1%) e englobando a nivel laboral a máis de 50.000 persoas con empregos directos. Este conxunto de datos leva a que o Valor Engadido Bruto que xera a pesca e a acuicultura sexa en Galicia 25 veces superior ao da Unión Europea e máis de seis veces superior ao de España.

As últimas estatísticas da Pesca-Conserva Galegas 2019 certifican que desde 2011 o valor da produción do sector ascendeu preto dun 50% e que a suma da actividade da cadea extractiva, do mar-industria e do comercio exterior pesqueiro de Galicia roldou os 9.000 M€ en ingresos, acadando a cifra máis alta na historia. Ademais, certifícase que nove de cada dez actividades económicas na comunidade relaciónanse coa pesca e a cadea mar-industria.



## É POLO QUE NA VINDEIRA LEXISLATURA:

1	<b>INVESTIREMOS 25M€ AO ANO PARA A RENOVACIÓN DA FROTA</b> con preferencia para a frota artesanal, de xeito que se poida adecuar o número de buques sen perder capacidade de pesca e emprego, integrando sistemas de propulsión con menor pegada de carbono e dotados de mellor habitabilidade e seguridade para a tripulación.
2	<b>XERAREMOS UN BANCO GALEGO DE ARQUEO E POTENCIA PARA ATENDER NECESIDADES DE REGULARIZACIÓN DOS BUQUES</b> , de xeito que se poidan atender necesidades de capacidade para mellorar aqueles buques existentes en termos de seguridade, habitabilidade ou transición enerxética.
3	<b>ACADAREMOS A DIXITALIZACIÓN COMPLETA DOS PROCESOS ADMINISTRATIVOS RELACIONADOS COA PESCA</b> , sumando novos pasos, como o aviveiramento de especies para a súa posterior venda, ou incorporando novos procesos, como o da cobertura dixital do diario de pesca de forma sinxela.
4	<b>ARTELLAREMOS UNHA REDE DE OFICINAS DE ATENCIÓN PESQUEIRA</b> , para que a frota galega que faena noutros océanos poida facer trámites e recibir apoio administrativo nos principais portos estranxeiros nos que opera.
5	<b>CREAREMOS UNHA OFICINA TÉCNICO-XURÍDICA DE APOIO ÁS SOCIEDADES MIXTAS DE CAPITAL GALEGO ASENTADAS EN TERCEIROS PAÍSES</b> , de forma que conten con asesoramento xurídico e administrativo e canalicen as súas demandas cara ás administracións.
6	<b>ATENDEREMOS A XERACIÓN DUN MARCO DE COÑECEMENTO AMPLO ANTE OS RETOS DO SECTOR</b> , xerando dúas iniciativas de disposición de datos e información:  a. <b>EXTENDEREMOS O TRABALLO DA UNIDADE TÉCNICA DE PESCA DE BAIXURA Á PESCA DE LITORAL</b> , en particular ao arrastre e ao cerco, con especial atención á verificación do respecto ás especies mariñas vulnerables, como cetáceos e aves.  b. <b>DESENVOLVEREMOS UN CARTOGRAFIADO DE CUANTIFICACIÓN SOCIOECONÓMICO</b> DOS NOSOS ESPAZOS PESQUEIROS, de cara a coñecer o impacto das propostas de produción eléctrica ou de protección ambiental nestes ámbitos.
7	<b>ACTUALIZAREMOS A NORMATIVA DA PESCA RECREATIVA</b> , de xeito que se integren de forma realista e axeitada ás indicacións legais emanadas da UE e do Goberno central.



# MARISQUEO

A actividade marisqueira en Galicia ten unha grande importancia económica, social e ambiental, tanto polos seus indicadores socioeconómicos como pola a súa influencia no mantemento das condicións ambientais do medio mariño.

O marisqueo ten máis de 3.600 permisos de explotación de marisqueo a pé; conta con case 2.500 embarcacións coa modalidade de marisqueo de vara no permiso de explotación e 700 con algunha modalidade de recursos específicos. No ano 2022, en termos organizativos de xestión son máis de 70 entidades asociativas que acadaron unha produción de 8.279 Ton de produtos marisqueiros por un valor de 78,5 M€. Imos seguir loitando para que se recoñeza o marisqueo como fonte de alimento de calidade, sostible e respectuoso co medio ambiente, tendo en conta o papel que esta actividade ten en Galicia, cunha costa altamente produtiva, cunha ampla diversidade de especies dispoñibles e vencelladas á nosa cultura gastronómica.

Neste ámbito, Galicia converteuse nun referente con iniciativas como:

- › Ser a única comunidade autónoma en ofrecer un sistema real de gobernanza a través de plans de xestións elaborados polo propio sector que agora teñen un marco trianual e incorporan obxectivos biolóxicos e ecolóxicos relacionados co uso sustentable e a longo prazo dos recursos, xunto con outros de carácter social e económico dispoñendo dunha axuda periódica para a xestión da práctica totalidade dos plans presentados.
- › Reforzar e ampliar os recursos autonómicos e aspectos relacionados coa comercialización, a mellora das condicións de traballo e a gobernanza, e así facilitar unha mellor xestión do recurso e o benestar e a implicación das persoas profesionais.

Por a disposición deste sector, considerado estratéxico, recursos procedentes dos fondos FEMP dirixidos á mellora da produción e da preservación dos ecosistemas, que teñen permitido colocar ao marisqueo máis alá do concepto de pesca costeira artesanal xa que non é unha actividade meramente extractiva o que nos permite neste momento aproveitar en mellor posición os fondos FEMPA.

## NA VINDEIRA LEGISLATURA:

1

**APROBAREMOS UN PLAN DE ACCIÓN 2030**, incidindo especialmente nos problemas e ameazas analizadas co sector, grazas a ferramentas que permitan a xestión de todos os factores de presión sobre a franxa litoral.

2

**DESEÑAREMOS UNHA RÍA DIXITAL**; como proxecto piloto dunha zona de produción de moluscos bivalvos que facilite a toma de decisións.

3	<b>APROBAREMOS UN PLAN DE CONTROL DE DEPREDADORES DAS ESPECIES MARISQUEIRAS.</b>
4	<b>APROBAREMOS UN PLAN DE SEGUIMIENTO E CONTROL DE ESPECIES INVASORAS</b> , aproveitando a capacidade da rede de observadores do medio mariño que, recompila e informa das distintas especies e informa aos usuarios.
5	<b>REFORZAREMOS E AMPLIAREMOS A REDE DO SECTOR PESQUEIRO E OS INVESTIGADORES</b> (Redemar) ata acadar unha rede fortalecida que poida dar solución aos distintos retos aos que se enfrenta o sector.
6	<b>DESEÑAREMOS UN PROXECTO DE FORMACIÓN PILOTO PARA A INCORPORACIÓN DE XÓVENES AO SECTOR EN ZONAS EN DECLIVE</b> , mellorando a capacidade profesional, as competencias dixitais dos mariscadores e a súa organización, sempre que se integren no plan de xestión.



## ACUICULTURA

A acuicultura debe recuperar e afianzar a capacidade de promoción económica e laboral que tivo e ten en numerosas zonas da nosa comunidade, facéndoo dunha maneira harmónica e compatible coa sostibilidade ambiental dos emprazamentos onde se localiza.

Galicia traballa de maneira coordinada a prol de establecer unha planificación axeitada, acompañada das medidas legais, administrativas e económicas que permitan executala para conseguir o obxectivo do relanzamento desta actividade na actualidade e nos anos vindeiros.

Ademais, soster e dotar de plena competitividade ao sector miticultor é unha cuestión imprescindible. Neste senso, hai que ter en conta que foi esta actividade a principal destinataria do apoio orzamentario dos últimos anos, devindo nunha progresiva mellora das súas estruturas produtivas e comerciais. O mantemento das liñas de apoio a este sector dentro do FEMPA constitúe un dos feitos máis importantes á hora de orientar a nosa actividade e as liñas principais de apoio económico.

A industria dos cultivos mariños é fundamental e estratéxica para a economía de Galicia, pois conta con preto de 2.600 empresas e máis de 5.600 traballadores que en 2022 lograron a maior facturación dos últimos 14 anos con 256 M€.

## ASÍ, NA VINDEIRA LEXISLATURA:

1

**IMPULSAREMOS UN PLAN ESTRATÉXICO PRODUTIVO E COMERCIAL PARA O MEXILLÓN**, CUN INVESTIMENTO DE 120 M€, en colaboración co sector e coa orientación á obtención de maior valor engadido e da sostibilidade e competitividade ambiental, social e económica do sector mitilicultor:

- a. **REDACTAREMOS E APLICAREMOS UN PLAN DE XESTIÓN DE MEXILLA**, que recolla anualmente a situación do recurso e as posibilidades de extracción, baixo a base do coñecemento científico da disposición e necesidades de mexilla.
- b. **APOIAREMOS O DESENVOLVEMENTO DE HATCHERIES PARA A PRODUCCIÓN DE MEXILLA**, de forma que se evite a dependencia da captación ou extracción natural e se permita mellorar na resiliencia do recurso fronte ao cambio climático.
- c. **ARTELLAREMOS UN ESTUDO DE BUSCA E DESENVOLVEREMOS MEDIDAS DE PRESENZA EN NOVOS MERCADOS**, mediante a promoción específica neles e o asesoramento para o movemento internacional do produto.
- d. **ACHEGAREMOS APOIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DE NOVOS PRODUTOS E FORMATOS DO MEXILLÓN NOS MERCADOS**, buscando a obtención de maior valor engadido e a ruptura da brecha do produto como ben percedoiro.
- e. **ANALIZAREMOS E DESENVOLVEREMOS MEDIDAS DE MELLORA DO PAPEL DA DENOMINACIÓN DE ORIXE PROTEXIDA**, fomentando a inclusión dos avances producidos no sector e fortalecendo a certificación e a integración dos elos da cadea de valor do mexillón no Consello Regulador.
- f. **PROMOVEREMOS UN SISTEMA DE AVAL DAS VENDAS MEDIANTE UNHA FERRAMENTA PÚBLICO-PRIVADA**, de xeito que se permita a mellora no aseguramento das operacións comerciais, especialmente fóra de España.

2

**ADECUAREMOS E ACTUALIZAREMOS A NORMATIVA DA MITILICULTURA**, coa inclusión dos avances acaecidos no sector bateiro e para adaptala á realidade da actividade:

- a. **PROMOVEREMOS O RECOÑECIMENTO E A REALIDADE DA EXISTENCIA DE NOVOS ARTEFACTOS DE CULTIVO E PRODUCCIÓN DE SEMENTE**, removendo limitacións de captación ou movemento.
- b. **AXEITAREMOS A REGULACIÓN DA OBTENCIÓN DE SEMENTE**, avanzando cara a planificación da xestión do recurso.

3

**CULMINAREMOS A ORDENACIÓN DOS PARQUES DE CULTIVO E AFIANZAREMOS A SÚA COMPETITIVIDADE**, regulando aspectos relativos á titularidade, trazabilidade e valor comercial, para o que se impulsará unha Indicación Xeográfica Protexida.

4	FORTALECEREMOS A SEGURIDADE XURÍDICA E ECONÓMICA DO SECTOR A TRAVÉS DO APOIO NORMATIVO E DA ADAPTACIÓN AOS SEGUROS DE PRODUCCIÓN.
5	CREAREMOS UNHA <b>OFICINA DE TRAMITACIÓN ÚNICA PARA OS PROXECTOS ACUÍCOLAS</b> .
6	ELABORAREMOS UNHA ESTRATEXIA DE MELLORA DO COÑECEMENTO PARA O FUTURO DO SECTOR a través de dúas iniciativas: <ul style="list-style-type: none"> <li>a. <b>UN ESTUDO DA CAPACIDADE DE CARGA PRODUTIVA DAS NOSAS RÍAS</b> e espazos protexidos, de cara a xestionar e ordenar a actividade de forma sostible e equilibrada nos eidos ambiental e económico.</li> <li>b. <b>UN CARTOGRAFIADO SOCIOECONÓMICO DOS NOSOS ESPAZOS ACUÍCOLAS</b>, de cara a coñecer o impacto das propostas de produción eléctrica ou de protección ambiental nestes ámbitos.</li> </ul>



## TRANSFORMACIÓN E COMERCIALIZACIÓN

Galicia sabe a mar; un sabor coñecido por moitos pero non por todos, polo que o desenvolvemento de novas liñas de promoción; a reformulación dos programas de promoción de consumo nas escolas e nos mercados de proximidade; e a presenza en feiras sectoriais son vitais para seguir a difundir os valores nutritivos e culinarios dos produtos do mar.

O obxectivo non é outro que facer que siga a ser competitivo, especialmente nos mercados, que teñen mudado profundamente tralo descenso da canle HORECA e a dinamización dos sistemas dixitais de compra. De aí a vontade de reforzar os apoios para adecuar as estruturas produtivas e as campañas promocionais e avanzar na dixitalización das canles comerciais, facilitando a chegada dos produtos aos consumidores.

Nos últimos catro anos:

- › Segundo as últimas Táboas Input-Output da Pesca-Conserva Galegas 2019, a produción do sector do mar acadou os 5.500 M€ (+50% que nas táboas de 2011), dos que 4.350 M€ (o dobre que en 2011) foron xerados pola industria transformadora. Unha industria na que traballan máis de 13.000 persoas.
- › Pola súa banda, o sector conserveiro, clave para Galicia en termos de emprego e produción nacional, ao supoñer o 75% do emprego e o 88% da facturación, aumentou no último ano un 5,7% a súa facturación, ata chegar a preto de 1.750 M€. E alcanzouse o valor máis alto por quilogramo desde que existen rexistros, con 5,71 €/Kg.
- › No eido internacional, Galicia superou en 2022 a cifra dos 2.700 M€ de exportacións de produtos do mar, crecendo un 12% en comparación con 2021 e un 125% desde 2009. É a 10ª potencia exportadora mundial de produtos pesqueiros, por diante de países coma Xapón ou Islandia.

## NOS PRÓXIMOS CATRO ANOS:

1	PROMOVEREMOS UNHA <b>PLATAFORMA VIRTUAL DE VENDA DE PRODUTOS DO MAR</b> , para un maior rendemento económico, especialmente no marisqueo.
2	<b>COMPLETAREMOS A DIXITALIZACIÓN DAS LONXAS GALEGAS</b> , culminando o proxecto Primare e dotando a todos os espazos de venda dunha posibilidade de poxas online e da xeración dixital de toda a identificación e trazabilidade dos produtos comercializados.
3	PROMOVEREMOS UNHA <b>HOMOLOGACIÓN DAS CONFRARÍAS COMO ORGANIZACIÓNS DE PRODUTORES</b> , para acceder ás vantaxes outorgadas pola UE a estas entidades.
4	<b>REDACTAREMOS UN PLAN ESTRATÉXICO DO CONXELADO DE PRODUTOS DO MAR CARA A 2030</b> , da man do sector, coa vista posta na adecuación da estrutura produtiva internacional.
5	IMPULSAREMOS UN <b>MARCO NORMATIVO PARA A DINAMIZACIÓN, TRANSFORMACIÓN E COMERCIALIZACIÓN</b> da cadea mar-industria, cos seguintes eixos: <ul style="list-style-type: none"><li>a. UN INSTRUMENTO FINANCEIRO PARA ATENDER ÁS GRANDES EMPRESAS.</li><li>b. A NOVA LEI GALEGA DO LITORAL.</li><li>c. Seguiremos reclamando ao Goberno de España un PERTE específico para este sector.</li></ul>
6	<b>ACADAREMOS A PLENA IDENTIFICACIÓN DOS PRODUTOS GALEGOS DO MAR CON CALIDADE DIFERENCIADA</b> MEDIANTE A MARCA “GALICIA CALIDADE”.
7	AMPLIAREMOS AS <b>CAMPAÑAS PROMOCIONAIS DE CONSUMO</b> , con especial atención ao ámbito urbano e con amplitude nacional e internacional, a través da rotulación do transporte e campañas específicas en mercados de abastos.
8	<b>PROMOVEREMOS A REMUDA XERACIONAL</b> MEDIANTE A FORMACIÓN NOS EIDOS COMERCIAL E TRANSFORMADOR: <ul style="list-style-type: none"><li>a. DOTANDO ÁS PLACEIRAS E RESPONSABLES DE PESCADERÍAS DUNHA FORMACIÓN ESPECÍFICA NA PREPARACIÓN DOS PRODUTOS DO MAR.</li><li>b. ESTABLECENDO UN PLAN FORMATIVO PARA CADROS E RESPONSABLES DE EMPRESAS COMERCIALIZADORAS E TRANSFORMADORAS.</li></ul>



# SEGURIDADE ALIMENTARIA – CONTROL E TRAZABILIDADE

Galicia é a principal rexión produtora de moluscos de Europa sendo dende sempre obxectivo prioritario para o PPdeG ser un referente no control das zonas de produción e acadar o máximo nivel de seguridade alimentaria. Imos seguir potenciando o Intecmar no seu exercicio de función de control da calidade do medio mariño para garantir e reforzar a presenza dos nosos produtos nos mercados nacionais e internacionais.

Neste ámbito, Galicia converteuse nun referente con iniciativas como:

- › Ter o primeiro centro de control oficial de España en ter implantado e acreditado (febreiro 2013) o novo método químico de referencia para a análise das biotoxinas mariñas lipofílicas.
- › Acadar unha melloría na clasificación das zonas de produción de moluscos; así, desde abril 2009 ata outubro 2023 houbo un incremento da porcentaxe de zonas de mellor clasificación (↑ zonas A) dun 3,1% ata un 13,5% e un descenso da porcentaxe de zonas de peor clasificación (↓ zonas C) dun 15,3% ata un 6,8%.
- › Ter un centro de control oficial referente na súa materia tendo sido designado no 2016 pola Secretaría Xeral de Pesca (Magrama) como o único laboratorio de España para a realización de tódalas análíticas das mostras recollidas en diferentes zonas de produción no Reino de España no marco dun estudo europeo sobre a presenza de Norovirus en ostras.
- › Intecmar foi designado no 2021 pola Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición (Aesan) como Laboratorio Nacional de Referencia de Biotoxinas Mariñas.

## E, NA VINDEIRA LEXISLATURA:

1

AMPLIAREMOS A ACREDITACIÓN DO LABORATORIO OFICIAL con novos ensaios para adaptarnos ás necesidades de protección dos consumidores fronte a contaminantes ou biotoxinas mariñas.

2

AMPLIAREMOS O NÚMERO DE PUNTOS DE MOSTRAXE para mellorar as redes de control detectando calquera risco con repercusión directa na saúde dos consumidores.

A Xunta de Galicia está a xestionar dun xeito integral os seus espazos portuarios nun marco aberto de convivencia nas vilas onde se ubican, apostando decididamente polo pulo de cada sector, dende a pesqueiro-productivo e a cadea mar-industria ata o náutico recreativo. Así mesmo traballa na modernización das instalacións e servizos portuarios investindo nas súas infraestruturas e implantando novas tecnoloxías mais eficientes.

Os recursos autonómicos orzamentados para asumir os gastos dos 122 portos de titularidade da Xunta, medraron nesta lexislatura desde os 29 M€ aos mais de 36 M€ previstos no vindeiro orzamento para 2024.

## NOS PRÓXIMOS CATRO ANOS:

1	<b>HOMOXENEIZAREMOS AS TAXAS PESQUEIRAS NOS PORTOS GALEGOS, AXUSTANDO Á BAIXA</b> AQUELAS NAS QUE EXISTA DISCREPANCIA ENTRE INSTALACIÓNS DE DIFERENTE TITULARIDADE.
2	<b>PROMOVEREMOS UN PLAN PARA A RENOVACIÓN INTEGRAL DOS ESPAZOS PARA CONFRARIAS, ARMADORES E VENDEDURIAS</b> , planificando a mellora e ampliación de lonxas, departamentos e outras estruturas de apoio ao sector marítimo-pesqueiro.
3	<b>AMPLIAREMOS NUN 20% O NÚMERO DE ATRAQUES, REORDENANDO AS DÁRSENAS</b> , mediante unha reorganización máis eficiente dos espazos e ocupacións e creando novas instalacións.
4	<b>PROMOVEREMOS REDES DE SUBMINISTRO DE ENERXÍA PARA A RECARGA DE SISTEMAS DE PROPULSIÓN ELÉCTRICOS</b> , incluíndo a renovación das redes eléctricas de fornecemento e alumeadado, de abastecemento, os controis de acceso e despregando torres intelixentes de consumo.
5	<b>AVANZAREMOS NA INTEGRACIÓN DOS ESPAZOS PORTUARIOS NA CONTORNA DAS VILAS E CIDADES, PROCEDENDO A URBANIZAR DEZ NOVOS PORTOS</b> , dun xeito consensuado e respectando os seus usos tradicionais.
6	<b>PROMOVEREMOS A CAPTACIÓN DE TRÁFICOS DOS PEIRAOS COMERCIAIS</b> , xerando ofertas de importación e exportación nos portos autonómicos, a almacenaxe de mercadorías e o procesado daquelas susceptibles de poder integrarse na área portuaria pola súa tipoloxía, como o dos produtos do mar.





# MAR: O RETO DA REMUDA XERACIONAL

Debemos achegar á sociedade todas as potencialidades, recursos e valores que nos ofrece o mar, co obxectivo de mobilizar coñecemento sobre a contorna marítima e o moito que ofrece á economía. A educación é o motor máis potente para impulsar unha remuda xeracional formada en habilidades e capacidades, comprometida coa especialización e a diversificación dos oficios, e concienciada coa importancia do mar para o desenvolvemento sostible de Galicia.

Na última década saíron dos centros de formación dependentes da Consellería do Mar preto de 1.850 titulados profesionais en ensinanzas marítimo-pesqueiras; e as matrículas nas escolas náutico-pesqueiras medrou arredor dun 60,39% desde 2009.

## NOS VINDEIRO CATRO ANOS:

1

**FORMULAREMOS UNHA ADECUACIÓN DA FORMACIÓN Á REALIDADE E NECESIDADES DO SECTOR**, fomentando unha cobertura das fendas operativas ou económicas que impiden a mellora da capacitación profesional:

- a. **REVISAREMOS E ADAPTAREMOS OS PROCESOS DE FORMACIÓN COA INCLUSIÓN DE MAIOR ACTIVIDADE A BORDO**, á vez que se adecúa a lectiva ás necesidades reais da actividade de hoxe en día.
- b. **COMPLETAREMOS A DISPOSICIÓN DE CURSOS ONLINE DE FORMACIÓN PARA O EMBARQUE**, especialmente para aquelas persoas que queiran vir a embarcar nos buques galegos procedentes de terceiros países.
- c. **PROMOVEREMOS O OUTORGAMENTO DE AXUDAS AOS ARMADORES E PATRÓNS QUE EMBARQUEN E FORMEN A ALUMNADO** das escolas náutico-pesqueiras galegas, de xeito que non supoñan cargas económicas adicionais para eles e compensen o tempo empregado na formación.
- d. **ACHEGAREMOS AXUDAS ECONÓMICAS QUE COMPLEMENTEN O SALARIO PERCIBIDO NOS PERÍODOS OBRIGATORIOS DE EMBARQUE PARA DISPOR DOS TÍTULOS** por parte dos profesionais que cursen formación náutico-pesqueira e se enrolen en buques pesqueiros.
- e. **OUTORGAREMOS BECAS QUE ACHEGUEN INGRESOS MÍNIMOS AO ALUMNADO NAMENTRES CURSAN FORMACIÓN NON REGRADA DO ÁMBITO PESQUEIRO**, especialmente naqueles casos onde as persoas teñen cargas familiares.

Na materia de **emprego público**, o Goberno Galego está levando a cabo un importante proceso de **transformación e modernización** da Administración Pública centrada nos seguintes **eixos de actuación**:

- › **Homoxeneización das condicións de traballo do persoal empregado público**, a través da realización dos **procesos de funcionarización do persoal laboral fixo**, para acadar que a maioría dos postos de traballo se desenvolvan por persoal funcionario.
- › **Redución da temporalidade** no emprego público e **modernización do cadro de persoal** da Administración, a través da realización periódica de probas selectivas.
- › **Implantación da carreira administrativa** do persoal **funcionario** e o **complemento de desempeño** do persoal **laboral**, na procura de acadar un maior compromiso das persoas empregadas públicas na organización administrativa e, ao mesmo tempo, levar a cabo un **incremento das súas retribucións**.
- › **Potenciación da dixitalización**, mediante a implantación do **sistema FIDES** en todos os seus procesos (procesos selectivos, concursos de traslados, listas de contratación temporal e carreira profesional).

As políticas levadas a cabo pola Xunta de Galicia nestes **ÚLTIMOS ANOS** supuxeron que:

- › **Máis de 2.000 persoas pasaron a ter un vínculo funcional** e no 2024 outras 2.000 persoas o cambiarán.
- › En materia retributiva, dende o ano 2019 **máis de 16.000 empregados públicos** viron incrementadas as súas retribucións coa percepción do **complemento de carreira administrativa/complemento de desempeño**.
- › En materia de acceso ao emprego público, dende o ano 2020-entraron a **traballar na Administración unhas 2.500 persoas**, logo de superar o correspondente proceso selectivo. Ademais estanse tramitando procesos selectivos que afectan a máis **1.000 prazas de acceso libre**, así como **5.679 prazas** derivadas dos **procesos de estabilización** do persoal temporal.
- › En materia de relacións laborais, dende o ano 2020 asináronse **importantes acordos coas organizacións sindicais** en materia de teletraballo, carreira administrativa ou condicións de traballo do persoal da Consellería de Política Social e Xuventude.
- › Galicia, tamén, foi a **1ª Comunidade Autónoma en regular a modalidade de traballo a distancia** no ámbito da Administración Xeral.
- › Ademais, tamén se asinaron coas organizacións sindicais o **I Plan de Igualdade na Xunta de Galicia** e o **protocolo de actuación fronte ao acoso** e as violencias sexuais e psicolóxicas no traballo.
- › Fomos pioneiros aprobando o Decreto que regula o **Estatuto do persoal de investigación da administración galega**. Esta norma ofrece un marco profesional estable e atractivo garantindo a estabilidade laboral deste persoal, definindo unha senda de desenvolvemento profesional e mellorando e homoxeneizando as súas condicións laborais.

## NOS VINDEIROS CATRO ANOS, DESDE O GOBERNO DO PPDEG NA XUNTA:

1	<b>Continuaremos desenvolvendo procesos selectivos</b> para afrontar o envellecemento do persoal empregado público. Con tal finalidade, <b>CONVOCAREMOS NOS VINDEIROS CATRO ANOS MÁIS DE 4.000 NOVAS PRAZAS</b> , que permitan reter e captar o talento das mozas e mozos deste país.
2	<b>ESTABLECEREMOS LISTAS DE CONTRATACIÓN TEMPORAL ABERTAS PERMANENTEMENTE.</b> Un sistema simplificado e de fácil acceso que permitirá, entre outros aspectos, que <b>as mozas e mozos</b> que rematen os seus estudos <b>podan incorporarse</b> ás mesmas e ter unha primeira experiencia profesional no seo da Administración Pública galega.
3	<b>REDUCIREMOS A TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO POR DEBAIXO DO 7%.</b>
4	<b>POTENCIAREMOS A INTEGRACIÓN NA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELLECTUAL</b> asumindo o compromiso que ao remate da vindeira lexislatura, <b>COMO MÍNIMO, O 1% DO TOTAL DAS PRAZAS ESTEAN OCUPADAS POR ESTE PERSOAL.</b> A tal efecto aprobaremos un <b>Decreto de provisión para persoas con discapacidade intelectual</b> e recolleremos en todas as <b>relacións de postos de traballo</b> as prazas susceptibles de ser desempeñadas por este persoal.
5	Garantiremos o <b>PRAZO MÁXIMO DUN ANO</b> para a <b>RESOLUCIÓN DOS PROCESOS SELECTIVOS</b> desde a súa convocatoria.
6	<b>DESENVOLVEREMOS</b> as <b>74 medidas</b> recollidas I <b>PLAN DE IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA</b> , entre elas estarán a <b>instalación de salas de lactación e escolas infantís en centros públicos</b> ou favorecer que á hora de acceder a un emprego público e cos mesmos méritos teña <b>prioridade o xénero menos representado.</b>
7	<b>ESTABLECEREMOS CONCURSOS DE TRASLADOS ABERTOS E PERMANENTES</b> coa finalidade de potenciar as posibilidades de mobilidade do persoal e facilitar a conciliación da vida persoal e familiar das persoas empregadas públicas.
8	<b>REALIZAREMOS UN PROGRAMA TITORIAL ENTRE AS PERSOAS EMPREGADAS PÚBLICAS MÁIS VETERANAS E AS MÁIS NOVAS.</b> Ante o volume de xubilacións que se van a producir nos vindeiros anos, adoptaremos as medidas necesarias para <b>non perder ese coñecemento do persoal con máis anos de experiencia.</b> Crearemos <b>GRUPOS DE TRABALLO</b> nas distintas escalas, especialidades ou categorías profesionais, <b>integrados polas persoas con máis anos de servizo e as de menos anos.</b>

9	<b>CONSOLIDAREMOS E AMPLIAREMOS OS ACORDOS ACADADOS COAS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS</b> para mellorar as condicións laborais dos empregados públicos.
10	<b>DESENVOLVEREMOS O SISTEMA ORDINARIO DA CARREIRA ADMINISTRATIVA DO PERSOAL FUNCIONARIO.</b> A tal efecto, aprobaremos o <b>Decreto</b> que regule esta materia.
11	<b>IMPLANTAREMOS O EXPEDIENTE PERSOAL ELECTRÓNICO A TRAVÉS DO SISTEMA FIDES NO ÁMBITO DA ADMINISTRACIÓN XERAL.</b> Este sistema xa está establecido no ámbito do Sergas, permitindo unha resolución máis eficaz de todos os procesos que afecten ao persoal (listas de contratación, procesos selectivos, carreira administrativa).
12	<b>INCREMENTAREMOS A FORMACIÓN EN COMPETENCIAS DIXITAIS BÁSICAS DO PERSOAL EMPREGADO PÚBLICO,</b> en liña coa nova certificación <i>Comdix</i> , baseada no Marco galego de competencias dixitais.
13	<b>REFORZAREMOS A FORMACIÓN EN NOVAS TECNOLOXÍAS E EN ECONOMÍA PÚBLICA,</b> coa convocatoria de <b>novas actividades sobre administración electrónica, ciberseguridade e intelixencia artificial.</b>
14	<b>REFORZAREMOS A FORMACIÓN DO PERSOAL DIRECTIVO E PREDIRECTIVO</b> co deseño dun plan específico para este colectivo centrado no liderado público, competencias comunicativas e traballo en equipo e que baremará a efectos de concursos.



## EMPREGO PÚBLICO SANITARIO

Os e as profesionais da sanidade pública son a base do noso sistema sanitario e as actuacións de infraestrutura, tecnoloxía e organización asistencial deben estar ao servizo de facilitar o seu labor e a súa atención aos pacientes.

Nese sentido, o PPdeG traballa na mellora das súas condicións de traballo na convicción de que isto ten importante repercusión na atención sanitaria.

**NESTA LEXISLATURA** a política de recursos humanos sanitarios do PPdeG logrou os seguintes avances:

- › A **creación de 3.400 prazas de persoal da sanidade pública** desde 2020, superando por primeira vez a media de 40.000 profesionais diarios traballando na sanidade pública galega.
- › Avanzar no **proceso de permanente estabilización deste persoal** con convocato-

rias periódicas de ofertas públicas de emprego, incluíndo a convocatoria en **2023 da maior oferta pública de emprego da historia do Sergas**, que permitirá adxudicar **máis de 5.500 prazas estables**.

- › Galicia foi a primeira comunidade autónoma en **lexislar para poder ofertar mediante concurso de méritos as prazas sanitarias de difícil cobertura** e convocou xa **máis de 500 prazas** por este sistema.
- › A consecución de sucesivos **acordos unánimes cos sindicatos da Mesa Sectorial da sanidade** para mellorar condicións na atención primaria e no persoal hospitalario que realiza quendas. O impacto de todas as melloras retributivas acordadas desde a saída da pandemia supón á Xunta uns 78 millóns de euros ao ano.
- › A consecución dun acordo sindical unánime para o desenvolvemento do **complemento de carreira profesional** e a súa extensión a todo o persoal temporal e tamén ao persoal residente en formación, chegando este ano a superar os 146 millóns de euros.
- › A aprobación do primeiro **Plan de Igualdade do Sergas**, con medidas concretas xa en vigor para lograr que a maternidade en ningún caso afecte negativamente ás retribucións das nosas empregadas.
- › A aprobación do primeiro **decreto regulador da formación sanitaria especializada**, con incentivos para o persoal que colabora na formación de novos residentes.

## NA VINDEIRA LEXISLATURA:

1	APROBAREMOS, negociando coas organizacións sindicais, un <b>PLAN PLURIANUAL DE PROVISIÓN DE PRAZAS</b> , que fixe os obxectivos das ofertas de emprego público que se desenvolvan ao longo da lexislatura.
2	<b>AXILIZAREMOS AO MÁXIMO OS PROCESOS DE SELECCIÓN DE PERSOAL NO SERGAS</b> para facilitar a súa <b>ESTABILIZACIÓN</b> , acurtando os prazos de resolución e <b>PROMOVENDO O USO DO CONCURSO DE MÉRITOS</b> en todas as categorías sanitarias que superan xa un proceso formativo e selectivo homologado a nivel nacional.
3	Crearemos un <b>NOVO MODELO DE PERSOAL ADMINISTRATIVO SANITARIO</b> que permita reorganizar funcións tanto en atención primaria como hospitalaria e descargar de tarefas de xestión burocrática ao persoal asistencial.
4	Deseñaremos, como medida de retención e fidelización dos profesionais, <b>PROCESOS ESPECÍFICOS DE PROMOCIÓN INTERNA</b> mediante formación específica en áreas chave da organización.
5	Aprobaremos <b>MODELOS RETRIBUTIVOS POR OBXECTIVOS</b> en todas as categorías sanitarias, vinculados á calidade, humanización e ao bo aproveitamento dos recursos.

6	Estableceremos un <b>PLAN DE FORMACIÓN PARA O PERSOAL EN LISTAS DE CONTRATACIÓN</b> para mellorar a súa capacitación e a súa operatividade no momento de incorporarse aos centros sanitarios aos que sexan chamados.
7	Estableceremos <b>PROGRAMAS DE ROTACIÓN ENTRE ÁREAS SANITARIAS</b> para que os profesionais de todo o sistema público autonómico se relacionen entre eles e coñezan as prácticas realizadas en cada unha das áreas do Sergas.
8	Crearemos un <b>PROGRAMA DE FORMACIÓN PARA DIRECTIVOS DE XESTIÓN SANITARIA</b> , para mellorar as habilidades xestoras do persoal directivo en exercicio ao tempo que prepararemos a outro persoal do Sergas para ocupar cargos directivos no futuro.
9	Desenvolveremos un <b>PROGRAMA COÑECEMENTO SENIOR</b> que permita a profesionais da sanidade pública xa xubilados colaborar de xeito voluntario en tarefas de formación destinadas a novos profesionais ou á cidadanía en xeral.
10	Implantaremos unha <b>APLICACIÓN CORPORATIVA PARA O PERSOAL DO SERGAS</b> , ao xeito doutras grandes organizacións, na que o persoal poida facer todas as súas xestións laborais; así como, recibir información da organización, remitir suxestións de mellora ou recibir contidos de formación.

# A GALICIA DO FUTURO



# A GALICIA DO FUTURO



# A GALICIA DO FUTURO

Queremos unha GALICIA aberta, con amplitude de miras e ambición, con horizonte e sen fisuras. Queremos unha GALICIA do século XXI, que protexa o seu patrimonio mentres abre as súas fiestras a un mundo cheo de oportunidades que cheguen para quedarse. Queremos unha GALICIA sen muros, sen fronteiras, unha GALICIA en harmonía e tolerancia.

Queremos unha GALICIA ambiciosa que blinde os seus servizos públicos, unha GALICIA na que baixen os impostos, pero suba a calidade de vida.

Queremos unha GALICIA contemporánea, ambiental, cultural e territorialmente. Unha GALICIA limpa e fermosa. Unha GALICIA que loite contra o cambio climático con altura de miras, unha GALICIA atractiva para o turismo conciliador, respectuoso e sostible. Queremos unha GALICIA competitiva no deporte, nas infraestruturas, na seguridade e na xustiza.

Queremos unha GALICIA atractiva para peregrinos e visitantes, acolledora, comfortable con hostelería e hotelería de calidade. Unha GALICIA con natureza e paisaxes inesquecibles.

A GALICIA de RUEDA está chamada a ser a GALICIA dun pobo que se sinte orgullosa de seu, con cultura milenaria e unha lingua viva en constante evolución. Unha GALICIA en harmonía coas tecnoloxías máis punteiras e capaz da fusión máis enriquecedora.

A GALICIA DE RUEDA, unha Galicia herdeira do bo, a Galicia de hoxe e a GALICIA do FUTURO.



## GALICIA COMO REFERENTE DE INNOVACIÓN

Son numerosas as actuacións que vimos desenvolvendo no eido da investigación e da innovación nos últimos anos, cos diferentes sectores e colectivos, cara a dentro (a nivel de gobernanza na Xunta) e cara a fóra.

De feito, nos indicadores que temos en materia de **investigación e de innovación, pasamos de situarnos no posto duodécimo** entre as comunidades autónomas **no ano 2011 a estar en 2021 no posto sétimo**.

Ademais, sobre o **Índice de Competitividade Rexional da Unión Europea de 2022**, somos a oitava rexión máis innovadora de España e somos unha das CCAA mais destacadas no número de pemes innovadoras que colaboran con outras.

Isto ten sido posible porque **Galicia converteuse nun referente** con iniciativas como:

- › Ao inicio da lexislatura púxose en marcha a **Comisión Interdepartamental de I+D+i**. Entre outros resultados, permitiu un incremento do investimento en I+D+i na Xunta de Galicia en máis do 55%, pasando de 189,6M€ en 2019 a 294,4M€ en 2023.
- › **Creamos a Materioteca de Galicia**, un espazo de difusión de materiais innovadores respondendo á necesidade de dinamizar a implantación destes materiais na empresa galega.
- › **Despregamos** novas iniciativas no Polo Aeroespacial de Galicia, afondando na especialización en **tecnoloxías de sistemas non tripulados**, para consolidar e posicionar Galicia como referencia europea neste sector.
- › Desenvolvemos a **estratexia galega** para a consolidación e o crecemento do **sector da biotecnoloxía** creando un biopolo en Galicia e converténdonos nunha das rexións onde se crean máis empresas biotecnolóxicas.
- › Centramos os esforzos no ámbito da I+D+i no campo enerxético, especialmente no hidróxeno verde, identificado daquela como clave no futuro da transición enerxética.
- › Apoiamos a dixitalización das pemes dando prioridade aos proxectos que se identificaron como necesarios, promovendo o desenvolvemento de espazos compartidos como os centros de fabricación avanzada, onde as pemes galegas poidan validar os seus produtos e deseños.

## AÍNDA QUE TEMOS AVANZADO, HAI QUE SEGUIR ACTUANDO POLO QUE NA VINDEIRA LEXISLATURA:

1

**CREAREMOS** unha oficina de transferencia de I+D+i, consensuada entre todos os axentes, para mellorar as estruturas, os procesos de TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO E TECNOLOXÍA e os recursos humanos, para que os resultados da investigación que se fai en Galicia cheguen á sociedade e ao mercado.

2	<b>REFORZAREMOS AS CAMPAÑAS DE CAPTACIÓN DE TALENTO</b> fóra de Galicia, focalizándoas en contornas xeográficas e centros de referencia concretos do Reino Unido, Alemaña, Francia, Países Baixos e Suíza, e países de maior proximidade cultural como os de América Latina, Italia ou Portugal, dentro do Plan de apoio á investigación científica, co fin de crear e enriquecer grupos de impacto en Galicia.
3	<b>DESENVOLVEREMOS</b> unha ferramenta informática para o seguimento e avaliación dos servizos relacionados coa posta en marcha e implementación da nova Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia.
4	<b>AMPLIAREMOS</b> as axudas das convocatorias de Bonos de Innovación e Plan de Innovación DeseñaPeme + InnovaPeme.
5	<b>INCREMENTAREMOS</b> a porcentaxe de Compra Pública Innovadora, creando unha unidade administrativa integrada para a xestión e o apoio xurídico co fin de facilitar e axilizar a execución deste tipo de proxectos.
6	<b>APOIAREMOS</b> as empresas emerxentes “ <i>startups</i> ” cunha convocatoria de rescate aos Proxectos Neotec do Centro para el Desarrollo Tecnológico y la Innovación (CDTI).
7	<b>ABRIREMOS</b> a convocatoria de misións para proxectos estratéxicos de I+D+i executados por consorcios participados por centros de investigación, grandes empresas, pemes e centros tecnolóxicos.
8	<b>REALIZAREMOS</b> unha convocatoria nova para o fortalecemento e ampliación das capacidades dos Centros Tecnolóxicos Galegos.
9	<b>APOSTAREMOS</b> polo investimento en infraestruturas de supercomputación e computación cuántica, co fin de manter o posicionamento de Galicia nestes eidos, xa que contamos co maior supercomputador cuántico do sur de Europa e con outro novo que vai servir para impulsar grandes proxectos de investigación en áreas específicas que teñen como base a Intelixencia Artificial, os bio-algoritmos e outras áreas de especial relevancia para Galicia.



# ECONOMÍA CIRCULAR E XESTIÓN DOS RESIDUOS

**A xestión sostible e eficiente dos residuos** é unha ferramenta esencial para que Galicia avance, con paso firme, cara á economía circular. Os vertedoiros incontrolados representan unha das maiores lacras medioambientais, así como unha das maiores ameazas para o benestar, a saúde e a calidade de vida dos cidadáns. É por isto que non daremos un paso atrás na estratexia ambiental que vimos liderando na loita contra os vertedoiros incontrolados, tendo como un dos principais obxectivos acadar en Galicia a vertedura técnica cero, é dicir, que só se deposite en vertedoiro o lixo que non se poida reciclar, compostar ou valorizar.

Neste ámbito, **Galicia foi nun referente** con iniciativas como:

- › A **ampliación de Sogama**, que ten capacidade para tratar 1 millón de toneladas de residuos, fronte ás 550.000 do 2009.
- › A redución, no sistema Sogama, **do depósito de residuos municipais en vertedoiro nun 99,54%**.
- › A construción dunha rede pública de infraestruturas **formada por 17 instalacións** para tratar a materia orgánica.
- › Ser unha das primeiras comunidades **en dotarse dunha Estratexia de Economía Circular**.
- › Aprobar **unha lei autonómica de residuos e solos contaminados**, un ano antes que o Estado.
- › Publicar **unha guía de contratación pública ecolóxica** da Xunta para impulsar a aplicación de criterios verdes.

## NA VINDEIRA LEGISLATURA:

1	<b>AVANZAREMOS PARA SER PIONEIROS EN ACADAR UNHA XESTIÓN DE RESIDUOS CLIMATICAMENTE NEUTRA EN 2040</b> , con medidas como o uso de medios de transporte máis sostibles e con menor pegada de carbono, a descarbonización dos procesos industriais de Sogama, o uso de enerxías renovables e a posta en marcha dun ambicioso plan de eficiencia enerxética.
2	<b>IMPULSAREMOS PROXECTOS DE ENERXÍAS RENOVABLES</b> , proporcionando aos galegos enerxía verde xerada a partir de refugallos non reciclables.
3	<b>FAREMOS DA XESTIÓN DOS RESIDUOS UN SECTOR ECONÓMICO CON PROXECCIÓN</b> , transformando os residuos en recursos, e preservando deste xeito as xa escasas e limitadas materias primas virxes.

4	<b>PROFESIONALIZAREMOS O SECTOR DOS RESIDUOS</b> e preparáremolo para ser proactivo, competitivo e <b>CREADOR DE EMPREGO VERDE</b> , cualificado e de calidade.
5	<b>POÑEREMOS EN MARCHA, NO COMPLEXO MEDIOAMBIENTAL DE SOGAMA, UNHA PLANTA DE RECUPERACIÓN DE RESIDUOS TÉXTILES</b> , tendo en conta que a recollida diferenciada deste material será obrigatoria para os concellos pola lexislación europea a partir do ano 2025.
6	<b>INCENTIVAREMOS O EMPREGO DE MATERIAL DE RECICLAXE EN OBRAS</b> , especialmente nas públicas.
7	<b>IMPULSAREMOS ESTRATEXIAS PARA REDUCIR O DESPERDICIO ALIMENTARIO</b> creando conciencia na poboación con accións concretas para toda a cadea de produción, distribución e consumo.



## LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO

**Galicia leva anos traballando na loita contra o quecemento global**, co obxectivo de converter á comunidade nun auténtico **refuxio climático**. O esforzo e compromiso dos últimos anos veuse reflectido **na importante redución das emisións de gases á atmosfera**, algo no que teñen moito que ver os nosos bosques, que actúan auténticos sumidoiros naturais de carbono.

Neste eido, **Galicia é un referente** con iniciativas como:

- › A **Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050**, que ten como obxectivo acadar a neutralidade climática en Galicia en 2040.
- › O deseño do **Plan Rexional Integrado de Enerxía e Clima 2019-2023** para o desenvolvemento e implantación da Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050.
- › A coordinación do **Pacto das Alcaldías** en Galicia, que fai que na actualidade haxa 285 concellos adheridos sendo considerado como exemplo de boas prácticas na UE.
- › A posta en marcha da **Alianza Galega polo Clima**, unha iniciativa de colaboración público-privada que avoga pola busca de medidas comúns e coordinadas que xeren sinerxías na acción climática en Galicia.
- › O deseño do anteproxecto de **Lei do clima** de Galicia, que vai elevar a rango legal en Galicia a neutralidade climática.
- › A creación da oficina técnica de **Galicia Resiliente** para acompañar a todos os actores galegos no seu camiño cara a neutralidade climática.
- › Ou o **proxecto SICLE** (Solucións Innovadoras para a Compensación Local de Emisións de CO<sub>2</sub>), que contribuirá a mellorar a economía no medio rural, fixando poboación á vez que se consegue a neutralidade climática.

## NA PRÓXIMA LEXISLATURA:

1	<b>VELAREMOS POLO EQUILIBRIO DOS ECOSISTEMAS NATURAIS</b> , coordinando a loita contra especies invasoras (velutina, picudo vermello, couza guatemalteca, etc) e o control de especies autóctonas (xabaril, lobo, corzo, etc).
2	<b>APROBAREMOS A LEI DO CLIMA DE GALICIA</b> reguladora das medidas CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO e continuaremos avanzando cara acadar a <b>NEUTRALIDADE CLIMÁTICA DE GALICIA NO 2040</b> .
3	<b>IMPULSAREMOS A INTRODUCCIÓN DA EDUCACIÓN AMBIENTAL NO CURRÍCULO ESCOLAR</b> e fomentaremos en todos os ámbitos valores de respecto, solidariedade, compromiso, protección e implicación da cidadanía no coidado da contorna e da saúde.
4	<b>ELABORAREMOS UNHA GUÍA PARA O DESEÑO INTEGRAL DE VIVENDAS ENERXETICAMENTE EFICIENTES</b> na nosa comunidade, apostando pola edificación sostible e pola redución de emisións á atmosfera.
5	<b>IMPLANTAREMOS O SEGUNDO PLAN GALEGO INTEGRADO DE ENERXÍA E CLIMA</b> , con medidas adaptadas ao período 2024-2030.
6	<b>COLABORAREMOS COS CONCELLOS PARA CONSEGUIR QUE O 100% SE DOTE DUN PLAN DE ENERXÍA E CLIMA</b> , coas liñas a seguir en materia de resiliencia e cambio climático.
7	<b>SEGUIREMOS MELLORANDO E AMPLIANDO A REDE DE CALIDADE DO AIRE DE GALICIA</b> , conformada por 46 estacións fixas que permiten avaliar a boa calidade do aire que temos en Galicia.
8	<b>SEGUIREMOS IMPULSANDO A ALIANZA GALEGA POLO CLIMA</b> , co obxectivo de levar a corresponsabilidade medioambiental a todas as empresas que operan en Galicia.



# PROTECCIÓN DO PATRIMONIO NATURAL

**Buscamos unha Galicia máis verde e natural**, e facémolo a través da ordenación e conservación dos nosos espazos naturais protexidos e coa protección dos monumentos naturais e especies. Deste xeito, continuaremos coa **aposta pola nosa biodiversidade e polo patrimonio natural** que fai único a Galicia.

Neste ámbito, **Galicia conseguiu:**

- › **A aprobación dos plans de xestión e ordenación** de todos os parques naturais e do parque nacional.
- › **Acometemos a renovación integral do marco normativo relativo ao patrimonio natural** (por exemplo, coa lei de benestar animal, a lei de patrimonio natural e a lei de pesca continental).
- › E continuando co **apoiio ao sector gandeiro ante os ataques da fauna silvestre**, apostando especialmente polas medidas de prevención.

## NA VINDEIRA LEGISLATURA:

1	<b>PROPOÑEREMOS A CREACIÓN DA OITAVA RESERVA DA BIOSFERA DE GALICIA</b> no Parque Nacional das Illas Atlánticas.
2	<b>PROMOVEREMOS A CREACIÓN DA MARCA 'PARQUE NATURAL DE GALICIA'</b> como selo de calidade co que diferenciar e poñer en valor os produtos, servizos e empresas destes espazos protexidos e da súa contorna.
3	<b>ACOMETEREMOS A REPOBOACIÓN CON ESPECIES AUTÓCTONAS DE TERREOS FORESTAIS SITUADOS EN ESPAZOS NATURAIS</b> , seguindo o exemplo de experiencias piloto como a realizada nas Fragas do Eume.
4	<b>FOMENTAREMOS A ADOPCIÓN DE ANIMAIS DE COMPAÑÍA ABANDONADOS.</b>
5	<b>DOTAREMOS DE PARQUES DE OCIO CANINO AOS CONCELLOS DE MÁIS DE 20.000 HABITANTES</b> por medio dunha orde e axudas ás que poderán concorrer os municipios.
6	<b>IMPLANTAREMOS A GRATUIDADE TOTAL DAS LICENZAS DE PESCA</b> , para impulsar a necesaria remuda xeracional desta actividade e como medida de apoio a este sector.

7	<b>AMPLIAREMOS ATA OS CINCO ANOS A VALIDEZ DAS LICENZAS AUTÓNOMICAS DE CAZA</b> , que ata o momento son concedidas por un ano, con especial atención ao crecente <b>AUMENTO DE POBOACIÓN DO XABARIL</b> .
8	<b>INSTALAREMOS LOCAIS INTERMEDIOS DE PROCESAMENTO DE CAZA MAIOR SILVESTRE</b> co fin de incrementar a presión de control de determinadas poboacións de xabaril e diminuír os danos.
9	<b>REFORZAREMOS A LIMPEZA DE CAUCE DE RÍOS</b> , impulsando as ferramentas legais precisas para garantir os seus ecosistemas e coidando a súa imaxe e entorno.

## **ORDENACIÓN DO TERRITORIO E DO LITORAL**

Apostamos pola **planificación integral de todo o noso territorio**, desde o litoral ata o interior, desde as cidades ata os concellos máis pequenos. Impulsando sempre **un urbanismo responsable e ordenado**, que nos axuda a seguir facendo de Galicia o mellor lugar para vivir. De feito, creamos **un marco normativo urbanístico único na historia de Galicia**, tanto a nivel autonómico como municipal, impulsando a planificación máis responsable do noso territorio. Todo isto, **sumado á aposta polo ‘fermosismo’ e por protexer e conservar as paisaxes** que distinguen a Galicia.

Neste ámbito, Galicia conseguiu:

- › **A aprobación en 2023 da primeira Lei de Ordenación e Xestión Integrada do Litoral**, agora paralizada polo Estado.
- › **A completa renovación do marco normativo** (aprobación da Lei do Solo, da Lei de Ordenación do Territorio ou a posta en marcha dos Plans Básicos Municipais).
- › Desde 2010, **investimos máis de 165M€ para o financiamento de 416 iniciativas urbanísticas en decenas de concellos galegos** co fin de habilitar ou recuperar equipamentos públicos e poñer en valor as súas contornas.

**Investimos desde 2019 preto de 12,5M€ para axudar aos concellos na redacción do planeamento urbanístico**. Unha axuda que ten permitido que contemos xa con 115 concellos con PXOM adaptado e 4 con Plans Básicos Municipais.

### NA VINDEIRA LEXISLATURA:

1	<b>IMPULSAREMOS A POSTA EN VALOR DA PAISAXE COSTEIRA GALEGA</b> , imprescindible para Galicia ao ser a comunidade con máis quilómetros de costa.
2	<b>IMPULSAREMOS O DESEÑO DA GRAN SENDA DO LITORAL GALEGO</b> , que percorra toda a franxa costeira.



3	<b>DESEÑAREMOS UNHA GUÍA DE BOAS PRÁCTICAS PARA A RECUPERACIÓN DAS CONSTRUCIÓN TRADICIONAIS DO NOSO LITORAL</b> , que poderían ter novos usos sustentables.
4	<b>IMPULSAREMOS A REDE GALEGA SOSTIBLE DE PEQUENOS ESTABLECEMENTOS DE RESTAURACIÓN NAS PRAIAS</b> ( <i>chiringuitos</i> ) fomentando o emprego de materiais respectuosos co medio ambiente e coa economía patrimonial e costeira de Galicia.
5	<b>IMPULSAREMOS UN PROGRAMA DE HUMANIZACIÓN DE VILAS E CONCELLOS, CENTRADO EN PROXECTOS VERDES E SOSTIBLES</b> , que supoñerá unha continuación ao Plan Hurbe.
6	<b>POÑEREMOS EN MARCHA UN NOVO VISOR DE RUTAS A PÉ POLOS ESPAZOS NATURAIS DE GALICIA</b> , co obxectivo de ofrecer alternativas e novos puntos de vista destes espazos.
7	<b>IMPULSAREMOS A POSTA EN MARCHA DE 12 CENTROS DE INTERPRETACIÓN DA PAISAXE DE GALICIA</b> en cada unha das grandes áreas paisaxísticas, para difundir os valores paisaxísticos dos nosos territorios.
8	<b>IMPULSAREMOS NOVOS PLANS DE ACCIÓN DA PAISAXE</b> , por exemplo, na Serra do Xurés, en Ancares-Courel, Pena Trevinca, Monte Xalo, nas comarcas litorais do Plan de Ordenación do Litoral ou en zonas transfronteirizas con Portugal.
9	<b>ELABORAREMOS O 5º PLAN ESTRATÉXICO DA PAISAXE</b> , que guiará a acción nesta materia nos vindeiros 4 anos (2025-2028) e dará continuidade ás accións xa iniciadas.
10	<b>CONTINUAREMOS APOSTANDO POLO ‘FERMOSISMO’, REFORZANDO AS AXUDAS PARA A CORRECCIÓN DE IMPACTOS PAISAXÍSTICOS</b> , unha medida coa que chegaremos ás 5.000 familias beneficiarias e faremos 500 actuacións en máis do 85% dos concellos.
11	<b>SEGUIREMOS DESEÑANDO FERRAMENTAS QUE IMPULSEN AS BOAS PRÁCTICAS PAISAXÍSTICAS</b> , chegando ás 25 guías de integración paisaxística.
12	<b>SITUAREMOS O DISTINTIVO “BANDEIRA VERDE” COMO SINAL DE SOSTIBILIDADE DOS CONCELLOS</b> , co obxectivo de reforzar o compromiso medioambiental das entidades locais.
13	<b>LEVAREMOS A CABO ACTUACIÓNS DE MELLORA PAISAXÍSTICA NAS CONTORNAS URBANAS DAS GRANDES CIDADES</b> , apostando polos corredores verdes urbanos.



# SEGURIDADE NO MAR – LOITA CONTRA A CONTAMINACIÓN

A protección da costa e do medio mariño é un obxectivo prioritario de Galicia, para o que presta especial atención ao control da calidade das augas, á eliminación das verteduras de substancias químicas ao mar, e ás tarefas de prevención e mitigación do lixo mariño; a través do desenvolvemento de plans de continxencia e a implantación de ferramentas que axuden a optimizar e axilizar as tomas de decisións.

Así:

- › O Servizo de Gardacostas de Galicia opera as 24 horas e os 365 días do ano, dando resposta inmediata aos incidentes que se producen no litoral. Nos seus máis de 30 anos de historia salvou a vida de máis de 1.700 persoas, encargándose ademais de facerlle fronte á contaminación, preservando a contorna mariña.
- › Unhas das súas grandes apostas son, por tanto, a seguridade marítima e o salvamento marítimo, xunto á loita contra furtivismo.
- › Para desenvolver esta actividade, conta cun corpo de 132 efectivos, apoiados por 20 inspectores veterinarios e 163 efectivos gardapescas. E no relativo aos medios materiais: un total de 20 buques (multipropósito, patrulleiras e planeadoras), preto de 80 vehículos e dous helicópteros, que na actualidade están a ser substituídos, logo da contratación dun novo servizo aéreo de salvamento marítimo de Galicia.
- › Trátase un servizo que ven colaborando, especialmente en materia de loita contra o furtivismo, cos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado: a Garda Civil, a Unidade de Policía Nacional adscrita a Galicia e a Policía Local.

## NOS VINDEIROS CATRO ANOS:

1	<b>COMPLETAREMOS A RENOVACIÓN DAS EMBARCACIÓNS E VEHÍCULOS DO SERVIZO DE GARDACOSTAS, ASÍ COMO AO REFORZO DE NOVOS MEDIOS NON TRIPULADOS</b> , con especial orientación á dotación de medios con menores emisións e maior operatividade e versatilidade.
2	<b>CREAREMOS GRUPOS DE INTERVENCIÓN RÁPIDA ESPECIALIZADOS NA LOITA CONTRA A CONTAMINACIÓN E OUTROS ACCIDENTES MARÍTIMOS SEN RISCOS HUMANOS</b> con operatividade dentro de todo o territorio galego.



# OS RECURSOS NATURAIS, PATRIMONIO DOS GALEGÓS

Debemos avanzar no autoabastecemento enerxético de Galicia cun aproveitamento dos recursos naturais galegos (o vento, a auga necesaria para a electrólise de xeración de hidróxeno, os recursos minerais críticos e estratéxicos precisos, etc.) que sexa racional e cuxos beneficios revertan no territorio onde se implantan os proxectos. É dicir, procurar un desenvolvemento das zonas e, ao mesmo tempo, asegurar a coexistencia e a compatibilidade co medio natural galego.

Neste sentido, o obxectivo último é conseguir que, cando un proxecto -ben sexa enerxético, ben sexa mineiro-, conte con autorización administrativa se teña un convencemento claro de que é un proxecto bo para a comunidade autónoma e o beneficio recaerá nos galegos e galegas.

Neste ámbito, **Galicia converteuse nun referente** con iniciativas como:

- › O desenvolvemento da **Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050**, aprobada en 2022, a través das 170 medidas específicas identificadas na súa primeira fase, e o Plan Rexional Integrado 2019-2023.
- › O desenvolvemento dunha **Axenda Galega de Transición Xusta** para que Galicia siga sendo punteira en enerxía renovable.
- › O esforzo no ámbito da **I+D+i** no campo enerxético, moi especialmente no hidróxeno verde, identificado como clave no futuro da transición enerxética e considerado como un vector enerxético fundamental nos proxectos tractores para a recuperación económica post-COVID.
- › O desenvolvemento dos **Plans de aforro e eficiencia enerxética** contemplados na nova lexislación galega en materia de enerxía aprobada en 2017, que poñen o foco nos fogares e nas familias con plans específicos orientados a facilitar a renovación de equipamentos por outros máis eficientes desde o punto de vista enerxético.
- › As **axudas de aforro e eficiencia enerxética**, así como para instalacións renovables de biomasa, xeotermia, aerotermia, solar térmica e solar fotovoltaica para autónomos e pequenas e medianas empresas.

## NA VINDEIRA LEXISLATURA:

1

**APROBAREMOS A LEI DE PROMOCIÓN DOS BENEFICIOS SOCIAIS E ECONÓMICOS DOS PROXECTOS QUE UTILIZAN OS RECURSOS NATURAIS DE GALICIA.** Esta lei ten a finalidade de asegurar a xestión responsable dos recursos naturais de Galicia de maneira que se protexa o ambiente, se cree riqueza e a riqueza creada impacte no noso territorio e nas súas xentes.

2	<b>COMEZARÁ A RODAR A SOCIEDADE MERCANTIL GALEGA, “RECURSOS DE GALICIA” (RdG)</b> , como garantía da participación da sociedade galega nos beneficios derivados das enerxías renovables, o que suporá a práctica eliminación dos custes da enerxía eléctrica para os habitantes da zona, e garantirá a participación do tecido peme do territorio no proceso de construción e funcionamento.
3	<b>CONVERTEREMOS GALICIA NUN NÓ IBÉRICO DOS COMBUSTIBLES BIOLÓXICOS (hidróxeno verde e biogás / biometano) e sintéticos.</b> A nosa comunidade dispón de vantaxes estratéxicas e xeográficas que a poden situar como un dos nós (hub) a nivel europeo, sendo a grande referencia do norte ibérico.
4	<b>IMPULSAREMOS AS AXUDAS A PROXECTOS DE HIDRÓXENO VERDE EN GALICIA</b> , para acadar un prezo eléctrico competitivo, unha medida que encaixa no marco da Alianza Industrial Galega do Hidróxeno Verde.
5	<b>SEGUIREMOS REIVINDICANDO QUE GALICIA ESTEA CONECTADA AO CORREDOR EUROPEO DE HIDRÓXENO</b> , evitando o «illamento enerxético» da comunidade e a perda de investimentos industriais vinculados a que se constrúa esa infraestrutura. Proxectos que suman un investimento millonario verían perigar a súa viabilidade se non se desbloquea esta situación.
6	<b>PROMOVEREMOS A ENERXÍA RENOVABLE NO TECIDO EMPRESARIAL</b> a través de contratos de compravenda de enerxía a longo prazo e con prezo estable (PPA), para as pequenas empresas.
7	<b>APOIAREMOS O AUTOCONSUMO E O AFORRO E A EFICIENCIA ENERXÉTICA</b> para familias, autónomos e empresas.
8	<b>AMPLIAREMOS AS MEDIDAS DE APOIO AO AFORRO ENERXÉTICO</b> das familias complementando o Bono Social Eléctrico (somos a única comunidade en dispor desta axuda adicional), coa adopción de novas medidas para axudar a reducir a factura da luz como, por exemplo, a substitución de lámpadas ou para a instalación de termóstatos nos domicilios.
9	<b>SEGUIREMOS PROMOVEDO O DESENVOLVEMENTO ORDENADO E SOSTIBLE DAS ENERXÍAS RENOVABLES EN GALICIA.</b>
10	<b>IMPULSAREMOS A EÓLICA MARIÑA</b> , en coordinación co Goberno de España. Trátase dunha oportunidade histórica para xerar recursos enerxéticos limpos en Galicia, garantindo sempre os intereses da pesca galega e demais sectores relacionados e sempre baixo os principios da Lei galega do Litoral.

11	<b>POÑEREMOS EN MARCHA UN NOVO PLAN DE INCENTIVOS Á DESCARBONIZACIÓN</b> , en tres sectores: vehículos (reducción de combustibles fósiles), doméstico (caldeiras de carbón) e industrial (creación dunha oficina de interlocución coa industria).
12	<b>POTENCIAREMOS OS PUNTOS DE RECARGA</b> dos VEHÍCULOS ELÉCTRICOS e a dispoñibilidade doutros tipos de combustible: GLP ou hidróxeno.
13	<b>FOMENTAREMOS A TRAVÉS DA SOCIEDADE RECURSOS DE GALICIA OS SISTEMAS DE ALMACENAMENTO ENERXÉTICO</b> . O almacenamento é chave para poder conseguir unha transición enerxética garantida para o sistema, polo que potenciaremos as diferentes maneiras de conseguir dita xestión: almacenamento por baterías, por bombeo ou por produción de hidróxeno verde.



No país das rías e dos mil ríos preservar o bo estado das augas e ofrecer servizos de calidade á poboación é unha aposta polo **progreso** de todos os **galegos**. Debemos seguir **avanzando** para **desenvolver con seguridade** todas as **actividades económicas sociais**, e **culturais** asociadas a auga, protexendo a súa **biodiversidade** e ofrecendo garantías á poboación en materia de abastecemento, en cantidade e calidade, adaptadas ao novo **contexto climático**. Ademais queremos seguir facendo da Xunta de Galicia a administración que, con gran diferenza, máis apoia aos concellos galegos no exercicio da competencia municipal de abastecemento, saneamento e depuración, convencidos de que a auga é un ben esencial para a vida e tamén para o desenvolvemento socioeconómico dos territorios e a xeración de oportunidades, emprego e prosperidade, pero tamén un recurso natural escaso que debemos preservar e legar ás seguintes xeracións. É unha obriga de todos e máis, se cabe, dos poderes públicos.

Neste ámbito, **Galicia converteuse nun referente nacional** nos últimos anos:

- › Aprobando unha **Lei de medidas de garantía do abastecemento** en episodios de seca, a primeira norma para xestionar as secas de toda España.
- › Consequindo que case o 80% **das masas de auga estean en bo estado**, unha das porcentaxes máis elevadas de toda España.
- › Incrementando nun 40% a capacidade de **depuración** das augas, chegando aos máis de **3,3 millóns de habitantes potenciais**, 1,3 millóns máis que en 2009.
- › Destinando **1.400 millóns de euros a obras de abastecemento e saneamento** desde o ano 2009.
- › Aprobando a Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga para profesionalizar a xestión e apoiar a todos os concellos que o necesiten.

- › Axudando a **máis de 140 concellos** para a instalación de **contadores de auga captada** e a realización de **auditorías de abastecemento e saneamento** nas súas redes municipais.
- › Concedendo **200 axudas** ás comunidades de usuarios para reforzar as súas **traídas veciñais**.
- › Realizando máis de **400 actuacións de conservación fluvial** executadas últimos 4 anos e **máis de 100.000 inspeccións** realizadas para controlar os vertidos.
- › **Delimitando 550 km de río e 170 áreas con risco de inundación**.

## NA VINDEIRA LEXISLATURA:

1	<b>APROBAREMOS UN NOVO PLAN DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DE GALICIA</b> , para que todos os concellos galegos dispoñan de sistemas de abastecemento e saneamento de calidade e con garantía de futuro e que incorporará máis de 400 actuacións.
2	<b>IMPULSAREMOS UNHA REVOLUCIÓN DIXITAL DA XESTIÓN DA AUGA</b> nos concellos galegos, implantando <b>centros de xestión da auga locais</b> , que axuden na toma de decisións relacionadas coa potabilización e subministro de auga, coa xestión eficaz dos recursos hídricos en tempo real, e poñendo en marcha un <b>centro de xestión de datos da auga autónomo</b> , onde se centralice información.
3	DESENVOLVEREMOS A <b>ESCOLA DA AUGA</b> , para que leve a cabo iniciativas de participación pública e de divulgación e concienciación no ámbito da planificación da auga.
4	<b>CREAREMOS UNHA APP PARA FOMENTAR O AFORRO DA AUGA</b> , permitindo o rastrexo do consumo de auga, o establecemento de metas de aforro e recibindo consellos personalizados para reducir a pegada hídrica.
5	<b>DESEÑAREMOS UN PLAN PARA A REUTILIZACIÓN DAS AUGAS DAS DEPURADORAS</b> en usos industriais que sexan compatibles, de forma que se minore o consumo e se avance na economía circular.
6	<b>FACILITAREMOS AS AUDITORÍAS DOS SISTEMAS DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO</b> municipais, co obxectivo de que os 313 concellos dispoñan dun coñecemento preciso das súas instalacións que lles permita loitar contra as fugas de auga, infiltracións e vertidos.

7	<b>FORTALECEREMOS AS TRAÍDAS VECIÑAIS</b> para que a cultura tradicional da auga siga apostando polo <b>consumo responsable</b> e de <b>proximidade</b> , contribuíndo ao desenvolvemento de plans de abastecemento autónomo e a asegurar o seu funcionamento eficaz e con garantías de calidade.
8	<b>CREAREMOS UNHA PLATAFORMA DE INFORMACIÓN DA AUGA</b> que facilite o acceso de todos os usuarios aos datos e aos procedementos que lles afecten.
9	<b>IMPULSAREMOS A SIMPLIFICACIÓN DAS TRAMITACIÓNS COA ADMINISTRACIÓN HIDRÁULICA DE GALICIA</b> , con procedementos máis sinxelos e áxiles, especialmente no relativo ás <b>XESTIÓNS PARA OS SANEAMENTOS PARTICULARES</b> .
10	<b>POTENCIAREMOS A RESTAURACIÓN DE CORREDORES FLUVIAIS</b> , para mellorar a calidade da auga e os ecosistemas acuáticos. Plantaremos máis de <b>10.000 árbores autóctonas para repoboar a nosa vexetación de ribeira</b> .
11	<b>PROTEXEREMOS O TERRITORIO FRONTE AOS ASOLAGAMENTOS</b> , desenvolvendo novas actuacións destinadas a minorar o risco nas zonas máis vulnerables, nas que residen máis de 100.000 galegos e incorporando novas medidas de sinalización intelixente nos casos de risco de inundación.
12	<b>DESENVOLVEREMOS O PLAN RE-XENERA AUGA</b> , para <b>rexenerar os ríos eliminando obstáculos</b> e aproveitar a <b>enerxía renovable e limpa</b> que se pode xerar naqueles saltos que revertan nos próximos anos á Comunidade Autónoma.



## INFRAESTRUTURAS

As especiais características territoriais de Galicia, cunha orografía complexa e poboación espallada, esixe unha **rede de infraestruturas de comunicación completa e segura**, que facilite o desprazamento dos seus habitantes, a súa vida e futuro. Ademais son a vía de chegada dos servizos a todos os municipios, aos de maior poboación e, especialmente, aos máis pequenos, contribúen á vertebración interior e a súa axeitada conexión co exterior, e serven de motor de desenvolvemento económico e emprego en todo o territorio. Por iso, incrementaremos a rede de vías de altas prestacións, reforzando os esforzos no mantemento e conservación das vías e poñendo as novas tecnoloxías ao servizo dunha **mobilidade máis segura, sostible e conectada**.

Demostramos sobradamente que somos o único partido que aposta en firme por dotar o noso territorio das mellores conexións. A rede viaria autonómica é hoxe **máis extensa, máis segura e máis económica** para os cidadáns, grazas ao traballo dos últimos 14 anos, nos que logramos:

- › **Incrementar nun 70% os km de vías de altas prestacións**, pasando dos 313 quilómetros de 2009 aos 527 da actualidade, de tal xeito que 8 de cada 10 galegos (85%) viven a menos de 15 minutos dunha vía destas características. Ademais, melloramos a súa calidade coa conversión en autovía dos corredores do Morrazo e Nadela-Sarria.
- › Galicia conta con case **220 novos quilómetros de estradas libres de peaxe** e somos ademais un **referente en seguridade viaria e conservación**: mentres as vías estatais se deterioran por falta de atención, Galicia actuou en todos os treitos de concentración de accidentes da súa rede, (baixando nun 60% a sinistralidade) construíu máis de 250 km de sendas peonís e garantiu o bo estado das súas vías cun investimento anual de 50 M€ en conservación e de 20 M€ en renovación de firmes.
- › **Reducir as peaxes**. Ademais de evitar a implantación de novas peaxes aos usuarios, conseguimos reducir as que xa existían, implantando un amplo paquete de bonificacións nas autoestradas de titularidade autonómica A Coruña-Carballo e Vigo-Baiona (para usuarios frecuentes, familias numerosas e viaxes nocturnas) e conxelando as tarifas fronte ás subas do IPC. O noso traballo fixo posible que as autoestradas dependentes da Xunta sexan as máis baratas de España.

## NA VINDEIRA LEXISLATURA:

1	<b>COMPLETAREMOS A CONVERSIÓN DOS CORREDORES EN AUTOVÍAS E POÑEREMOS EN SERVIZO NOVAS VÍAS DE ALTAS PRESTACIÓNS LIBRES DE PEAXE.</b> Para iso, dotarémonos dun Plan director de Infraestruturas para unha Mobilidade Sostible que guiará a ampliación e mellora da rede viaria autonómica, co impulso definitivo ás vías de alta capacidade de Santiago-A Estrada, Tui-A Guarda, Costa da Morte, Brión-Noia, Costa Norte ou Lugo-Monforte, así como a planificación de sendas peonís, paradas de transporte público, etc.
2	<b>MELLORAREMOS A REDE VIARIA RURAL PARA LOITAR CONTRA A DESPOBOACIÓN,</b> impulsando o acondicionamento das estradas que faciliten o acceso da cidadanía aos servizos e ás oportunidades, ao tempo que reforzan a competitividade do territorio.
3	<b>EXECUTAREMOS AS VARIANTES DE CIDADES E VILAS</b> como Lugo, Ourense, Carballo e Ribeira para facilitar a fluidez do tráfico e mellorar a seguridade viaria dos núcleos urbanos.
4	<b>APOSTAREMOS POLA EXTENSIÓN DAS ESTRADAS INTELIXENTES</b> nas que se incorporen tecnoloxías de monitorización para a súa conservación e sinalización adaptada capaz de ofrecer información ou indicacións útiles para os condutores: condicións climatolóxicas, incidencias de tráfico e irrupción de fauna salvaxe.



5	<b>TRANSFORMAREMOS AS ESTRADAS EN “ECOESTRADAS”</b> , dotadas de pavimentos sostibles feitos de materiais reciclados. Iniciaremos o camiño para substituír os betumes derivados do petróleo por outros de orixe vexetal. Implantaremos elementos sostibles como o uso de enerxía solar para sinalización, iluminación e control desas vías.
6	<b>REFORESTAREMOS AS VÍAS DE ALTA CAPACIDADE CON MÁIS DE 250.000 ÁRBORES</b> que substitúan as especies invasoras e pirófitas, contribuíndo así a loitar contra a propagación dos lumes, a mellorar a paisaxe e a biodiversidade e a mitigar os efectos do cambio climático.
7	<b>INCREMENTAREMOS O INVESTIMENTO NA CONSERVACIÓN DAS ESTRADAS GALEGAS PARA GARANTIR A SEGURIDADE DE USUARIAS E USUARIOS.</b> Actuaremos en todos os puntos negros das vías autonómicas, identificaremos os treitos con maior potencial de mellora, eliminando obstáculos das marxes para evitar os accidentes, reducir a súa gravidade e obter “estradas que perdoan”.
8	<b>MELLORAREMOS A SEGURIDADE VIARIA DAS TRAVESÍAS</b> favorecendo a súa integración e humanización con novos deseños para darlle máis protagonismo aos peóns fronte aos vehículos. Incorporaremos bulevares arborados que, ademais de inducir á redución da velocidade, acheguen máis sombra para baixar a temperatura.
9	<b>REVISAREMOS AS MÁIS DE 1.800 PONTES E VIADUTOS DA REDE DE ESTRADAS AUTONÓMICAS</b> para diagnosticar o estado de conservación de todas as estruturas e planificar a súa rehabilitación, priorizar actuacións, evitar sobrecostos de reparación e asegurar a súa funcionalidade.
10	<b>IMPLANTAREMOS VALADOS REAIS E VIRTUAIS NAS ESTRADAS PARA REDUCIR OS ATROPELOS DE ANIMAIS.</b> Empregaremos valados reforzados para evitar a irrupción de fauna salvaxe nas vías de alta capacidade e instalaremos novos “valados virtuais” nos puntos con máis atropelos de animais das estradas convencionais, de xeito que a través de innovadores dispositivos de luz e son, disuadan do cruce dos animais nos momentos en que pasan vehículos e avisen ao condutor do risco de colisión.
11	<b>POTENCIAREMOS A MOBILIDADE SOSTIBLE E SAUDABLE</b> , coa construción de 150 km de <b>SENDAS PEONÍS E CICLISTAS</b> nas contornas rurais das estradas autonómicas, pero tamén nas zonas urbanas e metropolitanas, co fin de contribuír á descarbonización e á vida saudable.
12	<b>GARANTIREMOS UNHA MAIOR SEGURIDADE A CICLISTAS E MOTORISTAS NAS NOSAS ESTRADAS</b> , con medidas e campañas de concienciación.

**TRABALLAREMOS PARA CONSEGUIR MÁIS FINANCIAMENTO EUROPEO** en orde a acometer todas estas propostas, tamén as que afectan a contornas rurais e non urbanas, na actualidade excluídas polo Goberno central destes apoios, tendo en conta que responden ao obxectivo marcado por Europa de reducir pegada de carbono.



## MOBILIDADE

Galicia é un **país en movemento** cun dinamismo económico e social que require **solucións de transporte cada vez máis complexas** ao servizo **das persoas e da competitividade**, tendo en conta o potencial do noso territorio e a súa situación estratéxica **como fachada atlántica e aliado estratéxico de Portugal e da Meseta**. As políticas autonómicas buscan aproveitar as **novas tecnoloxías** para afrontar os retos da mobilidade desde un **enfoque integrador no social, responsable no ambiental e ambicioso no económico**. Avanzaremos tamén cara unha **loxística moderna**, dotada dunha visión integral e intermodal que outorgue especial valor engadido aos produtos de calidade do noso tecido produtivo (agricultura, gandaría, pesca e industria).

Ao longo dos últimos anos, Galicia situouse **na vangarda do Estado das autonomías no fomento do transporte público** e na defensa **dun transporte de mercadorías moderno e competitivo**:

- › Impulsamos unha **aposta polo transporte público** sen precedentes en Galicia, cun **investimento anual de 100 M€**.
- › Renovamos completamente **a rede de liñas de autobús autonómico** multiplicando a súa cobertura, especialmente no ámbito rural, ao pasar de 20.000 a máis de 56.000 paradas e conseguindo que **máis do 90% da poboación** galega teña **un punto de acceso ao transporte público a menos de 500 metros da súa casa**.
- › **Modernizamos a flota** do transporte público, que ten hoxe **unha antigüidade media de 5,7 anos** fronte aos 11 anos de media en España.
- › Fomos **pioneiros coa implantación do transporte público gratuíto para a mocidade coa tarxeta Xente Nova**, da que xa se benefician 160.000 menores de 21 anos. E somos tamén, de novo, pioneiros estendendo a **gratuidade aos maiores de 65 anos**.
- › Transformamos a mobilidade co impulso das estacións intermodais como grandes centros de transporte público que preparan as cidades galegas para a chegada do AVE. Puxemos en servizo as **estacións intermodais de Ourense, Santiago de Compostela, Pontevedra e Vigo** e completaremos as da **Coruña e Lugo**, así como a de **Ferrol** cando exista un compromiso do Goberno de España.
- › Impulsamos unha alianza de éxito con Castela e León e Asturias que fixo posible corrir o erro histórico que deixaba **o noroeste de España fóra do Corredor Atlántico de Mercadorías**.

## NA VINDEIRA LEXISLATURA:

1	SEGUIREMOS EXPLORANDO FÓRMULAS PARA MELLORAR A CONECTIVIDADE ENTRE AS CIDADES GALEGAS A PREZOS ACCESIBLES.
2	<b>DESENVOLVEREMOS UN PLAN DE ECOESTACIÓNS PARA GARANTIR A SOSTIBILIDADE DE TODA A CADEA DO TRANSPORTE PÚBLICO</b> , co fin de buscar unha transformación completa das estacións de autobuses con criterios ambientais.
3	<b>IMPULSAREMOS A REVOLUCIÓN VERDE NO TRANSPORTE PÚBLICO</b> , grazas á mellora da eficiencia enerxética das flotas fomentando os combustibles renovables nas liñas autonómicas. <b>A súa utilización non só reducirá as emisións de gases de efecto invernadoiro, contribuíndo á mellora da calidade do aire e á protección do medio ambiente, senón que tamén diminuirá a dependencia de combustibles fósiles.</b>
4	<b>CREAREMOS O PLAN DE MOBILIDADE CICLISTA DE GALICIA</b> , co obxectivo de activar e fomentar o uso da bicicleta como un modo de transporte de uso cotiá e saudable. Facilitaremos a existencia de condicións e das infraestruturas axeitadas para o uso da bicicleta.
5	<b>POÑEREMOS EN MARCHA UN SISTEMA DE BICI+BUS PARA OS DESPRAZAMENTOS DE ÚLTIMA MILLA</b> desde os puntos de chegada do transporte público, principalmente as estacións de autobuses. Promoveremos, en colaboración cos concellos, o alugueiro de bicicletas eléctricas para os usuarios do transporte público interurbano, permitíndolles realizar o último treito dos seus desprazamentos de forma cómoda e ecolóxica.
6	<b>MELLORAREMOS A EXPERIENCIA DO USUARIO DO SISTEMA DE TRANSPORTE POR AUTOBÚS</b> , de xeito que os cidadáns teñan nos seus teléfonos información en tempo real sobre horarios e facilidade nos medios de pagamento, e tamén permita coñecer en todo momento o número de viaxeiros que van nun autobús.
7	FOMENTAREMOS OS <b>SERVIZOS DE TAXI</b> NA CADEA DE TRANSPORTE PÚBLICO AUTONÓMICO CO OBXECTIVO DE FAVORECER DESPRAZAMENTOS ÚTILES E EFICIENTES NO RURAL. Nalgúns municipios, con pouca poboación e dispersa, cunha orografía complexa e cunhas condicións climáticas adversas no inverno, a alternativa do taxi complementa o servizo do autobús baixo demanda, xa dispoñible para facilitar a mobilidade dos veciños.

8	<p>POTENCIAREMOS TODAS AS <b>CANLES DE ATENCIÓN PERSONALIZADA</b>, eficaz e profesional para os usuarios do transporte público, ESPECIALMENTE NA MODALIDADE BAIXO DEMANDA. A central de chamadas do transporte público da Xunta terá como prioridade garantir a prestación dun servizo especialmente dirixido a aquelas persoas que poidan ter máis dificultades para acceder á información dispoñible na páxina web, asegurando a universalidade deste servizo de consulta.</p>
9	<p>PROMOVERASE UNHA CAMPAÑA INFORMATIVA ESPECÍFICA para seguir incentivando o uso do transporte público como alternativa de mobilidade máis segura, limpa e accesible. Divulgaremos, con especial intensidade nos municipios rurais, os beneficios concretos que ofrece o sistema xestionado pola Xunta e, moi en particular, as novas modalidades implantadas como o <b>transporte compartido e baixo demanda</b>.</p>
10	<p><b>ESTENDEREMOS UNHA REDE DE MARQUESIÑAS INTELIXENTES</b> con acceso a información virtual sobre os horarios dos autobuses en tempo real, así como o tempo que falta para que cheguen á parada.</p>
11	<p><b>CREAREMOS UN ASISTENTE VIRTUAL DO TRANSPORTE PÚBLICO AUTONÓMICO</b>. Dentro do portal bus.gal e da aplicación de transporte público, desenvolveremos unha funcionalidade baseada en intelixencia artificial que permitirá interactuar coa nosa información de transporte público utilizando unha linguaxe natural e sinxela.</p>
12	<p><b>DESEÑAREMOS CAMIÑOS PROTEXIDOS VINCULADOS ÁS PARADAS ESCOLARES</b>, para mellorar a seguridade dos rapaces do rural no seu desprazamento ata os puntos de acceso ao transporte público. Serán itinerarios con pasos de peóns, sinalización adecuada e un deseño pensado para facer que o traxecto sexa o máis seguro posible.</p>
13	<p><b>EXECUTAREMOS UNHA REDE DE APARCADOIROS SEGUROS PARA O TRANSPORTE DE MERCADORÍAS CON 1.500 PRAZAS</b>. Responderemos a unha vella demanda do sector do transporte de mercadorías coa creación de áreas de estacionamento vixiadas e con servizos asociadas ás gasoleiras.</p>
14	<p><b>CREAREMOS UN ÓRGANO AUTONÓMICO PARA A LOXÍSTICA DE GALICIA</b>, que impulse o papel da nosa Comunidade como nodo de transporte de mercadorías do sur de Europa. O seu cometido será fomentar as capacidades loxísticas de Galicia mediante o aproveitamento das potencialidades xeográficas da comunidade, como porta de entrada desde o Atlántico en Europa, as alianzas estratéxicas co veciño Portugal e con toda Hispanoamérica e as autonomías do noroeste de España.</p>

15

**ASEGURAREMOS QUE NINGÚN NÚCLEO DE POBOACIÓN QUEDE SEN SERVIZO DE TRANSPORTE PÚBLICO** para satisfacer as necesidades dos galegos, para iso impulsaremos as medidas que sexan necesarias e estreitaremos, a través de convenios, a colaboración con outras administracións. **Prestaremos especial sensibilidade ao servizo estatal do TREN DE CERCANÍAS.**

16

**DOTAREMOS DE NOVOS USOS AOS ESPAZOS QUE OCUPABAN AS ANTIGAS ESTACIÓNS DE AUTOBUSES DAS CIDADES**, logo da posta en marcha das novas intermodais.



## CULTURA

A cultura é elemento que nos **cohesiona e que define a nosa identidade**. Os cidadáns de Galicia estamos orgullos da nosa cultura e non necesitamos que nos digan como debemos sentila ou vivila.

A cultura tamén é un **sector económico estratéxico**, que crea riqueza e dá emprego a moitas familias. Queremos seguir contribuíndo ao **fortalecemento das industrias culturais e creativas galegas**, para xerar **benestar social e económico**.

Nos últimos anos, o **PPdeG propiciou os marcos e os medios para que a cultura galega desenvolvese todo o seu potencial**. Hoxe os datos avalan que superou as dificultades dos últimos anos con **vigor e dinamismo** e que vive un momento de **crecemento**, tanto económico como creativo.

Temos unha cultura enraizada na tradición e que dialoga coa contemporaneidade, **que aspira a seguir incrementando a súa vitalidade e proxección**. Continuamos apoiándoa con **propostas transversais e integrais, que garantan o acceso universal a ela**.

**Galicia reforzou o ámbito cultural favorecendo unha cultura viva, con plena vitalidade e en crecemento, conseguimos:**

- › Aumentar o seu peso na economía. **A cultura representa máis do 3% do PIB e hoxe as cifras de emprego superan ás de antes da pandemia, cun 3,6% do total**, noutras palabras, máis de **36.600 profesionais**.
- › **Aumentar o consumo e a demanda de bens e servizos culturais**. Nos últimos anos, os hábitos culturais dos galegos multiplicáronse.
- › **Fomentar a nosa cultura de base, que agrupa a máis de 5.000 entidades** (entre asociacións e fundacións) distribuídas por todo o territorio.
- › Acadar a **mellor valoración en calidade e innovación da programación cultural**, á cabeza de España, segundo os principais indicadores.
- › Elaboramos a primeira **Lei de cultura inclusiva** de todo o Estado, marcando o carácter innovador anticipándonos ao resto de CCAA.

## NA VINDEIRA LEXISLATURA:

1	<b>AVANZAREMOS NA PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA DA CULTURA</b> cunha actualización do Plan Xeración Cultura, que canalice as principais accións neste ámbito.
2	<b>ELABORAREMOS A PRIMEIRA LEI DE CULTURA DIXITAL nunha comunidade autónoma</b> , que acompañe os sectores culturais e o conxunto da sociedade galega na imprescindible transformación dixital.
3	<b>CREAREMOS O OBSERVATORIO DA CULTURA INCLUSIVA E ACCESIBLE</b> , que velará porque toda a cidadanía poida participar en igualdade de condicións na vida cultural.
4	<b>AMPLIAREMOS O SERVIZO DE BIBLIOTECAS MÓBILES</b> , despois do éxito da implantación das “Furgotecas” para cubrir a demanda existente en concellos que non dispoñen de biblioteca municipal.
5	<b>CREAREMOS O PRIMEIRO CENTRO GALEGO DE FOTOGRAFÍA</b> , para unificar a xestión dos legados fotográficos históricos custodiados pola Comunidade Autónoma.
6	<b>AVANZAREMOS NA ESTRATEXIA DE DIXITALIZACIÓN DA CULTURA GALEGA</b> , aproveitando as oportunidades que ofrecen as novas tecnoloxías para chegar a máis públicos e cun marco normativo renovado.
7	<b>CONSTITUIREMOS UNHA REDE DE DINAMIZACIÓN DA CULTURA NO RURAL</b> , para coordinar as accións culturais neste ámbito, promovendo o intercambio e a innovación, e reforzaremos a programación cultural de eventos.
8	<b>POÑEREMOS EN MARCHA AS PREVISIÓNS DO PLAN LERMOS+</b> , a estratexia de dinamización da lectura pública de Galicia.
9	Converteremos a <b>Galicia nunha referencia cultural e turística con GRANDES FESTIVAIS</b> e dándolle apoio a novas iniciativas similares noutros puntos do territorio, buscando unha incidencia especial ao <b>consolidar en CADA UNHA DAS CIDADES un gran festival do XACOBEO</b> .
10	<b>DESENVOLVEREMOS O FESTIVAL DA CULTURA POPULAR DE GALICIA</b> que difunda o traballo de agrupacións de bandas de música, música e baile tradicionais e música coral.
11	<b>INCIDIREMOS NA INTERNACIONALIZACIÓN DA CULTURA</b> cunha folla de ruta específica para cada ámbito e en coordinación co sector.

12	<b>REFORZAREMOS O PAPEL DA CIDADE DA CULTURA COMO INSTITUCIÓN CULTURAL E DE CREACIÓN DE PRIMEIRO NIVEL</b> , cumprindo co II Plan Estratéxico.
13	<b>INAUGURAREMOS E DAREMOS VIDA AO PRIMEIRO CENTRO GALEGO DAS ARTES DIXITAIS</b> , un proxecto pioneiro en Galicia que está en pleno proceso de creación.
14	<b>FORTALECEREMOS A DIFUSIÓN DA CULTURA GALEGA POÑENDO ESPECIAL ATENCIÓN ÁS REDES DE DISTRIBUCIÓN DAS INDUSTRIAS CULTURAIS</b> (Rede galega de teatros e auditorios, Cultura no Camiño, Rede de Música, Rede de Salas, etc.).
15	<b>PRESENTAREMOS UN NOVO PROXECTO DE ESTRUTURAS ESCÉNICAS RESIDENTES</b> , que se estenderá a toda Galicia durante a lexislatura.
16	REFORZAREMOS AS <b>LIÑAS DE AXUDA AO AUDIOVISUAL</b> como industria puxante e representativa de Galicia.
17	<b>DESENVOLVEREMOS TODA A POTENCIALIDADE DA FILM COMMISSION</b> establecendo unha estratexia de promoción do audiovisual galego consensuada co sector.
18	<b>A CRTVG DESEMPEÑARÁ UN PAPEL DECISIVO NA SÚA RELACIÓN COA INDUSTRIA AUDIOVISUAL GALEGA E O SEU TECIDO PRODUTIVO</b> , cara a contribuír á creación de produtos de ficción e entretemento autóctonos que se difundan nas diferentes canles da Corporación mellorados sensiblemente coa plataforma Over The Top. Por conseguinte seguirá creando baixo principios que apostan polo tecido empresarial galego. Ao tempo que colabora, en clave de distribución, cos principais operadores dos mercados internacionais.
19	<b>PROMOVEREMOS E FOMENTAREMOS A CREACIÓN, PRODUCCIÓN E DIFUSIÓN TEATRAL, FUNDAMENTALMENTE A TRAVÉS DA ACTIVIDADE DO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO</b> para o que se renovarán as súas instalacións e infraestruturas convertendo a súa sede nun moderno, eficiente e accesible centro de exhibición.
20	<b>AVANZAREMOS NA EXECUCIÓN E AVALIACIÓN DO PLAN INTEGRAL DE DANZA DE GALICIA</b> , a través do Centro Coreográfico Galego, para concretar os piares que rexerán as condicións da danza e a súa proxección tanto dentro como fóra da nosa comunidade.

21	<b>DESEÑAREMOS NOVOS PROGRAMAS DE ACOMPAÑAMENTO E MENTORING PARA ARTISTAS EMERXENTES E NOVOS TALENTOS NO ÁMBITO DA MÚSICA</b> , como primeiro chanzo para a consolidación do tecido musical no que se apostará por accións que permitan o desenvolvemento das estruturas musicais do país, dende as salas de exhibición ata a produción fonográfica.
22	<b>IMPULSAREMOS NOVAS LIÑAS DE AXUDA ESPECÍFICAS PARA COLECTIVOS CULTURAIS DE BASE</b> como bandas e escolas de música, grupos teatrais, corais, agrupacións de baile tradicional e de danza contemporánea, artes plásticas, literarias, etc.
23	<b>POÑEREMOS EN MARCHA A PLATAFORMA DE APOIO Á CREACIÓN GALEGA</b> , co obxectivo de prestar a todos os creadores e creadoras galegas orientación para o inicio de actividade e obtención de subvencións das Administracións Públicas.



O galego segue a ser a lingua máis falada en Galicia e a pesar dos intentos de determinados grupos minoritarios, en Galicia hoxe **non existe un conflito lingüístico** e somos un exemplo de **convivencia entre dúas linguas**.

Os cidadáns de Galicia contamos cun **modelo propio**, un **modelo integrador** e totalmente normalizado que busca o **entendemento entre as linguas cooficiais en condicións de igualdade**.

As políticas destes anos puxeron o foco no **bilangüismo**, á vez que promoveron a **aprendizaxe de linguas estranxeiras** e, mesmo, un aproveitamento dos vínculos co mundo lusófono.

Os datos avalan que somos unha **Comunidade Autónoma con dúas linguas cooficiais** que os cidadáns coñecen e escollen falar con **liberdade**.

En Galicia non hai imposicións, garantímolo **cumprindo a lei**. Actuamos no marco da **Constitución Española, o Estatuto de Autonomía de Galicia e a Lei de Normalización Lingüística**. Se non **respectamos as regras de xogo** que nos demos entre todos os cidadáns, non pode existir nin a liberdade nin convivencia.

**Ademais de favorecer a convivencia, a política lingüística do PPdeG permitiu:**

- › Incrementar o **número de falantes** por primeira vez desde que existen estatísticas. Hoxe **falan galego máis persoas que hai cinco anos** e consolídase como maioritaria.
- › Normalizar e acrecentar os **usos bilingües**, o que significa que non se polariza a poboación, senón que hai total normalidade. Somos un **exemplo de convivencia lingüística**.



Desenvolver un modelo bilingüe na aula. Galicia é a comunidade onde o alumnado fala dúas linguas con máis facilidade. O **96% do alumnado afirma falalo o bastante ben como para conversar con outras.**

## NA VINDEIRA LEGISLATURA:

1	<b>AVANZAREMOS NO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO NÓS DE INTELIXENCIA ARTIFICIAL PARA GARANTIR A PRESENZA DA LINGUA GALEGA NO ÁMBITO TECNOLÓXICO</b> que permitan o acceso do galego ao ámbito dixital.
2	<b>POTENCIAREMOS O USO DA LINGUA GALEGA ENTRE A POBOACIÓN NEOFALANTE</b> , por ser un ámbito de actuación estratéxico para incrementar a porcentaxe de falantes de galego.
3	<b>IMPULSAREMOS A TRANSMISIÓN DA LINGUA GALEGA NO ÁMBITO FAMILIAR</b> , a través de medidas específicas centradas en garantir a continuidade interxeracional e as aptitudes favorables cara a lingua.
4	<b>FAVORECEREMOS A ACREDITACIÓN DO PORTUGUÉS NOS CENTROS EDUCATIVOS A TRAVÉS DUN CONVENIO CO INSTITUTO CAMÕES</b> para seguir potenciando os vínculos coa cultura e a lingua portuguesa e aproveitar a potenciación do galego polos vínculos coa Lusofonía.
5	<b>REFORZAREMOS AS MEDIDAS QUE FAVOREZAN A PRESENCIA DO GALEGO NO ÁMBITO AUDIOVISUAL.</b> Aproveitaremos o potencial da nosa industria audiovisual que está moi relacionada coa creación dunha industria propia pola peculiaridade da produción en galego.
6	<b>IMPULSAREMOS O USO DA LINGUA GALEGA NO TECIDO SOCIOECONÓMICO</b> coa elaboración dun novo plan de dinamización neste ámbito contando sempre con profesionais, colectivos e empresas vinculadas á industria e o comercio.
7	<b>FAVORECEREMOS A CREACIÓN DE PRODUTOS TECNOLÓXICOS</b> destinados ao público infantil e xuvenil que favorezan o contacto coa lingua dende as idades máis temperás.
8	<b>IMPULSAREMOS O USO DA LINGUA GALEGA NO ÁMBITO DA XUSTIZA E A ADMINISTRACIÓN PÚBLICA.</b>

Somos conscientes do **enorme valor, tanto material como inmaterial, que posúe o noso patrimonio cultural**, unha valiosa herdanza que configura a nosa **identidade** e, sobre a que debemos proxectar o noso futuro, conectando **tradición e vangarda**.

O patrimonio cultural ten un **papel transversal na sociedade**, funciona como un **elemento de cohesión social**, fixando poboación, e contribúe ao **desenvolvemento da nosa economía**.

Sentimos orgullo da nosa **riqueza patrimonial** e, por iso, nos últimos anos incrementamos os esforzos para **garantir a súa protección e conservación**.

**As políticas de protección do patrimonio cultural permitiron:**

- › **Incrementar o número de declaracións de bens de interese cultural**, desde a aprobación da lei de patrimonio cultural. En Galicia temos máis de **782**.
- › **Avanzar na planificación e xestión responsable de todo o patrimonio cultural** de Galicia, especialmente aquel máis senlleiro.
- › **Reforzar a proxección internacional da nosa comunidade**, intensificando os labores de conservación e posta en valor de todo o noso patrimonio, especialmente o vinculado aos Camiños de Santiago e a Ribeira Sacra.

## NA VINDEIRA LEGISLATURA:

1	<b>AFONDAREMOS NA PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA</b> que permita a protección, conservación e posta en valor de todo o patrimonio cultural.
2	<b>CREAREMOS E DESENVOLVEREMOS O OBSERVATORIO DE PATRIMONIO CULTURAL</b> , unha ferramenta fundamental para ter unha diagnose do gran patrimonio galego.
3	<b>SEGUIREMOS ACTUANDO SOBRE OS BENS CULTURAIIS MÁIS SIGNIFICATIVOS VINCULADOS AOS CAMIÑOS DE SANTIAGO</b> , para protexelos e conservalos.
4	<b>AVANZAREMOS NO CUMPRIMENTO DO PLAN CATEDRAIS</b> , para que os principais templos galegos estean nas mellores condicións.
5	<b>DESENVOLVEREMOS O PLAN DE BENS ARQUEOLÓXICOS DE GALICIA</b> que dea cobertura e ordene o inmenso patrimonio e o labor arqueolóxico.
6	<b>COMPLETAREMOS O REXISTRO INDIVIDUAL DE BENS ETNOLÓXICOS, ARQUEOLÓXICOS, DE ARQUITECTURA CIVIL</b> , etcétera que de forma xenérica teñen a consideración de BIC e non contan cun rexistro individual.

7	<p><b>AVANZAREMOS ANTE A UNESCO NAS CANDIDATURAS DE:</b></p> <p><b>PATRIMONIO DA HUMANIDADE</b> da Ribeira Sacra, Illas Cíes-Parque Nacional Illas Atlánticas de Galicia e Cidade de Ferrol: Porto da Ilustración.</p> <p><b>PATRIMONIO INMATERIAL</b> da música e bailes tradicionais galegos, xota, entroido tradicional galego, alfombras florais e composicións rituais con materias naturais, técnicas de construción tradicionais (hórreos, apicultura, ... etc.) e bandas de música.</p>
8	<p><b>IMPULSAREMOS A PROTECCIÓN DOS NÓSOS BENS CULTURAIS MÁIS SOBANCEIROS DECLARANDO NOVOS BENS DE INTERESE CULTURAL</b>, que incrementen os bens protexidos nun país cunha riqueza patrimonial inmensa.</p>
9	<p><b>REFORZAREMOS AS MEDIDAS DE VIXILANCIA DO PATRIMONIO CULTURAL</b>, colaborando coas autoridades correspondentes.</p>
10	<p><b>Desenvolveremos un PLAN DE DIXITALIZACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL GALEGO</b>, fomentando o seu uso como recurso didáctico e turístico con ferramentas como a xeolocalización e a realidade virtual.</p>



## TURISMO – SOSTIBILIDADE E CONVIVENCIA

Galicia supera ano a ano o seu récord de turistas apostando por un modelo de calidade e sustentabilidade. No ano 2022 acadamos as cifras de visitantes máis altas da historia da Comunidade, con 6,5 millóns de turistas e superamos tamén o récord de peregrinos, con máis de 437.000. Máis que calquera Ano Santo.

Esta constante superación dos récords turísticos na chegada de viaxeiros e peregrinos a Galicia, xunto co incremento do uso das Vivendas de Uso Turístico (VUT) como recurso de aloxamento e a racionalización da actividade turística para facela cada vez máis compatible coa vida diaria dos cidadáns, entre outros factores, están a suscitar un debate sobre os retos que afronta o noso modelo turístico para os vindeiros anos.

En Galicia cremos firmemente que o crecemento do noso turismo debe ser, de todo punto, sustentable; o que implica abordalo desde unha perspectiva económica, social e medioambiental, implicando ao viaxeiro de xeito activo e dando resposta ás súas necesidades. Isto tradúcese nunha maior sensibilización coa conservación da contorna, responsabilidade na produción e consumo de alimentos, ou a aposta polas melloras na eficiencia enerxética dos establecementos e dos servizos turísticos.

O Partido Popular ten o pleno convencemento de que toda actividade turística debe ser compatible coa vida cotiá dos cidadáns e o respecto á convivencia e ás condicións dos distintos elementos que conforman o destino Galicia.

## Neste sentido, a Xunta de Galicia LEVA **ANOS DESENVOLVENDO PLANS ESPECÍFICOS E LIÑAS DE AXUDAS:**

- › Por vez primeira puxemos en marcha un plan estratéxico de turismo, o Plan Director 21-23 Galicia Destino Seguro, que incluía como liña estratéxica a Sostibilidade 360°, na que se recollían actuacións coma o Plan de albergues ou o Plan de Promoción do Camiño con criterios de sostibilidade.
- › Habilitamos liñas de axudas específicas para concellos dirixidas á mellora das infraestruturas turísticas, o embelecemento do Camiño, a mellora da calidade turística ou o embelecemento do Litoral.
- › Lanzamos subvencións aos establecementos de aloxamento turístico e restauración, axudas para o embelecemento do Litoral, de Eficiencia Enerxética ou Dixitalización.
- › Nos últimos dous anos, co apoio dos fondos Next Generation da Unión Europea, destinamos preto de 97 millóns de euros en senllos Plans de reforzo do Turismo Sostible de Galicia.

## NA VINDEIRA LEXISLATURA O PPDEG, SEGUIREMOS AVANZANDO PARA UNHA MAIOR SOSTIBILIDADE:

1	Poñeremos en marcha unha <b>NOVA ESTRATEXIA TURÍSTICA PARA GALICIA NO HORIZONTE 2030</b> orientada a seguir facendo de Galicia un destino de moda e de calidade.
2	Crearemos <b>NOVOS PRODUTOS TURÍSTICOS MICROSEGMENTADOS</b> , que nos permitan diferenciar a nosa oferta: nova oferta talaso-termal máis atractiva, enoturismo experiencial, turismo deportivo e náutico, apiturismo, etc.
3	<b>CONVERTEREMOS O NOSO LITORAL NUN ESPAZO DE EXPERIENCIAS TURÍSTICAS SOSTIBLES</b> a través da creación de novos recursos turísticos (Senda do Litoral), rehabilitación dos existentes e modernización de establecementos de aloxamento turístico máis eficientes. Ademais, en colaboración con concellos litorais e o sector privado, crearemos unha rede de turismo litoral ou <b>club de produto</b> .
4	<b>IMPULSAREMOS A REDE GALEGA SOSTIBLE DE PEQUENOS ESTABLECEMENTOS DE RESTAURACIÓN NAS PRAIAS</b> ( <i>chiringuitos</i> ) fomentando o emprego de materiais respectuosos co medio ambiente e coa economía patrimonial e costeira de Galicia.
5	<b>ATRAEREMOS Á NOSA COMUNIDADE AUTÓNOMA EVENTOS DEPORTIVOS, TANTO NACIONAIS COMO INTERNACIONAIS</b> , establecendo un marco estable de colaboración entre o sector do turismo e o mundo do deporte. E desenvolveremos a <b>Marca “Galicia Deporte Natural”</b> , que promocionará Galicia como destino turístico para o deporte ao aire libre a nivel nacional e internacional.

6	Faremos de <b>GALICIA UN DESTINO ENOGASTRONÓMICO DE EXCELENCIA</b> , posicionando a enogastronomía como principal motivo da viaxe a Galicia xunto á natureza e ao Camiño.
7	Apostaremos polos <b>CITY BREAKS GALEGOS (desconexión nas cidades)</b> , impulsando o turismo de compras, cultura e lecer con propostas de fin de semana na sete cidades e puntos turísticos, como A Mariña lucense ou a Ribeira Sacra, entre outros. Especialmente cando por fin chegue o AVE ás principais cidades.
8	<b>Converteremos a Galicia nunha referencia cultural e turística con GRANDES FESTIVAIS</b> e dándolle apoio a novas iniciativas similares noutros puntos do territorio, buscando unha incidencia especial ao consolidar en CADA UNHA DAS CIDADES un gran festival do XACOBEO.
9	<b>IMPULSAREMOS PROXECTOS TURÍSTICOS DE GRAN IMPACTO</b> , cun alto poder dinamizador e de atracción de investimento que nos permitan diferenciar de xeito sostible áreas con moito potencial por desenvolver: Monterrei-Verín; Oia-Baixo Miño; Lourizán- interior de Pontevedra, Fragas do Eume-Monfero, Ribeira Sacra – Patrimonio da Humanidade, etc.
10	<b>EMPREGAREMOS O BIG DATA PARA OBTENIR DATOS MÁIS FIABLES SOBRE OS FLUXOS TURÍSTICOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA E ASÍ OPTIMIZAR AS MEDIDAS DE SOSTIBILIDADE.</b> A través da análise continuada de datos turísticos efectuada polo Observatorio da sostibilidade turística, adiantarémonos ás necesidades dos viaxeiros e favoreceremos unha mellor convivencia coa contorna.
11	<b>DEFENDEREMOS A RACIONALIZACIÓN DA ACTIVIDADE TURÍSTICA NOS ESPAZOS QUE O PRECISEN</b> , como xa fixemos no Parque Nacional das Illas Atlánticas ou na Praia das Catedrais.
12	Situaremos a <b>GALICIA COMO POLO DE ATRACCIÓN DO TURISMO RURAL</b> , modernizando e mellorando a actual oferta turística con criterios adaptados ás necesidades do viaxeiro.
13	<b>REVISAREMOS A AFECTACIÓN DAS VIVENDAS DE USO TURÍSTICO</b> , conciliando a accesibilidade á vivenda residencial e a calidade dos espazos urbanos a través do traballo que está a realizar o Instituto Galego da Vivenda e do Solo, tendo en conta a normativa estatal sobre as VUT.
14	<b>VELAREMOS</b> para que na valoración por parte dos concellos da aplicación de medidas de sostibilidade que repercutan economicamente nos visitantes e no sector, como pode ser unha <b>TAXA TURÍSTICA</b> , se teñan en conta sempre de xeito rigoroso os fluxos turísticos que xustifiquen esta decisión, así como que se busque o consenso co sector afectado.

15

**APOIAREMOS O USO TURÍSTICO DO FERROCARRIL** a través da renovación e ampliación de fórmulas que teñen demostrado ser un éxito como os trens turísticos, que ademais permiten poñer en valor a nosa riqueza natural, paisaxística e gastronómica.

16

**IMPULSAREMOS** o potencial das nosas **ÁREAS DE MONTAÑA** con paquetes especiais nas zonas de PENA TREVINCA, MANZANEDA, COUREL ou ANCARRES, así como a posta en valor da nosa riqueza **FLUVIAL** e dos numerosos **HUMEDAIS** existentes na xeografía galega.



## TURISMO – CALIDADE, FORMACIÓN E APOIOS Á COMERCIALIZACIÓN

Xunto á sostibilidade, a calidade e o reto da dixitalización incluíndo novas tecnoloxías como a intelixencia artificial, son outros dos eixes transversais que desde o PPdeG consideramos que definen e deben seguir definindo o modelo turístico galego.

Deste xeito, en 2003, Galicia contaba con 13 empresas certificadas coa *Q de Calidade Turística* e hoxe, son máis de 300 as entidades certificadas.

A renovación e a ampliación destas certificacións permite que Galicia sexa sinónimo de prestixio, fiabilidade, diferenciación, rigor e promoción, tanto a nivel nacional como internacional.

Para manter este nivel e seguir medrando de xeito racional, incrementando a competitividade das nosas empresas, cómpre tamén seguir fomentando aínda máis a dixitalización dos procesos, tanto no ámbito interno para axilizar a relación cos actores externos como no desenvolvemento tecnolóxico entre as empresas do sector para que poidan rendibilizar o máximo posible a súa actividade.

**NOS ÚLTIMOS ANOS**, todos estes impulsos traducíronse en:

- › Galicia é a segunda Comunidade Autónoma en certificacións *Q de Calidade Turística* en España (331), só por detrás de Andalucía (397).
  - O liderado de Galicia no eido da calidade turística é especialmente destacado en 6 modalidades estratéxicas: Aloxamentos (hoteles, turismo rural e albergues turísticos), restauración, balnearios, portos deportivos; ou turismo industrial (visitas guiadas),
  - Ademais Galicia é a única comunidade autónoma que conta cunha Ruta Turística e con Espazos Públicos Senlleiros con *Q de Calidade Turística*.
- › O 60% dos concellos galegos están adheridos ao sistema de calidade SICTED e Galicia xa conta con 19 destinos SICTED que reúnen a 1.344 servizos turísticos (un 13,38% do total en España), dos cales 392 están adheridos e 952 distinguidos (un 14,48% de distincións na totalidade dos destinos SICTED).

Turismo de Galicia impulsa a renovación e adhesión de novos membros a través dunha liña de axudas anual e a través da sinatura de convenios con entidades como o convenio marco de colaboración co ICTE ou o que se mantén co Clúster Empresarial de Turismo de Galicia.

## É POR ISO NA VINDEIRA LEXISLATURA:

1	<b>INCLUIREMOS A CALIDADE COMO UN DOS PIARES ESTRATÉXICOS</b> na redacción e posta en marcha da nova Estratexia do Turismo de Galicia para o horizonte 2030. A calidade debe seguir sendo sinal de identidade do turismo galego.
2	De xeito máis concreto, <b>DESENVOLVEREMOS un PLAN DE CALIDADE NO SECTOR E NO DESTINO</b> , que coordine e desenvolva todas as accións que se levan a cabo desde a Administración autonómica e que benefician tanto ás empresas, servizos turísticos e territorios a través das distintos selos e normas de calidade turística.
3	<b>POÑEREMOS EN MARCHA o PROGRAMA DE FORMACIÓN EN HOSTALARÍA DE GALICIA</b> , en coordinación cos distintos centros docentes de referencia co fin de <b>paliar o déficit de traballadores</b> nun sector en plena expansión grazas á súa dedicación constante e ao apoio dos sucesivos gobernos do Partido Popular.
4	<b>REFORZAREMOS OS CONVENIOS E LIÑAS DE AXUDA ESPECÍFICAS</b> que permitan seguir sumando establecementos e servizos cos distintivos “Q de Calidade Turística” e “S de Sostibilidade”.
5	<b>POÑEREMOS EN MARCHA UN NOVO VISOR DE RUTAS A PÉ POLOS ESPAZOS NATURAIS DE GALICIA</b> , co obxectivo de ofrecer alternativas e novos puntos de vista destes espazos.
6	<b>IMPULSAREMOS A CERTIFICACIÓN DE NOVAS RUTAS “Q DE CALIDADE TURÍSTICA”</b> . Actualmente contamos coa Ruta Traslatio como a única certificada en toda España-, así como as certificacións de calidade no Camiño de Santiago (“Q de Calidade Turística” nos albergues do Camiño).
7	<b>POÑEREMOS EN MARCHA UN PROGRAMA DE EMBAIXADORES PRESCRIPTORES TURÍSTICOS E EMBAIXADORES RURAIS</b> , co obxectivo de formar persoas que están na atención ao público en diferentes sectores para que poidan contar coa información do que ofrece o seu territorio.

8	O apoio á comercialización da oferta turística galega reforzarase cun <b>PLAN DE MERCADOTECNIA A TRAVÉS DO QUE SE CREARÁN E DESENVOLVERÁN NOVOS PRODUTOS TURÍSTICOS</b> consonte aos recursos do territorio e ás novas preferencias dos viaxeiros que cada vez demandan viaxar a destinos máis especializados e comprometidos co medio ambiente. Buscaremos que os beneficios da actividade turística se vexan reflectidos en todas as comarcas galegas.
9	En colaboración co sector turístico galego, <b>INCIDIREMOS NOS MERCADOS EMISORES MÁIS IMPORTANTES PARA GALICIA:</b> resto de España, Portugal, Gran Bretaña, Estados Unidos, Italia, Alemaña, Francia, os países latinoamericanos, Corea do Sur e Xapón, ademais de manter a presenza noutros emerxentes e explorar novas posibilidades.
10	<b>REMODELAREMOS OS ELEMENTOS WEB DE TURISMO DE GALICIA E FOMENTAREMOS A DIXITALIZACIÓN DE TODOS OS SEUS PROCESOS</b> empregando todas as tecnoloxías dispoñibles, entre elas a Intelixencia Artificial.



## XACOBEO E CAMIÑO DE SANTIAGO

O Xacobeo 21-22 conseguiu poñer Galicia de moda, **recuperar o sector turístico e cumprir o obxectivo que nos fixamos no Plan Director 2021-2023 Galicia Destino Seguro** antes do seu remate, **acadando os 5 millóns de viaxeiros nos primeiros nove meses do 2022** e rematando o segundo Ano Santo con máis de 6,5 millóns de viaxeiros.

Estes obxectivos acadáronse grazas á activación de toda unha serie de **ACTUACIÓNS NOS ÚLTIMOS ANOS:**

- › Unha programación adaptada ás circunstancias na medida en que fomos superando a situación pandémica, que se traduciu na posta en **marcha de iniciativas novidosas** que demostraron o seu éxito (bono turístico, O Teu Xacobeo) e levamos adiante.
- › **171 concertos Xacobeo** en máis de 70 concellos que reuniron a máis dun millón de espectadores.
- › Consequimos **implicar ao conxunto da poboación galega** a través de programas e iniciativas que nos permitiron chegar a toda a xeografía galega e tocar todos os ámbitos e todas as idades a través de iniciativas pioneiras como foi O Teu Xacobeo, que se traduciu nun investimento total de algo máis de 9,5M€ que permitiu apoiar case 700 proxectos de entidades locais, asociacións e empresas que chegaron a 220 concellos galegos.
- › Involucramos tamén ao tecido socioeconómico galego, a través dos **patrocinadores** do Xacobeo –40 patrocinadores cunha achega preto de 28M€–.



## CO HORIZONTE DO XACOBEO 2027 E CO OBXECTIVO DE QUE O CAMIÑO SE CONVERTA NUNHA REDE DINAMIZADORA PERMANENTE DURANTE TODOS OS ANOS E DURANTE TODO O ANO, SEGUIREMOS AVANZANDO NA VINDEIRA LEXISLATURA:

1	<b>DUPLICAREMOS O INVESTIMENTO NO CAMIÑO DE SANTIAGO</b> a través do desenvolvemento do Plan Director dos Camiños de Santiago 2022-2027.
2	<b>REFORZAREMOS A CONSERVACIÓN, SINALIZACIÓN, MANTEMENTO, SOSTIBILIDADE E SEGURIDADE DO CAMIÑO E DOS ALBERGUES DE PEREGRINOS.</b>
3	<b>REFORZAREMOS O APOIO AOS VALORES DA CULTURA XACOBEA E O PATRIMONIO HISTÓRICO E CULTURAL DO CAMIÑO</b> , facilitando o achegamento dos peregrinos aos BIC (Bens de Interese Cultural) asentados no Camiño.
4	<b>SEGUIREMOS DESEÑANDO UNHA PROGRAMACIÓN CULTURAL AMPLA E ACTIVA</b> que permita visibilizar o fenómeno xacobeo e promocialo nos mercados nacionais e internacionais.
5	Faremos a <b>EXPERIENCIA DE ACOLLIDA MÁIS ACCESIBLE E INCLUSIVA</b> en colaboración coas outras administracións públicas e as entidades vencelladas coa acollida no Camiño.
6	<b>IMPLANTAREMOS MEDIDORES DE FLUXOS E FERRAMENTAS TECNOLÓXICAS PARA MELLORAR A EXPERIENCIA DA PEREGRINACIÓN</b> , tanto a nivel da oferta de servizos, como de aloxamentos. Poñeremos en valor estes impactos ante as poboacións locais, potenciando a hospitalidade da veciñanza ao longo do Camiño con campañas de sensibilización e formación.
7	<b>FORTALECEREMOS A NOSA RELACIÓN COAS ASOCIACIÓNS DE AMIGOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO EN TODO O MUNDO, INSTITUCIÓN E ACTORES QUE INTERVEÑEN NA RUTA XACOBEA</b> , para conseguir, entre todos, que esta gran vía de peregrinación manteña todo o seu esplendor e universalidade.
8	<b>REFORZAREMOS O VOLUNTARIADO NO CAMIÑO DE SANTIAGO</b> , nos planos ambiental, patrimonial e europeo, porque sabemos que a contribución da veciñanza é clave para consolidar un dos máis importantes piares culturais, turísticos e de emprego que temos en Galicia.



## FOMENTO DO DEPORTE E DA ACTIVIDADE FÍSICA

En Galicia o deporte é de **interese público**. Sobre a base da eficiencia na xestión e do crecemento estratéxico, destinamos recursos á **actividade** dos clubs de base e de alta competición, ás **bolsas** dos e das deportistas, ao **equipamento deportivo** de entidades e familias, ao **seguro deportivo gratuito** dos nenos e nenas en idade escolar, e ás **instalacións deportivas públicas** seguras, accesibles e sostibles.

O PPdeG quere que o deporte galego continúe crecendo desde a base ata á alta competición. Especialmente, queremos seguir ampliando a nosa participación en deporte feminino e mellorando en inclusión desde unha perspectiva polideportiva e transversal que chega á saúde, ao emprego e á riqueza do país.

No deporte, **Galicia converteuse nun referente** en:

- › **Colaboración coas federacións deportivas:** Co obxectivo de que os cidadáns teñan acceso á práctica deportiva federada e que os entes federativos galegos poidan desenvolver do mellor xeito as súas funcións exclusivas, asínanse anualmente con eles **convenios de colaboración**. Desde o ano 2009 a súa dotación económica foi de **64,4M€**. O carácter polideportivo da Comunidade Autónoma reflíctese no crecemento de novas modalidades deportivas, como baile deportivo e deportes autóctonos.
- › **Deporte feminino:** a presenza das galegas no deporte é crecente e continuo: de 42.000 licenzas en 2009 ás 77.660 de 2023; de 95 mulleres deportistas de alto nivel en 2011, ás 378 de 2023; ou de 30 equipos de alta competición patrocinados en 2009, aos 108 deste 2023. Galicia conta con campioas de Europa, do Mundo, Olímpicas e Paralímpicas.
- › **Xeneralización do deporte de base, co bono deporte (16,2 M€) e con programas paradigmas** como o XOGADE, e medidas innovadoras como o seguro deportivo gratuito entre os 6 e 16 anos (2,3M€ por ano).
- › **O tratamento aos deportistas de alto nivel:** reforzamos o Centro galego de tecnificación deportiva (CGTD), referencia da alta competición e sede de seleccións nacionais absolutas; ampliamos a tecnificación mediante os Núcleos de Adestramento Deportivo Especializado (NADE) en clubs e federacións, e melloramos o tratamento e apoio aos deportistas de alto nivel.
- › **No novo marco xurídico de dereitos**, co programa de atención ao deportista (PROADE) e a Oficina de Atención ao deportista, centrada no durante e despois da carreira deportiva. Os deportistas contan ademais, cun investimento directo en bolsas de 5,9M€ (período 2009-2023).

## NA VINDEIRA LEXISLATURA AS POLÍTICAS DO PPDEG SEGUIRÁN AVANZANDO NO PESO ESPECÍFICO DO DEPORTE GALEGO, EN TODAS AS SÚAS VERTENTES:

1	<b>AVANZAREMOS NA MELLORA DA CALIDADE DE VIDA DOS GALEGOS E GALEGAS</b> mediante o <b>Plan Galicia Saudable</b> , que incrementará a práctica deportiva e a actividade física da cidadanía, con especial atención a plans como o de “Obesidade Zero” que abarque todos os grupos poboacionais e tramos de idade, con especial atención á poboación infantil e aos grupos especialmente vulnerables.
2	<b>DESENVOLVEREMOS A COLABORACIÓN CO TECIDO DEPORTIVO GALEGO</b> , apostando pola xestión eficaz dos recursos públicos e a boa gobernanza no deporte.
3	<b>POÑEREMOS A DISPOSICIÓN</b> dos usuarios preto de 1.000 instalacións deportivas en recintos escolares fóra do horario lectivo co <b>PLAN PISTAS ABERTAS</b> .
4	<b>IMPULSAREMOS A RECEITA DEPORTIVA</b> como ferramenta útil entre Sanidade e concellos para mellorar a saúde de maiores e enfermos crónicos, así como para a prevención de enfermidades.
5	<b>APROBAREMOS O PROXECTO DE INTERESE AUTONÓMICO</b> para o <b>CGTD (Centro Galego de Tecnificación Deportiva)</b> , ampliando as instalacións para incrementar a capacidade e servizos que potenciarán a súa incidencia deportiva, social e económica na cidade de Pontevedra e no conxunto de Galicia.
6	<b>IMPULSAREMOS A DEFENSA DOS VALORES DEPORTIVOS</b> , especialmente na loita contra a violencia e a intolerancia no deporte, e na protección da saúde dos nosos deportistas. Nesta liña, apostaremos pola <b>PARTICIPACIÓN INCLUSIVA</b> , independentemente de raza, capacidade, xénero, orientación sexual ou identidade de xénero, especialmente nas idades escolares.
7	Continuaremos fomentando a protección e a <b>ASIGNACIÓN AXEITADA DE RECURSOS AOS AXENTES DO DEPORTE GALEGO</b> , da base ata a alta competición, para aumentar o rendemento e vertebración co máximo nivel deportivo.
8	Fortaleceremos estreitas relacións coas federacións deportivas e clubs, outorgando un merecido recoñecemento aos <b>DEPORTISTAS DA NOSA TERRA</b> , que sen dúbida supoñen un orgullo para Galicia.
7	<b>APROBAREMOS UN PLAN DE DEFENSA DOS DEREITOS DA INFANCIA A TRAVÉS DO DEPORTE</b> , incidindo especialmente na loita contra o acoso e no fortalecemento da autonomía, da autoestima e do liderado entre os menores.

8	<b>AVANZAREMOS NA PROGRESIÓN CONTINUA EN CANTO Á PRÁCTICA E PRESENZA DAS MULLERES NO DEPORTE GALEGO</b> , traballando polo efecto multiplicador das referencias femininas entre as novas xeracións.
9	<b>MELLORAREMOS AS DOTACIÓNS DE EQUIPAMENTOS E INSTALACIÓNS</b> , en colaboración coas administracións e institucións afectadas, cara unha práctica polideportiva, segura, inclusiva e sostible.
10	<b>IMPULSAREMOS A CREACIÓN DO MUSEO DO DEPORTE GALEGO</b> , como medida de salvagarda, conservación, difusión e coñecemento do noso deporte e dos seus axentes ( <b>incluídos os deportes tradicionais</b> ), asegurando o seu exemplo e transmisión a xeracións futuras.
11	<b>TRABALLAREMOS NA CONTA SATÉLITE DO DEPORTE</b> , analizando estatisticamente o Deporte como xerador de riqueza e emprego, así como o seu impacto económico en Galicia.
12	<b>IMPULSAREMOS MEDIDAS DE MELLORA DAS CONDICIÓNS LABORAIS NO ÁMBITO DEPORTIVO</b> . Salvagardaremos, en todo caso o voluntariado no deporte, necesario e característico del.
13	<b>DESENVOLVEREMOS UN PLAN DE FORMACIÓN</b> específico para os <b>ADESTRADORES</b> deportivos.



## A GALICIA DA SEGURIDADE

A seguridade na nosa Comunidade constitúe un valor esencial, non só para os galegos e galegas que residen en Galicia, senón tamén como referente para a multitude de persoas que visitan a nosa comunidade.

Apostar por corpos policiais e de emerxencias dotados, formados e coordinados, como vén facendo a Xunta de Galicia, xunto co compromiso das demais administracións competentes, garantirá que a nosa continúe a ser unha comunidade segura e se contemple como un lugar atractivo para vivir, visitar e investir.

Neste senso, dende o Goberno galego nos últimos anos leváronse a cabo accións encamiñadas a mellorar a **seguridade e a atención ás emerxencias** na nosa comunidade a través da:

- › Formación dos membros dos corpos e forzas de seguridade e emerxencias que operan en Galicia, a través da Academia Galega de Seguridade Pública, ofertando uns completos programas formativos que van desde a formación inicial ata a especializada. Nesta lexislatura formáronse 42.051 membros das Forzas e Corpos de Seguridade e emerxencias.

- › Modernización da infraestrutura de resposta e coordinación ante unha emerxencia, coa construción dun novo Centro Integral de Atención a Emerxencias (CIAE112) dotado de equipos e tecnoloxía de vangarda e profesionais altamente cualificados na comunicación de alertas e atención ás emerxencias.
- › Dotación e equipamento dos parques de bombeiros, Grupos de Emerxencia Municipal e das Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil. Desde o ano 2015 o investimento nestes servizos supera os 26M€.
- › Posta en marcha dun proceso centralizado da selección dos policía locais de Galicia que facilita o acceso igualitario a estes corpos en todo o territorio, beneficiando tanto a concellos como a aspirantes a estes postos.
- › Potenciación e creación de grupos específicos no seo da Unidade de policía adscrita para a atención de competencias e funcións particulares da nosa comunidade, como son o furtivismo, a loita contra incendios forestais e a protección de vítimas de violencia de xénero e menores, entre outras.
- › O apoio psicolóxico a vítimas de emerxencias e catástrofes e aos seus familiares, cunha atención profesional neses momentos tan complicados.
- › Desenvolvemento dunha solución innovadora para a localización de persoas extraviadas por medio de UAVS (sistemas aéreos non tripulados).

## ENTRE AS ACTUACIÓNS QUE LEVAREMOS A CABO NA VINDEIRA LEXISLATURA:

1	<b>IMPULSAREMOS PROGRAMAS FORMATIVOS CONXUNTOS NA AGASP</b> para os corpos de seguridade que operan en Galicia dirixidos a mellorar e garantir en todo momento a coordinación de actuacións e servizos prestados aos galegos e galegas.
2	<b>LANZAREMOS un PLAN FORMATIVO ESPECÍFICO</b> para garantir a seguridade das persoas maiores que viven soas nos concellos rurais, procurando que teñan ferramentas para poder previr abusos ou estafas no ámbito das novas tecnoloxías.
3	<b>IMPULSAREMOS</b> os procesos de <b>SELECCIÓN CENTRALIZADA DAS NOSTRAS POLICÍAS LOCAIS</b> a través da AGASP, para que a totalidade dos concellos galegos seleccionen os seus policía locais no seu marco.
4	<b>CREAREMOS</b> , dentro da Unidade de Policía Adscrita á Xunta de Galicia, <b>GRUPOS ESPECÍFICOS DE ACTUACIÓN:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>› Para <b>PERSEGUIR O XOGO ILEGAL</b> e controlar o acceso ao xogo dos menores de idade.</li> <li>› Para atención aos peregrinos, especialmente para evitar abusos de xénero, vixilancia e protección dos camiños xacobeos.</li> </ul>

	<p>› Para a protección do noso patrimonio cultural e prevención de actividades ilícitas no ámbito urbanístico.</p> <p>Para isto, será necesario que o Goberno central cubra as prazas vacantes desta Unidade, como se ten solicitado reiteradamente, ademais seguirase cumprindo as funcións encomendadas de protección ás vítimas de violencia de xénero e noutros eidos.</p>
5	<p><b>LANZAREMOS UN PROGRAMA DE APOIO ÁS FAMILIAS QUE TEÑAN ALGÚN MEMBRO CON RISCO DE DESAPARICIÓN</b> (menores con algún problema especial, e maiores con problemas cognitivos ou desorientación, ou persoas con algún tipo de discapacidade que poida ocasionar unha perda) Traballaremos para manter a estas persoas en condicións de seguridade en coordinación cos servizos sociais, sanitarios e Corpos e Forzas de seguridade. Isto levarase a cabo mediante sistemas de monitorización e mellora continua das alertas e sistemas de busca.</p>
6	<p><b>REFORZAREMOS O ACOMPAÑAMENTO PSICOLÓXICO A VÍTIMAS DE ACIDENTES</b>, mellorando a asistencia, a formación e a coordinación entre os profesionais de emerxencias e sanitarios; co obxectivo de evitar que os momentos máis duros se volvan aínda peores.</p>
7	<p><b>POÑEREMOS EN MARCHA CAMPAÑAS</b> de publicidade e de información dirixidas aos menores de idade para alertar dos perigos do xogo e das posibles consecuencias da <b>LUDOPATÍA</b>.</p>
8	<p><b>APROBAREMOS A PRIMEIRA ESTRATEXIA AUTONÓMICA</b> de redución do risco de desastres para afrontar os novos escenarios de risco e acadar unha maior resiliencia social ante <b>EMERXENCIAS E CATÁSTROFES</b>. En paralelo, reforzaremos os sistemas de alerta temperá e de comunicación para advertir a poboación sobre posibles desastres naturais ou outras emerxencias.</p>
9	<p><b>FORTALECEREMOS AS CAPACIDADES OPERATIVAS E DE PREVENCIÓN</b> no ámbito local promovendo a elaboración de <b>PLANS MUNICIPAIS DE PROTECCIÓN CIVIL</b> e dotando aos concellos de material de emerxencias necesarios para dar resposta aos riscos locais.</p>
10	<p><b>FOMENTAREMOS A PARTICIPACIÓN ACTIVA</b> da cidadanía na protección civil, a través dun <b>PROGRAMA DE IMPULSO DO VOLUNTARIADO DE PROTECCIÓN CIVIL</b> e do reforzo da formación, do apoio ás Agrupacións de Voluntariado de Protección Civil e do recoñecemento público do seu labor.</p>
11	<p><b>CREAREMOS UNHA OFICINA DE ASESORAMENTO ANTIOCUPACIÓN</b></p> <p>Unha das principais preocupacións dos galegos que teñen unha propiedade é a ocupación ilegal de vivendas. É por iso que a Xunta debe actuar neste sentido poñendo ao dispor do propietario todos os recursos e asesoramento preciso, e impulsado a formación en materia de ocupación ilegal de inmobles.</p>



A xustiza é un dos piares do noso Estado de Dereito e de Benestar e do desenvolvemento económico de Galicia, por iso o investimento en medios persoais e materiais e a aposta por unha atención e asistencia óptima á cidadanía é imprescindible.

Queremos alcanzar unha xustiza eficaz, accesible e de calidade; unha xustiza que dea resposta á cidadanía no momento en que realmente o precisa; unha xustiza tecnolóxica a favor do seu persoal e da cidadanía; en fin, unha xustiza á altura das demandas da sociedade actual.

A Xunta de Galicia ten avanzado nestas liñas:

- › Cun investimento de máis de 161 millóns de euros desde 2009 na **renovación e mellora das sedes xudiciais galegas**, destacando especialmente a Cidade da Xustiza de Vigo, pero sen esquecer outros grandes investimentos, como os novos edificios de Santiago, Ourense, Pontevedra, a rehabilitación integral da antiga fábrica de Tabacos da Coruña ou a adaptación das instalacións xudiciais de Marín ás novas necesidades en materia de sustentabilidade e eficiencia enerxética.
- › Coa dotación ás unidades xudiciais do **persoal** e das **medidas de reforzo** precisas.
- › Coa implantación da **carreira profesional** na Administración de Xustiza, no cal Galicia se proclama como pioneira.
- › En materia de **asistencia xurídica gratuíta, Galicia**, ademais de incorporar a asistencia as **vítimas de violencia sobre a muller**, é pioneira na inclusión das vítimas de delitos contra a liberdade sexual, vítimas menores de idade por calquera tipo de delito e ás persoas xurídicas. Tamén somos unha das CCAA cun baremo dos máis altos do Estado para compensar economicamente ás/aos avogadas/os e procuradores da quenda de oficio e destacamos pola axilidade neses pagos.
- › Coa implantación do **Expediente Xudicial Electrónico** e a posta en marcha de iniciativas de automatización de procesos xudiciais.
- › Coa consolidación das **Salas de Vistas Dixitais** e a posta en marcha e mellora da **Sede Xudicial Electrónica**, co incremento constante de servizos ao cidadán e o profesional.
- › En materia de **atención ás vítimas, persoas especialmente vulnerables e colectivo LGTBI**, co ofrecemento de formación especializada para todo persoal da Administración de Xustiza en Galicia e coa aprobación de instrumentos de coordinación de actuacións.

## NA VINDEIRA LEXISLATURA SEGUIREMOS ACTUANDO PARA ALCANZAR ESA XUSTIZA ÁXIL, RESOLUTIVA E PRÓXIMA Á CIDADANÍA COAS SEGUINTE PROPOSTAS:

1	1. Seguiremos <b>MELLORANDO AS INFRAESTRUTURAS XUDICIAIS GALEGAS</b> . Nesta lexislatura imos centrarnos en novas construcións e ampliación das existentes.
2	2. Reforzaremos con persoal os <b>XULGADOS DE PRIMEIRA INSTANCIA E OS SERVIZOS COMÚNS DE NOTIFICACIÓN E EMBARGOS</b> cando sexa necesario, especialmente para axilizar os procedementos de loita contra a ocupación ilegal de vivendas.
3	3. <b>AXILIZAREMOS O NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS INTERINOS</b> , de maneira que se reduzan os tempos de resolución da cobertura de prazas.
4	4. <b>Reforzaremos os EQUIPOS PSICOSOCIAIS DO IMELGA</b> , co fin de reducir os tempos dos informes.
5	5. <b>Realizaremos protocolos de actuación e COORDINACIÓN SANITARIA, FORENSE E XUDICIAL NOS DELITOS CONTRA A LIBERDADE SEXUAL</b> , que permitan unha actuación precoz de calidade e estandarizada na recollida e posterior análise dos vestixios biolóxicos.
6	6. <b>MELLORAREMOS A QUENDA DE OFICIO</b> e garantiremos que a intervención dos profesionais designados <b>sexan indemnizada SEMPRE que realicen actuacións</b> , incluíndo as relacionadas coa violencia sobre a muller, de xeito que Galicia continúe sendo un dos territorios onde as compensacións económicas sexan máis elevadas.
7	7. Continuaremos coa <b>FORMACIÓN E ESPECIALIZACIÓN DOS AVOGADOS E PROCURADORES</b> integrantes na quenda de oficio en materia de violencia sobre a muller, delitos de odio e contra o colectivo LGTBI, en coordinación cos colexios profesionais de Galicia.
8	8. <b>EN COORDINACIÓN cos OPERADORES XURÍDICOS E CORPOS AUXILIARES DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA, APROBAREMOS NOVOS PROTOCOLOS E INSTRUMENTOS</b> de actuación conxunta con diferentes organizacións e colectivos co obxectivo de evitar a revitimización das vítimas de violencia de xénero.



9	9. <b>AFONDAREMOS no TELETRABALLO como forma de conciliación familiar e profesional</b> , garantindo a prestación eficiente do servizo público, renovando os equipos e impartindo formación informática a todo o persoal ao servizo da Administración de Xustiza.
10	10. <b>CULMINAREMOS a implantación da NOVA APLICACIÓN DE REXISTRO CIVIL DICIREG.</b>
11	12. <b>AVANZAREMOS na MODERNIZACIÓN e RENOVACIÓN DOS EQUIPOS E MEDIOS TECNOLÓXICOS</b> necesarios na Administración de Xustiza.
12	13. <b>IMPULSAREMOS a FORMACIÓN ESPECÍFICA E TRANSVERSAL do persoal ao servizo da Administración de Xustiza</b> en Galicia, para garantir unha atención profesional e individualizada de todas as vítimas, con atención especial aos colectivos especialmente vulnerables.

## **RELACIONES COA ADMINISTRACIÓN LOCAL**

Desde o Partido Popular de Galicia sempre fomos conscientes do esforzo dos concellos, sobre todo dos máis pequenos, por xestionar os seus servizos, especialmente nunhas circunstancias tan complicadas como as derivadas da COVID-19 e da Guerra de Ucraína, nun momento de grande incerteza económica e cunha suba constante dos prezos.

En consecuencia, **a colaboración habitual entre o Goberno galego e as entidades locais intensificouse nos últimos anos**, reforzándose o apoio aos concellos cunhas cifras récord, con máis axudas, con máis apoio e con máis liñas de cooperación especialmente cos máis pequenos, actuando en eidos claves para a recuperación e o desenvolvemento económico e a loita contra o despoboamento e o impulso demográfico.

A situación económica, social, tecnolóxica e a crise demográfica demanda agora un **cambio de marco normativo e o mantemento do diálogo, a colaboración e cooperación das distintas administracións.**

**Por estes motivos, levamos anos sentando as bases dun novo sistema:**

- › **No ámbito normativo**, constituíuse a Comisión técnica de delimitación competencial integrada por representantes da Xunta de Galicia e da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) co obxectivo de avanzar na clarificación das competencias das administracións autonómica e local.
- › No **eido demográfico**, aprobouse a **Lei 5/2021 de impulso demográfico de Galicia**, norma que orienta todas as políticas autonómicas, de maneira destacada o apoio ás familias, a vivenda, o envellecemento activo e saudable, o impulso ás actividades económicas no medio rural.

**Polo que atinxe ao financiamento**, a Xunta vela por seguir mellorando a capacidade financeira dos concellos para que poidan prestar uns servizos públicos de calidade. No

2023 destináronse cifras históricas a cooperación municipal, un total de 564,3 millóns de euros, isto é un 15,5% por riba da contía de 2022. Desde 2009 intensificamos de xeito progresivo esta colaboración, e en 2024 destinaremos un 53% máis que daquela, cun total de 602 millóns de euros (son 208,5 millóns de euros máis que en 2009).

## NA VINDEIRA LEXISLATURA:

1	<b>Aprobaremos unha nova LEI DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DE GALICIA</b> que adaptará o marco normativo local á nova realidade social, económica e tecnolóxica, clarificará o reparto competencial, modernizará o seu réxime xurídico e potenciará a autonomía local e a potestade de autoorganización.
2	<b>SEGUIREMOS GARANTINDO A SUFICIENCIA FINANCEIRA DOS NÓSOS CONCELLOS</b> , mediante a participación no Fondo de Cooperación Local, de xeito que conten con recursos suficientes para a correcta prestación dos servizos públicos, establecéndose partidas específicas destinadas aos concellos de menos de 15.000 habitantes para fixar a poboación no seu territorio.
3	<b>INSTAREMOS Á NEGOCIACIÓN CO ESTADO DUN NOVO SISTEMA DE FINANCIAMENTO LOCAL</b> que teña en conta as particularidades dos concellos galegos na súa distribución, como os factores demográficos e de dispersión xeográfica.
4	<b>REFORZAREMOS O NOSO APOIO AOS</b> concellos en risco de DESPOBOAMENTO con medidas específicas que permitan mellorar a prestación de servizos públicos e fixar poboación.
5	<b>IMPULSAREMOS OS PROCESOS VOLUNTARIOS DE FUSIÓN MUNICIPAL</b> e as fórmulas de XESTIÓN COMPARTIDA dos servizos públicos locais.
6	<b>APROBAREMOS un programa específico de impulso á RENOVACIÓN DAS CASAS CONSISTORIAIS</b> nos concellos de menos de 5.000 habitantes.
7	Demandamos do Goberno central a <b>FIXACIÓN DO MARCO NORMATIVO BÁSICO DO RÉXIME XURÍDICO DOS MUNICIPIOS DE MENOR POBOACIÓN.</b>

# FINANCIAMENTO E GOBERNANZA FINANCEIRA

O **sistema de financiamento** constitúe un aspecto crucial para garantir a **suficiencia financeira** e a **sustentabilidade** das finanzas públicas autonómicas posto que os ingresos que proveñen do sistema de financiamento supoñen máis do 80% dos recursos orzamentarios anuais.

O modelo actual, que foi aprobado no ano 2009, ten evidenciado ao longo dos anos algunhas debilidades de deseño e especialmente unha **falta de suficiencia global**, polo que é urxente a súa revisión.

Na xestión das finanzas públicas, Galicia é unha **comunidade de referencia** no cumprimento das **regras fiscais**, no **control do endebedamento** e no **período medio de pago a provedores**.

Ademais, elaboramos **tres plans estratéxicos** coa finalidade de fomentar a **planificación** na xestión pública.


## NESTES ÚLTIMOS ANOS, Galicia:

- › É a **comunidade que menos incrementou o seu endebedamento desde 2008** e somos a **2ª comunidade autónoma que paga máis rápido as súas facturas**.
- › Foi a primeira Comunidade Autónoma en aprobar un **Plan Estratéxico** de carácter global e cun principio básico: fomentar a planificación na xestión pública, decidir as prioridades ás que deben dirixirse os recursos públicos e multiplicar o seu rendemento. Nesta planificación estratéxica fomos pioneiros ao **implicar a sociedade civil** no seu proceso de elaboración.
- › A principios de 2022, aprobamos o **terceiro Plan Estratéxico de Galicia** (para o período 2022-2030), que vencella de novo a acción do goberno a unhas liñas estratéxicas ben definidas que permitirán acadar os retos da nosa comunidade na vindeira década.

## AO LONGO DA VINDEIRA LEGISLATURA:

1	<b>Continuaremos coa política de RIGOR, de PRUDENCIA e de RESPONSABILIDADE NA XESTIÓN DA DÉBEDA PÚBLICA e así poder destinar máis recursos aos servizos públicos.</b> Deste xeito, Galicia continuará a ser unha comunidade autónoma solvente, unha comunidade autónoma menos endebedada e unha comunidade autónoma que non deixará hipotecado o futuro das vindeiras xeracións de galegos e galegas.
2	<b>CULMINAREMOS un cambio efectivo NA ORZAMENTACIÓN BASEADA na cultura da XESTIÓN POR OBXECTIVOS,</b> a través de informes de execución por obxectivos do orzamento.

3	<p><b>ELABORAREMOS UNHA AVALIACIÓN INTERMEDIA DA TRAXECTORIA DO PLAN ESTRATÉGICO DE GALICIA 22-30 ATA O ANO 2025.</b> A avaliación dos resultados acadados ata ese momento permitirá detectar as posibles desviacións das metas establecidas para 2025, e establecer os pasos a seguir para garantir o cumprimento dos retos a 2030. Tamén se terá en conta se a realidade galega fai preciso incorporar novas necesidades e obxectivos á planificación.</p>
4	<p><b>IMPULSAREMOS</b>, en colaboración coa Autoridade Independente de Responsabilidade fiscal (Airef), <b>A REVISIÓN DA EFECTIVIDADE DAS ÁREAS DE GASTO.</b> Avaliar o resultado das políticas de gasto é un exercicio fundamental para tomar decisións eficientes e sobre todo útiles para a sociedade. Este labor de análise permitirá un mellor aproveitamento dos recursos.</p>
5	<p>Elaboraremos un <b>PLAN GALEGO DE EDUCACIÓN E INCLUSIÓN FINANCIERA</b> co obxecto de continuar apoiando actuacións e iniciativas que melloren a cultura e inclusión financeira de todos os grupos ou segmentos da poboación, con especial atención ao ámbito rural.</p>



## MODERNIZACIÓN E EFICIENCIA DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

A cidadanía galega reclámanos unha **administración exemplar e eficiente**, cun funcionamento orientado cara ao cumprimento de resultados e a prestación de servizos de calidade que contribúan a aumentar a valoración das nosas institucións.

Ao longo destes últimos anos, traballamos e avanzamos na **modernización** da administración galega e simultaneamente na **mellora da satisfacción da cidadanía nas súas relacións coa Xunta**, mellorando as canles de relación coa mesma, a dispoñibilidade do uso das novas comunicacións e simplificando e reducindo as cargas para a cidadanía.

**A optimización de procesos mediante a automatización e o goberno intelixente dos datos abre a porta á personalización de servizos e a unha xestión máis eficiente dos recursos**, permitindo así o desenvolvemento dunha comunidade máis conectada e participativa na toma de decisións gobernamentais.

Así mesmo, é unha **prioridade** para o PPdeG que a **ciudadanía** conte coas **capacidades dixitais básicas** para participar de forma efectiva no novo contexto dixital. Neste ámbito, a **Rede CeMIT** ten un **papel clave na eliminación da fenda dixital achegando a capacitación dixital** de balde a **toda a cidadanía**, poñendo o foco nos colectivos máis vulnerables e no ámbito rural.

Neste ámbito da **modernización e eficiencia da Administración**, **NESTA LEXISLATURA** o goberno da Xunta de Galicia:

- › Aprobou a **Lei 9/2021 de simplificación administrativa** e de apoio a reactivación económica de Galicia e o **1º Plan de Mellora da Calidade dos Servizos Públicos** do que se levan cumprido a gran maioría das súas medidas.
- › Puxo en marcha a **canle +65** para facer máis doada a relación dos maiores coa administración, **eliminado a cita previa** e creando unha **canle de denuncias anónimas** para informar de posibles infraccións e unha **oficina específica e externa adscrita á Valedora do Pobo**.
- › Liderou no conxunto das administracións españolas un sistema de integridade institucional coa aprobación dun **Programa marco de Integridade Institucional**, sendo a primeira de todas as CC.AA en aprobar un **Plan de medidas Antifraude** e sendo a única que o ten revisado en 2023, cumprindo así todas as recomendacións do Consello de Contas.
- › Puxo en **funcionamento cinco procedementos proactivos**, para ofrecerlle ás galegas e galegos servizos sen necesidade de que fagan unha solicitude, como na emisión da tarxeta benvida, renovación de licenzas de caza e pesca, certificados de familia numerosa ou declaracións a realizar polos gandeiros.
- › **Fomentou o uso da Administración dixital**, con máis do **86% dos trámites realizados en liña** en 2022 e o Rexistro de 1,3 millóns de presentacións telemáticas na sede electrónica da Xunta.
- › **Implementou e desenvolveu o sistema Chave365**, con preto dun **millón e medio de usuarios** activos.
- › **Dixitalizou as gravacións de vistas xudiciais** e avanzou na **interoperabilidade con 167 organismos** de diferentes administracións.
- › Desde a posta en marcha da **Rede de aulas CeMIT** en 2011 lévanse impartidas **máis de medio millón de horas de formación dixital gratuita** e, a día de hoxe, **contan con preto de 110.000 usuarios rexistrados**.

## E NA VINDEIRA LEXISLATURA:

1

**APROBAREMOS A PRIMEIRA ESTRATEXIA DE RECURSOS HUMANOS da XUNTA 2024-2034** que se centrará na calidade da atención á cidadanía, na **captación de talento mozo**, en resolver o reto das xubilacións e nas **novas capacidades e habilidades** que requiren os novos perfís profesionais dunha administración máis dixitalizada e baseada na xestión dos datos.

2

**APROBAREMOS PARA UN PERÍDO DE CATRO ANOS UN NOVO PLAN DE XESTIÓN DA CALIDADE DOS SERVIZOS PÚBLICOS** orientados á cidadanía, coa implantación da dirección por obxectivos, avanzando en transparencia con datos máis claros e accesibles, fomentando novos instrumentos de participación e simplificando a linguaxe administrativa para que resulte máis comprensible.

3	<b>OFRECEREMOS unha COMUNICACIÓN MÁIS DOADA E MAIORES RECURSOS A TRAVÉS DA APLICACIÓN (APP) XUNTA-EU</b> , permitindo que moitos <b>trámites</b> se poidan tamén <b>realizar co teléfono</b> e que dispoñamos no mesmo de <b>certificados oficiais</b> , e deste xeito prestaremos un servizo máis áxil aos cidadáns.
4	<b>FOMENTAREMOS A TRANSFORMACIÓN DIXITAL DOS SERVIZOS PÚBLICOS</b> , aproveitando o uso dos datos para mellorar a eficiencia e a calidade dos servizos, facéndoos <b>máis accesibles, eficientes e con maior valor engadido</b> .
5	<b>REDUCIREMOS OS TEMPOS DE TRAMITACIÓN DOS EXPEDIENTES</b> a través do emprego de <b>intelixencia artificial</b> , concentrando os traballos de control do gasto nas áreas de maior risco.
6	<b>Melloraremos a relación da cidadanía coa administración a través da REDACCIÓN DE NORMAS MÁIS CLARAS E CONCISAS</b> . A sinxeleza, claridade e brevidade das normas facilitará a súa comprensión e cumprimento. Ademais, fomentaremos o <b>traballo por obxectivos e proxectos</b> para ser máis eficientes e incrementar a colaboración entre departamentos.
7	<b>POTENCIAREMOS O PORTAL DE TRANSPARENCIA, MELLORANDO tanto a ACCESIBILIDADE Á INFORMACIÓN FINANCEIRA E ESTATÍSTICA como a RENDICIÓN DE CONTAS</b> , para que a <b>ciudadanía</b> teña <b>coñecemento</b> preciso do <b>que fai a administración cos seus impostos</b> e incluíndo <b>informes de xestión</b> que ofrezan una visión de desempeño da actividade pública mediante obxectivos e indicadores.
8	<b>APROBAREMOS UN NOVO PLAN CONTABLE</b> , con información máis <b>accesible ao cidadán e compatible</b> cos das <b>outras administracións</b> .
9	<b>REDUCIREMOS Á METADE OS GASTOS EN ALUGUEIROS DE EDIFICIOS E OFICINAS PÚBLICAS</b> , para seguir optimizando o uso do patrimonio propio da Comunidade Autónoma de Galicia, de modo que a maioría dos servizos públicos da competencia da Xunta de Galicia se presten en inmobles de titularidade autonómica.
10	<b>REVISAREMOS OS PROCEDEMENTOS INTERNOS DE APROBACIÓN DAS NORMAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA</b> , de forma que <b>se reduzan os prazos</b> de cada trámite e se faga un <b>seguimento do tempo investido</b> en cada paso do proceso para unha maior seguridade e axilidade.
11	<b>IMPULSAREMOS CANDO MENOS 20 PROCEDEMENTOS PROACTIVOS</b> de modo que se ofrezan directamente a determinados colectivos en función das súas necesidades, <b>co obxectivo de reducir ou eliminar trámites na obtención ou renovación de axudas, carnés ou licenzas</b> .

## AVANZAREMOS NA TRANSFORMACIÓN DIXITAL DOS SECTORES ESTRATÉGICOS DE GALICIA. Entre outros:

- › Consolidaremos o **Plan de Territorio Intelixente**, que permitirá unha mellor planificación de políticas públicas, o desenvolvemento de servizos intelixentes, a prevención de riscos e a explotación dos recursos naturais de forma sostible e segura.
- › Poñeremos en marcha a **Plataforma Agroforestal de Galicia, AGRO 4.0**, que terá como finalidade facer máis completa e eficiente a xestión dos titulares de explotacións agroforestais coa Xunta de Galicia, facilitándolle información e ferramentas adicionais para a súa propia explotación.
- › Consolidaremos o **modelo de dixitalización das aulas**, facendo énfase na mellora dos contidos dixitais e a dixitalización do 100% das aulas de primaria e secundaria. Desenvolveranse ferramentas avanzadas de análise da información, que nos permitirán avanzar cara a unha educación máis personalizada.
- › Implantaremos un **Modelo de atención sociosanitaria** que, mediante o uso da tecnoloxía, mellore a **calidade de vida das persoas**, tanto nas residencias como mediante a teleasistencia domiciliaria.
- › Evolucionaremos a **Plataforma de mobilidade** cara a unha xestión integral da mesma no ámbito da Comunidade Autónoma.
- › Desenvolveremos un **asistente virtual de Augas de Galicia** que facilite todas as tramitacións dos cidadáns ante a administración hidráulica autonómica e mellore a comunicación cos usuarios.
- › Crearemos unha **Plataforma Tecnolóxica da Información e Comunicación** para a **implantación de e-servizos** mediante ferramentas específicas para a provisión de servizos no medio rural. A plataforma da Xunta porá a disposición dos concellos rurais un catálogo de servizos por medio electrónicos (alertas, reporte de incidencias, anuncios, solicitudes e xestión de servizos, etc.), de xeito que cada concello poderá seleccionar os que desexe implantar.
- › Poñeremos en marcha un **sistema de alertas sanitarias animais e vexetais baseada en intelixencia artificial** que permita tratamentos preventivos. Trátase dunha medida de Agricultura 4.0 co obxectivo de protexer as nosas producións pero tamén axudar ao agricultor a tomar decisións eficientes, sanitarias e de fertilización.

12

13

**AMPLIAREMOS A REDE, O EQUIPAMENTO e as ACTIVIDADES das AULAS CeMIT, co obxectivo de que o seu labor alcance a 200.000 cidadáns.**

# **ACCIÓN EXTERIOR (UNIÓN EUROPEA E COOPERACIÓN)**

A integración de Galicia na Unión Europea é un eixo fundamental para o desenvolvemento da nosa comunidade, tanto pola necesidade de captar fondos europeos como polas posibilidades que abre para todos os galegos e galegas. Por iso, desde o PPdeG seguiremos defendendo con ímpeto os intereses de Galicia perante as institucións comunitarias.

Ademais, no eido da cohesión europea, seguiremos traballando coa Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal (CCDR-N) para **consolidar a nosa Eurorrexión como un exemplo de cooperación no seo da UE**.

E, nunha perspectiva global, o PPdeG seguirá avogando por unha acción colectiva que afronte a resolución dos riscos da humanidade. Unha **visión conxunta e a longo prazo dos retos comúns alén das nosas fronteiras**, para consolidar unha contorna segura para as novas xeracións.

**No ámbito da acción exterior, Galicia afianzouse como líder grazas a:**

- › Desenvolver a **primeira Lei reguladora da acción exterior e da cooperación autonómica plenamente constitucional**, que será implementada cunha nova Estratexia Galega de Acción Exterior ata 2027 (EGAEX).
- › A súa actuación no ámbito do Comité das Rexións, especialmente a través da participación nas comisións CIVEX e NAT. Galicia lidera o ditame **“A política pesqueira común sobre o terreo: cara a comunidades costeiras sustentables e resilientes na Unión Europea”**, para defender o aspecto socioeconómico da pesca sen descoidar o medioambiental.
- › Estar presente en **11 comités executivos da Comisión Europea**, participando directamente no desenvolvemento da lexislación comunitaria para a defensa dos intereses dos cidadáns galegos.
- › **Formar a máis de 1.000 persoas a través dos cursos de financiamento** comunitario “TecEuropa”.
- › **Converter a nosa Eurorrexión na área máis beneficiada do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal 14/20**, tanto no número de proxectos (85), como no volume de fondos do Programa captados (máis de 163 millóns de euros).
- › No eido da Lusofonía, materializar o **achegamento á Comunidade de Países de Lingua portuguesa (CPLP) trala aprobación, no 2021, do ingreso de España como Estado Observador grazas á Xunta de Galicia**.
- › **Aumentar de forma sostida a Axuda Oficial ao Desenvolvemento (AOD)**, que deu como resultado un incremento acumulado nos últimos catro anos dun 50%.
- › **Recuperar o consenso social e político sobre as políticas públicas de cooperación para o desenvolvemento**, coa *Lei 10/2021 reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia* e cun marco estratéxico de planificación no V Plan Director da Cooperación Galega 2023-2026.



## NA VINDEIRA LEXISLATURA:

1	Negociaremos coa Comisión Europea e instaremos ao Goberno de España para o establecemento dun <b>NOVO RÉXIME DE CAPTACIÓN DE INVESTIMENTOS INDUSTRIAIS</b> .
2	<b>ASEGURARÉMONOS QUE GALICIA SAQUE O MÁXIMO RENDEMENTO AOS FONDOS DA UNIÓN EUROPEA ALÉN DE 2027</b> , para o que resulta indispensable comezar a traballar arreo dende 2024, aproveitando a experiencia obtida durante os últimos anos.
3	<b>TRABALLAREMOS PARA QUE AS PRIORIDADES DE GALICIA SEXAN INCLUÍDAS NOS PROGRAMAS DE TRABALLO ANUAIS DAS COMISSIONS DO COMITÉ DAS REXIÓNS NAS QUE PARTICIPAMOS</b> , para a defensa dos intereses de todos os galegos.
4	<b>DEFENDEREMOS PERANTE AS INSTITUCIÓN EUROPEAS OS INTERESES DOS NÓSOS SECTORES PRODUTIVOS AFECTADOS POLA NORMATIVA COMUNITARIA</b> , en particular do pesqueiro pola súa relevancia para a nosa economía e sociedade.
5	<b>DESENVOLVEREMOS ALIANZAS PARA QUE A TRANSICIÓN DEMOGRÁFICA SEXA TOMADA EN CONTA NA UE</b> e que dispoña de crecente cofinanciamento europeo en función do grao de avellentamento.
6	<b>IMPULSAREMOS UN ESTATUTO DO TRABALLADOR TRANSFRONTEIRIZO</b> que dea solución á problemática dos traballadores galegos que se desprazan a Portugal para exercer alí a súa actividade laboral.
7	<b>DESENVOLVEREMOS A CREACIÓN DUNHA AGRUPACIÓN EUROPEA DE COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA (AECT) NO CONTEXTO DA “RAIA SECA”</b> e da Reserva Mundial da Biosfera Gerês-Xurés, que cubra a área do sur da provincia de Ourense, para poñer en valor este espazo.
8	<b>A COMUNIDADE DE TRABALLO GALICIA-NORTE DE PORTUGAL APOSTARÁ POR REFORZAR AS INICIATIVAS DE COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA</b> , co traballo de cooperación cultural, científica e pedagóxica.
9	CREAREMOS un ecosistema <b>TRANSFRONTEIRIZO DE HIDRÓXENO VERDE E IMPULSAREMOS</b> a cooperación no ámbito <b>AERONÁUTICO E AEROESPACIAL</b> a través dos programas “Iacobus” e “NORTEAR”.
10	<b>INCREMENTAREMOS A COLABORACIÓN COA LUSOFONÍA</b> a través do observatorio “ <i>Valentín Paz Andrade</i> ”, creado no remate da actual lexislatura, para profundar nas relacións con esta importante comunidade de países cunha fala común.

11

**PRESTAREMOS ATENCIÓN PRIORITARIA**, no marco da cooperación ao desenvolvemento, **A AQUELES GRUPOS DE POBOACIÓN EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE OU EN RISCO DE MARXINACIÓN, EXCLUSIÓN OU DISCRIMINACIÓN QUE DEMANDAN UNHA ATENCIÓN PREFERENTE** (mulleres, infancia, adolescencia, mocidade, persoas LGTBI, poboación indíxena, minorías étnicas, persoas con diversidade funcional, maiores dependentes, etc.).

12

AVANZAREMOS nos plans de **COOPERACIÓN INTERNACIONAL**, sempre desde o consenso e en colaboración coas ONGs, nun contexto mundial de múltiples crises que visibilicen e fagan efectivo o posicionamento de Galicia a nivel internacional na expansión da solidariedade que sempre caracterizou ao noso pobo.



## CIBERSEGURIDADE E INTELIXENCIA ARTIFICIAL

A **intelixencia artificial** pode xerar un amplo abanico de **beneficios económicos e sociais** en todos os sectores e actividades sociais. Así e todo, **non debemos esquecer os retos e limitacións técnicas, éticas, legais e sociais** sobre o seu uso. Para o PPdeG é unha prioridade **garantir o seu bo goberno** co fin de **aproveitar todas as oportunidades que esta tecnoloxía ofrece**, á vez que se **garante o control e a limitación dos riscos** derivados dun desenvolvemento e un uso indebido.

Así mesmo, para a Administración pública galega é esencial **protexer a seguridade dos sistemas, a integridade e dispoñibilidade da información e a privacidade dos datos**. A **ciberseguridade** é fundamental para asegurar a **continuidade dos servizos públicos**, protexer os datos confidenciais dos cidadáns e manter a confianza da nosa sociedade.

Nestes ámbitos da **intelixencia artificial e a ciberseguridade**, Galicia converteuse **NA PASADA LEXISLATURA** nun referente con iniciativas como:

- › A constitución do **Nodo de intelixencia artificial de Galicia** (*nodo galicia*), como estrutura de colaboración entre a administración e as universidades públicas de Galicia.
- › Ter sido seleccionada como **sede da Axencia Española de Supervisión de Intelixencia Artificial (A Coruña)**, tras un proceso altamente competitivo, premiando a madurez dixital da rexión e a concentración de coñecemento.
- › Ser **unha das tres primeiras Comunidades autónomas** españolas en aprobar unha **estratexia propia de intelixencia artificial (a EGIA 2030)**.
- › A partir das recomendacións dun estudio pioneiro elaborado polas tres universidades públicas de Galicia, somos a **primeira rexión europea** en preparar unha **lexislación propia sobre o uso da intelixencia artificial no sector público autonómico**.

- › No ámbito da ciberseguridade, Galicia tamén destaca a nivel nacional con medidas como a constitución no ano 2020 do **Nodo Galego de Ciberseguridade CIBER.gal**, un espazo de colaboración público-privada, pioneiro en España, para unificar e coordinar os recursos co obxectivo de alcanzar un entorno dixital seguro na nosa comunidade.

Neste 2023 iniciáronse as obras do **Centro de Excelencia de Ciberseguridade de Galicia** (CECIGA) e aprobouse a Nova **Estratexia Galega de Ciberseguridade**.

## NA VINDEIRA LEXISLATURA:

1	<b>Estableceremos unhas condicións favorables para o DESENVOLVEMENTO E A ADOCIÓN DA INTELIXENCIA ARTIFICIAL EN GALICIA</b> , a través de <b>guías</b> que orienten ás empresas e as administracións públicas na estandarización, uniformización e tratamento dos datos, en liña co establecido na normativa europea.
2	<b>REFORZAREMOS as medidas para PROTEXER AS INFRAESTRUTURAS críticas e os DATOS sensibles DA ADMINISTRACIÓN</b> . Manterase o esforzo continuo nas actuacións de ciberdefensa da administración autonómica, así como a colaboración coa Administración Local.
3	<b>Facilitaremos o intercambio de datos entre a cidadanía, as empresas e a sociedade civil APROBANDO UNHA “ESTRATEGIA REXIONAL DO DATO”</b> , que estableza os mecanismos e estratexias máis adecuadas que permitan un acceso regulado aos datos como elementos fundamentais para a innovación e o crecemento.
4	<b>POÑEREMOS EN MARCHA O CENTRO DE EXCELENCIA DE CIBERSEGURIDADE DE GALICIA</b> , establecendo acordos de colaboración coas deputacións, concellos, o Sistema Universitario de Galicia, actores privados, así como con entidades do ámbito nacional como INCIBE e o Centro Criptolóxico Nacional.
5	<b>Desenvolveremos o CENTRO DE INNOVACIÓN E COMPETENCIAS EN CIBERSEGURIDADE NO TRANSPORTE INTELIXENTE</b> cos obxectivos de <b>fomentar o talento especializado, capacitar en ciberseguridade</b> ás empresas e cidadanía e <b>incentivar a demanda de produtos e servizos do Centro</b> por parte do tecido empresarial galego.
6	<b>AFONDAREMOS nas tarefas de DIVULGACIÓN E DIFUSIÓN DA CIBERSEGURIDADE</b> , tanto no ámbito cidadán como no empresarial, reforzando as campañas de sensibilización.
7	<b>CONSTITUIREMOS O GRUPO DE TRABALLO DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS no seo do nodo CIBER.gal</b> , para coordinar e compartir información entre os distintos niveis da Administración.

8	Proxectaremos o noso talento e capacidades, apoiando a celebración de <b>FOROS ESPECIALIZADOS EN INTELIXENCIA ARTIFICIAL</b> .
9	Continuaremos co despregamento de redes de <b>TELEFONÍA MÓBIL</b> (voz e banda larga) nas zonas rurais que non conten con este servizo.
10	Continuaremos a impulsar normativas de ámbito autonómico que contribúan a acadar un <b>DESPREGAMENTO DAS REDES DE TELECOMUNICACIÓNS</b> áxil, ordenado, eficiente, seguro e respectuoso co medio ambiente.
11	Impulsaremos medidas de <b>AXUDA DIRECTA ÁS INICIATIVAS EMPRESARIAIS SITUADAS EN ZONAS RURAIS</b> para dotar de redes de alta capacidade a aquelas que non conten con este tipo de cobertura.



Os **fondos europeos** son unha excelente oportunidade que desde o goberno galego seguiremos seguindo aproveitando para continuar transformando o noso **sistema produtivo** e favorecer o desenvolvemento dunha **economía máis robusta, sostible e resiliente**.

Estamos nun momento especialmente importante, no que conflúen o peche dos Programas do período 2014-2020, a posta en marcha das políticas financiadas cos recursos da Política de Cohesión do período 2021-2027 e, por último, a xestión dos recursos do instrumento de recuperación europeo establecidos no Plan estatal de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

**NESTA LEXISLATURA**, a Xunta de Galicia foi un referente en España na xestión de fondos europeos:

- › Garantimos a **execución do 100% dos recursos europeos xestionados pola Xunta correspondentes aos Programas do período 2014-2020**, cofinanciados co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (**FEDER**) e co Fondo Social Europeo (**FSE**).
- › Os recursos da Política de Cohesión permitiron acometer actuacións en ámbitos como a **innovación, dixitalización, competitividade das PEMEs**, a transición cara unha **economía baixa en carbono, o medio ambiente, as infraestruturas sociais, o emprego de calidade, a educación e formación e a inclusión social**, que contribuíron de xeito determinante a que **Galicia sexa máis dixital e innovadora, máis verde e cunhas mellores condicións de vida** das familias.
- › A xestión dos recursos da Axuda á Recuperación para a Cohesión e os Territorios de Europa (**REACT-UE**), procedentes do Instrumento de Recuperación Europeo (Next-GenerationEU), supón un importante reto, tanto pola súa contía, como polos reducidos prazos para a súa execución. Así e todo, **tamén se executaron integramente** os recursos procedentes deste instrumento.

Por outro lado, o Goberno galego está realizando unha **xestión dilixente** dos fondos asignados a Galicia do **Mecanismo de recuperación e Resiliencia**, pese á falta de cogobernanza do Executivo central. Así, a Xunta xa leva adxudicados case 929M€, o 90% do total orzamentado destes fondos, que poden executarse ata 2026.

## AO LONGO DOS VINDEIROS CATRO ANOS:

1	<b>ALCANZAREMOS A COMPLETA EXECUCIÓN DOS FONDOS</b> asignados polo Goberno central correspondentes ao <b>PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA (Next Generation)</b> a pesar da falta de cogobernanza do Goberno central coas CC.AA.
2	<b>PROMOVEREMOS A COORDINACIÓN, COMPLEMENTARIEDADE E SINERXÍAS DAS DISTINTAS ACTUACIÓNS FINANCIADAS CON FONDOS EUROPEOS.</b> A tal efecto, impulsaremos a complementariedade e coordinación das operacións dos fondos da Política de Cohesión, dos fondos sectoriais (FEADER e FEMPA), e das actuacións dos fondos asociados ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
3	<b>AMPLIAREMOS AS ACTIVIDADES DE TRANSPARENCIA, COMUNICACIÓN E VISIBILIDADE CARA A CIDADANÍA DOS FONDOS EUROPEOS,</b> a través dunha difusión máis eficaz dos datos e informes das actuacións que melloran a calidade de vida da cidadanía.
4	<b>MELLORAREMOS A EFICIENCIA NA EXECUCIÓN DOS FONDOS EUROPEOS,</b> a través dun <b>seguimento pormenorizado das distintas fases</b> da xestión dos mesmos, desde o orzamento e a súa execución, ata a certificación do gasto.
5	<b>AUMENTAREMOS A PARTICIPACIÓN CIDADÁ NA PROGRAMACIÓN E SEGUIMENTO DOS FONDOS EUROPEOS,</b> dos <b>axentes socioeconómicos, das administracións</b> locais e provinciais e doutras autoridades públicas, co obxectivo de orientar os recursos financiados con fondos europeos ao progreso económico e social de Galicia, en liña coas necesidades estratéxicas da Comunidade Autónoma.

# A DIGNIDADE DE GALICIA



# A DIGNIDADE DE GALICIA

# A DIGNIDADE DE GALICIA

O modelo territorial de España será unha das cuestións centrais do debate público a nivel nacional ao longo dos vindeiros anos. Nese senso, Galicia debe ser quen de facer chegar a todos os foros unha posición firme de defensa dos seus intereses como comunidade autónoma. Sen hipotecas nin mediacións nin obediencias máis alá da que se lle debe ao pobo galego. Galicia ten que defender a súa dignidade fronte aos que pretenden erosionar a igualdade entre todos os españois.

As forzas que sosteñen o actual Goberno de España abriron a unha negociación constante os principios que guiaron a España autonómica ao longo das últimas décadas: a fraternidade entre españois, a credibilidade das institucións, o imperio da lei e os criterios de distribución dos recursos públicos.

Sobre este último asunto pivotará a necesaria reforma do financiamento autonómico, que reclamaremos na vindeira lexislatura e na que Galicia ten que ser quen de trasladar os seus intereses con firmeza. Tal e como se plasmou na declaración institucional do **Foro Santiago, Camino de Consenso** —celebrado o 23 de novembro de 2021 xunto ás comunidades autónomas de Cantabria, Asturias, A Ríoxa, Castela-A Mancha, Aragón, Extremadura e Castela e León—, este só pode ser froito dun **consenso multilateral** que respecte o **principio de igualdade** entre todos os españois, de tal forma que as necesidades de financiamento das CCAA se fixen atendendo a factores determinantes das súas **necesidades de gasto reais: dispersión, envellecemento**, entre outros.

A estrutura demográfica que presentan hoxe Galicia e as demais comunidades do noroeste será a que presente toda España dentro duns anos. Polo tanto, o sistema de financiamento do que nos dotemos debe ser quen de responder ás necesidades presentes e futuras dunha poboación cada vez máis avellentada.

A reforma do financiamento autonómico non é un xogo de suma cero no que para incrementar os recursos dunhas comunidades hai que detraelos doutras. Ben ao contrario: o primeiro paso é que o Goberno central comece a corrixir ese déficit de 53.000 millóns de euros anuais que separan os recursos que distribúe entre as comunidades de réxime común para todo o gasto autonómico (125.000 millóns) e os que estas destinamos tan só aos servizos públicos fundamentais (178.000 millóns).

O Partido Popular de Galicia defenderá que as institucións autonómicas sexan reivindicativas co Goberno de España e que entendan a lealdade como unha forma de esixir o que ás galegas e galegos lles corresponde.





# REFORZO DO AUTOGOBERNO

NESTA LIÑA:

NA PRÓXIMA LEXISLATURA, SEGUIREMOS AFONDANDO  
NO NOSO AUTOGOBERNO MEDIANTE A XESTIÓN RESPONSABLE  
DAS NOSAS CONTAS E ADEMAIS:

1	<b>REFORZAREMOS O PAPEL DAS NOSAS INSTITUCIÓNS AUTONÓMICAS</b> , potenciando o desenvolvemento das súas funcións con eficacia e transparencia.
2	<b>Demandaremos a REVISIÓN DO SISTEMA DE FINANCIAMENTO AUTONÓMICO</b> , coas seguintes premisas: <ul style="list-style-type: none"><li>› Que sexa negociado entre todas as Comunidades Autónomas.</li><li>› Que achegue a Galicia máis recursos para poder contar con maior capacidade financeira para a prestación dos servizos públicos fundamentais, en especial a sanidade, a educación e os servizos sociais atendendo aos custos diferenciais que teñen en Galicia.</li><li>› Que fomente a corresponsabilidade e a autonomía fiscal, permitindo o desenvolvemento da nosa propia política fiscal.</li></ul>
3	<b>DEFENDEREMOS</b> o dereito de Galicia a legislar, sempre dentro do marco constitucional, e particularmente en cuestións estratéxicas para a Comunidade Autónoma, como o <b>REGULAMENTO DO LITORAL</b> .
4	<b>INSISTIREMOS</b> na ampliación do noso <b>TEITO COMPETENCIAL</b> naquelas materias que son de especial interese para Galicia, co obxectivo de mellorar a súa xestión: <ul style="list-style-type: none"><li>› <i>Titularidade da autoestrada AP-9.</i></li><li>› <i>Acordo sobre museos e bibliotecas estatais.</i></li><li>› <i>Xestión do Ingreso Mínimo Vital (IMV).</i></li><li>› <i>Cesión da titularidade dos inmobles da Seguridade Social.</i></li><li>› <i>Traspaso de bolsas e axudas ao estudo.</i></li><li>› <i>Acordo sobre arquivos de titularidade estatal.</i></li><li>› <i>Inspección de traballo.</i></li><li>› <i>Competencia en materia de servizos meteorolóxicos.</i></li></ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>› Ordenación do sector pesqueiro.</li> <li>› Investigación oceanográfica. (ITO. OCEANOG. VIGO) .</li> <li>› Expedición de titulacions e tarxetas acreditativas das titulacions da Marina Mercante.</li> <li>› Inspección e vixilancia pesqueira e inspección en materia de seguridade a bordo.</li> <li>› Competencias de execución e xestión en materia de persoal ao servizo da Administración de Xustiza.</li> <li>› Competencias en materia de reclamacións económico-administrativas.</li> <li>› Sanidade penitenciaria.</li> </ul>
5	<b>IMPULSAREMOS INICIATIVAS DE COOPERACIÓN HORIZONTAL</b> entre as Comunidades Autónomas en asuntos estratéxicos para Galicia.
6	Desde a lealdade institucional FOMENTAREMOS O FUNCIONAMENTO REGULAR DOS ÓRGANOS PROPIOS DA GOBERNANZA MULTINIVEL DO ESTADO AUTONÓMICO, COMO SON A <b>CONFERENCIA DE PRESIDENTES, O CONSELLO DE POLÍTICA FISCAL E FINANCEIRA, AS CONFERENCIAS SECTORIAIS</b> e os demais órganos de cooperación para garantir a defensa dos intereses de Galicia e a participación da nosa comunidade nos procesos decisorios do Estado.

## DEMANDAREMOS AO GOBERNO DE ESPAÑA:

1	Que faga uso dos instrumentos e <b>mecanismos de relación bilateral</b> entre Galicia e o Estado. ENTRE ELES, axilizar, operativizar e celebrar con maior regularidade as <b>COMISIONS BILATERAIS DE COOPERACIÓN GALICIA-ESTADO, para cuestións que afecten específica e exclusivamente a Galicia e á relación entre ambas administracións.</b>
2	<b>Que negocie un NOVO SISTEMA DE FINANCIAMENTO LOCAL</b> que teña en conta as particularidades dos concellos galegos na súa distribución, como os factores demográficos e de dispersión xeográfica.

3	<p><b>Un TRATO IGUALITARIO NA XESTIÓN DA DÉBEDA PÚBLICA PARA TODAS AS CCAA E PARA OS CIDADÁNS</b> dos diferentes territorios que non supoña un prexuízo para as comunidades que, como Galicia, levaron a cabo unha xestión financeira responsable, e non gastaron o que non tiñan.</p>
4	<p><b>A COGOBERNANZA EFECTIVA DOS FONDOS DO MECANISMO DE RECUPERACIÓN E RESILIENCIA E TRANSPARENCIA NA EXECUCIÓN DO ESTADO DOS FONDOS EUROPEOS ASIGNADOS A GALICIA. Solicitaremos unha descentralización dos fondos e da súa xestión e execución, así como o deseño de PERTES territorializados para investimentos que sexan realmente demandados polo tecido produtivo, atendan ás necesidades de Galicia e teñan un verdadeiro carácter transformador que favoreza a creación de emprego de calidade, así como coñecer a execución daqueles fondos da UE asignados a Galicia que xestiona a Administración Xeral do Estado.</b></p>
5	<p>Que se regule a <b>PRESTACIÓN UNIVERSAL DE SERVICIOS FINANCEIROS BÁSICOS OU ESENCIAIS</b>, (oficinas e caixeiros) de xeito que se garanta a súa prestación para todos os usuarios, cunha calidade determinada e a un prezo asumible.</p>
6	<p>A ELIMINACIÓN DA TAXA DE REPOSICIÓN EN MATERIA DE EMPREGO PÚBLICO, coa finalidade de conseguir que as <b>Ofertas Públicas de Emprego sexan un verdadeiro instrumento de planificación.</b></p>
7	<p><b>A COBERTURA DAS PRAZAS VACANTES DA UNIDADE DE POLICÍA ADSCRITA A XUNTA DE GALICIA</b>, para que este corpo policial poida exercer con garantía as competencias que ten asumidas e afrontar novos servizos en beneficio de todos os galegos e galegas.</p>
8	<p>A CREACIÓN DE CINCO NOVOS <b>XULGADOS DE VIOLENCIA SOBRE A MULLER</b> con carácter exclusivo nas grandes cidades galegas que non dispoñen deste órgano, para procurar unha atención máis especializada, áxil, e uniforme para as vítimas.</p>
9	<p>Analizaremos a situación dos <b>MUTUALISTAS ALTERNATIVOS DA AVOGACÍA E PROCURADORÍA</b> en aras a promover xunto ás mutualidades unha reforma da normativa estatal para garantir unhas condicións de xubilación dignas.</p>
10	<p>○ <b>ENDURECEMENTO DAS PENAS NO CASO DE OCUPACIÓN DUNHA VIVENDA E A MELLORA DA PROTECCIÓN DAS PERSOAS FÍSICAS OU XURÍDICAS QUE SEXAN PROPIETARIAS</b> ou posuidoras lexítimas dunha vivenda, co obxectivo de que poidan recuperar a maior brevidade a plena posesión dunha vivenda cando se viran privados da mesma sen o seu consentimento.</p>

11	<p><b>Que facilite a integración das FAMILIAS RETORNADAS</b> tomando medidas como a implantación de plans estatais específicos de acceso á vivenda para familias retornadas, axilizando o procedemento de homologación de títulos universitarios obtidos no exterior, reducindo os trámites e axilizando as concesións de permisos de residencia e traballo dos cónxuxes e descendentes sen nacionalidade que integren unha familia galega retornada ou mellorando os niveis de atención nos servizos consulares do Estado para axilizar os trámites ordinarios, como renovación de pasaportes ou emisión de documentos públicos.</p>
12	<p><b>A EXECUCIÓN DAS INFRAESTRUTURAS PENDENTES DO ESTADO EN GALICIA</b>, tanto no eido das autovías como das conexións ferroviarias e dando prioridade ás obras de reparación que o Goberno central desatende, como acontece coa A-6 (Noroeste) e os viadutos do Castro ou coa autovía A-52 (Rias Baixas).</p>
13	<p><b>A MODERNIZACIÓN DA REDE FERROVIARIA DE GALICIA</b> con investimentos reais que faciliten o desenvolvemento completo do Corredor Atlántico e a conexión de todas as cidades coa alta velocidade ferroviaria. Para iso, cómpre, cando menos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>› Completar o Eixo Atlántico FERROVIARIO, conectando <b>Ferrol</b> coa fronteira portuguesa cunha vía dobre electrificada de uso mixto, e impulsando as obras precisas para a conexión Vigo-OPorto, a través dunha nova rede de alta velocidade.</li> <li>› Unha profunda e completa actualización das liñas <b>Guillarei-Ourense-Monforte-León, Monforte-Lugo-A Coruña e Ferrol-Ribadeo</b>; incluíndo a execución das variantes necesarias.</li> <li>› Dotar o sistema ferroviario de Galicia do material rodante necesario e os cadros de persoal de traballadores precisos para garantir un servizo moderno e de calidade.</li> <li>› <b>Non toleraremos a perda de ningún servizo ferroviario</b> e seguiremos insistindo na necesidade de recuperar todas as frecuencias suprimidas como consecuencia da pandemia e a fiabilidade do servizo e esixiremos os reforzos precisos para atender o incremento da demanda no transporte público ferroviario que fai que moitos usuarios se queden nas estacións sen billete.</li> </ul>
14	<p><b>A NON ELIMINACIÓN DE PARADAS DE AUTOBÚS NO NOVO MAPA CONCESIONAL ESTATAL</b> e que pon en serio perigo a mobilidade dos nosos habitantes, en especial nos concellos rurais.</p>
15	<p>Que se axilicen e se realicen as <b>INFRAESTRUTURAS HIDRÁULICAS PENDENTES EN GALICIA</b>, especialmente nas cidades, para desenvolve-las como obras de interese xeral.</p>

16	Unha xestión máis áxil e pegada ás necesidades de Galicia da Confederación Hidrográfica Miño Sil (CHMS) e de Costas do Estado, de tal xeito que se poña fin ao <b>ATASCO NA XESTIÓN DAS AUTORIZACIÓNS E PERMISOS</b> que caracteriza á administración central en todo o relativo á xestión de auga, autorizacións ambientais ou urbanísticas, tanto á hora de emitir informes como debido aos criterios dispares que emprega.
17	Tras a aprobación da Lei de Ordenación e Xestión Integrada do Litoral, <b>SOLICITAREMOS O TRASPASO INMEDIATO DOS MEDIOS MATERIAIS E SERVIZOS</b> necesarios para a aplicación total da normativa.
18	<b>QUE NON SE EXCLÚA A GALICIA DO REPARTO DE FONDOS PARA A XESTIÓN DO LOBO.</b> Non recibimos os fondos correspondentes a 2022 e seguimos sen saber nada dos de 2023. Con esta decisión, impídese o acceso a uns fondos previstos nos Orzamentos Xerais do Estado <b>aos que Galicia ten lexítimo dereito</b> , co obxectivo de preservar os intereses dos gandeiros e a conservación da especie no seu territorio.
19	<b>A MODIFICACIÓN DA LEI DE VIVENDA ESTATAL</b> , por invadir competencias autonómicas e <b>TAMÉN PEDIMOS A CESIÓN GRATUÍTA DAS VIVENDAS DA SAREB QUE ESTEAN DISPOÑIBLES EN GALICIA E A INCLUSIÓN DO PROGRAMA VIENA.</b>
20	Que se cumpran os compromisos adquiridos na súa Axenda Dixital e coa Comisión Europea, que inclúen o <b>ACCESO DE TODOS OS FOGARES A REDES DE 100MBPS, COBERTURA 5G NAS ZONAS URBANAS E PRINCIPAIS VÍAS DE TRANSPORTE E COBERTURA DE 1GBPS DOS PRINCIPAIS MOTORES SOCIOECONÓMICOS.</b>
21	<b>TRANSFERENCIA A GALICIA DA AP-9 E DA AP-53</b> , na actualidade as autoestradas de titularidade estatal máis caras de España, dotadas dos recursos necesarios para a súa xestión desde Galicia. No caso da AP-53, traballaremos para a <b>liberación da peaxe</b> para equiparar a situación de toda a conexión Santiago-Ourense, tendo en conta que o treito autonómico deste eixe, entre Alto de Santo Domingo e Ourense, é libre de peaxe para o usuario.
22	<b>UN PLAN DE CONSERVACIÓN DAS ESTRADAS DO ESTADO EN GALICIA, ESPECIALMENTE A A-6 E A A-52</b> , dado o seu carácter estratéxico para a conectividade de Galicia e as graves eivas na conservación que presentan.
23	<b>A CESIÓN DA XESTIÓN DO INGRESO MÍNIMO VITAL.</b> O Goberno galego leva anos reclamando a xestión desta prestación. O Goberno central comprometeuse hai máis dun ano a transferir o IMV e seguimos sen ter noticias. Esta transferencia permitiría a Galicia avanzar nun modelo de ventá única que favoreza a súa tramitación e un maior alcance.

24	<p><b>A COLABORACIÓN NO FINANCIAMENTO DA GRATUIDADE DAS ESCOLAS INFANTÍS.</b> A conciliación das familias non entende de competencias e para que sexa plena necesita da colaboración e coordinación de todas as Administracións. O goberno da Xunta enténdeo e por iso deu un paso de xigante ao destinar máis de 55 millóns de euros anuais de fondos propios á gratuidade da educación infantil 0-3 anos, á cal o Goberno central non destinar nin un só euro. Unha medida tan eficaz e útil para as familias, precisa do apoio ineludible do Goberno do Estado.</p>
25	<p><b>O CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS DE FINANCIAMENTO ESTABLECIDAS NA LEI DE DEPENDENCIA.</b> O Goberno central segue a incumprir a Lei de Dependencia, que lle obriga a cofinanciar nun 50% o gasto en dependencia. No 2023, Galicia destinou á atención á dependencia 520 millóns de euros (catro veces máis que no ano 2009, cando se destinaban a esta materia 137M€), dos cales o 70% proceden da Administración autonómica e tan só o 30% restante do Estado. Este incumprimento eleva a débeda con Galicia nesta materia ata os 2.500M€ desde o ano 2009.</p>
26	<p><b>A REFORMA DA REGULACIÓN DA FORMACIÓN MIR DE MEDICINA DE FAMILIA</b> para que as comunidades autónomas poidamos acreditar máis unidades docentes e formar aínda máis novos especialistas ante o déficit existente en toda España.</p>
27	<p><b>QUE TOME AS MEDIDAS OPORTUNAS PARA GARANTIR QUE O REGISTRO ESTATAL DE PROFESIONAIS SANITARIOS CONTE CON INFORMACIÓN FIABLE</b> de todas as especialidades e de todos os actores do sistema de saúde de xeito que poida ser un instrumento efectivo para planificar as necesidades de formación de especialistas do Sistema Nacional de Saúde e prever a aparición de déficits de profesionais de determinadas especialidades.</p>
28	<p><b>QUE ABORDE UNHA REFORMA LEGAL PARA REGULAR A NIVEL NACIONAL OS INCENTIVOS PARA O PERSOAL QUE OCUPE PRAZAS DE DIFÍCIL COBERTURA.</b> Entre os incentivos para estas prazas debe incorporarse o acceso ás mesmas mediante concurso de méritos, un sistema que a normativa actual só permite ás comunidades baixo circunstancias excepcionais e con habilitación de lei autonómica pero que debera xeneralizarse.</p>
29	<p><b>QUE LIDERE UN PROCESO DE REFORZO DA ATENCIÓN PRIMARIA NA FORMACIÓN SANITARIA,</b> tanto nos programas dos <b>graos universitarios de medicina e enfermería</b>, como na <b>formación sanitaria especializada</b>, para o que deberá aproveitar a reforma dos plans formativos das especialidades de medicina familiar e comunitaria ou de pediatría para incrementar o tempo de período formativo en centros de saúde. É o único xeito de fomentar a vocación por exercer nun nivel asistencial que os futuros sanitarios apenas coñecen na súa formación.</p>

30	<b>O DESENVOLVEMENTO DOS PERTE</b> , e máis concretamente o apoio aos principais proxectos industriais a implantar en Galicia asegurando unha mellor planificación, garantindo certezas na achega dos fondos, facendo un reparto xusto, áxil e proporcionado e dando prioridade ao complexo mar-industria.
31	<b>Á MODIFICACIÓN DA PLANIFICACIÓN DA REDE DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA 2021-2026</b> . Unhas modificacións que son imprescindibles para que proxectos industriais estratéxicos e de grande envergadura, cunha alta incidencia na xeración de emprego, se desenvolvan na nosa Comunidade Autónoma e <b>A APROBACIÓN DUN MARCO DE SUBMINISTRACIÓN ELÉCTRICA COMPETITIVA, ESTABLE E PREDICIBLE</b> para que a industria consumidora de enerxía (electrointensiva e gasintensiva) poida desenvolver as súas actuacións.
32	<b>A MODIFICACIÓN DO ESTATUTO DOS CONSUMIDORES ELECTROINTENSIVOS</b> para que esta industria dispoña dun marco eléctrico estable e competitivo e compita en igualdade de condicións con respecto ao resto de empresas europeas.
33	<b>A CONVOCATORIA DAS POXAS PARA ADXUDICAR 1.200 MW DE COXERACIÓN</b> , que continúa pendente de publicación tras finalizar o prazo de información pública de xaneiro de 2022 e que é vital para manter a actividade e recuperar a confianza.
34	<b>A INCLUSIÓN A GALICIA NO CORREDOR EUROPEO DO HIDRÓXENO</b> para evitar o «illamento enerxético» da comunidade e a perda de investimentos industriais que verían perigar a súa viabilidade se non se desbloquea esta situación.
35	<b>BONIFICAR O 100% DAS COTIZACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL dos traballadores contratados como substitutos</b> durante a baixa por maternidade.
36	<b>A LEI INTEGRAL ESTATAL CONTRA A TRATA E A EXPLOTACIÓN SEXUAL.</b>
37	INDEMNIZAR ás vítimas de violencia de xénero que se viron revitimizadas a consecuencia da chamada LEI DO SÓ SI É SI.
38	MÁIS ORZAMENTOS PARA O PAQUETE DE APOIO ESPECÍFICO Á <b>INDUSTRIA AGROALIMENTARIA</b> , O PERTE AGROALIMENTARIO E MAIOR ADAPTACIÓN DOS ECORREXÍMENES DA PAC Á REALIDADE GANDEIRA GALEGA e do resto de comunidades da Cornixa Cantábrica.
39	A POSTA EN MARCHA DUN SISTEMA DE <b>COMPENSACIÓN PARA GANDEIROS AFECTADOS POR DANOS SANITARIOS.</b>

40	UNHA MAIOR FLEXIBILIZACIÓN DA NOVA NORMATIVA AMBIENTAL E DA PAC, como o atraso na entrada en vigor do caderno dixital ou a simplificación na xestión de xurros e esterco na fertilización agraria.
41	<b>UNHA REBAIXA DO IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO (IVE) PARA OS PRODUTOS DO MAR E CÁRNICOS OU A COMPENSACIÓN DO MESMO IMPORTE DA REBAIXA PARA GALICIA</b> , de forma que as contías desta rebaixa ou compensación podan estimular o consumo de peixe de forma directa, mediante baixa no prezo, ou indirecta, mediante campañas de consumo.
42	<b>A REVISIÓN DOS COEFICIENTES REDUTORES VINCULADOS AO RÉXIME ESPECIAL DO MAR</b> , de xeito que se eliminen incoherencias, como a diferenza destes en buques do mesmo caladoiro ou se corrixa as atribucións mínimas a colectivos, como o dos profesionais do percebe ou de pesca costeira artesanal.
43	<b>ESIXIREMOS O EXERCICIO DO VOTO DAS PERSOAS EMBARCADAS</b> , para o que desenvolveremos un estudo xurídico e unha proposta técnica dixital que facilite o acceso a este dereito dun modo seguro e fiable, respectando o segredo do mesmo.
44	<b>O PAGO PARCIAL DO SERVIZO DE GARDACOSTAS POR PARTE DO ESTADO.</b>
45	Para favorecer a igualdade de oportunidades dos mozos e mozas galegas de cara ao acceso á universidade, apostamos por unha ABAU homoxénea no conxunto de España.



# GALICIA NON PARA

Ata aquí as nosas máis de 850 propostas para seguir construíndo entre todos o mellor lugar para vivir, investir e formar unha familia. A Galicia da que todos podemos sentirnos orgullosos.

A nosa terra non deixou de mellorar nas últimas catro décadas. Temos un gran camiño percorrido pero o mellor aínda está por vir e a mellor forma de facelo é dende a unidade, a concordia e a estabilidade.

Presentamos un programa ilusionante e ao mesmo tempo realista, co aval que nos aporta ter cumprido os nosos compromisos. Galicia funciona e así vai seguir sendo, imos seguir avanzando porque Galicia non para.

**Apostando polas familias e pola educación**, coa cobertura total de recursos de conciliación gratuítos de atención á infancia 0 a 3 anos; favorecendo a conciliación das familias con nenos de ata 12 anos nos períodos non lectivos.

**Mellorando os servizos públicos**, reducindo a ratio de alumnos por profesor, convocando novas prazas de emprego público, destinando o 1% do PIB a recursos para as universidades, reducindo a carga de traballo do persoal de atención primaria, incorporando persoal de saúde mental aos centros de saúde, aumentando o persoal de enfermaría, construíndo novos centros de saúde, ampliando hospitais e reducindo as listas de espera e convocando máis de 4.000 novas prazas de emprego público para reter e captar o talento dos mozos e mozas do noso país. Ademais, completaremos a conversión dos corredores en autovías e poñeremos en servizo novas vías de altas prestacións libres de peaxe.

**Apoiando aos máis mozos**, impulsando axudas ao alugueiro para menores de 36 anos, facendo gratis a primeira matrícula universitaria nos estudos de grao, creando espazos xoves nas cidades e reforzando os programas de emprego xuvenil.

**Coidando aos nosos maiores e aos dependentes**, con máis prazas públicas de atención residencial, reforzando os equipos de valoración de dependencia para reducir tempos de espera, poñendo en marcha a estratexia contra a soidade non desexada, estendendo o carné +65 e creando novos centros de coidados intermedios.

**Axudando aos que máis o precisan**, duplicando o parque de vivenda ata dispoñer de 8.000 vivendas de promoción pública en 2028, desenvolvendo solo residencial para 20.000 vivendas protexidas, reforzando as axudas de inclusión social.

**Comprometidos co noso rural e o noso mar**, creando un banco de negocios viables no medio rural, iniciando a mobilización de ata 50.000 hectáreas de terras abandonadas e promovendo unha plataforma virtual de venda de produtos do mar.

**E facendo de Galicia o mellor lugar para investir e emprender**, cunha nova Lei de apoio ao emprendemento, cunha estratexia turística para o horizonte 2030, con plans de impulso dos sectores industriais estratéxicos, desenvolvendo un plan director do sector naval, facilitando a implantación de proxectos industriais estratéxicos, creando un fondo público-privado para captar investimentos, poñendo solo empresarial a disposición por 8 millóns de metros cadrados, dotando de 360 millóns de euros á Axenda Impulso Autónomo 2027 e reforzando as campañas de captación de talento.





# GALICIA NON PARA!



Ao longo de todas as páxinas do Programa electoral que o PPdeG presenta ás eleccións autonómicas do 18 de febreiro de 2024, recóllense as principais accións que o Goberno presidido por Alfonso Rueda impulsará durante os próximos catro anos.

Son propostas axeitadas para resolver os problemas que tratan de atallar, porque teñen sido contrastadas coa sociedade galega e con expertos que coñecen os problemas e as posibles solucións. Son propostas realistas, porque teñen sido elaboradas desde a experiencia do goberno, conscientes de que os recursos sempre son limitados, e que hai que marcarse obxectivos factibles e realizables. Os resumos do feito polos gobernos populares que abren cada apartado demostran que é posible avanzar moito, sen necesidade de prometer o imposible. Porén son propostas, tamén, ambiciosas, porque tratan de darlle resposta aos novos retos dunha sociedade que demanda mellores servizos públicos para as familias, oportunidades laborais de calidade dentro dun sistema produtivo respectuoso co medio ambiente, e que as reformas teñan continuidade para que Galicia, esta vez si, poida subir-se ao tren das innovacións tecnolóxicas desde o primeiro momento.

Ao longo das páxinas precedentes enuméranse os compromisos do PPdeG coa cidadanía galega. Porque lonxe do que fan outras forzas políticas, para as que os programas están suxeitos, non xa a cambios derivados da aparición de novas e imprevistas circunstancias, senón a meros cambios de opinión, no PPdeG cremos que o Programa electoral é un compromiso coa cidadanía; que precisamente por selo constitúe un factor de estabilidade política e de predecibilidade da acción da Xunta ao longo da próxima lexislatura.

Son compromisos dirixidos a incrementar a calidade de vida das persoas, das familias, impulsando novas oportunidades a través da mellora constante da educación. Dirixidas a mellorar o benestar, a través do impulso a nosa sanidade pública, que xa se atopa entre as mellores de España e do mundo desenvolvido. Dirixidas a procurar o benestar de todos os galegos e galegas, teñan a idade que teñan e en particular dos nosos maiores; teñan as capacidades que teñan e en particular das persoas con discapacidade; a igualdade real entre homes e mulleres, e a non discriminación por razóns de preferencias personais ou sexuais. Dirixidas a facilitar, se o desexaren, o retorno a Galicia daqueles galegos que tiveron que emigrar no pasado, e dos seus descendentes, que atoparán na súa terra máis oportunidades.

Son compromisos que procuran reforzar as condicións que fan posible a creación de riqueza, o emprendemento, os investimentos, e a creación de empregos seguros, estables e de calidade. Facilitar o crecemento das nosas empresas, e a súa saída aos mercados europeo e internacionais. Son propostas que procuran un desenvolvemento e modernización harmónica de todos os nosos sectores produtivos, desde os máis tradicionais, como a agricultura, a pesca, o comercio ou a produción naval, aos máis novedosos, como a acuicultura, o turismo, as enerxías limpas, a industria aeroespacial, a intelixencia artificial ou a biotecnoloxía.

Son compromisos que perseguen que Galicia medre de forma respectuosa co noso único e privilexiado entorno natural, que contribúen a combatir o cambio climático e anticipan as súas posibles consecuencias. Compromisos

para preservar o mellor do que herdamos dos nosos antepasados, un legado cultural, patrimonial e lingüístico único, pero tamén para que a capacidade creadora das galegas e galegos de hoxe siga contribuíndo a enriquecer o acervo cultural de toda a humanidade.

Compromisos, en fin, para continuar reforzando as nosas institucións de autogoberno; a eficiencia e eficacia da nosa administración, da nosa xustiza, da administración local de Galicia. O compromiso básico de defender os intereses de Galicia por riba de todo, tanto a nivel nacional, ante o Goberno de España, como europeo, ante as institucións comunitarias.

Son moitos os compromisos que o PPdeG asume neste Programa electoral. Porque arelamos unha Galicia do benestar, da prosperidade, que lle dea oportunidades a todos e continuidade histórica ao noso patrimonio cultural e natural, e unhas institucións de autogoberno máis fortes. Unhas propostas tecidas con varios fíos conductores, que tamén conforman a idea do país que queremos, da Galicia a que queremos servir.

Queremos unha Galicia na que predominen o diálogo e os acordos: coa cidadanía, coas demais forzas políticas e coas organizacións que representan os intereses de traballadores e empresarios; e non unha Galicia na que se levanten muros e se rachen as pontes que, a través do diálogo, permiten avanzar. Queremos unha Galicia unida entorno aos seus intereses xerais, compartidos por todos; e non unha Galicia dividida por leas políticas entre socios de goberno que se xuntan só para ocupar os cargos, e non para desenvolver políticas coherentes. Queremos unha Galicia que avance na resolución dos seus problemas, os vellos e os novos; e non unha Galicia na que se creen problemas artificiais e inexistentes. Queremos unha Galicia aberta ao conxunto de España, a Europa e ao resto do mundo, en particular a América; e non unha Galicia pechada en si mesma, illada, e separada dos demais.

Porque só con diálogo, unión, vontade de avanzar e apertura ao resto de España, de Europa e do mundo, Galicia non parará.

A GALICIA QUE  
**FUNCIONA**

**ALFONSO RUEDA**